



coa nación na esquerda tecendo rede

II ASEMBLEA NACIONAL

SESIÓNS PLENARIAS 11 E 12 DE OUTUBRO
Pazo de Congressos
COMPOSTELA

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



1 PROPOSTA DE ORDE DO DÍA

2

3 SÁBADO 11 DE OUTUBRO

4

5 09:30hrs. Apertura da mesa de acreditacións

6

7 10:30hrs – 11:30hrs. Debate e votación sobre o Regulamento do Plenario

8

9 11:30hrs – 12:00hrs. Debate e votación sobre os recursos presentados contra a resolución da CEG

10

11 12:00hrs – 14:00hrs. Debate e votación sobre o Informe de Xestión e o Informe Económico-

12 Financeiro da Coordinadora Nacional

13

14 14:00hrs. Peche da Mesa de acreditacións

15

16 16:00hrs. Apertura da mesa de acreditacións

17

18 16:00hrs – 20:30hrs. Debate e votación sobre os documentos:

19 • Tese Organizativa

20 • Estatutos

21 • Carta Financeira

22

23 20:30hrs. Peche da mesa de acreditacións

24

25 DOMINGO 12 DE OUTUBRO

26

27 09:30hrs. Apertura da mesa de acreditacións

28

29 10:00hrs – 11:00hrs. Continuación do debate do día anterior

30

31 11:00hrs – 14:00hrs. Debate e votación da Tese Política

32

33 14:00hrs. Peche da Mesa de acreditacións

34

35 14:00hrs. Remate do prazo para presentar propostas de resolución diante da Mesa do plenario

36

37 15:00hrs – 17:00hrs. Votación en urna da nova Coordinadora Nacional e da nova Comisión de
38 Garantías.

39

40 17:00hrs – 18:00hrs. Lectura e votación sobre as propostas de resolución.

41

42 18:00hrs. Sesión de clausura



REGULAMENTO DA II ASEMBLEA NACIONAL DE ANOVA-IRMANDADE NACIONALISTA

Preliminar.- A II Asemblea Nacional (en adiante AN) de ANOVA-Irmandade Nacionalista (en adiante ANOVA), convocada por acordo da Coordinadora Nacional (CN), desenvolverase baixo as pautas marcadas polo presente regulamento, que entrará en vigor no momento da súa aprobación na CN extraordinaria do 12 de xullo de 2014. A súa interpretación correspóndelle á CN e, por delegación desta, á Comisión Permanente para o período que se desenvolve até o 10 de outubro, e á Mesa da AN durante o plenario decisorio dos días 11 e 12 de outubro.

CAPÍTULO I

DATA, LUGAR E LEMA

Artigo 1.- O plenario da II AN de ANOVA terá lugar os días 11 e 12 de outubro de 2014, no lugar e baixo o lema designados pola CN extraordinaria do 12 de xullo.

DA COMUNICACIÓN

Artigo 2.- Establécese como único medio de comunicación oficial o correo electrónico, que para estes efectos será: assembleanacional@anova-galiza.org

CAPÍTULO II.- DA PARTICIPACIÓN E DO CENSO

DA PARTICIPACIÓN

Artigo 3.- Terán dereito á participación con voz e voto todas as persoas afiliadas con anterioridade ao 18 de agosto de 2014 e coas cotas ao día no momento de celebración da AN. Para efectos da súa participación no proceso asembleario, terán a consideración de afiliadas de pleno dereito aquelas persoas que, por seren separadas da organización por resolución da CEG, teñan pendente a resolución do seu recurso perante a propia AN. Terán dereito a participar así mesmo, con voz pero sen voto, as persoas afiliadas con posterioridade ao 18 de agosto ou que, estando afiliadas con anterioridade, non teñan as cotas ao día. Tamén terán dereito a participar as persoas simpatizantes, para o cal terán que ser convidadas por una asemblea territorial. As asembleas remitirán o listado de persoas convidadas antes do 6 de outubro.

Todas as persoas asistentes terán que se acreditar á súa chegada ao lugar de celebración do plenario.

DO CENSO

Artigo 4.- A elaboración do censo realizaraa a Comisión Permanente entre os días 19 e 24 de agosto. Unha vez elaborado, será comunicado ás asembleas territoriais para emendar os posibles erros, antes da súa aprobación definitiva na CN, que resolverá tamén cantas cuestións se poidan producir arredor do censo

CAPÍTULO III.- DO LABOR DOS ORGANISMOS

COORDINADORA NACIONAL

Artigo 5.- A CN será a encargada de coordinar e xestionar o proceso da AN. Serán funcións específicas, ademais de todas aquelas que non estean atribuídas expresamente a outro organismo, as seguintes:

- a) Aprobar o presente regulamento
- b) Aprobar o lugar de celebración do plenario da AN e o lema desta
- c) Nomear a Comisión Redactora de Textos (CRT)
- d) Aprobar os relatorios que serán levados a debate
- e) Elaborar e aprobar o Informe de Xestión que será levado a debate no plenario
- f) Aprobar o censo de asembleístas
- g) Nomear a Mesa que dirixirá as sesións do plenario e a comisión responsábel do reconto
- h) Recibir as candidaturas presentadas e dar traslado delas á Mesa
- i) Propoñer a orde do día do plenario da AN

ASEMBLEAS TERRITORIAIS

Artigo 6.- As asembleas territoriais terán as seguintes funcións durante o período asembleario:

- a) Revisar o censo de persoas afiliadas e colaborar para emendar os erros
- b) Reunirse nos períodos de tempo marcados polo calendario asembleario para debater, e no seu caso aprobar, as emendas presentadas ao Regulamento e aos relatorios a debate
- c) Elaborar o listado de persoas convidadas ao plenario e remitir a proposta á organización antes do 6 de outubro
- d) Reunirse nos períodos de tempo marcados polo calendario asembleario para trasladar á CN propostas sobre
 1. O lugar de celebración do plenario e o lema deste
 2. Persoas para facer parte da Comisión Redactora de Textos
 3. Persoas para facer parte da Mesa do plenario
 4. Persoas para facer parte da comisión responsábel do reconto

COMISIÓN PERMANENTE

Artigo 7.- A Comisión Permanente exercerá os labores de coordinación e xestión do proceso asembleario nos períodos que medien entre as xuntanzas da CN. Será tamén o organismo encargado de executar os acordos da CN e calquera outra función que, no ámbito das súas competencias, lle sexa delegada expresamente pola CN.

Ademais serán funcións específicas da Comisión Permanente:

- a) Elaborar o presente regulamento
- b) Coordinar a comunicación interna co conxunto da afiliación e coas asembleas territoriais e a comunicación externa
- c) Prestar a axuda necesaria á Comisión Redactora de Textos para o desenvolvemento do seu traballo e servir de enlace entre esta e a CN
- d) Elaborar o censo de asembleístas e darlle traslado á CN
- e) Coordinar a loxística da asemblea
- f) Trasladar á CN propostas sobre a composición da Comisión Redactora de Textos, a Mesa do Plenario e calquera outra función que, segundo o presente Regulamento, sexa competencia da CN.

CAPÍTULO IV.- DA COMISIÓN REDACTORA DE TEXTOS E DA ELABORACIÓN DOS RELATORIOS

COMISIÓN REDACTORA DE TEXTOS

Artigo 8.- A Comisión Redactora de Textos (CRT) é responsábel de redactar, reformar e introducir emendas e/ou achegas que se realicen aos relatorios desde a afiliación. Será nomeada pola CN de entre as propostas achegadas en tempo e forma polas asembleas territoriais ou pola militancia a título individual. Estará formada polo número de membros que a CN determine. Respetaranse en todo caso os criterios de representatividade, pluralidade, operatividade e paridade.

A CRT actuará de maneira autónoma e independente, desenvolverá o seu traballo, por cuestións de operatividade, en pleno ou en subcomisións e de maneira presencial ou telemática.

A CRT informará do estado do seu traballo cando sexa requirida pola Comisión Permanente.

Unha vez remate os seus traballos, remitirá á CN un informe da súa actividade e unha proposta de persoas encargadas de defender os relatorios no plenario da AN.

ELABORACIÓN DOS RELATORIOS

Artigo 9.- O procedemento de elaboración dos relatorios cinxirase ao calendario aprobado pola CN e terá os seguintes pasos:

1. Achega de contribucións por parte da militancia.
2. Redacción dos primeiros relatorios.
3. Envío á militancia dos relatorios.
4. Presentación de emendas por parte da militancia, que serán ditaminadas pola CRT e enviadas ao conxunto da afiliación.
5. Aprobación na CN dos relatorios-base definitivos e envío destes ao conxunto da afiliación.
6. Reunión das asembleas territoriais para debater os relatorios e presentar emendas.
7. A CRT recollerá as emendas das asembleas e, previo ditame e propostas de transacción se as houber, serán enviadas ao conxunto da afiliación.
8. As emendas serán debatidas no plenario da CN

DAS EMENDAS

Artigo 10.- As emendas poderán ser de engadido, supresión ou substitución e deberán ser presentadas no correo electrónico oficial e segundo o modelo oficial anexo a este regulamento.

Artigo 11.- Todas as emendas presentadas pasarán directamente para o debate en Asemblea Nacional.

Artigo 12.- No plenario da AN, as emendas serán defendidas por calquera persoa en caso de ausencia do/a emendante

Artigo 13.- A CRT agrupará as emendas que sexan concorrentes nun mesmo aspecto, ordenando o debate e a votación de tal xeito que os textos aprobados non conteñan contradicións.

CAPÍTULO V.- DA MESA E DA ACTA

Artigo 14.- A Mesa será a encargada de dirixir o acto, garantindo o cumprimento do regulamento. Tamén dará resposta a calquera dúbida de interpretación deste.

A Mesa adoptará os seus acordos por maioría simple. No caso de que o soliciten cando menos 1/3 dos seus membros, unha decisión do ámbito da competencia da Mesa pode ser trasladada ao plenario da AN para a súa resolución.

A Mesa será nomeada pola CN e estará composta de xeito paritario polo número de membros que determine a CN conforme ás propostas achegadas polas asembleas territoriais ou pola militancia a título individual. Cumprirá as funcións de coordinación, moderación e desenvolvemento dos debates e redacción da acta. Do mesmo xeito, nomearanse o mesmo número de suplentes que de membros da Mesa

Artigo 15.- A CN nomeará unha comisión encargada de organizar o proceso de votación e recuento das votacións para os organismos.

Artigo 16.- A Mesa será a encargada de redactar a acta da AN, na que figurarán os listados das persoas asistentes, as intervencións, resultados de todas as votacións e acordos acadados. Rematada a AN, a acta será asinada por todas as persoas que formen a Mesa e remitida á CN electa coa convocatoria da súa sesión constituínte.

CAPÍTULO VI.- DO PLENARIO

ORDE DO DÍA

Artigo 17.- A proposta de orde do día será aprobada pola CN na súa sesión ordinaria do 06/09/14 e poderá ser obxecto de emendas nas mesmas condicións que as dos relatorios. Será sometida a votación e aprobación do plenario.

Na orde do día figurarán como mínimo os debates e votacións sobre o Regulamento, o Informe de Xestión e os relatorios, así como a elección da nova Coordinadora Nacional e o resto dos organismos.

DESENVOLVEMENTO DO PLENARIO

Artigo 18.- A Mesa será a responsábel de ordenar o debate e as votacións, establecendo as quendas de intervención e a duración destas.

Artigo 19.- No debate dos documentos, a CN designará poñentes para defender os relatorios .

Artigo 20.- No debate das emendas, a persoa emendante terá dereito a dúas intervencións, a segunda delas será a última antes da votación.

Artigo 21.- As votacións faranse pedindo votos a favor e en contra. Nas votacións sobre a totalidade dos documentos pediranse tamén abstencións.

CAPÍTULO VII.- DAS CANDIDATURAS

Artigo 22.- O sistema para a escollo dos organismos que cumpra elixir no plenario será determinado pola CN do 6 de setembro conforme ás achegas realizadas pola militancia e ás propostas da CRT. Serán obxecto de emendas nas mesmas condicións que os relatorios a debate. O sistema de escollo será sometido á votación do plenario, coas previsións necesarias en tempo e forma para a modificación das candidaturas.

Artigo 23.- O período para a presentación de candidaturas, baixo a forma que determine a CN, terá lugar entre o 8 e o 30 de setembro.

Disposición adicional .- As emendas ao presente regulamento non poderán ter, en ningún caso, carácter retroactivo.

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



1 SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANISMOS NACIONAIS DE ANOVA-IN

2

3

4 1. DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

5

6 A Coordinadora Nacional de ANOVA-IN estará conformada por 105 persoas, 75 elixidas no plenario
7 da Asemblea Nacional e 30 elixidas polas áreas territoriais.

8

9 As 75 persoas elixidas no plenario da Asemblea escolleranse mediante o sistema de lista aberta
10 con factor de corrección de xénero do 50% na súa cifra máis aproximada, non podendo superar
11 ningún xénero as 38 persoas.

12

13 Poderán ser candidatas todas as persoas afiliadas de pleno dereito conforme ao censo aprobado
14 pola Coordinadora Nacional, co único requisito de comunicar a súa candidatura no correo
15 electrónico oficial assembleanacional@anova-galiza.org no período comprendido entre o 8 e o 30
16 de setembro. As persoas candidatas figurarán nunha papeleta única por orde alfabética dos
17 apelidos, comezando pola letra que se determine por sorteo. Cada elector/a poderá riscar tantos
18 nomes como postos a cubrir, sendo proclamadas electas as 75 persoas con maior número de
19 votos logo de aplicar o factor de corrección de xénero sinalado anteriormente. As persoas que non
20 resulten electas serán ordenadas nunha lista de suplentes en función do número de votos obtidos
21 para eventuais substitucións no período interassembleario, substitucións que en todo caso
22 respectarán a paridade de xénero na composición do organismo.

23

24 As 30 persoas escollidas polas áreas territoriais elixiranse mediante o seguinte procedemento:

25

26 Cada área territorial, conformada segundo o Mapa Territorial vixente aprobado pola Coordinadora
27 Nacional, escollerá 1 representante sempre que conte cun mínimo de 18 persoas afiliadas
28 conforme o censo aprobado pola CN para a II Asemblea Nacional.

29

30 As áreas que non cheguen a esa cifra mínima adscribiranse a outra área coa que exista
31 continuidade territorial ata xuntar o mínimo requerido, dispoñendo de 15 días naturais a contar
32 desde o seguinte ao remate do Plenario da II AN para realizar este proceso.

33

34 Conformado o novo mapa territorial, os/as representantes que sobren do número atribuído con
35 carácter fixo a cada área ata chegar aos 30 distribuiranse entre as distintas áreas conforme aos
36 seguintes criterios:

37

38 Obterase unha cota de reparto resultante de dividir polo número de representantes a asignar a
39 cifra total de persoas afiliadas conforme ao censo aprobado pola CN o 06/09/2014

40

41 Adxudicarase a cada área tantos representantes como resulten, en números enteiros, de dividir o
42 número de persoas afiliadas na área pola cota de reparto.

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



- 1
2 Os representantes restantes distribuiranse asignando un a cada unha das áreas cuxo cociente,
3 obtido conforme ao apartado anterior, teña unha fracción decimal maior.
4
5 Unha vez rematado o prazo de adscrición, a Comisión Permanente en funcións comunicará a cada
6 unha das áreas o número de representantes a elixir, dispoñendo estas dun período de 15 días
7 naturais a contar desde o seguinte á comunicación para proceder ás elección. Cada área gozará de
8 autonomía para a elección dos seus representantes, respectando en todo caso os seguintes
9 requisitos mínimos:
10
11 As persoas representantes escolleranse en asembleas ás que será convocado o conxunto de
12 persoas afiliadas nesa área cunha antelación mínima de 4 días naturais, determinándose a
13 convocatoria por acordo entre as distintas asembleas de base da área.
14
15 Poderá candidatarse calquera persoa afiliada na área, excepto as electas para na AN para a
16 Comisión de Garantías ou para a Coordinadora Nacional, aínda que neste último caso procederá a
17 candidatura se a persoa renuncia previamente e por escrito á súa condición de electa na AN.
18
19 O sistema de elección, acordado pola propia asemblea de toda a afiliación da área, terá en todo
20 caso que axustarse ao previsto nos Estatutos para o sistema de elección de responsabilidades,
21 respectando a pluralidade e garantindo a axeitada representación territorial.
22
23 No caso das áreas con máis dunha persoa representante, a representación terá que respectar o
24 equilibrio de xénero do 50% no caso de que o nº de representantes sexa par e da cifra máis
25 aproximada se é impar.
26
27 Ningunha persoa poderá ostentar simultaneamente a condición de membro da CN electa pola AN
28 e por unha área territorial.
29
30 A Coordinadora Nacional, no período interassembleario, poderá autorizar mediante acordo
31 maioritario a elección de representante propio a aquelas áreas que, figurando como áreas no
32 mapa territorial vixente, acaden o número mínimo de persoas afiliadas a estes efectos.
33
34 **2. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS**
35
36 A Comisión de Garantías estará conformada por 5 persoas elixidas en Asemblea Nacional, tal e
37 como determinan os Estatutos vixentes.
38
39 Poderá candidatarse calquera persoa afiliada de pleno dereito, co único requisito de comunicar a
40 súa candidatura no correo electrónico oficial assembleanacional@anova-galiza.org no período
41 comprendido entre o 8 e o 30 de setembro. As persoas que se candidaten para a Comisión de
42 Garantías non se poderán candidatar para a Coordinadora Nacional.
43

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



1 A Comisión de Garantías escollerase polo procedemento de lista aberta con factor de corrección de
2 xénero do 60-40. As persoas candidatas figurarán nunha lista única ordeada alfabeticamente polos
3 apelidos. A orde alfabética comezará pola letra que se determine en sorteo independente do da
4 Coordinadora Nacional. Cada elector/a poderá dar o seu voto a tantas persoas candidatas como
5 postos a cubrir. Serán nulas aquelas papeletas que conteñan riscados máis nomes que postos a
6 cubrir.

7
8 Serán proclamadas electas as cinco persoas que obteñan maior número de votos despois da
9 aplicación do factor de corrección de xénero mencionado. As persoas non electas figurarán nunha
10 lista de suplentes en función do número de votos obtidos para eventuais substitucións no período
11 interasambleario, substitucións que en ningún caso poderán alterar a composición de xénero do
12 organismo.

13
14 As persoas electas para a Comisión de Garantías que ostenten calquera responsabilidade interna
15 disporán dun prazo de dez días naturais a contar desde o seguinte ao remate do plenario da II AN
16 para renunciar por escrito ás mesmas. En caso contrario entenderase que renuncian ás súa
17 condición de membro da Comisión de Garantías e procederase á súa substitución conforme ao
18 establecido anteriormente.

19 20 **3. DO PORTAVOZ NACIONAL E DA COMISIÓN PERMANENTE**

21
22 A Coordinadora Nacional, na súa sesión constitutiva, escollerá, polo procedemento que se
23 determine e de entre as persoas que a integran, a nova Comisión Permanente e a portavocía
24 nacional, coas funcións que se determinen no mesmo procedemento dentro das previsións
25 estatutarias.

26



II ASEMBLEA NACIONAL

*Coa nación na esquerda
tecendo rede*

INFORME DE XESTIÓN
xuño 2013 - outubro 2014

ANOVA: unha organización en permanente construción que debe pechar o seu proceso constituínte

A situación na que ANOVA-IN quedou tras a primeira Asemblea Nacional, que moitos dos nosos e das nosas militantes interpretaron como unha asemblea reconstituínte, non por previsible resultou menos complexa.

Un resultado maioritario desconforme con acordos que, por afectaren a cuestións estatutarias que fundamentalmente incidían en aspectos organizativos, non puideron efectivizarse ao non acadar os 2/3 requiridos, e mais unha discrepancia constatable en cuestións clave do proxecto político provocaron a frustración dunha parte importante da militancia. En resumo, o escenario político da organización despois da I AN foi de tensión máis ou menos contida e de reforzo das posicións propias fronte ao sentir colectivo.

Esta situación agravouse considerablemente en Febreiro do 2014 ante a inminencia das eleccións europeas e a existencia de dúas posicións maioritarias na organización que colidiron diante da imposibilidade de configurar unha fronte ampla non excluínte defendida por Anova nos últimos meses do 2013. Se ben puidera verse como unha decisión táctica, no fondo incidía nun debate estratéxico sobre a liña política da organización que avivou un clima xa de por si previamente alterado por mor do rol cuestionable da Comisión de Garantías na mediación de conflitos, que provocara a finais do 2013, despois da expulsión dun grupo de militantes de Redondela, a dimisión do Coordinador Nacional e de catro membros máis da primeira permanente configurada despois da I Asemblea Nacional.

Neste contexto, o resultado do referendo directo da militancia sobre as alianzas para as eleccións europeas xerou que na CN do 8 de marzo dez membros da Comisión Permanente presentasen a súa dimisión. Iso ocasionou que novos compañeiros/as os substituísen e se reorganizasen as responsabilidades, entre as que destacaron, dentro do conxunto, a de Iolanda Pérez como responsable de Organización, Esther Duro como responsable de Finanzas, Manoel Santos de Comunicación e Martiño Noriega da área de Coordinación. Por outra banda, acordouse prescindir da liberación do responsable de relacións políticas e non substituíla, de xeito que o traballo que cumpría desenvolver nese eido foi asumido polo Portavoz e polo Coordinador Nacional de maneira non retribuída.

Nese contexto, aínda tivemos outro atranco. A compañeira Iolanda Pérez Docampo presentou a súa dimisión como responsable de Organización en canto tivo coñecemento da súa situación inxusta nun proceso xudicial que afecta ao Concello de Ourense. Deu conta dela na Coordinadora Nacional do 14 de xuño de 2014. Malia que os feitos se produciron cando ela non desenvolvía traballo institucional ningún, e en organismos nos que nunca participou, tomou a decisión de dimitir para non causar prexuízos á organización, feito este que todos e todas lle recoñecemos. Isto provocou unha nova reorganización de responsabilidades na Comisión Permanente. Así, pasou Esther Duro a ocuparse de Organización e Iria Otero da área de Finanzas, que compaxina coa que viña desenrolando como responsable de Acción Feminista.

Esta é a situación que tivemos que afrontar neste período. Cando menos, debe recoñecerse que este non era, nin é, o escenario ideal para facer un traballo político que ten que encontrar o seu principio e fin nunha sociedade agredida por un sistema capitalista inxusto e non nas dinámicas internas, por saudables que sexan. Consecuentemente, o obxectivo que nos propuxemos durante estes últimos sete meses foi o de estabilizar o funcionamento da CN (máximo órgano de Anova entre Asembleas), intentar casar as decisións políticas co sentir maioritario da militancia, buscar vías de consenso ou, polo menos, de non belixerancia, facer do respecto interno unha norma de conduta política, fuxir das provocacións de parte, facer cumprir o mandato dos homes e mulleres de Anova no proceso das europeas, sanear os mecanismos organizativos internos e establecer os medios necesarios para priorizar o contacto social e a presenza pública, nunha liña coherente co que representa Anova dentro do espazo de ruptura que se está a configurar na nosa nación e no conxunto do estado. Fomos capaces, a pesar das dificultades, de manter a centralidade do noso discurso nese eido, de xeito que resultou Anova durante este período un interlocutor válido para as forzas rupturistas das nacións do estado e tamén para os movementos sociais non organizados partidariamente. Como partido-movemento, intentamos pór os intereses do país no eixo de rotación da esquerda, sen tutelas, asentando este eixo na nova cultura política e nas súas novas expresións sociais.

Nestes intensos meses, xestionouse o traspaso de responsabilidades á nova Comisión Permanente, racionalizáronse as contas da organización, regularizouse a xestión interna e realizouse un traballo paralelo orientado a impulsar e mellorar o funcionamento de ANOVA-IN, así como o do grupo parlamentar e a novidosa presenza no Parlamento Europeo. Por outra banda,

convocáronse case todos os grupos de traballo, ampliouse considerablemente a información que recibe a militancia –tanto no eido organizativo coma no de acción política– e socializouse por primeira vez o sistema de contratacións tanto nos procesos electorais (europeas) como nos derivados do traballo institucional.

As eleccións europeas

O primeiro compromiso de traballo da Permanente remodelada foi organizar o proceso de elección das persoas que ían representar a ANOVA nas eleccións europeas, que tivo a súa concreción no referendo do 30 de marzo. O proceso, no que se habilitaron 32 mesas por todo o país, permitiu a escolla como candidatos de Lidia Senra e de Carlos Lorenzo, as dúas persoas máis votadas.

O seguinte chanzo do proceso foi a elaboración dun plan de traballo electoral sustentado nas catro áreas de traballo nas que se estruturou o Comité Electoral: coordinación, comunicación, organización e dinamización social e sectorial. As áreas de organización e dinamización social actuaron como enlace territorial, e, desde o mes de abril, as persoas responsables de cada asemblea e a militancia no seu conxunto foron convocadas a diferentes reunións de ámbito nacional, local ou comarcal para a coordinación da campaña, segundo a área xeográfica e as necesidades de cada zona.

A coordinación da coalición realizouse a través da Comisión Electoral de AGEe, formada por catro compañeiras/os de Anova (coordinadoras/es de cada área), catro de Esquerda Unida e tres de Espazo Ecosocialista. Desde esta, fixéronse os esforzos para incorporar a totalidade das propostas das asembleas, polo que se chegaron a realizar nalgunhas ocasións ata sete ou oito actos por día, en horario de mañá e tarde. O traballo intenso da militancia supliu deficiencias organizativas e posicionamentos políticos de certo distanciamento explicitados publicamente por algunha das sensibilidades da organización, consecuencia das dinámicas precedentes. Aínda así, a resposta da militancia na difusión, organización, distribución de material, apoderados/as e interventoras/es, etc, no nivel local foi un dos factores que influíron decisivamente na consecución dos obxectivos de Anova-IN nestas eleccións europeas.

A coalición na que Anova-IN e polo tanto AGE en Europa estaba inserida no estado español obtivo unha representación de seis eurodeputadas/os, pertencentes ao grupo chamado *A Esquerda Plural*. Esta coalición inseriuse ao

mesmo tempo no chamado Grupo da Esquerda Unitaria Europea (GUE-NGL), integrado por outras organizacións estatais, como Podemos ou EH-Bildu, e internacionais como o Front de Gauche, Die Linke, Sinn Féin, Bloco de Esquada, Partido Comunista Portugués, Syriza, etc.

A Coordinadora Nacional de Anova-IN valorou positivamente conquistar o obxectivo co que concorriamos ás Eleccións Europeas: conseguir que Lidia Senra saíse escollida deputada e que unha muller nacionalista e labrega sexa a nosa voz nesa nova internacional das agredidas que está a emerxer en Bruxelas. ANOVA-IN foi a única organización en Galiza que conseguiu que a voz do nacionalismo de clase estivese representado a tempo completo en Europa.

Xunto a estes datos positivos, cómpre avaliar negativamente o descenso porcentual de votos en relación coas eleccións ao Parlamento Galego. Se ben a porcentaxe de abstención destes comicios foi maior, o cal condiciona a comparativa, a translación social das tensións internas (especialmente as dúbidas xeradas arredor da necesidade de reeditar algo semellante a AGE) tivo tamén un peso importante nos resultados finais.

Nun contexto máis amplo e mirando ao futuro, volveu gañar o PP e a dereita, pero emerxeron novas forzas de esquerda no contexto estatal e europeo que dan azos para construír unha alternativa transformadora para Europa e para os estados e as nacións que a conforman.

Campañas. *Día da Patria*

A Coordinadora Nacional acordou concretar a celebración do Día da Patria chamando a unha gran mobilización, en réxime de autoconvocatoria e polo dereito de autodeterminación, que aglutinase todas as forzas sociais, sindicais e políticas unidas polo recoñecemento dos pobos como suxeitos políticos de pleno dereito, coa finalidade de contribuír ao proceso de constitución da Fronte Ampla. As dificultades no proceso orientan a consecución deste obxectivo cara á celebración dun foro-debate, o *Foro Pola Quebra Democrática e o Dereito a Decidir*, que tivo lugar o día 24 de xullo e que contou coa asistencia de representantes das CUP, EH-Bildu, IU e Guanyem, xunto con Anova-IN.

O Día da Patria celebrouse, ao cabo, cun acto na Praza 8 de Marzo convocado por Anova-IN, que contou coa participación de representantes de diversos movementos sociais (Plataforma Pola Auditoría da Débeda, Baladre, PAH Vigo e Marcha Mundial das Mulleres) e unha representación da mocidade da nosa

organización, que fixo énfase, mediante a lectura de fragmentos, do 70 aniversario da publicación do Sempre en Galiza. Pechouse o acto coas intervencións do Coordinador e máis do Portavoz Nacional, que deron paso a un xantar-confraternización no parque de Belvís.

A valoración dos actos desenvolvidos é positiva, sobre todo no que respecta á capacidade de Anova-IN para organizar con éxito un evento coma o *Foro Pola Quebra Democrática e o Dereito a Decidir*, que contou con representación das catro nacións do estado español e encheu o salón de actos da Facultade de Filosofía da Universidade compostelá. Acertouse co formato escollido para o día 25, malia que a asistencia foi claramente mellorable, polo que é acaído tomar nota, analizar as causas e valoralas en relación coa celebración de vindeiros anos.

Unha nova asemblea e a necesidade de non pechala en falso

A Coordinadora Nacional aprobou a celebración dunha Asemblea Nacional Ordinaria na súa xuntanza do 12 de abril de 2014, a proposta do Coordinador Nacional en representación da Comisión Permanente, valorando o seu carácter ordinario e un calendario que non interfirise coas eleccións europeas e permitise un proceso asembleario participativo. Con este obxectivo deséñanse as *Xeiras de Anova*, actos descentralizados orientados a crear un espazo aberto para a reflexión e o intercambio de ideas sobre o proxecto político e organizativo de Anova-IN e para o debate de cuestións de actualidade, como é o caso das eleccións municipais. As catro celebradas durante o mes de setembro (Teo, Betanzos, Ourense e Pontevedra) deron pé á *Asemblea Deliberativa Nacional*, que tivo lugar o día 28 de setembro en Compostela.

A valoración deste novo mecanismo de participación é positiva. Mellorable, pero positiva, na medida en que ademais de permitir achegamentos de xente non militante creou dinámicas internas de compromiso organizativo e de implicación de militantes nun espazo de debate non vencellado á adopción de acordos. Hai que salientar o novidoso modelo participativo posto en marcha na celebración da deliberativa por un grupo voluntario de homes e mulleres de Anova, un modelo que se pode exportar a vindeiros debates. Esta iniciativa non pode separarse do proceso de redacción de textos para a Asemblea Nacional, para o que se abriu un período de achegas previo á constitución da Comisión Redactora. Estas achegas foron valoradas na Coordinadora Nacional, e, unha vez constituída a comisión, incorporáronse á elaboración da proposta de textos (Tese Política, Tese Organizativa e Estatutos, e Carta Financeira).

Este primeiro borrador foi enviado a toda a militancia e abriuse un inicial período de emendas sobre as cales a comisión elaborou un ditame que foi sometido a debate e aprobación na Coordinadora Nacional do 6 de setembro. Os textos, xunto coas emendas recibidas neste segundo período, pasarán directamente ao plenario da Asemblea Nacional para o seu debate e votación, que desta volta se fará entre o conxunto de militancia, xa que non haberá grupos de traballo.

Na xuntanza da CN do 12 de xullo tamén se aprobou a proposta de regulamento que elaborou a Comisión Permanente. Este regulamento, amais de definir as liñas básicas para o proceso assembleario, introduce un artigo que restitúe a militancia das persoas expulsadas no período interassembleario, e que ten unha dobre finalidade: garantir a súa participación no proceso e o seu dereito a recurso ante a Asemblea Nacional. Entre as propostas da militancia para o lema da Asemblea Nacional, acordouse finalmente escoller “COA NACIÓN NA ESQUERDA. Tecendo rede”, que recolle os eixos sobre os que se asenta esta organización: nación e esquerda, e apunta a necesidade de seguir pulando por esa rede que posibilite a construción dunha fronte popular ampla que quebre o sistema.

A escolla de Compostela, novamente, como lugar de celebración do plenario responde a criterios puramente xeográficos. Somos conscientes da necesidade (e tamén da complexidade) da descentralización dos actos, de xeito que se facilite a participación activa de toda a militancia ao longo do país.

Eleccións municipais 2015

A Coordinadora Nacional celebrada o 12 de xullo de 2014 marcou o punto de partida do traballo que a organización desenvolverá de cara ás vindeiras eleccións municipais. Nesta xuntanza aprobouse un documento para o seu debate nas asembleas de base de Anova-IN. Este documento recolle unha reformulación da aposta estratéxica de Anova-IN pola Fronte Ampla e serviu como base para a concreción da fórmula de concorrencia á cita electoral nas candidaturas populares, baixo os principios políticos da organización.

Ao abeiro do principio de acompañamento das iniciativas cidadás, a organización promoverá, apoiará e participará as candidaturas de unidade popular/cidadá que están a xurdir ao longo do país, de xeito que as bases cidadás, movementos sociais e organizacións políticas converxan baixo o común denominador da creba do réxime, a rexeneración democrática da

política municipal e o avance cara ao dereito a decidir. Apóstase, tamén, polo método de escolla das candidaturas mediante primarias abertas e elaboración das liñas programáticas que resulten de procesos abertos e soberanos.

A necesidade de confluír nunha fórmula xurídica que permita o acceso ás deputacións, dada a transcendencia que acadarán coa reforma da administración local, e a necesidade de coordinar os distintos procesos en marcha, determinou a creación dun Comité de Política Municipal para recoller achegas das asembleas locais e tamén impulsar a elaboración tanto de propostas programáticas como de propostas técnico-político-legais, tras acordo tomado na CN do 6 de setembro.

Algunhas cuestións organizativas

Grupos de traballo. Foi e é un obxectivo básico da Coordinadora Nacional dinamizar a actividade dos grupos de traballo sectoriais a fin de concretar as actuacións que debe levar a cabo a organización fronte ás agresións que sofre o noso país. Os grupos de traballo existentes continúan coa súa actividade (Acción Feminista, Xustiza Social, Mocidade, Lingua, Movementos Sociais) e constitúense novos grupos (Rural, Enerxía e Transporte).

Proceso de escolla da persoa asistente da eurodeputada. A inmediata incorporación da eurodeputada Lidia Senra ao seu escano evidenciou a necesidade de contar con persoal de apoio para o desempeño do seu labor, polo que se abriu para toda a militancia un proceso de escolla dunha primeira persoa que efectuase labores de asistencia parlamentaria en Bruxelas. Dada a urxencia dos prazos (a nova cámara constituíase o 1 de xullo en Estrasburgo), foi a Comisión Permanente, na súa xuntanza do día 16 de xuño, a que tivo que tomar a decisión e poñela en execución.

Un equipo designado pola Comisión Permanente fixo un primeiro filtrado dos currículos recibidos cinguíndose unicamente a criterios obxectivos e deuse paso despois a unha proba de idioma avaliada por persoal contratado especificamente. O proceso rematou nunha entrevista persoal coa propia eurodeputada, quen tomou a decisión final.

Contratación dun/ha administrativo/a. Na Coordinadora Nacional do día 14 de xuño púxose en marcha, mediante a aprobación da constitución do tribunal para o proceso de escolla, a decisión de sacar a concurso entre a militancia a praza de administrativo/a. Enviada a convocatoria a toda a militancia coas bases do concurso, o tribunal fixo unha primeira peneira das solicitudes en

función do cumprimento dos requisitos que recollen as bases. Os exercicios da fase de oposición terán lugar o vindeiro día 16 de outubro. Finalizado o proceso, elaborárase un informe detallado para distribuír entre toda a militancia da organización.

Comisións de coordinación de AGE e AGE Europa. Estas comisións nacen como mecanismo de coordinación política das forzas que compoñen a coalición, coa intención de dotar ás organizacións dun espazo onde pór en común as iniciativas que reciben desde a base social, cuestión básica se queremos que funcionen como ponte entre a sociedade e as institucións parlamentarias.

No que respecta a AGE, neste período intentouse impulsar unha nova dinámica para o novo curso político, sacar o grupo parlamentario á rúa, redefinir a política de comunicación e retroalimentar a comunicación entre o grupo e as organizacións que configuran a coalición. Estes obxectivos concretáronse durante o verán nun documento que se trasladou ao Grupo Parlamentario de xeito que este estableza unha estratexia de funcionamento interna mellorada e fomenta os actos nas vilas e cidades de todo o país. Inclúense tamén medidas a prol da transparencia, de reforzo técnico do grupo parlamentario e de comunicación.

A Comisión AGE en Europa está conformada por representantes das tres organizacións que forman a coalición AGEe, e entre as súas funcións están as de establecer as liñas políticas de AGE en Europa, en colaboración coa eurodeputada, e definir a relación de AGEe co resto de formacións que compoñen o GUE/NGL.

Conforme ao acordo económico acadado entre AGE e IU, os recursos derivados da obtención do escano europeo repartiranse nunha porcentaxe de 60% para AGEe e 40% para IU. Deste acordo quedaría fóra o salario da eurodeputada, que ten asinada unha carta de cesión de todos os dereitos emanados da súa condición de eurodeputada a Anova-IN, e mais unha persoa para o *staff* do grupo parlamentario do GUE/NGL, que tamén lle correspondería a Anova.

Os recursos derivados da obtención do escano permitirannos contar no espazo AGEe cun equipo de traballo que se repartirá entre Galiza e Bruxelas, desenvolver unha actividade política concreta e abrir unha oficina parlamentaria galega que permitirá visualizar o traballo en Europa e acoller e trasladar as demandas do país, así como coordinar o traballo do grupo parlamentario da cámara galega co da cámara europea, recollendo e trasladando as demandas

sociais alí a onde cheguemos. Esta oficina será o lugar do contacto da cidadanía galega coa eurodeputada, amais dun espazo de referencia de AGE, pero principalmente será un espazo aberto á cidadanía e aos movementos sociais.

Un primeiro paso que ten que dar esta comisión é a definición da forma xurídica que cómpre adoptar (AGEe non ten personalidade xurídica propia), necesaria para xestionar os recursos que chegan desde Europa. O seguinte paso, no que xa se está a traballar, é a definición e posta en marcha da propia oficina.

Ímplantación territorial e persoal contratado

Anova-Irmandade Nacionalista, inscrita no rexistro de partidos políticos o 11 de febreiro de 2013, é unha organización que se compón de 51 asembleas de base confederadas e suma un total de 1193 militantes, distribuídos/as nas seguintes asembleas territoriais:

ESTRUTURA TERRITORIAL DE ANOVA-IN				
	ASEMBLEA LOCAL	MILITANT	ÁREAS TERRITORIAIS	MILITANT
1	BAIXO MIÑO	11	BAIXO MIÑO	11
2	NOIA	5		
3	RIANXO	5	BARBANZA	29
4	RIBEIRA	19		
5	CARBALLIÑO, O	23	CARBALLIÑO, O	23
6	AMES	9		
7	BRIÓN	5		
8	COMPOSTELA	83	COMPOSTELA	155
9	TEO	44		
10	VAL DO DUBRA	14		
11	CONDADO, O	8	CONDADO, O	8
12	BERGONDO	11		
13	CAMBRE	20		
14	CORUÑA, A	114	CORUÑA, A	166
15	CULLEREDO	11		
16	SADA	10		
17	CARBALLO	8	COSTA DA MORTE	8
18	DIÁSPORA	24	DIÁSPORA	24
19	ESTRADA, A	11	ESTRADA, A - DEZA	11
20	CABANAS	9		
21	CEDEIRA	10		
22	FENE	11	FERROLTERRA	75
23	FERROL	38		
24	PONTEDEUME	7		
25	A LIMIA	20	LIMIA, A	20
26	LUGO	37	LUGO CENTRO	37
27	CHANTADA	29		
28	LE MOS	11	LUGO SUR	46
29	SOBER	6		
30	MACIZO CENTRAL	12	MACIZO CENTRAL	12

31	MARIÑA, A	12	MARIÑA, A	18
32	RIBADEO	6		
33	COUREL, O	13	MONTAÑA LUGUESA	13
34	BUEU	11		
35	CANGAS	73	MORRAZO, O	105
36	MARÍN	14		
37	MOAÑA	7		
38	OURENSE	69	OURENSE	69
39	PONTEVEDRA	35	PONTEVEDRA	35
40	REDONDELA	46	REDONDELA	46
41	RIBEIRO, O	13	RIBEIRO, O	13
42	CAMBADOS	14		
43	O GROVE	12	SALNÉS, O	51
44	SANXENXO	8		
45	VILAGARCÍA-VILANOVA	17		
46	TERRA CHA	19	TERRA CHA	19
47	UMIA	13	UMIA	13
48	BAIONA	21	VAL MIÑOR	74
49	GONDOMAR	53		
50	VALDEORRAS	6	VALDEORRAS	6
51	VIGO	106	VIGO	106
TOTAL MILITANTES		1.193		1.193

O local nacional está establecido en Compostela e cumpre o establecido nos Estatutos, pois, amais de funcionar como lugar de traballo e xuntanzas, está aberto ao seu uso para todas as persoas e colectivos que o soliciten. Fuximos así do concepto clásico de sede dunha organización política.

A organización conta con tres persoas remuneradas, dúas a tempo completo (responsable de Organización e persoa de apoio ao Portavoz Nacional) e unha a media xornada, que desempeña as funcións de técnico administrativo mentres non remate o proceso de selección para cubrir este posto establecido pola Coordinadora Nacional.

Conclusión. Non temos nada, pero podemos telo todo

Este é un informe de xestión focalizado por razóns evidentes nun tempo concreto (Marzo 2014-Setembro 2014) que non atinxe, agás nos antecedentes, ao conxunto do período que vai dende a I Asemblea Nacional. Un informe que intenta, de maneira sintética, contextualizar un traballo interno intenso, maioritariamente voluntario, exercido con moita ilusión e responsabilidade nunhas condicións adversas tanto no interno como no social.

Anova é unha organización precarizada representativa da maioría social agredida tanto na súa composición coma no seu funcionamento e nas súas dinámicas. Radica aquí a súa afouteza.

A pesar das dificultades, dos avances, dos acertos e dos erros, Anova representa no contexto actual unha posición envexable. Unha organización sen débedas, saneada, con presenza institucional cualitativamente importante e cunha centralidade no discurso deste espazo-tempo da historia da nosa nación en que todo está en cuestión.

Queda todo por facer. Moitos son os retos do futuro. Habilitar espazos de participación horizontal de xeito presencial e a través das TICs, afondar nos mecanismos de transparencia, impulsar a corresponsabilidade da militancia na toma de decisións e manter a nosa capacidade para incidir neste momentos históricos semellan retos dabondo para continuar o camiño que encetamos hai máis de dous anos.

Non temos nada, pero podemos telo todo.



II ASEMBLEA NACIONAL

*Coa nación na esquerda
tecendo rede*

INFORME ECONÓMICO
2013 - 2014

SOBRE A NOSA ORGANIZACIÓN

Anova contitúese como organización política o 14 de xullo de 2012, logo dun proceso asemblear de acumulación de forzas integrado por persoas procedentes de diferentes ámbitos do nacionalismo emancipador, da esquerda rupturista e anticapitalista e de novos axentes cidadás mobilizados para enfrontar a acción sociopolítica necesaria nun contexto de evidente crise sistémica.

Agromaba así un proxecto de aprendizaxe colectiva, radicalmente democrático, para camiñar cara a unha nova cultura política, destinada a restaurar as pontes de conexión entre a sociedade civil activa, ou a maioría social agredida, e a sociedade política. No entanto, non se trataba de promover a existencia dunha nova fronte nin dun novo partido. Antes ben, as xentes que confluíron en Anova albiscaban un movemento no sentido propio da palabra, un proceso de mobilización da cidadanía do común que se convertise en actor construtor de alternativas perante o esgotamento de réxime emanado da segunda restauración borbónica, o fascismo financeiro e o fin de ciclo a todos os niveis. Ao cabo, un movemento social cunha ferramenta política. Ou un movemento para facilitar unha rebelión cívica tendente a mudar radicalmente o noso modelo de sociedade.

A Declaración de Láncara, expresada por Xosé Manuel Beiras en outubro de 2005 con motivo da recepción do Premio Ramón Piñeiro “Facer País”, constituiu o eixe rector dos principios políticos de Anova: Ética democrática e, na esquerda, ética de esquerdas. Fraternidade. Cooperación no canto de competición. República. Democracia participativa. Primacía dos dereitos colectivos. Igualitarismo. Autodeterminación cara a independencia. Socialización. Home novo, muller nova, nova cultura.

O proceso de construción tomou forma de confederación de asembleas soberanas no seu ámbito local, autodefiníndose como “unha organización de carácter asembleario, aberto e plural, de integración individual, organización territorial e en rede, con vocación de continuidade na acción social, de carácter nacionalista, expresión política do galeguismo, e enmarcada tanto na tradición plural da esquerda como nas novas expresións da mesma”.

En moi pouco tempo e no contexto dunha historia acelerada dende a crise de 2007-8, cunha sociedade enormemente cambiante, Anova logrou ter representación institucional no Parlamento de Galiza cunha proposta de fronte ampla que moveu os marcos da esquerda e do nacionalismo coa coalición Alternativa Galega de Esquerda (AGE) e que foi excelentemente recibida pola sociedade galega. Asemade, tamén situou no Parlamento Europeo a única deputada galega.

EXERCICIO 2013

ACLARACIÓN PREVIA

O presente informe refírese ao período desde o momento de constitución da organización, 16 de xaneiro de 2013, ata o 31 do mesmo ano.

O informe fai referencia ás fontes de financiamento e ao destino dos fondos de Anova-IN.

Para a presentación das Contas Anuais no *Tribunal de Cuentas*, a organización tivo que incorporar a metade dos saldos que presenta o Grupo Parlamentar, pois cada unha das organizacións que compoñen a coalición deben rexistrar no seu estado de contas a parte correspondente (50%) das contas da AGE.

Isto vese reflectido no epígrafe seguinte (Patrimonio Neto), onde se se mesturan as partidas propias de Anova-IN coas da AGE.

1. PATRIMONIO NETO DE ANOVA-IN

O valor do activo da organización, é dicir, do que ten, é de 118.907,89 euros, correspondendo case a totalidade deste importe a tesourería (100.511,66) e, tal como se indica na aclaración previa, unha vez incorporada a metade dos saldos do Grupo Parlamentar.

O valor dos pasivos da organización é de 64.843,63 euros. Deste importe, ten a condición de esixible (pendente de pago) un total de 4.548,63 euros.

A diferenza destes dous conceptos dá como resultado o patrimonio neto de Anova-IN a 31 de decembro de 2013, lembrando novamente que se lle debe atribuír a metade dos saldos que achega o Grupo Parlamentar, está valorado en 54.069,26 euros repartido nas partidas que recolle a seguinte táboa:

PATRIMONIO NETO	54.064,26
Beneficio Grupo Parlamentar AGE (2012)	21.196,52
Resultado Consolidado Exercicio 2013	5.267,74
Doazóns (deputados/as)	27.600,00

O remanente de 21.196,52 euros corresponde co 50% do beneficio obtido polo Grupo Parlamentar no exercicio 2012, xa que este se constituíu con data 18 de novembro do mesmo ano.

Cómpre lembrar que este importe corresponde co “recollido en libros” de acordo coa aplicación das normas contables, en ningún caso reflicten a liquidez da organización.

2. FONTES DE FINANCIAMENTO

As fontes de financiamento de Anova-IN son as indicadas na seguinte táboa:

INGRESOS	220.312,80
Cotas militantes	54.000,55
Doazóns deputados/as	27.600,00
Achegas GP AGE	60.295,00
Parte subvención AGE	78.417,25

No exercizo 2013 a principal fonte de ingresos da organización foi a parte correspondente da subvención que recibiu AGE tras a obtención dos nove deputados no Parlamento de Galicia, representando o 35,6% do total.

A segunda fonte de ingresos foron as achegas que a organización recibe do Grupo Parlamentar, que significaron un 27,4% do total. O importe que suman as cotas que pagan os/as seus militantes e que representan un 24,5% do total.

Por último, as doazóns que recibe dos deputados/as, e que acadan o 12,5% dos ingresos da organización neste exercicio que pecha.

Esto indícanos que o **obxectivo de Anova-IN en canto ao seu autofinanciamento está parcialmente cumprido**, no sentido de que se postula como unha organización que quere depender unicamente dos fondos que achega a militancia e das doazóns dos/das representantes nas institucións, pero que ten que seguir a traballar polo cumprimento deste obxectivo.

Tamén debemos destacar que a organización ten boa saúde financeira non precisa recorrer á trampa do financiamento bancario.

No tocante ás achegas que fan os/as nosos/as deputados/as, estas teñen o carácter de doazón, polo que se debe informar a Facenda da contía e orixe destes fondos, cuestión esta que foi regularizada tras a escolla da nova Comisión Permanente.

3. DESTINO DOS FONDOS

3.1 Adquisición de bens e servizos

Anova-IN, tal como recolle a seguinte táboa, tivo como principais gastos do exercizo 2013 o aluguer de salas para a celebración de eventos e xuntanzas, que representou case a metade do gasto total deste epígrafe (48%). Neste apartado cómpre destacar os importes adicados á celebración da I Asemblea Nacional (8.288,50 euros).

ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS	27.669,25
Aluguer salas	13.422,06
Asesoría	1.633,50
Cartelería e similares	3.378,93
Relacións políticas	2.491,82
Correos	306,42
Doazóns	175,20
Equipos informáticos	981,51
Informes	7,37
Infraestrutura actos	697,53
Linguaxe signos	108,90
Notaría	196,82
Papelería	2.788,14
Publicidade	914,03
Servidor web	287,50
Telefonía	279,52

O apartado de relacións políticas fai referencia a aqueles importes destinados aos encontros con representantes doutras organizacións ben no país ou ben fóra.

Os equipos infórmáticos aos que se fai referencia na táboa son os que se mercaron para o local de Gondomare que figuran recollidos no inventario que se achega no informe sobre o ano en curso.

O epígrafe de infraestrutura para actos fai referencia ao acto político do Día da Patria de 2013.

3.2 Gastos de persoal

Os soldos correspóndense cos da persoa de apoio ao Portavoz Nacional e Portavoz de AGE, e os da persoa contratada a media xornada para o apoio nas funcións administrativas.

O Grupo Parlamentar foi o pagador da persoa responsable de Organización ata a escolla da nova Coordinadora Nacional na I Asemblea Nacional, e despois da persoa responsable de Relacións Políticas. O importe neto do seu soldo deduciuse das cantidades achegadas polo Grupo Parlamentar a Anova-IN.

Ao mesmo tempo, e tras o traspaso da adicación da área de Organización á área de Relacións Políticas, reformúlanse a situación e acórdase remunerar á persoa que tras a I Asemblea Nacional asume a responsabilidade de Organización, se ben a situación desta área non se regulariza ata marzo de 2014, cando se nomea a nova Comisión Permanente.

GASTOS DE PERSOAL	52.284,09
Soldos	25.289,74
Seguridade social	8.968,29
Desprazamentos Comisión Permanente*	16.560,56
Desprazamentos Comisión Ética e de Garantías	571,50
Gastos administrativo	894,00

* Aquí recóllese tamén o pago en dietas á responsable de Organización pola súa adicación dende a decisión da súa liberación despois da I Asemblea Nacional ata a regularización desta situación en Marzo do 2014.

3.3 Gastos Financeiros

Se ben nun primeiro momento a organización pagou comisións bancarias por transferencias, o groso deste importe corresponde con gastos por emisión de recibos e por recibos devoltos. Isto xustifica o cobro de cotas de xeito trimestral, pois estas comisións aplícanse por recibo (0,30 euros + IVE por emisión de recibo e un 2‰ con un mínimo de 1,50 euros por recibo devolto).

GASTOS FINANCIEROS	2.813,50
Comisións bancarias	2.813,50

3.4 Taxas e impostos

Ao tratarse dunha organización política, cumprindo os prazos marcados, ten a obriga de presentar o imposto de sociedades e de declarar as doazóns que recibe a organización, mais sólo a nivel informativo. Sen embargo, si se pagan tributos polas retencións correspondentes ao IRPF das persoas contratadas e dos profesionais independentes (servizos de notaría, avogados/as, etc).

TASAS E IMPOSTOS	2.650,95
Retencións e ingresos a conta do IRPF	2.650,95

3.5 Outros gastos

Neste epígrafe inclúense as cantidades que a organización devolveu aos militantes que fixeron achegas en concepto de préstamos para as eleccións galegas de 2012. No traspaso de competencias non se achegou esta información á nova Comisión Permanente, e dado que as achegas se fixeron nunca conta diferente da que tampouco se nos achegou información, nin relación de persoas que fixeron achegas, este importe calculouse revisando os recibos correspondentes aos pagos que se fixeron desde a organización.

OUTROS	50.471,75
Devolución préstamos elecc. Galegas 2012	50.471,75

Este tema ten unha sensibilidade especial debido ao requisitos que marca a Lei de Financiamento de Partidos Políticos, polo que cumpría que no seu momento se levara un mellor control que garantise que en caso de inspección a organización disporía de toda a documentación necesaria para a súa xustificación.

4. CONCLUSIÓNS

No exercicio pechado do 2013 percíbense certos desaxustes na xestión contable da organización, ben por descoñecemento ou ben por outras razóns.

O proceso de compilación da documentación para a elaboración da contabilidade foi complexo, pois no traspaso de competencias á nova Comisión Permanente en Marzo do 2014 non se achegou toda a documentación precisa, o que supuxo o retraso na elaboración das contas anuais. Aínda así a organización foi quen de cumprir cos prazos que establece o *Tribunal de Cuentas*, nunha carreira contrareloxo que finalizou o mesmo día que remataba o prazo de envío das Contas Anuais.

Neste exercicio detéctouse a necesidade de mellorar a rigorosidade na xustificación de operacións, no senso de que cada operación debe estar vencellada a un documento. En moitos casos atopámonos con follas resumo que recollían unha serie de conceptos ou aclaracións vía email que non teñen validez documental ningunha. A regularización destas situacións foi un dos obxectivos da nova permanente dende o 2014.

EXERCICIO 2014

ACLARACIÓN PREVIA

O presente documento é un estado contable da organización para dar a coñecer a súa situación económica e financeira, así coma os cambios que experimentou a mesma a 30 de setembro de 2014. Non se corresponden cun exercicio contable pechado.

1. PATRIMONIO NETO DE ANOVA-IN

Mantense o Patrimonio Neto a peche do exercicio 2013, pois para o seu cálculo precisamos información completa do exercicio en curso.

PATRIMONIO NETO	54.064,26
Beneficio Grupo Parlamentar (Exercicio 2012)	21.196,52
Resultado Consolidado Exercicio 2013	5.267,74
Doazóns deputados/as	30.000,00

Anova dispón en conta corrente, a 30 de setembro de 2014, de 64.921,56 euros.

2. FONTES DE FINANCIAMENTO

Tal e como se indicou no exercicio anterior, ao poñer en relación os ingresos cos gastos, evidénciase que Anova-IN debe seguir a traballar para acadar o obxectivo da autofinanciación, é dicir, depender unicamente das cotas dos/das seus/súas militantes e das doazóns das persoas nas institucións.

INGRESOS	114.882,00
Cotas militantes	34.482,00
Doazóns deputados/as	30.000,00
Achegas Grupo Parlamentar	50.400,00

En conclusión, reducir esta dependencia debe converterse nun dos principais obxectivos para o período que entra, pois tan só un 30% dos ingresos proveñen das anteditas cotas.

3. DESTINO DOS FONDOS

Durante o exercicio en curso, e ata o 30 de setembro, os gastos totais de Anova-IN ascenderon a 73.114,90 euros, distribuídos da seguinte maneira:

3.1 Adquisición de bens e servizos

ADQUISICIÓN DE BENS E SERVIZOS	13.339,43
Aluguer local nacional (maio14 - setembro14)	2.348,30
Aluguer salas	2.474,00
Asesoría	2.268,62
Asesoramento xurídico	50,00
Cartelería e similares	1.234,29
Relacións políticas	437,76
Correos	112,50
Equipos informáticos	96,80
Material limpeza	16,86
Mobiliario	1.694,00
Notaría	243,42
Papelería	292,87
Protección de datos	181,50
Publicidade	325,66
Servidor web	225,32
Telefonía	1.224,58
Tradutora proceso escolla asistente PE	112,95

A falta de rematar o ano, o gasto en aluguer de salas é menor ao dispoñer dun espazo propio. Un dos obxectivos de alugar este local, amais de cubrir a necesidade de dotarnos dun lugar de traballo, é levar a cabo as xuntanzas sen ter que recorrer a espazos exteriores. O custo deste aluguer son 250,00 euros ao mes máis gastos.

Neste senso, a organización debe valorar a si sería preciso dotarnos dun local onde celebrar xuntanzas de maior concorrencia, como poden ser as da Coordinadora Nacional.

Cabe sinalar, tamén, o importe do gasto en telefonía. A organización conta con tres liñas de teléfono (dúas fixas e unha móbil). Tratouse de reducir este importe, pero non foi posible debido ás condicións de permanencia dos contratos asinados anteriormente.

3.2 Día da Patria 2014

DIA DA PATRIA	4.526,90
Acto	2.092,37
Xantar	2.434,53

Os gastos que se presentan fan referencia ao acto político do 25 de xullo (aluguer infraestrutura, son, material de Anova-IN) e ao xantar de confraternización no Parque de Belvís (aluguer carpa, seguro).

Os gastos do *Foro pola creba democrática e o dereito a decidir*, que tivo lugar o día anterior foi a cargo da coalición.

3.3. Gastos de persoal

GASTOS DE PERSOAL	48.500,13
Soldos	30.320,78
Seguridade social	13.208,54
Desprazamentos Comisión Permanente	3.484,25
Desprazamentos Comisión Ética e de Garantías	1.211,76
Desprazamentos xornada de traballo grupo finanzas	94,68
Desprazamentos referendo 23 de febreiro	180,12

Os soldos correspóndense cos da persoa responsable de Organización (unha vez se regularizou o contrato asociado a esta área), os da persoa de apoio ao Portavoz Nacional e Portavoz de AGE, e os da persoa contratada a media xornada para o apoio nas funcións administrativas.

Coa constitución da nova Comisión Permanente estableceuse un protocolo para o pago dos de gastos de desprazamento, no sentido de que cada persoa solicitante debe achegar resumo de gastos acompañados dos correspondentes xustificantes.

Os pagamentos por desprazamentos da CEG correspóndense ás xuntanzas anteriores a marzo 2014.

3.4. Gastos Financeiros

GASTOS FINANCIEROS	1.551,86
Comisións bancarias	1.551,86

A pesar de que houbo unha renegociación das comisións bancarias que se pagan pola emisión e devolución de recibos (0,24 euros + IVE por emisión e 2% do importe do recibo con un mínimo de 0,90 euros por devolución (anteriormente 0,30 euros + IVE e un 2% con un mínimo de 1,50 euros, respectivamente), este importe segue a manterse elevado, polo que a organización debe marcarse o obxectivo de seguir a traballar para reducilas.

O importe sinalado pode ser provisional, pois, tras negociación coa entidade financeira acordouse a revisión e posible devolución de parte destes gastos.

3.5. Taxas e impostos

TAXAS E IMPOSTOS	1.047,86
Gastos compartidos multa manifest. 09/03/2013	14,00
Retencións e ingresos a conta do IRPF	991,20
Rexistro da propiedade intelectual	42,66

Pagouse parte proporcional da multa da manifestación do 9 de marzo de 2013 por figurar Anova-IN entre as organizacións convocantes.

O pago da taxa de rexistro da propiedade intelectual corresponde co rexistro da sintonía “*Hai que Paralos*” a nome das organizacións que conforman a coalición AGE.

3.6. Outros gastos

OUTROS	4.148,72
Devolución préstamos eleccións galegas 2012	3.600,00
Doazóns	290,00
Pancartas Ferrol eleccións galegas 2012	258,72

Non tendo información sobre a relación dos préstamos que se realizaron para as eleccións do 2012, tal como se indica no informe do exercizo 2013, no período anterior á constitución da nova Comisión Permanente devolvéronse préstamos a militancia polo importe indicado.

Nos meses de xaneiro a marzo de 2014 existen gastos por valor de 7.457,88€ pendentes de reclamar as facturas ou xustificantes.

4. ESTADO DE COTAS

A 08/03/2014 a última cota que se tiña pagado pola maior parte da militancia correspondíase co mes de novembro de 2013. Dende marzo de 2014, procurouse ir poñendo ao día o pagamento das cotas, seguindo o criterio de pagamento trimestral, pasando primeiramente o trimestre decembro 2013-febreiro 2014. Nos casos nos que algún deses meses xa se tivesen aboados, incluíuse o mes de marzo 2014. Logo de acadar a maioría dos militantes a cota de marzo 2014, regularizouse o seguinte trimestre polo que a última cota a día de hoxe é xuño 2014.

Seguindo o mesmo criterio, en outubro corresponde o trimestre xullo 2014-setembro 2014, quedando para o mes de decembro o último trimestre do ano e así cadrar co ano natural.

5. ELECCIÓNS EUROPEAS 2014

Anova-IN aportou un total de 53.000 euros para financiar a campaña electoral das Europeas 2014. A valoración é positiva pois partiuse dun orzamento previo de 50.000 euros.

Este importe foi financiado cos préstamos e achegas que fixo a militancia (4.192,00 euros), coa regularización das achegas dos/as deputados/as (15.400,00 euros) e o resto coas as cotas que a organización recibe da militancia.

6. CONTAS LOCAIS

Neste ano púxose en marcha o mandato da I Asemblea Nacional polo que o 50% das cotas da militancia será reembolsado ás asembleas de base que conforman a organización, de xeito que dispoñan de recursos para o desenvolvemento da súa actividade, cuestión de especial relevancia ás portas das eleccións municipais que se celebrarán o vindeiro ano.

A día de hoxe tan só 5 asembleas formalizaron a apertura das súas contas (Gondomar, O Carballiño, Ourense, Marín e Teo), fonte ás 15 solicitudes recibidas e tramitadas (Gondomar, Marín, Ourense, O Carballiño, A Coruña, Cambre, Cedeira, O Salnés, Pontevedra, Redondela, Teo, Terra Cha, Vigo, A Estrada e Compostela).

Nos vindeiros días faráselles as transferencias dos importes adebedados dende febreiro de 2013.

7. INVENTARIO

No período de elaboración deste balance de situación, os bens dos que dispón a organización son os seguintes:

Fonte 500W caixa M23 PRIMUX	28 caixas proxectos
Lector de tarxetas	Arquivador A-Z
Placa xigabyte B75M-D3V	Selo Trodat printy 4928
Disco duro 500GB SATA	13#Eu vou á Asemblea Nacional
Regrabadora DVD LG SATA	25 bandeirolas eleccións autonómicas
Módulo 4GB RAM DDR3	4 mesas 140x70x72
HP Deskjet 1050A	20 cadeiras apilables negras
Altavoces Logitech LS11 2.0	1 Impresora Brother DCP-7060D
SAI Zigor 850 VA	1 Pop Up 229x229
Grampadora Maped 20 Follas	148 bandeiras serigrafadas 100x70
Sacagrampas Petrus 111	Selo de caucho
Pen drives	

8. CONCLUSIÓNS

Se ben a situación financeira de Anova-IN corresponde coa de unha organización saneada, é preciso seguir a traballar na redución de aqueles custos que poden considerarse excesivos (comisión financeiras) e incluso prescindibles (aluguer de salas para xuntanzas).

Dende a constitución da nova Comisión Permanente en Marzo do 2014 fóronse establecendo mecanismos para unha mellor fiscalización dos resultados (xustificación obrigada de todas as operacións, cumprimento de orzamentos), neste novo período que se abre é fundamental seguir a facer melloras nese sentido.

Sen dúbida, o obxectivo principal que debemos marcarnos é o da autofinanciación, de xeito que Anova-IN sexa quen de afrontar os gastos que xera a actividade política con recursos propios (cotas e achegas), e así poder revertir os recursos que obtén doutras fontes (Grupo Parlamentar) na sociedade a través, ben de actos, ou ben dando apoio económico a iniciativas que a prol do benestar de todos/as.

Anova-IN é unha organización de dous anos de vida que debe pular polo asentamento dunha serie de protocolos que garantan, por unha banda, o control interno das operacións, e por outra banda, o proceso de fiscalización por parte da militancia e máis da sociedade que depositou a súa confianza en nós.

anova

I R M A N D A D E N A C I O N A L I S T A

II ASSEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede

Borrador para emendas aprobado pola Coordinadora Nacional

Segundo prazo de emendas 8 ao 30 de setembro de 2014

TESE POLÍTICA

1. A Gran Crise no seu VI ano

2008 marca un antes e un despois no tipo de capitalismo coñecido como neoliberalismo. Tras o último terzo do século XX marcado pola hexemonía TINA (There is no alternative) da Thatcher e compañía, no que o proceso da globalización económica libre de toda regulación experimentou unha aceleración vertixinosa e no que a incapacidade do capitalismo para crecer a un ritmo sostido foi substituída polo recurso a burbullas especulativas infladas a base de intercambio nos mercados internacionais de produtos cada vez máis complexos de enxeñería financeira, o ano 2008, I da Gran Crise, a máquina milagrosa neoliberal fixo crac. O estalido da burbulla inmobiliaria nos EUA e o conseguinte parón dos fluxos de capitais interbancarios puxeron a economía global á beira do abismo ata tal punto que aínda lembramos aquela frase pronunciada polo entón presidente de Francia, Nicolás Sarkozy, na que este avogaba por “reformular o capitalismo”. O rápido auxilio do Estado norteamericano significou, de facto, a caída do muro de Berlín particular dun liberalismo económico que, durante as décadas anteriores, non deixaba de enxalzar a capacidade dos mercados para autorregulárense, e impediu que o sistema financeiro estadounidense se esboroase coma un castelo de area.

O segundo episodio da Gran Crise presenciáramolo en Europa. O parón dos fluxos de capital cortou de raíz o sistema económico baseado no asolagamento de capital dos países centroeuropeos ás economías do sur de Europa para soste con débeda a capacidade de compra de ditas sociedades —ben en forma de crédito directo á compra de bens de consumo, ben de financiamento da construción e compra de vivendas— tras verem como os seus sectores industriais foran desmantelados durante o proceso de integración na Unión Europea. O parón súbito da actividade económica nos chamados PIGS e as políticas de austeridade impostas tras os chamados “rescates” efectuados pola Troica —a raíz da crise das débedas soberanas de 2010, que viron como Grecia se declaraba en creba— levaron á depresión económica a toda a periferia sur Europea e a Irlanda, a un proceso aínda non rematado de desmantelamento dos Estados de Benestar, de emerxencia dunhas taxas de paro desorbitadas e con visos de seren estruturais, de empobrecemento xeral da poboación deses países e de expropiación da soberanía política.

Cuns EUA en retirada como gran potencia hexemónica mundial e cunha Europa tocada economicamente, os chamados BRICS tentan xogar as súas cartas. Coa volta de Rusia como actor xeopolítico global, co papel de China como aspirante a grande superpotencia, coa consciencia das economías emerxentes como Brasil ou Turquía da fragilidade do seu desenvolvemento nun escenario sen devasas entre economías ou coas experiencias políticas latinoamericanas encamiñadas a deixar atrás de vez o carácter de patio traseiro ianqui, a crenza de que a alternativa ao neoliberalismo pode consistir nun regreso á globalización controlada de Bretton Woods e aos esquemas do keynesianismo semella unha utopía bastante perigosa.

Se a evidencia empírica do cambio climático debería por si mesma ser suficiente para que os países do planeta revisasen o paradigma do desenvolvemento económico popularizado polo así chamado Occidente, a realidade non menos empírica de que as enerxías fósiles xa non poden, e cada vez poderán menos, ser o motor do mundo que coñecemos, e, sobre todo, de que non hai recambio enerxético a un petróleo cada vez máis caro de extraer e de peor calidade, fai que o cuestionamento do modelo civilizatorio saído da Revolución Industrial sexa unha obriga e un acto de responsabilidade.

2. A UE merkeliana, a austerocracia da Troica e a xeopolítica neoatlantista

Unha vez máis, Alemaña emerxe como potencia hexemónica en Europa. Alemaña foi derrotada en 1945, pero a existencia da URSS e a necesidade de mercados obrigou aos EUA a reflotar a nación teutoa. A creación da RFA, o perdón da súa débeda externa e a conversión en buque insignia do “mundo libre”, unido aos capitais chegados co Plan Marshall, fixeron que a nación derrotada renacesse das súas cinsas. A caída do muro de Berlín, a liquidación da RDA e a chamada reunificación fixo de Alemaña un novo xigante económico e demográfico no corazón do continente. A creación do Mercado Común (posteriormente UE), a conversión do marco en euro como moeda dunha área que inclúe hoxe 18 estados, a especialización continental entre países acredores e debedores, a aposta por un modelo económico neomercantilista de suma cero dentro da eurozona —baseado nas exportacións e na depresión da demanda interna— converteron a Alemaña nun monstro temible e a toda a eurozona, incluído o contrapeso histórico francés, no seu *lebensraum* económico e político.

A capacidade demostrada polo goberno Merkel para impoñer a todo o sur de Europa a dura medicina da austeridade a través de tratados como o Pacto Fiscal, que impide de facto calquera política económica baseada no investimento público, é total. Máis se cabe cando a saída da depreciación monetaria que evitaría a depreciación social está, dende Maastricht, vetada para uns países que perderon toda caste de soberanía en materia de política monetaria, o cal se está a traducir, como a reforma do artigo 135 da Constitución española demostra, nunha perda da vella soberanía nacional que se lles presupuña aos estados-nación.

A utilización da crise para dar o golpe definitivo ás clases traballadoras do continente, desmantelando o que quedaba de Estado de benestar, de lexislación laboral, de dereitos sociais, etc., semella obvia. Este saqueo perpetrado polas dúas principais institucións da UE (o BCE e a Comisión Europea) en formación de troica co FMI está a converter os países do sur do continente en protectorados, terceiromundializados económica e socialmente, nos que o ultraliberalismo económico convive con democracias de baixísima intensidade e con Estados relegados, cada vez máis, a aparellos represores que manteñan á raia as súas agredidas poboacións.

Se a de progreso económico é a primeira das promesas históricas do proxecto europeo que hoxe fan auga, a segunda viría a dicir que a UE non só non evitou a guerra dentro de Europa (os Balcáns), senón que esta está de volta en Ucraína e en forma de matanza continuada na que só morren os dun bando; nos estreitos de Xibraltar e Lampedusa aboian os cadáveres africanos. A terceira promesa rota pola UE é a que dicía que esta construción faría de Europa un axente autónomo no plano xeopolítico. De novo, o papel subalterno aos EUA no caso ucraíno e o proxecto de Tratado de Libre Comercio con ese mesmo país desdín a existencia desa vontade de xogar un rol non sometido á potencia hexemónica mundial. O TTIP non debe entenderse como un acordo entre dous socios comerciais competidores, senón como un asalto ás sociedades europea e estadounidense por parte das corporacións transnacionais co obxectivo de abrir e desregular mercados a ambos os dous lados do Atlántico. O labor do TTIP é eliminar normativas nos dous lados do Atlántico para que as empresas poidan operar libremente. A súa principal finalidade é, como eles mesmos recoñeceron, eliminar as “barreiras” reguladoras que limitan os beneficios potenciais das corporacións transnacionais aos dous lados do Atlántico. Agora ben, estas “barreiras” son en realidade algunhas das nosas normativas máis prezadas en materia de dereitos sociais e medio ambiente, como os dereitos laborais, as normas de seguridade alimentaria (incluídas as restricións aos OGM), as regulacións sobre o uso de substancias químicas tóxicas, as leis de protección da privacidade en internet e mesmo as novas garantías no ámbito bancario introducidas para previr outra crise financeira como a de 2008. Noutras palabras, non podería haber máis en xogo.

Por último, a cuarta das promesas incumpridas da UE ten que ver coa democracia. Estados como o español, o portugués ou o grego, que acababan de saír de ditaduras fascistas, viron na integración no proxecto europeo unha vía de escape dun pasado negro. Tamén nacións sen estado como a nosa, viu dun xeito ou doutro, na idea de Europa, un modo de liberarse do xugo español. Porén, a realidade hoxe é que a UE se converteu nunha superestrutura sen control democrático, que vampiriza a substancia democrática que

1 aínda aniñe en calquera institución, que aboca as clases traballadoras europeas a unha competición á baixa
2 das súas condicións de vida e que espalla por toda parte a desregulación económica e a privatización e que
3 impide no seu seo a soberanía popular.

4 3.A crise e a conciencia das clases agredidas

5 No mundo e en Europa, a conciencia popular de que a crise non é o resultado dun proceso inevitable gaña
6 forza. Crece entre as clases populares a conciencia da necesidade dunha rebelión cívica imprescindible para
7 mudar as condicións materiais das vidas. Por primeira vez nas últimas décadas, advírtese con certa
8 claridade unha continuidade histórica nos procesos colectivos de emancipación. Sabemos ben que a
9 historia non terminou. A pulsión de liberdade do ser humano sempre se sobrepón aos tempos máis escuros
10 e acabará por sobrepoñerse ao capitalismo. Os tempos que vivimos son só unha parte do proceso de
11 superación da explotación do traballo, das multitudes, dos pobos e das nacións.

12 A hexemonía cultural do capitalismo nárranos os episodios da crise, que é económica, pero é tamén social e
13 cultural e política, ecolóxica, global, coma se cada un deles e por separado fose o resultado mecánico e
14 inevitable das nosas inxustificables arelas de vivir cada vez mellor. Daquela, preténdese que a economía
15 queda individualizada, illada e a salvo da política e moi lonxe da intervención e decisión dos cidadáns e das
16 cidadás.

17 A reestruturación capitalista, dacabalo da crise estrutural, é unha expresión aguda da loita de clases que
18 persegue a imposición dunha correlación de forzas radicalmente desfavorable ás clases asalariadas, ás
19 clases populares, e condena á gran maioría da sociedade a vivir en condicións de vida altamente
20 precarizadas, de crecente pobreza e exclusión extrema. A precariedade é só a espiña dorsal da orde
21 capitalista, expresión depredadora de vidas e de dignidade humana. Hai outras forzas que o manteñen vivo
22 e en movemento. A crecente dimensión coercitiva e violenta dos diversos aparellos do estado. Estamos
23 ante un poder ao mesmo tempo persuasivo e represivo. As superestruturas ideolóxicas, a hexemonía
24 cultural do capitalismo, é unha factoría de mansedume e subalternidade. O concepto de alienación segue a
25 ser central na necesidade de a esquerda analizar o que ocorre no seo da masa social que debe constituírse
26 en suxeito colectivo.

27 Na súa infinita obsesión acumulativa, o Capitalismo-Rei está determinado a arrastrar canda a súa podremia
28 dexenerativa a humanidade enteira, que, se desexa a supervivencia, deberá liberarse de tan pesada carga,
29 da súa presenza, e terá que obrigalo a que abdique nas multitudes. Ese é o programa político destes
30 tempos. Democracia. República.

31 Desmontar unha tras outra, minuciosamente, todas as conquistas da historia do movemento obreiro esixe
32 unha clausura material da democracia, desde os seus fundamentos radicais ata a mesma superficie formal.
33 A ofensiva terminal do capital contra o traballo apóiase nunha necesaria despolitización esmagadora da
34 vida e da política. O Estado do capital financeiro asume o control absoluto do goberno das cousas e das
35 persoas. Cancellase a mediación; o parlamentarismo xa non parece ser a forma de goberno que máis lle
36 cómpre ao desenvolvemento capitalista. Ábrese campo ao autoritarismo e as democracias de baixa
37 intensidade. En calquera caso, os parlamentos son despoixados de facultade lexislativa para todos aqueles
38 asuntos considerados de primeiro interese, que son principalmente os económicos. Canda eles os poderes
39 executivos asumen funcións de lexislación sobre importantes áreas de represión e coerción. O Estado Social
40 deu paso vagarosamente ao Estado coercitivo. A extensión das políticas neoliberais chama por unha orde
41 crecentemente autoritaria.

42 Mais a ofensiva do capital contra o traballo, que descoñece fronteiras, aínda que en certos territorios é
43 aínda máis crúa, comeza a ter resposta mesmo nun contexto de fragmentación e desorganización das
44 clases subalternas. A maioría social asume de maneira crecente conciencia de que o poder real habita máis
45 aló de hemiciclos, das teóricas cámaras de representación da soberanía popular. É o goberno dos consellos

1 de administración das grandes corporacións económicas, que non se rexe pola norma democrática de cada
2 persoa un voto, senón pola representación proporcional ao capital que se posúe.

3 Unha das súas expresións máis ruíns é a arquitectura institucional europea, achicada na súa dimensión
4 democrática e mesmo representativa, como expresión do imperio dunha Troica non elixida por pobo
5 ningún senón polo selecto e reducido club dos donos do mundo que se referencian como axentes dos
6 mercados e o capital financeiro. A UE da Troica é hoxe talvez a representación máis transparente de cal é o
7 modelo institucional e político dos grupos que representan os intereses do gran capital. A eles corresponde
8 a responsabilidade culpable do sufrimento. Mais a penuria das condicións materiais da cidadanía empeza
9 xa a revelarse non como algo inevitable, natural, senón como a consecuencia buscada dunha planificación
10 política, económica e social.

11 Do retruque dese discurso interpretativo dominante deriva, pois, unha crise de lexitimidade do réxime de
12 representación, que empeza a esixir xa en todos os ámbitos novas formas de institucionalización
13 democrática. Desde as organizacións políticas clásicas, ás que se lles esixe transparencia e apertura
14 democrática, aos representantes electos, que, aínda non tendo competencias reais para intervir nos
15 asuntos verdadeiramente importantes que afectan ás vidas das persoas, están obrigados a asumir uns
16 compromisos éticos e de formalidade democrática que ata hai pouco non estaban nas primeiras páxinas da
17 axenda política.

18 No mesmo sentido, é crecente a conciencia de que as actuacións dos representantes electos se producen
19 constantemente en planos diferentes aos das decisións populares. O voto revélase non como unha fórmula
20 de participación senón máis ben coma unha cédula de lexitimación universal para as organizacións políticas
21 do réxime, que actuarán segundo o que os seus órganos determinen e non conforme á delegación de poder
22 que a cidadanía deposite nelas. Mesmo legislar abertamente contra os intereses e os desexos dos propios
23 cidadáns que as votaron. Non nos representan é a consigna que marca a distancia maior entre gobernantes
24 e gobernados segundo os patróns da democracia formal.

25 A crise saca ao descuberto as interioridades do sistema e do réxime. Revela, por tanto, unha impugnación
26 radicalmente política dun réxime e un sistema que executan a expropiación da nosa capacidade de
27 decisión, ou sexa, do poder político da cidadanía do común. A impugnación expresa, pois, ademais doutras
28 moitas cuestións, unha reivindicación da política como propiedade común popular que non pode ser
29 expropiada nin alienada.

30 A contestación vén medrando desde Seattle. A resistencia e o disenso sinalan na axenda o nome dos
31 inimigos: OMC, FMI, Banco Mundial. Despois veu o 15M, as Marchas da Dignidade e moitas outras
32 manifestacións constantes de aberto antagonismo. Democracia é a reivindicación. Democracia absoluta,
33 oposta ao simulacro formal do parlamentarismo e os tecnogobernos.

34 4. A crise da Segunda Restauración Borbónica.

35 O réxime da II Restauración Borbónica está esgotado. As eleccións ao Parlamento Europeo do 25 de maio
36 supuxeron un salto cualitativo no apoio popular ás opcións políticas que, desde diferentes perspectivas,
37 participan da necesidade dunha creba democrática. A cidadanía esixe con maior determinación tomar a
38 palabra e facerse dona das súas decisións para mudar o estado das cousas. No Estado español, a crise de
39 representación e a crise do réxime acumúlanse e multiplican a demanda dun cambio radical. O réxime
40 borbónico sofre dunha profunda ausencia de lexitimidade democrática de orixe, pois é no ditador Francisco
41 Franco en quen recae a decisión de coroar Rei a Xoán Carlos I.

42 A ausencia de lexitimidade democrática foi remendada polo réxime mediante a manipulación de episodios
43 históricos co obxecto de converter a Coroa no actor fundamental da institucionalización das loitas polas
44 liberdades e a democracia. Tamén se esforzou na construción pública dun personaxe e un ámbito familiar

1 idealizados e mediaticamente protexidos. A Cultura da Transición deseñouse coma un tramado de
 2 consensos obrigados, a protección de institucións nas que se esteou o franquismo, como a Igrexa e o
 3 exército, a blindaxe da Casa Real ou o carácter unionista do Estado.

4 Mais o contexto, a crise e os seus efectos sociais, a crecente impugnación do réxime de representación e a
 5 creba do réxime de impiedade que acompañou á Coroa multiplicaron a carencia de lexitimidade
 6 democrática da monarquía española e do réxime da II Restauración Borbónica. A abdicación de Xoán Carlos
 7 I e a designación de Filipe VI como xefe do Estado sinala unha operación para recuperar o crédito da
 8 monarquía diante dunha cidadanía que expresa cada vez con maior rotundidade a súa preferencia por unha
 9 democracia republicana. A abdicación adornouse coa promesa dun monarca reformista á procura dunha
 10 nova relación coa cidadanía. O reformismo filipista é a solución de continuidade do Réxime da II
 11 Restauración. Os cidadáns na rúa esixindo decidir, e PP e PSOE furtando todo debate sobre a forma do
 12 Estado sinala outra volta a incapacidade democrática dun réxime que impide toda decisión cidadá sobre
 13 calquera aspecto substancial da súa natureza política, sexa sobre a reforma do artigo 135 da Constitución, a
 14 procura dunha fórmula de autogoberno soberano de Cataluña ou a xefatura do Estado.

15 5. Os partidos do Réxime e a Gran Coalición.

16 A salvagarda das condicións de alternancia governamental propia do bipartidismo anima a ilusión dos
 17 dirixentes do Partido Socialista: o desgaste do PP será o que devolva ao PSOE ao goberno do Estado. O
 18 Partido Popular confía, pola súa parte, en que un cambio de ciclo económico, coa melloría dos indicadores
 19 macroeconómicos e unha leve diminución do desemprego, lle permita recompoñer os seus apoios
 20 electorais e referendar outra volta a posición ultradominante que acadou nas eleccións municipais,
 21 autonómicas e xerais de 2011, e atesourar máis centros de decisión política que ningún outro partido desde
 22 o inicio da transición. Con todo, tras as europeas do 25-M, todas as sondaxes seguen a rexistrar unha forte
 23 erosión de apoios electorais das dúas forzas fundamentais do réxime. Devalo continuado no caso dos
 24 conservadores, caída libre no do PSOE.

25 O peche de filas ao redor da Casa Real e o novo Rei, o combate do independentismo e a negativa frontal a
 26 que se celebre o referendo catalán e mais o mantemento do teito de gasto e a priorización do pagamento
 27 da débeda imposta polo reformado artigo 135 da Constitución sinalan consensos básicos das forzas
 28 bipartidistas e sentan as bases dunha Gran Coalición difusa ao servizo da hexemonía conservadora e de
 29 políticas de reforma mínima para renovar o Réxime. A acomodación social liberal do PSOE ofrecerá unha
 30 oposición moderada ás políticas de austeridade do Partido Popular. Compracido no seu papel de partido
 31 complementario do PP, o PSOE está incapacitado para ser alternativa. Xordo ás demandas democráticas
 32 nacidas do 15-M e incapaz de achegar un programa económico diferenciado do dos conservadores, o PSOE
 33 quere resolver a súa carencia de proxecto de transformación cun cambio ornamental de cartel electoral e
 34 cre que encontrou en Pedro Sánchez o Matteo Renzi necesario para encamiñar a súa resurrección electoral.

35 6. A creba do Estado da autonomía. Cataluña cara á independencia.

36 A crise do réxime verifícase igualmente no devalo de apoios electorais das forzas do bipartidismo e no
 37 esgotamento do Estado das autonomía como instrumento de contención da soberanía das nacións do
 38 Estado. O encoro da iniciativa do lehendakari Ibarretxe para acadar un novo estatuto soberano para o
 39 Euskadi en 2005 e a sentenza do Tribunal Constitucional sobre o Estatut de Cataluña en 2010 certificaron a
 40 imposibilidade de redeseñar en clave confederal e plurinacional a ordenación política do Estado español
 41 como unha extensión da Constitución de 1978 e do Estado das autonomía.

42 A sentenza do TC sinalou a fronteira máxima para o exercicio do autogoberno nacional de Cataluña, Galiza
 43 e Euskadi, e, ao mesmo tempo, deu alento a un feroz proceso de recentralización que mingua as

1 capacidades dos gobernos autonómicos e municipais en beneficio da autoridade central do Estado. Os
 2 esforzos do Partido Popular por deseñar un Estado de nova planta centralista, con todo, non deron
 3 impedido que o dereito a decidir ocupase o primeiro plano da axenda política en Cataluña, onde as forzas
 4 favorables ao exercicio de autodeterminación dispoñen dunha ampla maioría no *Parlament* e dun
 5 estendido apoio entre o máis dinámico da sociedade civil catalá.

6 A realización ou bloqueo do referendo do 9-N porá a proba non só o arrastre social e a fortaleza da alianza
 7 entre as forzas partidarias do dereito a decidir, senón tamén a solidez dun movemento de desobediencia
 8 civil capaz de abrir un proceso constituínte de seu en Cataluña. O encaixe dunha Cataluña autodeterminada
 9 na Unión Europea estará en gran medida determinado polo resultado do referendo de autodeterminación
 10 escocés, pero pode darse por descontado que, independentemente da celebración ou non do referendo ou
 11 do seu resultado, está afianzado un proceso de cambio en Cataluña que obriga a redeseñar o marco da súa
 12 relación co Estado con maior ou menor grao de radicalidade, desde a independencia plena, a creación dun
 13 Estado Libre Asociado, confederalmente ou mediante o desenvolvemento do autogoberno actual reforzado
 14 nas competencias exclusivas e esteado nun concerto económico. A única alternativa non practicable en
 15 condicións democráticas é o unionismo ou o entalamento do autogoberno catalán no marco do Estatuto
 16 fanado pola sentenza do Tribunal Constitucional.

17 A realización da consulta como catalizadora dun proceso constituínte en Cataluña non só suma o
 18 rexeitamento dos partidos do réxime, multiplica ademais os receos no seo do nacionalismo conservador
 19 que artellou o seu dominio a través de CiU e que se expresan de modo máis acusado en Unió. Decidir se
 20 Cataluña debe ser independente e ter Estado de seu abre un espazo cidadán soberano para decidir
 21 igualmente a ruptura coas políticas ultraliberais de recortes de dereitos sociais e mercantilización de
 22 servizos e bens comúns que lidera CiU cunha belixerancia non menor ca a que anima as contrarreformas do
 23 Goberno central do Partido Popular.

24 A apertura do proceso constituínte en Cataluña non so activará a ruptura democrática no conxunto do
 25 Estado, senón que poderá favorecer o enfrontamento de vez as políticas austerocráticas dominantes.

26 7. O dereito a decidir como emenda de totalidade ao Réxime.

27 O rexeitamento do Réxime exprésase de maneira sinxela: queremos decidir. O dereito a decidir sitúase así
 28 en primeiro termo das esixencias, un dereito a decidir polisémico e profundo no nacional e no democrático.
 29 Alude ás formas de representación, para evidenciar a súa distancia e a necesidade de novas formas
 30 democráticas; alude tamén ao aspecto institucional; fai referencia a todos os aspectos da vida material, e
 31 ao mesmo tempo recoñece implícita e explicitamente a existencia dun suxeito nacional, un pobo que se
 32 constitúe como tal e asume soberanamente a absoluta capacidade de decisión sobre todas as dimensións
 33 do común. Tamén, por suposto, nas formas de organización nacional e territorial.

34 A esixencia do dereito a decidir dálle vixencia á reivindicación clásica do nacionalismo. Lévaa uns graos máis
 35 alá. Temos dereito a decidir non só por mor de actualizar dereitos históricos, que virían dados sen que
 36 ninguén os conquistase, senón porque asumimos a responsabilidade total sobre aquilo que afecte ás nosas
 37 vidas. E o dereito colectivo a decidir sobre todas as cousas non admite ningún límite. A cuestión nacional
 38 encontra aí a súa expresión máis viva. A emancipación está ligada á nosa constitución como pobo, como
 39 suxeito colectivo que asume unha capacidade de decisión sen límites.

40 Desta maneira, o dereito absoluto a decidir é a expresión material da democracia radical ou absoluta de
 41 igual xeito que o dereito a decidir dun pobo constituído en nación cristaliza no exercicio efectivo da súa
 42 autodeterminación. Ambas as expresións son as dúas faces indivisibles do mesmo dereito que os cidadáns
 43 e cidadás teiman en conquistar. Os dereitos non se piden, conquístanse e exércense.

1 A dimensión nacional do dereito a decidir xa non pode ser razón exclusiva do nacionalismo; é parte
2 irrenunciable do programa radical democrático da esquerda rupturista. É no seo da esquerda anticapitalista
3 de ruptura no que se produce, máis alá da adscrición ou non ao campo nacionalista, a reconfiguración
4 efectiva dun programa político baseado no universal dereito a decidir entendido como conquista global
5 para todas as dimensións colectivas da vida. No plano nacional e no social, en igualdade de condicións.
6 Dereito a decidir é autodeterminación e democracia absoluta. Ou, dito doutra maneira, dereito a decidir é a
7 expresión da conquista de Autodeterminación e República.

8 **8. A institucionalización da autonomía residual en Galiza.**

9 O primeiro mandato de Núñez Feijóo tivo como norte demoler os avances experimentados no autogoberno
10 galego desde 1981. O seu segundo mandato ten como obxectivo a demolición da idea mesma de
11 autogoberno. A marca do fraguismo foi a infrautilización das posibilidades do autogoberno; a consecuencia
12 do goberno inexistente de Núñez Feijóo é o desbaldo das máis mínimas posibilidades que ofrece o marco
13 competencial da Autonomía galega para o desenvolvemento de políticas públicas, das potencialidades
14 produtivas de Galiza, a extensión de servizos educativos, sanitarios e sociais ou a normalización da nosa
15 lingua e cultura.

16 A consecuencia das maiorías parlamentarias do Partido Popular é a renuncia á condición de goberno da
17 Xunta e a súa aceptación como simple administración subsidiaria e resignada das políticas de austeridade e
18 desmantelamento do público, a institucionalización da utilidade residual do autogoberno. O réxime da
19 Autonomía xestionado polo Partido Popular proscribe a democracia, afianza a desigualdade de
20 oportunidades, cancela dereitos sociais e liberdades individuais e colectivas, contribúe coa súa inacción ao
21 desafuzamento da economía nacional, promove o ecocidio e estimula o desprezo da lingua e da cultura do
22 país.

23 Unha terceira maioría parlamentaria de Núñez Feijóo certificaría o triunfo definitivo de Atila en Galiza. A
24 construción dunha maioría social e política para derrotar o Partido Popular é obxectivo prioritario de
25 Anova. A emerxencia da vaga soberanista en Cataluña viuse impulsada polo teito imposto polo Tribunal
26 Constitucional ao seu autogoberno nacional. En Galiza, a resposta soberanista enfróntase á
27 institucionalización dun réxime de autonomía residual que leva a cabo a dereita gobernante. A preservación
28 da condición de Galiza como nación pasa pola derrota do Partido Popular. O proceso de ruptura
29 democrática en Galiza ten que comezar coa derrota da dereita do réxime e o seu desaloxo da Xunta de
30 Galiza e, antes, dos principais concellos do país.

31 **9. A República Galega como horizonte de ruptura e realización dunha democracia plena.**

32 A política de ruptura democrática en Galiza implica a creación de condicións de ruptura democrática no
33 Estado español e en Europa, escenarios de loita social e política estreitamente relacionados. Alén das nosas
34 posicións políticas, da nosa defensa do dereito de autodeterminación, da nosa condición de mulleres e
35 homes que dunha ou doutra maneira facemos parte dunha tradición política ligada ao galeguismo, ao
36 nacionalismo e ao independentismo, temos a obriga de participar en calquera deses ámbitos e de atender a
37 todos eles. Desa maneira, o noso proxecto estratéxico, que é independentista, non pode ser alleo aos
38 espazos e ás realidades que nos condicionan.

39 O feito de que a totalidade da esquerda do Estado español asuma un programa republicano e federal como
40 saída de ruptura democrática do actual réxime modifica o escenario político no que nos movemos tamén as
41 nacións subalternas e as forzas políticas emancipatorias que operamos nelas. Porque fai posibles alianzas
42 que no primeiro posfranquismo non se puideron soste. Prodúcese, pois, a perspectiva nada utópica dunha
43 alteración na correlación de forzas entre os sectores rupturistas e os que apostan pola continuidade do

1 réxime. Esa perspectiva ten tamén consecuencias nacionais. Porque unha reconfiguración do Estado en
2 sentido federal, nun proceso de ruptura democrática, colocará a Galiza nun primeiro plano que a
3 correlación interna de forzas talvez non favorece aínda. E porque esa ruptura democrática do réxime non
4 será posible se non parte do recoñecemento do dereito a decidir dos diversos pobos. Entre eles, por
5 suposto, o galego. A partir de aí, calquera proceso de ruptura que se dea non poderá sernos alleo. Como
6 non pode sernos allea a reivindicación popular dun referendo sobre a forma de Estado. Nada do relativo á
7 democracia republicana nos é allea.

8 As perspectivas de creba que se abren serán defraudadas se todas as forzas populares e de esquerda do
9 Estado español, nacionalistas, soberanistas, independentistas e federalistas non somos capaces de erguer
10 para os próximos procesos electorais, nomeadamente as eleccións xerais, unha Fronte Democrática e
11 Popular que inaugure un novo proceso constituínte democrático e republicano.

12 Galiza non é allea a esta situación, tampouco Anova pode selo. Primeiro, porque a forma de estado, que
13 por primeira vez fai parte do debate cidadán e se converte nunha reivindicación popular na rúa,
14 espontánea, afecta á nosa capacidade colectiva para gobernarnos; segundo, porque ningún demócrata
15 pode ser alleo, neutral, non tomar partido en conxunturas históricas en que se formula un enfrontamento
16 entre monarquía e república. Non o foi o galeguismo clásico, abertamente republicano, nin o pode ser o
17 patriotismo republicano de esquerda actual. Queiramos ou non, o réxime inclúenos, e por tanto estamos
18 obrigados a mergullarnos no debate e nas fórmulas posibles de saída deste cara a territorios democráticos.

19 Nese sentido, o dereito a decidir, que é a esixencia popular que se expresou nas rúas e mesmo en moitas
20 institucións desde o mesmo día en que se anunciou a abdicación de Xoán Carlos I, é a expresión simple dun
21 programa político profundamente revolucionario. En Galiza podemos expresar esa determinación de
22 conquistarmos o dereito a decidir en dúas esixencias: Autodeterminación e República. Autodeterminación,
23 como dereito a decidir como pobo os nosos pasos. República como expresión de democracia radical,
24 democracia absoluta, e dun novo modelo socioeconómico, cuxa necesidade, non o perdamos de vista, está
25 na orixe da reivindicación popular e da impugnación do sistema e do réxime.

26 Autodeterminación, República, Democracia, Igualdade, Referendo... son formas lingüísticas que explicitan
27 un proxecto de transformación radicalmente democrático. Empregalas é desvelar con sinxeleza as fórmulas
28 do proxecto e, ao mesmo tempo, o totalitarismo "liberal" do réxime, que nin sequera acepta o seu simple
29 enunciado. Ningunha delas é admitida no dicionario do réxime, que unicamente é quen de conxugar unha
30 cidadanía abaixada e submisa.

31 Loxicamente, a saída de Galiza do réxime chámase República. República Galega. República como proxecto
32 colectivo, pero cunha evidente dimensión material en actualización, pois a República Galega é un proceso
33 en marcha, que existe xa, e somos os cidadáns conscientes os que estamos a construíla. Aos ritmos que nos
34 permite a realidade e as condicións de madurez colectiva do suxeito que protagoniza esa construción,
35 todos eles moito máis vagarosos do que desexariamos. Pero tamén somos conscientes de que nos
36 movemos e actuamos nun tempo histórico que esgaza en cada intervención colectiva, que en cada
37 momento parece crebar. E esa conciencia colectiva, que ten que crecer ata facerse hexemónica, esíxenos
38 intervención non adiable alá en cada punto en que advertimos que, ou ben se producen as zonas máis
39 febles do imperio, do sistema, do réxime, ou ben nos é dado que un proceso de acumulación de forzas faga
40 máis potente o suxeito antagonista.

41 Por iso entendemos que a República Galega é moito máis ca un horizonte que sempre permanece ao lonxe,
42 moi ao lonxe, estático, unha especie de escusa para esquivar as necesidades de intervención en todo
43 tempo presente. A República Galega como horizonte non pode nin servirnos de xustificante para non luxar
44 as mans no presente esperando o seu advento nin pode tampouco constituírse en ideal inalcanzable.

45 A República Galega é a cristalización do proxecto político estratéxico de Anova. Pero esta pode presentarse
46 de moi diversas formas, dependerá principalmente dos suxeitos colectivos que a fagan posible.
47 Obviamente, un proceso constituínte no Estado español que dea lugar a un posible pacto entre iguais baixo

1 a fórmula dunha República Federal, como a que Castelao defendeu ata o final dos seus días, esixirá un
 2 suxeito galego constituído previamente en República que adopta a decisión (ou non) de participar dese
 3 pacto federal. Por esa razón, o proceso de ruptura democrática e un novo proceso constituínte no Estado
 4 español non serán posibles sen ese recoñecemento previo dos suxeitos nacionais que o réxime da
 5 restauración non recoñece.

6 A actual perspectiva dunha creba democrática implica a necesidade de que este proceso e o novo poder
 7 constituínte camiñen sobre eses dous pés: soberanía popular, de abaixo a arriba, e os pobos do Estado
 8 español como suxeitos constituíntes. Porque a posibilidade dun Estado federal só cristaliza mediante a libre
 9 decisión dos pobos que se confederan. Un estado federal implicará necesariamente unha decisión
 10 autónoma da República Galega,e, por tanto, tamén un acto de autodeterminación, un momento
 11 constituínte de independencia.

12 **10. A rebelión cívica como momento constituínte e a creba democrática como insubmisión colectiva.**

13 A creba democrática esixe rebelión cívica. Ambas advirten a conformación dunha cidadanía republicana
 14 constituínte disposta a premer na zona feble do sistema e do réxime para lles dar a volta ás relacións de
 15 poder, para clausurar a pirámide social, inaugurar unha nova institucionalidade republicana e un novo
 16 modelo económico e social baseado en diferentes relacións de produción. Se a institución e as
 17 superestruturas responden á base material da sociedade, cómpre mudar esas condicións materiais para
 18 que as transformacións institucionais sexan efectivas. Cómpre falar de novas formas institucionais, das
 19 formas da democracia absoluta, que son as do goberno da inmensa maioría, do 99% da poboación, das
 20 clases subalternas. O proceso, por suposto, non é inmediato, por moi revolucionario que sexa.

21 As vellas institucións son insuficientes para conter e canalizar a potencia de cambio político da multitude
 22 indignada que buscan novas formas de participación. A crítica da institucionalidade do réxime implica un
 23 desexo e unha necesidade de destitución que é previa ao novo poder constituínte. Este non é máis ca a
 24 organización da potencia social acumulada a partir de múltiples forzas previamente fragmentadas e a
 25 experimentación social de novos espazos de empoderamento cidadán.

26 A creba democrática é a consecuencia do proceso de destitución que a rebelión cívica organiza. É unha
 27 insubmisión colectiva que alude abertamente á democracia. Á democracia radical, absoluta, ao control
 28 cidadán sobre todos os asuntos. O novo poder constituínte arrinca na determinación dunha nova
 29 organización social baseada en tres principios centrais que Anova fai propios: autodeterminación,
 30 democracia radical e un novo modelo económico e social. Tres elementos clave que non poden ser
 31 separados, que se resumiron historicamente nun termo clásico: o socialismo. E nun modelo de convivencia:
 32 a República.

33 **11. A cidadanía republicana constituínte**

34 Rebelión cívica e creba democrática non son momentos, acontecementos puntuais, senón procesos
 35 protagonizados por un suxeito colectivo. Non son o resultado mecánico do inevitable. Precisan de
 36 conciencia e vontade colectivas e dun proxecto de emancipación global. Ese suxeito colectivo é plural e
 37 diverso, por iso devén en moi boa medida un suxeito irrepresentable nos termos da vella política. Porque
 38 xa non é posible reduci-lo a unha uniformidade, non é posible individualizalo como fixo a burguesía co pobo,
 39 de cuxos intereses se proclamou intérprete única. Este suxeito múltiple, diverso, procura novas formas de
 40 representación, participación política e toma de decisión. Na súa tradición e na súa cultura, mesmo nas
 41 súas relacións de produción, ese suxeito é plural e diverso. Está en construción, é o resultado do encontro
 42 de identidades e tradicións múltiples, de experiencias sociais e culturais diversas.

1 Vivimos un momento histórico que cabalga entre a necesidade e o desexo destituíntes e a emerxencia
2 dunha nova cidadanía republicana constituínte. O proceso de contrapoder e contrahexemonía convidanos
3 a converternos en novo poder constituínte, vai máis alá, moito máis alá, das organizacións realmente
4 existentes. Das organizacións políticas, que levan décadas amosándose ineficaces para calquera
5 transformación real, e tamén das sociais e das sindicais. Cumprirán, pois, novas formas organizativas que se
6 traduzan en novas formas de participación, socialización do poder e empoderamento cidadán.

7 12. A fin do proceso constituínte de Anova.

8 Anova é a organización plural que incorpora as diferentes culturas e tradicións da esquerda clásica, as novas
9 contribucións á loita política e social e todas as identidades forxadas na rica experiencia das loitas de
10 emancipación sectoriais. Anova é plural, diversa e inclusiva. Anova recoñécese na tradición política e
11 cultural dunha esquerda inclusiva na que teñen cabida as clásicas culturas da esquerda e tamén as lecturas
12 realizadas á luz do ecoloxismo, o feminismo, o anticonsumismo e o antiautoritarismo.

13 Anova incorpora tamén unha pluralidade de culturas e tradicións nacionalistas. O noso nacionalismo non é
14 esencialista, está sometido a un suxeito colectivo con dereito a decidir: o Pobo Galego, conformado por
15 todos e cada un dos individuos das clases subalternas. A nación e a identidade son construcións colectivas
16 dinámicas. Non acreditamos nunha nación e unha identidade inmutables, superiores, independentes ao
17 pobo que as constrúe, á marxe da vontade e da acción colectivas.

18 Anova ten vontade de ser actor central no proceso histórico que vivimos. Talvez porque Anova non é un
19 organismo fósil. Todo o contrario. Anova é un ser vivo en constante movemento e transformación. Un
20 organismo en mutación permanente sempre que sexa necesario. Anova non é unha imaxe fixada nuns
21 textos escriturarios cuxa interpretación lle corresponde a un grupo de sabios e de cuxas páxinas non pode
22 escapar. É todo o contrario. É o resultado dun constante camiñar preguntando e preguntándose, ás
23 atoutiñadas ou sobre seguro, depende das circunstancias. Anova é unha organización política, pero non
24 segundo ningún modelo ensaiado con fracaso, senón un espazo organizativo flexible e aberto. Esquiva a
25 rixidez das vellas organizacións de cadros porque naceu para ser instrumento das clases populares. Non
26 quen as represente nin as guíe, senón apenas a súa ferramenta.

27 Anova explora a construción dun partido movemento, que é se cadra a fórmula máis adecuada para ser
28 instrumento eficaz. Un partido movemento por mor da determinación de manter cos movementos sociais
29 unha relación igualitaria, de acompañamento e nunca de utilización, pero principalmente por comprender
30 que a realidade política e social ten expresións moito máis ricas alén das frías paredes das institucións.
31 Anova considera que a organización da maioría social ten que se impoñer como tarefa a construción dun
32 espazo social propio, unha malla de relacións comunitarias que enchan os espazos que o Estado abandona,
33 que constrúan unha rede de institucións alternativas para disputar hexemonía e construír contrapoder.

34 O partido movemento non alude ao funcionamento interno da organización nin imita os modos dalgúns
35 movementos sociais; a súa acción política consiste en tecer redes de relacións no seo dos sectores sociais
36 agredidos. A esa tarefa, que é complementaria e compatible coa construción da Fronte Ampla como
37 expresión máis política e mesmo institucional, Anova dedicará boa parte dos seus esforzos e dos recursos
38 que a súa participación nas institucións lle xera. Zonas, espazos e mecanismos de protección e de
39 socialización de persoas excluídas; fórmulas de actividades económicas baseadas en relacións de produción
40 non sometidas á venda da forza de traballo e alleas ao traballo asalariado e ao mercado; redes de
41 construción dunha contrahexemonía cultural e de medios para a produción simbólica e cultural; novas
42 institucións normalizadoras de base que leven a cabo o que os gobernos non acometen, etc. Todas estas
43 son apenas unhas poucas iniciativas que nos permitirán albiscar o movemento social radical que a
44 organización política Anova asume como parte do seu proxecto estratéxico. É a determinación colectiva
45 dunha organización política enfrontada ao sistema, o proxecto de construír, xa e agora, os mecanismos
46 institucionais, culturais e sociais que alumarán a República Galega.

1 Para que a tarefa se inicie, Anova terá que superar a súa fase xerminal e a sensación de precariedade
 2 organizativa. Non as contradicións internas nin o debate táctico, político, ideolóxico, que permanecerán por
 3 sempre, pois Anova asume que a pluralidade e a diversidade internas son unha imaxe da sociedade á que
 4 se aspira. Por iso Anova aborrece a uniformidade e exalta e propicia o pluralismo, a diversidade, a liberdade
 5 de opinión, a confrontación de ideas e posicións e as canles precisas para expresar toda esa diversidade.
 6 Anova ten tamén unha responsabilidade social, funciona en certa medida como referencia porque ofrece
 7 un proxecto político e organizativo diferente.

8 Unha das virtudes de Anova é a capacidade para xerar discurso alternativo e de ruptura. Por iso, o seu lugar
 9 está na esquerda e nos exteriores do sistema e do réxime. Con maior ou menor acerto, todos os pasos de
 10 Anova conflúen na preocupación por elaborar discurso alternativo e unha práctica radical que dean orixe a
 11 unha contrahexemonía rupturista. Por iso Anova ten a capacidade de actuar como catalizador de
 12 confluencias políticas de espazos e culturas que antes non tiñan contacto ou mesmo competían
 13 politicamente. Anova comprende que esquerda e competición por espazos políticos son termos
 14 contraditorios, que socialismo e esquerda son sinónimos de colaboración, de acumulación de forzas, de
 15 ocupación de amplos espazos sociais, de expansión. Anova non aspira á marxinalidade senón a compartir
 16 razóns coa cidadanía do común e a construílas canda a multitude. En Galiza e fóra de Galiza. Iso debe
 17 acompañalo coa determinación de se constituír coma un exemplo de organización para un novo tempo.
 18 Anova non ten vontade de ser organización de transición nin marca electoral.

19 A flexibilidade e desapego con que Anova se observa a si mesma é outro factor máis de confianza. Porque a
 20 militancia comprende que non se pode facer fetichismo da organización, que a organización é apenas un
 21 instrumento e que, como todo instrumento, é susceptible de modificacións e cambios se son precisos para
 22 que traballe con eficacia. Esa teima en poñer o cerebro colectivo na maioría social agredida e non na propia
 23 organización fai de Anova, pese a todas as contradicións, ou tamén grazas a elas, un proxecto
 24 imprescindible. E máis, se cabe, na medida en que se mergulle nas mareas sociais e políticas que nos
 25 conduzan a territorios de unidade, de fronteiras derrubadas, de práctica republicana e democrática. Nun
 26 suxeito social que é a maioría inmensa, o 99%, e non nas marxés sempre insuficientes da propia
 27 organización, sen poñer por diante os intereses de autorreproducción.

28 Anova é o resultado dun proceso de creación dun novo suxeito político. O material de construción é moi
 29 diverso. Así será sempre, porque esa é a condición orixinaria da organización. Mulleres e homes
 30 provenientes das diversas culturas e tradicións da esquerda xunto a persoas que se incorporan sen
 31 militancia previa e compañeiras e compañeiros que achegan así mesmo novas visións e experiencias de
 32 loita social e política. Son múltiples as identidades que conflúen para darlle vida a Anova. Non se trata de
 33 acumulalas e superpoñelas todas, non se trata tampouco de anulalas, pois todas seguen a ser respectables
 34 e enriquecedoras. Trátase de depositalas nun fondo común para orixinar unha identidade nova.

35 13. Anova e a Fronte Ampla.

36 Os procesos constituíntes conflúen en diversos planos e nos múltiples territorios políticos: en Galiza, no
 37 Estado español e en Europa. E neles se insire a necesidade de construción da Fronte Ampla para a Unidade
 38 Popular. Autodeterminación e República; ruptura democrática e novo proceso constituínte co
 39 recoñecemento dos pobos galego, vasco e catalán (como mínimo) como suxeitos soberanos, e a
 40 Internacional do Traballo e dos pobos, ou sexa, dos excluídos e excluídas, que revire o poder da Troica.

41 Mais a Fronte Ampla non é apenas unha acumulación de siglas, sexan políticas, sociais ou sindicais. As siglas
 42 teñen que estar, porque ao seu redor se move a cidadanía máis activa e participativa, e así achegan
 43 capacidade organizativa, o traballo e a disciplina imprescindibles para a desobediencia e ruptura. Pero a
 44 Fronte Ampla ten que desbordar a experiencia partidaria. Non pode ser unha simple e estática suma de
 45 siglas. A Fronte Ampla é un proceso de unidade que desborda as siglas e busca tamén novos espazos de
 46 construción común.

1 A Fronte Ampla debe ser ferramenta ao servizo do suxeito social de cambio. Non é dirección das masas, é a
 2 ferramenta das masas. Non queremos as masas para que desfilen ordenadas e disciplinadas fronte aos
 3 dirixentes das organizacións e os admiren; as masas, a cidadanía en loita, son o corpo en que as
 4 organizacións se dilúen para que empece a funcionar o seu cerebro e os músculos colectivos.

5 A Fronte Ampla é un proceso que avanza sobre terreo conquistado. Todos os pasos dados son fases de
 6 acumulación de forzas. Carece de sentido pensar nunha Fronte Ampla como simple coalición electoral e por
 7 tanto momentos temporais de confluencia de intereses. A Fronte Ampla é moito máis, e obrigatoriamente
 8 cobre tamén os espazos non electorais. Outramente, habería fraude coa cidadanía organizada, non tería
 9 sentido que en cada proceso electoral se desandase o camiño percorrido, coas súas experiencias negativas
 10 e positivas das que cómpre sempre aprender, e se reiniciasen procesos diferentes que partisen de cero.
 11 Sería malgastar inutilmente a experiencia acumulada e o terreo conquistado. A acumulación de forzas
 12 posúe obxectivos e, coas correccións necesarias e convenientes, camiña sempre nunha dirección. Se non
 13 fose así, a cidadanía percibiría que o núcleo da acción política é cada proceso electoral, ou sexa, que a
 14 organización política é exclusivamente unha maquinaria electoral, con toda a desmobilización que esa
 15 visión da política implica, e que a confluencia, a unidade, o encontro é soamente conxuntural e só se mide
 16 en termos de beneficio da organización. A teoría dos dous mundos, que diferenza a representantes e
 17 representados/as, devén, neste sentido, realidade. Serían preponderantes os intereses inmediatos de cada
 18 organización e dos seus grupos dirixentes, moi por riba dos da maioría social en proceso de organizarse.

19 A Fronte Ampla é táctica, en principio, na medida en que non é perpetua e está sometida a cambios
 20 constantes, pero ao mesmo tempo devén necesariamente instrumento dun proxecto estratéxico, é unha
 21 continuidade histórica que se vai conformando desde suxeitos organizativos políticos e sociais e aspira a
 22 incorporar cidadanía do común nun plano de igualdade.

23 Así sucederá con toda probabilidade nas próximas eleccións municipais, nas que Anova desexa participar
 24 xunto a outros suxeitos individuais e colectivos nun proceso de configuración de candidaturas populares. A
 25 función de Anova como organización política na configuración desas candidaturas e no desenvolvemento
 26 do proceso electoral consistirá en achegar a súa bagaxe militante, as súas posicións ideolóxicas e políticas,
 27 as capacidades analíticas e propositivas do seu cerebro colectivo e, sobre todo, unha participación en pé de
 28 igualdade canda outros suxeitos na configuración dunha alternativa real a todo o que representa o
 29 bipartidismo. Esas candidaturas populares ás que se engadirá Anova con todo o seu compromiso están
 30 chamadas a ser unha expresión do poder popular que arrinca nos ámbitos institucionais de maior
 31 proximidade, como son os concellos, afianzando unha política de rendición de contas, garantindo o control
 32 e a iniciativa cidadá e establecendo mecanismos revogatorios dos representantes públicos.

33 A conformación de candidaturas populares para as eleccións municipais é un chanzo básico na articulación
 34 dunha Fronte Democrática e Popular para a creba democrática e novos procesos constituíntes. O horizonte
 35 está nas próximas eleccións xerais. Nelas se albisca se cadra o futuro do réxime; a creba e o proceso
 36 constituínte serán posibles na medida en que a esquerda social e política do estado español sexa capaz de
 37 trasladar unitariamente ás institucións un programa de ruptura no social que parta do recoñecemento dos
 38 pobos galego, catalán e vasco e do seu dereito a decidir. Esa Fronte Democrática e Popular ten que ser
 39 expansiva, non excluínte, e acoller a todas aquelas organizacións sociais e políticas que concorden nun
 40 programa de mínimos: Autodeterminación, República, Democracia radical e outro modelo social e
 41 económico. E tamén a cidadás e cidadáns do común sen adscrición organizativa.

42 14. Anova nos procesos electorais

43 Se a Fronte Ampla é un proceso sen límite, necesariamente Anova é unha organización que vai moito máis
 44 alá dos episodios marcados no calendario como citas electorais. Someter unha organización de esquerda á
 45 tiranía das citas electorais é o mesmo que desposuíla da súa función de instrumento de transformación
 46 social. Iso non quere dicir que se renuncie aos procesos electorais. En absoluto. Porque, a pesar da crise do

1 simulacro de representación, un importante contingente de cidadáns e cidadás seguen aínda manifestando
 2 co seu voto certa esperanza de que se produzan cambios nas súas condicións de vida.

3 Os procesos electorais e as institucións poden funcionar como caixas de resonancia nunha sociedade en
 4 que a comunicación de masas e a produción simbólica seguen mediando entre o espectáculo institucional e
 5 a realidade material. Esa mediación é consubstancial ao simulacro da representación, por iso tende a ser
 6 contestada crecentemente por medios alternativos. Unha nova concepción da política, que inclúe a
 7 reivindicación de democracia e república, esixe o abandono da mediación. Da mesma maneira que o
 8 cidadán consciente decide opoñerse á expropiación da política, tamén se opón á modelación da realidade
 9 que fan os medios clásicos. As multitudes son refractarias á mediación, desexan tomar os asuntos do
 10 común nas súas propias mans. Se callar, esa é a razón pola cal os procesos electorais xa non só son
 11 importantes na medida en que permiten o acceso ás institucións e por tanto ao escenario do espectáculo e
 12 á comunicación co público, tamén o son por se constituíren en momentos de socialización de discurso
 13 alternativo, de contrahexemonía, de contacto directo coas organizacións, de rebeldía e de resistencia. Nos
 14 procesos electorais, se se actúa con determinación e afouteza, todo o agochado sae á superficie. Así nolo
 15 demostrou dunha maneira moi patente a experiencia de AGE.

16 **15. Convergencia e Unidade Popular para un novo proceso constituínte.**

17 Talvez cando se alude á unidade hai certa chamada da competencia; o mercado electoral, parte esencial do
 18 simulacro da representación, impón as súas normas e tamén a súa terminoloxía. A unidade preséntase
 19 coma unha especie de apelo á conclusión, un fin en si mesma. E isto opera igual no ámbito da esquerda
 20 como no do nacionalismo. A unidade, nesas condicións, pasa a ser un significativo fetiche sen apenas
 21 contido. Mais a unidade como fetiche comercial só producirá unha nova mercadoría, e nós estamos aquí
 22 precisamente determinados a todo o contrario. Porque aborrecemos o fetichismo da mercadoría, coidamos
 23 necesaria unha superación da competencia e do mercado e sabemos que non hai lugar para as clases
 24 populares no simulacro de representación. Vamos un paso máis alá. Reclamemos e construímos unidade
 25 nun sentido máis profundo.

26 A lóxica da fragmentación caracteriza esta fase do capitalismo e fai posible a reestruturación chamada
 27 crise. Sen tal fragmentación do suxeito proletario non sería posible que un ataque tan violento conquistase
 28 tanto tan veloz e doadamente. En pouco tempo fomos perdendo todo o que o movemento obreiro
 29 conquistou durante décadas de longas e consistentes loitas. Certos dereitos colectivos mantéñense
 30 formalmente, pero hai tempo que desapareceron da vida real das persoas e dos grupos sociais.

31 Para combater esta lóxica da fragmentación, a unidade é indispensable. Unidade dun suxeito colectivo, a
 32 partir de toda a súa pluralidade e diversidade: o suxeito que configuran todas as persoas que, dunha ou
 33 doutra maneira, non importa a modalidade concreta, estamos obrigadas a vender a nosa forza de traballo
 34 para sobrevivir. A unidade non é a suma de estruturas partidarias, senón un complexo proceso social de
 35 reconstrución dun suxeito colectivo emancipador (chamémoslle proletariado, pobo, multitude, cidadanía
 36 do común, clases populares, clases subalternas...) que arrinca no (re)coñecemento mutuo dos diferentes
 37 suxeitos fragmentados e no rexeitamento da lóxica da fragmentación.

38 Ese proceso de unidade incorporará reivindicacións e identidades sectoriais e particulares. As loitas
 39 antipatriarcais, de igualdade e diversidade de elección sexual, ecoloxistas, antirracistas, etc., non poden ser
 40 apenas loitas sectoriais, fan parte consubstancial da loita de clases, son espazos de conciencia, territorios
 41 de loita colectiva. Nese sentido, a loita política é loita social e viceversa. As experiencias de loita das
 42 organizacións políticas teñen que hibridarse e confundirse coas loitas sociais sectoriais eco que
 43 tradicionalmente se entende por loitas económicas. E isto implica que tamén cumprirá profundar nunha
 44 reflexión sobre o novo sindicalismo que os tempos esixen.

16. Cidadanía e nación republicana

O nacionalismo non é un terreo de marcos fixos, non é simplemente un sentimento, non é unha relixión nin é unha seita secreta de iniciados. O que nós entendemos por nacionalismo é unha práctica e un programa. O nacionalismo non se profesa, practícase.

Anova aspira a que o pobo galego exerza o seu dereito de autodeterminación camiño da independencia. Esa é a base do nacionalismo de Anova, unha base de emancipación que concibe o Pobo Galego, constituído polas súas clases populares, como protagonista do proceso de liberación e, por tanto, único suxeito de soberanía. O nacionalismo de Anova é o dunha nación subalterna, o dunha colonia interior cuxas clases populares sofren dobre explotación e espolio. A estrutura de clases de Galiza determina a ligazón entre a emancipación social e a emancipación nacional. Non concibimos a posibilidade de unha sen a outra.

Anova é unha organización de esquerda, e por iso o seu nacionalismo é necesariamente internacionalista. E republicano. Moi lonxe de todo esencialismo, Anova non entende a nación coma un suxeito autónomo que preexista aos humanos, que perviva alén das condicións históricas en que se organiza unha comunidade cultural dada. Non hai, pois, posibilidade en Anova dun nacionalismo ahistórico. Ao contrario, a idea de nación galega é contingente, expresa o produto dun proceso histórico e esixe a vontade popular expresada en procesos de construción. A identidade e a nación son construcións colectivas a través do tempo; no seu escenario interprétanse múltiples contradicións determinadas pola base material da organización social da que facemos parte.

A nación somos nós, as xentes, non é unha entidade ideal que habita un universo separado da nosa materialidade. Nese sentido, non dubidamos en falar de patriotismo republicano, entendido o patriotismo como a identificación cunha comunidade que constrúe o benestar colectivo, para abolir a dependencia, para conquistar espazos de emancipación. O patriotismo de Anova é o compromiso cun proxecto republicano para Galiza e, nese sentido, arrédase dun nacionalismo que se erga sobre unha idea fixa, inmutable, eterna, a miúdo idealizada e idealista, da nación e dos seus sinais de identidade. A irrupción de Anova no escenario político galego significa un salto cualitativo no proceso de construción nacional. Xa nada volverá ser igual nese sentido.

A extrema violencia do Capital na súa rapina contra as conquistas históricas do proletariado e contra a dignidade das persoas traballadoras é desintegradora e non coñece barreiras. A unidade na resistencia é imprescindible, e esta non pode basearse na pertenza ou non a unha tradición nacionalista. Precisamente porque é o pobo, e non as organizacións, quen protagoniza as respostas ao ataque. Dito doutra maneira, pertencer ou non a unha cultura política nacionalista non pode ser condición de exclusión para a acción política e social. Tampouco debe o nacionalismo inverter as razóns da explotación e da precariedade. A dependencia nacional agudiza as condicións de explotación, pero estas teñen outras raíces. Non é unha soberanía aludida en abstracto o remedio universal aos males das clases populares. Nas nacións plenamente soberanas, as clases subalternas padecen condicións moi semellantes ás nosas.

A cuestión nacional non anula nunca os antagonismos sociais. Máis ben, tende a supeditalos a unha lóxica idealista cando se coloca no plano supremo das contradicións. O problema da crise que vivimos non é España contra Galiza, por moito que a nosa subalternidade inflúa en moi boa medida na agudización dos problemas. O problema, tamén aquí, segue a ser de explotadores e explotados. Dun 1% que se enriquece coas múltiples modalidades de traballo do 99% restante.

A inaceptable condición colonial de Galiza condénanos a unha máis intensa explotación que de ningunha maneira podemos pasar por alto. Para vivirmos en plenitude, Anova asume un programa político de mínimos: dereito de autodeterminación, o pobo galego como suxeito político soberano, o dereito a desenvolver as nosas vidas na nosa lingua, a necesidade de desenvolvemento cultural e de progreso inmaterial, etc. É a cristalización dese programa de mínimos o obxectivo político no tocante á cuestión nacional. E Anova é consciente de que para iso cumprirá a acumulación de forzas heteroxéneas e unha hexemonía cultural que nestes momentos non é nosa. O noso republicanismo mantén abertas todas as

1 opcións, pero conserva unha irrenunciable: a autodeterminación. O recoñecemento universal do pobo
2 galego como suxeito de soberanía, a súa libre decisión no tocante ás posibles fórmulas de organización
3 política, ben en solitario, ben en confederación con outras nacións.

4 A unidade do nacionalismo non é un fin en si mesma nin unha posición estratéxica. Fará parte dun proceso
5 de acumulación de forzas para o cambio de réxime e a transformación social, pero a hexemonía cumprirá
6 conquistala mediante un proceso de hibridación con outras culturas de esquerda rupturista, e non todas
7 necesariamente nacionalistas. Abonda con que asuman os principios que nos moven. Polo demais, pouco
8 nos importa como se denominen ou se se recoñecen ou non na tradición do nacionalismo galego, do
9 galeguismo ou do independentismo.

10 Isto non significa que Anova abandone ningún idealizado principio de autoorganización. Ao contrario. Non
11 hai mostra máis evidente de autoorganización ca a libre decisión de establecer alianzas con quen se desexe.
12 Pero o problema é máis complexo. Reducir a autoorganización ao espazo electoral e partidario equivale a
13 unha expropiación da capacidade política da colectividade popular, do suxeito da emancipación social e
14 nacional. Segundo esa retórica, non sería o pobo o chamado a autoorganizarse, senón a organización que o
15 guía e o suplanta, á que o suxeito colectivo se ve inexorablemente abocado a transferir a totalidade das
16 súas capacidades de intervención. Para Anova, para a esquerda rupturista, o principio de autoorganización
17 posúe unha dimensión social e popular, é a capacidade autónoma das clases populares para decidiren e
18 actuaren. E esa capacidade é parte central do programa e da acción política de Anova.

19 A hexemonía que está por conquistar esixe novos instrumentos de acción que partan dunha crítica radical
20 do réxime e do sistema e constrúan relacións e formas institucionais alternativas. E esixe tamén un suxeito
21 político que talvez non se sente nacionalista na súa totalidade. Un suxeito activo que integre ao seu
22 programa de emancipación social e nacional todas as faccións posibles, organizadas e non organizadas, dos
23 sectores sociais agredidos con precisión e violencia. Ese proceso move marcos, fainos desaparecer, esvaece
24 fronteiras. Ninguén renunciará ao que é, todos compartiremos un programa global de emancipación.
25 Autodeterminación e República serán as marcas irrenunciáveis do novo tempo.

26 O nacionalismo de Anova incorpora as tradicións e culturas que van do galeguismo ao independentismo.
27 Algunhas non se conciben especificamente nacionalistas, pois entenden a independencia coma un proceso
28 político e social necesario para conquistar a emancipación das clases subalternas. Nese sentido, Anova é,
29 antes ca nada, unha organización de profundo republicanismo. E ese republicanismo, que é a determinación
30 dun exercicio radical da democracia absoluta, é dicir, da democracia da inmensa maioría da sociedade,
31 incorpora un patriotismo materialista e da razón que pouco ten que ver con certas concepcións idealistas,
32 cordiais e esencialistas da nación como unha entidade separada de nós, inmutable, eterna, que nos precede
33 e nos transcende. Anova, como herdeira do legado de Castelao e de todos os homes e mulleres que, desde
34 as diversas culturas da esquerda, foron armando artefactos políticos e culturais para a emancipación
35 colectiva do pobo galego, inscríbese nesa liña de patriotismo republicano.

36 Anova entende o patriotismo republicano como un programa político que pode e debe ser asumido por
37 organizacións e sectores sociais que non se proclaman estritamente nacionalistas. Neste, coma noutros
38 casos, sen quitarlle importancia ao significativo, Anova entende que é o significado o que importa. E o
39 significado escríbese cos termos Autodeterminación, República, Democracia absoluta, emancipación,
40 ruptura, nación, lingua, cultura, pobo soberano... Todos aqueles suxeitos políticos e sociais que asuman
41 estes principios básicos estarán constituíndo de facto a Fronte Ampla para a Unidade Popular que o pobo
42 galego precisa para a súa liberación social e nacional. Camiñemos, pois, os mesmos camiños aínda que non
43 sexamos exactamente iguais.

TESE ORGANIZATIVA

1

2 INTRODUCCIÓN

3 A organización é un reflexo do seu proxecto. Na súa estrutura organizativa, no modelo de funcionamento e
 4 de toma de decisións e nos ámbitos nos que reside o poder real veñen inscritos os parámetros de sociedade
 5 que se defende. ANOVA, ao se constituír en 2012 como espazo aberto ao que se incorporaron diversas
 6 tradicións da esquerda nacionalista e novas formas de comprender a loita política, pretendía superar os
 7 vellos modelos organizativos (hoxe ineficaces para a emancipación social e nacional) e xerar un novo
 8 instrumento de intervención social e política no que a militancia interveña sen mediación. Agora é tempo
 9 de revisar o modelo e atopar unha interpretación axeitada e actualizada dos Principios Organizativos
 10 aprobados na Asemblea Nacional Constituínte, partindo da diagnose colectiva das eivas detectadas e na
 11 procura de solucións que nos conduzan á consecución dos obxectivos de ANOVA na súa intención de se
 12 converter nun partido-movemento.

13 Para cumprir con estas metas entendemos que é preciso establecer un diálogo político sobre o ámbito
 14 organizativo, que transcenda o modelo de debate pola exclusiva vía da modificación estatutaria.
 15 Entendemos que os Estatutos teñen por obxecto fixar normas e principios básicos, codificando as
 16 conclusións extraídas do debate sobre o modelo organizativo e regulamentando unicamente os piares
 17 fundamentais dese modelo: dereitos e deberes da afiliación, garantías e normas de funcionamento
 18 democrático dos organismos e normas con rango de principio básico. Todo o demais forma parte dunha
 19 discusión de conxuntura e táctica que se debe dar nas mesmas condicións que a tese política.

20 Partindo da necesidade de recoller o mandato da Asemblea Constituínte cara ao asemblearismo, a
 21 democracia participativa e o compromiso individual e colectivo de velar pola súa aplicación e
 22 desenvolvemento en todos os ámbitos da organización, cómpre construír un modelo de abaixo a arriba que
 23 coloque o centro de gravidade na radicalización democrática, require do empoderamento da militancia, do
 24 paso da queixa á protesta, da reversión da dirección en que se toman as decisións e o establecemento de
 25 mecanismos que favorezan a participación e a horizontalidade nun réxime de cooperación.

26 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS

27 A estrutura territorial ten que responder ás necesidades da organización (é dicir, das persoas militantes),
 28 para o desenvolvemento da súa actividade dando cabida á pluralidade de situacións en cada unha das zonas
 29 do país e situando a militancia en pé de igualdade para poder responder como o actor político nacional que
 30 somos. Entendendo que as asembleas son o órgano de decisión política e a célula básica da organización,
 31 non cabe introducir mecanismos de mediación na súa representación, o que significa que só poden existir
 32 dous ámbitos asemblearios en ANOVA: o nacional e o de base.

33 A asemblea de base, para garantir o seu carácter de órgano político colexiado para o debate e a posta en
 34 marcha dos acordos debe estar constituída por un número mínimo de 10 persoas afiliadas e delimitar o seu
 35 ámbito territorial, procurando sempre como obxectivo constituír asembleas no maior número de
 36 territorios. Así, nas asembleas que comprendan militancia de máis dun concello poranse en marcha plans
 37 para garantir a intervención política nos concellos con menor número de militancia, establecendo ámbitos
 38 autónomos de decisión para a mesma de cara á súa constitución como asemblea autónoma no período

1 máis breve posíbel.

2 As asembleas, no exercicio da súa soberanía, poden establecer entre elas, especialmente coas da súa
 3 contorna máis inmediata, os ámbitos de colaboración e posta en común que consideren pertinentes, ben
 4 sexan de carácter temporal ou permanente, xeral ou sectorial. Así, e de cara a dotármonos dunha
 5 cartografía territorial que responda á realidade organizativa, nos 3 meses inmediatamente posteriores á
 6 Asemblea Nacional elaborárase un mapa de asembleas no que se delimite de común acordo o concello ou
 7 concellos que forman parte de cada unha delas, partindo de que toda persoa militante ten que estar
 8 adscrita a unha única asemblea de base e a un único concello e de que todos os concellos do País deben
 9 quedar adscritos a unha asemblea de base.

10 Sendo fieis ao principio de autoorganización, as decisións en canto á estrutura e á xestión de cada asemblea
 11 deben ser tomadas pola propia asemblea, sen máis requisito que, en congruencia co carácter nacional da
 12 nosa organización e para garantir a horizontalidade, a información e a socialización das decisións,
 13 garantíndose mediante a designación de unha ou varias persoas para desenvolver os labores de enlace e
 14 coordinación coa estrutura nacional.

15 Así mesmo todas as asembleas deberán respectar en todo momento as regras de funcionamento
 16 democrático que forman parte do ADN de ANOVA, determinadas pola convocatoria de xuntanzas cunha
 17 periodicidade mínima bimensual, excepto que unha persoa militante solicite por escrito a súa celebración
 18 con carácter mensual, a dación de contas das persoas que ostenten responsabilidades delegadas, a
 19 transparencia na xestión e a socialización das decisións e acordos, quedando mandatada a Coordinadora
 20 Nacional, como máximo órgano entre asembleas, de velar polo cumprimento das regras establecidas de
 21 mutuo acordo no pacto acadado polas asembleas integrantes da confederación.

22 Desde esta óptica política, para que unha asemblea funcione como tal é preciso, máis que requisitos
 23 formais e regulamentarios, que a militancia que a compón sexa quen de xerar dinámicas que favorezan a
 24 participación e a cooperación inclusiva, así como a operatividade na toma de decisións e na execución dos
 25 acordos que permitan que ANOVA sexa un axente político activo no seu ámbito de actuación. Cómpre xa
 26 que logo implementar mecanismos que doten de recursos ás asembleas en procesos como as “Xeiras de
 27 ANOVA” e deseñar mecanismos e estruturas que nos permitan facer unha diagnose do funcionamento
 28 asembleario.

29 Para fomentar a horizontalidade e sermos quen de traballar verdadeiramente en rede o mapa de
 30 asembleas, no que constarán os contactos de cada unha delas, terá que servir para o intercambio directo
 31 entre asembleas, sen mediación de ningunha caste, de propostas e experiencias. Este mecanismo será
 32 completado coa creación do banco de actas, disponibilizando os acordos asemblearios para o seu
 33 coñecemento e socialización.

34 Na liña de dar pulo aos acordos fundacionais e avanzar no modelo organizativo arelado, é preciso impulsar
 35 o carácter aberto das nosas asembleas, así como implementar o papel de ponte entre a esquerda social e a
 36 esquerda política que desexamos exercer. Para a primeira das cuestións cómpre sistematizar e mellorar a
 37 comunicación das convocatorias de asemblea e a difusión de acordos e propostas, tanto interna como
 38 externamente. Para o segundo elaborárase un mapa de entidades e colectivos sociais de cada territorio
 39 acompañado dun plan que permita sistematizar a interlocución na procura de fórmulas de colaboración e
 40 acompañamento dos movementos sociais de vocación transformadora.

41 TIC's

42 En aplicación dos principios aprobados na Asemblea Constituínte ANOVA precisa implantar e sistematizar os
 43 mecanismos de consulta entre a militancia a través das TIC como forma de reforzar o asemblearismo e a
 44 participación. Será mandato da Coordinadora Nacional entrante desenvolver, nun período de 6 meses, as
 45 aplicacións necesarias para levar a cabo estes procesos con garantías así como establecer unha

1 regulamentación, nun proceso participado pola militancia, sobre este tipo de consultas e referendos, tanto
2 a nivel nacional como local e/ou sectorial.

3 Neste eido, a organización disporá de ferramentas de cara a militancia coas que poder comunicarse como
4 foros organizados por categorías, espazo compartido para os grupos de traballo, ferramenta de consultas
5 vinculantes, ferramenta de redacción de textos con opción de gardar revisións do texto e poder chegar a
6 votar esas revisións no caso de que non existir consenso para poder revogalas. Todo isto deberá ser tamén
7 explicado e realizar varios cursos de aprendizaxe cara a militancia aínda que as ferramentas funcionarán
8 sempre de acordo cos estándares informáticos que existen actualmente e que, quen manexe redes sociais,
9 foros, google apps, etc. estarán xa familiarizad@ con elas.

10 **COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA**

11 Para configurar unha planificación da actividade de ANOVA que permita cohesionar a organización e
12 desenvolver con eficacia os eixes políticos acordados é preciso, dunha banda, reforzar o carácter de órgano
13 de decisión política da Coordinadora Nacional, e da outra implicar o conxunto da militancia no debate e na
14 toma de decisións por parte deste organismo, especialmente das máis relevantes. Así todas as
15 Coordinadoras Nacionais comezarán polo debate dun informe político e unha contextualización na que se
16 analice a conxuntura do período transcorrido desde a anterior xuntanza e no que se faga seguimento do
17 desenvolvemento dos acordos acadados, modelo que tamén pode ser tomado como referencia nas
18 asembleas de base.

19 Con carácter xeral, a Coordinadora Nacional terá flexibilidade para posicionarse sobre eventualidades da
20 cotidianidade política sobre as que non existen posicións debatidas en Asemblea ou Conferencia Nacional.
21 Porém, a requerimento de polo menos dúas quintas partes da Coordinadora Nacional, unha determinada
22 temática poderá ser consultada de forma directa ao conxunto da militancia. Con carácter xeral, as consultas
23 ao conxunto da militancia serán realizadas mediante o uso dunha ferramenta TIC para toma de decisións de
24 garantías testadas, que deberá estar implementadas o antes posíbel. Con todo, a Coordinadora Nacional
25 poderá decidir, por maioría simple, que unha determinada consulta ou referendun teña que ser realizada
26 de forma clásica polo procedemento de voto en urna. A Coordinadora Nacional tamén poderá decidir
27 mediante a consulta a cidadanía en xeral, habilitando a ferramenta TIC que o permita.

28 Como norma xeral, tanto este tipo de informes como outras propostas de carácter político serán coñecidos
29 e debatidos polo conxunto da militancia, establecéndose mecanismos para que se poidan facer chegar as
30 súas achegas e propostas.

31 Alén disto, a Coordinadora Nacional celebrará con carácter periódico e itinerante reunións de exclusivo
32 carácter político ampliadas a militantes e mesmo a persoas non afiliadas, se así se estima oportuno, para
33 tratar a fondo as cuestións relativas ao desenvolvemento dos eixes políticos e organizativos de carácter
34 estratéxico.

35 As persoas elixidas en Asemblea Nacional e as elixidas polo método de representación de áreas territoriais
36 terán idénticos deberes e iguais dereitos, funcións e responsabilidades. Todas elas están sometidas a
37 idénticos límites temporais de representación, e cesan de maneira inmediata ante a seguinte Asemblea
38 Nacional.

39 Do mesmo xeito a comisión permanente ten de se constituír no organismo colexiado para a execución dos
40 acordos adoptados e a xestión diaria dos asuntos da organización e para iso a súa elección debe vir
41 determinada polas persoas integrantes da Coordinadora Nacional escollidas mediante un criterio político

1 para facerse cargo das diversas áreas funcionais, desvinculándoa da composición artificial en torno a grupos
 2 de traballo xerados ad hoc. A Coordinadora Nacional poderá dotarse, durante o período de tempo que
 3 estimar oportuno, dunha Comisión Permanente, cuxa función principal é de tipo técnico, ocupándose dos
 4 aspectos organizativos e de secretariado. Esta Comisión tamén facilitará o desenvolvemento dos acordos e
 5 consecución dos obxectivos adoptados pola Asemblea Nacional e a Coordinadora Nacional. Esta Comisión
 6 tamén poderá, por motivos de eficacia e urxencia, tomar decisións de tipo político, entre dúas reunións da
 7 Coordinadora Nacional, en aspectos que pola súa eventualidade non teñan sido previstos. Estas decisións
 8 sempre serán provisionais e deberán ser ratificadas pola Coordinadora Nacional ou, no seu caso, pola
 9 Militancia. Nestes casos informará mediante ferramentas TIC de Anova -IN ás asembleas de base e
 10 procurará, se fose posíbel, coñecer a opinión da militancia mediante estas mesmas ferramentas TIC. A
 11 Coordinadora Nacional deseñará a proposta de áreas funcionais, seguindo o esquema trazado coas
 12 variacións que se estime oportuno introducir, comisionando a unha ou varias persoas para cada unha delas,
 13 que configurarán un órgano colexiado.

14 GRUPOS DE TRABAJO E CONFERENCIAS NACIONAIS

15 Os Grupos de Traballo deben ser o epicentro e o eixe vertebrador da elaboración de propostas de traballo a
 16 nivel sectorial e programático. Para iso cómpre mellorar a súa definición e funcionalidade práctica
 17 incrementando a participación da militancia nos mesmos a través de tres procesos simultáneos:
 18 desvincularlos da composición da permanente, territorializar a súa estrutura e implementar mecanismos de
 19 participación non presencial e canles de comunicación axeitados.

20 Os Grupos de Traballo constituiranse após a Asemblea Nacional e aprobarán un regulamento de réxime
 21 interno e un plan de traballo, que incluírá un mapeo sobre as entidades e movementos sociais actuantes no
 22 seu eido sectorial e será sometido a debate e aprobación na Coordinadora Nacional no prazo máximo de 4
 23 meses logo da súa constitución, podendo constituírse novos Grupos de Traballo nas mesmas condicións a
 24 iniciativa de calquera militante nun proceso dinamizado pola área sectorial correspondente.

25 Os Grupos de Traballo gozarán de autonomía no seu ámbito para desenvolver a súa actividade e estrutura
 26 interna baixo os parámetros dos eixes estratéxicos e programáticos aprobados pola Asemblea Nacional e
 27 incluídos no plan de traballo. Os Grupos de Traballo poderán ser abertos, na medida do posíbel, á
 28 participación de persoas simpatizantes.

29 Para completar o proceso de definición de propostas impulsarase a realización de Conferencias Nacionais
 30 sobre temas concretos, abertas á participación da cidadanía e con dinámicas e metodoloxías incluíntes.

31 RESPONSABILIDADES ÉTICAS

32 Nos Principios Organizativos aprobados na Asemblea Nacional Constituínte figura a aceptación dun código
 33 ético partillado que cómpre desenvolver con urxencia, tanta como a que ten recuperar a ética na política e
 34 adquirir perante a cidadanía o compromiso irrenunciante de transparencia e honestidade por parte da
 35 militancia de ANOVA, e especialmente por aquela que ostente cargos de representación pública. A
 36 Coordinadora Nacional entrante redactará, nun proceso participado polo conxunto da militancia, o
 37 mencionado Código Ético no prazo máximo de 6 meses despois da súa constitución.

38 O código ético deberá incluír tamén os mecanismos para garantir o seu cumprimento e, naturalmente,
 39 punir a súa vulneración, establecendo as causas de sanción con criterios de obxectividade e
 40 proporcionalidade, garantindo o dereito de defensa das persoas afectadas e depositando nos órganos
 41 políticos da organización (assembleas de base, Coordinadora Nacional, Asemblea Nacional) a interpretación
 42 do código e o establecemento das sancións, que en ningún caso se poderán aplicar por diverxencias
 43 políticas.

44 Con todo, é conveniente manter unha instancia de mediación nos conflitos e amparo á militancia en
 45 hipotéticos casos de vulneración dos seus dereitos, unha instancia de control e garantías que, pola súa

1 propia natureza debe ter unha composición ampla e plural de militantes non pertencentes a ningún outro
2 organismo, escollidos/as na Asemblea Nacional por consenso ou, de non resultar este posíbel, por maioría
3 cualificada de 2/3, e cuxo funcionamento e competencias veñan delimitadas polo propio código ético

4 Anova promoverá e regulará a auto fiscalización periódica e pública dos cargos de responsabilidade e dos
5 órganos que constitúa, tanto a nivel interno de partido, como en cargos de representación pública, ca
6 constitución dunha comisión que vele por dita transparencia e ca creación dunha regulamentación que
7 obrigue a estes cargos e organismos a realizar un informe de actividade política e outro económico de
8 periodicidade mensual, que serán de carácter público para a consulta da militancia e a cidadanía, como
9 exemplo de transparencia e bo facer da organización.

10 FINANZAS

11 As finanzas, nun proxecto político orientado á transformación radical da sociedade, van moito máis alá da
12 simple xestión contable. O xeito en que nos financiamos, tamén o xeito como xestionamos ese
13 financiamento, define o tipo de organización que somos. Garantir e preservar a independencia de ANOVA
14 require de sermos quen de soste con recursos propios o funcionamento básico da organización.

15 Alén do disposto na Carta Financeira para a regulamentación destes aspectos, a Coordinadora Nacional
16 entrante, en proceso participado polo conxunto da militancia e en parcería coas asembleas de base,
17 redactará e aprobará un Plan de Finanzas para aumentar a captación de recursos propios a través de
18 iniciativas de autofinanciamento e dun sistema de cotas por tramos de renda, marcando obxectivos
19 porcentuais ata acadar, no prazo que se sinale, unha maioría de ingresos procedentes desta vía, tanto a
20 nivel nacional como en cada unha das asembleas de base, e uns límites, tanto pola cantidade como polo
21 destino dos mesmos, dos recursos procedentes doutras vías.

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS APROBADOS NA ANC

1. Asembleas soberanas no seu ámbito local e que se confederan con vocación de permanencia para ser un actor político nacional.
2. Asemblearismo entendido como a participación directa e indelegábel (collen aquí formas de referendo mediante as TIC para consultas) nas grandes decisións e na elección dos órganos de coordinación e/ou executivos nacionais así como eventuais candidaturas.
3. Aceptación dun código ético partillado.
4. Os órganos nacionais estarán sometidos a revogabilidade e a elección, que se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.
5. Os órganos de dirección/coordinación en calquera ámbito non poden ter unha participación de calquera dos xéneros superior ao 60%.
6. Estas decisións fundacionais, PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS, só poderán ser modificadas en Asemblea Nacional e por unha maioría cualificada de 2/3

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMISIÓN REDACTORA DE TEXTOS

1. Asembleas soberanas no seu ámbito e que se confederan con vocación de permanencia para ser un actor político nacional.
4. Os órganos nacionais estarán sometidos a revogabilidade e a elección, que se tentará facer en primeira instancia por consenso, será aberta á presentación de calquera militante.
6. Estas decisións fundacionais, PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS, só poderán ser modificadas en Asemblea Nacional, sendo ademais precisa unha maioría cualificada de 2/3 para a modificación dos principios organizativos, e do título preliminar e do capítulo primeiro dos estatutos.

Estatutos

ESTATUTOS APROBADOS NA IAN

TITULO PRELIMINAR

A nova organización denominarase Anova – Irmandade Nacionalista.

1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES

Artigo 1.- Ten dereito a ser afiliado/a toda persoa que así o desexe e que se comprometa a respectar as normas e principios de funcionamento e actuación democraticamente adoptados pola organización. A afiliación e integración é de carácter exclusivamente individual.

O órgano competente para aceptar unha petición de alta na organización é a Asemblea de Base correspondente. Un acordo rexeitando unha petición de alta deberá ser razoado. Alén diso poderá ser recorrido diante da Coordinadora Nacional.

Farase especial atención a aquelas persoas militantes que non residan en Galiza para garantir a súa plena integración na vida orgánica.

Artigo 2.- Toda persoa afiliada terá dereito a:

- a. Expresar libremente – sexa de xeito individual ou

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMISIÓN REDACTORA DE TEXTOS

A nova organización denomínase Anova – Irmandade Nacionalista

Ten dereito a ser afiliada toda persoa(...)

Novo parágrafo ao final do artigo 1:

Por local enténdese aquelas asembleas de base municipais ou supramunicipais con un mínimo de 10 persoas afiliadas. Ningún municipio poderá estar en máis de unha asemblea de base ou local.

colectivo – as súas opinións dentro da organización, e publicamente como persoa afiliada.

b. Elixir, ser elixida e formular propostas de revogación nos distintos órganos, cos procedementos contemplados nestes Estatutos.

c. Participar e votar en todas e cantas situacións afecten á vida organizativa segundo os mecanismos establecidos nos presentes Estatutos.

d. Utilizar o material, locais e demais servizos que se poidan crear e ofrecer para os fins e actividades propias da Organización.

e. Recibir, en caso necesario, defensa, asesoría e apoio solidario en toda situación problemática que se derive ou relacione coa súa pertenza e actividade a prol ou en nome da organización.

f. Participar na proposta, planificación, elaboración, control e execución das distintas actividades que se realicen.

g. Recibir información detallada sobre todos os aspectos da vida e xestión da organización.

h. Discrepar publicamente dos acordos maioritarios.

i. Impugnar os acordos que estime contrarios aos principios ético- políticos, organizativos e estatutarios da organización.

Artigo 3.- As persoas afiliadas teñen o deber de:

a. Observar os presentes Estatutos e actuar conforme aos principios organizativos e políticos democraticamente adoptados.

b. Cotizar a cota establecida e velar polo mantemento e conservación dos bens da organización.

c. Colaborar activamente no cumprimento dos principios e obxectivos da organización, asistindo ás xuntanzas e actividades da mesma.

d. Cumprir os acordos lexitimamente adoptados pola organización. Na Acción Institucional os acordos serán vencellantes. Na Acción Social, serán só orientacións. Os membros da organización terán autonomía para modular os acordos adaptándoos á realidade dos movementos sociais nos que interveñan.

e. Todos o órganos – e os afiliados e afiliadas en canto tais – empregarán exclusivamente a lingua galega en todas as actividades que desenvolvan e comunicados que emitan.

En canto aos comunicados dirixidos a organismos e medios de outros países, os mesmos utilizarán a lingua galega máis a tradución á lingua deles sempre que resulte viábel tecnicamente.

Dos medios de comunicación galegos esixirán que se publique no noso idioma – conforme á manifestación orixinal – a transcripción das súas palabras, a fin de garantir o dereito á propia imaxe. Caso de non ser aceptada esta condición, deberase avisar ao medio de que carece de permiso para publicala traducida, e se non fose respectado o dereito á propia imaxe, o órgano ou afiliado concernido deberá facer pública protesta e denuncia.

Así mesmo, na súa vida cotiá, afiliadas e afiliados deberán facer o maior esforzo pola normalización do uso da lingua galega.

NOVO ARTIGO

Engadir:

j. Acceder ás actas da organización e ao censo de persoas afiliadas e simpatizantes nas condicións que se detallen no regulamento interno do Censo e do Banco de Actas respectivamente.

Modificar:

b. Cotizar na medida das súas posibilidades a cota establecida e velar polo mantemento e conservación dos bens da organización.

Artigo 3-bis.- Sobre a comunicación interna.

a. Para dar cumprimento ao exercicio pleno dos dereitos da afiliación habilitaranse sistemas de comunicación para o intercambio entre a afiliación.

b. Habilitaranse foros de debate e un desenvolvemento eficaz da comunicación interna por medio das redes.

Artigo 4.- A condición de afiliada ou afiliado pérdese

- a. Por expresa vontade de quen así o desexe, manifestada por escrito.
- b. Por falta inxustificada no pagamento das cotas durante tres períodos de cotización, previo apercibimento por escrito cun mínimo de quince días de antelación.
- c. Pola inobservancia dos presentes Estatutos ou dos acordos democraticamente adoptados. Neste último caso, deberá mediar sempre o correspondente proceso contradictorio de instrución de expediente que ampare os dereitos das persoas implicadas, agás para as medidas cautelares establecidas nos Principios Ético-Políticos.

Artigo 5.- Sobre a figura do/a simpatizante:

Terá posibilidade de participar en todo o que non estea reservado á afiliación nas condicións que establezan para cada convocatoria.

Modificación:

A condición de persoa afiliada pérdese

- c. Pola inobservancia dos presentes Estatutos ou dos acordos democraticamente adoptados. En todo caso a separación de persoas afiliadas rexerá unicamente polo procedemento establecido a tal efecto no Código Ético.
- C. Suprimir a seguinte frase, “agás para as medidas cautelares establecidas nos Principios Ético-Políticos”.

2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Artigo 6.- O noso ámbito territorial é a nación galega, sen renuncia a participar e intervir en todo aqueloutra instancia política e administrativa en que poidan estar en xogo, nun momento dado, os intereses de Galiza como pobo.

Anova fará un esforzo por asentar a súa estrutura organizativa nas comarcas de lingua galega das comunidades autónomas de Asturias e Castela e León.

Artigo 7.- ANOVA organízase territorialmente en tres grandes ámbitos: local, nacional e a diáspora.

(suprimir de aquí a abaixo, xa que se trataría nun seguinte artigo)

1. As agrupacións menores, parroquial ou de barrio, co carácter de grupo de traballo serán creadas pola Asemblea Local correspondente.
2. Cada asemblea é autónoma para regular a súa xestión e funcionamento, independentemente, salvo o previsto nesta regulamentación dos estatutos xa sexan orientativas ou vinculantes.
3. As asembleas nomearán unha Coordinadora Local que como mínimo de entre os seus membros designará unha persoa para exercer de Portavoz e outra para Coordinación.
4. Poderase crear unha Permanente Local cando o desenvolvemento organizativo dunha Asemblea Local así o aconselle. Será a comisión encargada de realizar o traballo de intendencia da asemblea local.
5. As asembleas locais poderán conxuntamente convocar puntualmente á militancia do ámbito comarcal para cuestións e consultas que afecten a ese ámbito.
6. Para a coordinación desas cuestións poderase establecer unha Comisión de Coordinación Comarcal integrada por persoas designadas a tal efecto por cada asemblea constituída.
7. As asembleas locais comprometeranse a traballar para lograr un número paritario de mulleres e homes militantes.
8. As asembleas locais serán soberanas á hora de elaborar as listas para as eleccións locais sempre e cando

Artigo 7.- ANOVA organízase territorialmente en dous ámbitos: nacional e de base, alén da especificidade da situación da afiliación que se atopa na diáspora e dos acordos de colaboración que as asembleas de base poidan establecer entre si.

Cada asemblea é autónoma para regular a súa xestión e funcionamento, salvo o previsto nesta regulamentación dos estatutos.

os/as candidatos/as respecten os principios ético-políticos da organización.

NOVO ARTIGO

Artigo 7 Bis.- Das Asembleas de base.

Constitúen a cerna da organización, sendo autónomas para organizarse e coordinarse no seu ámbito, sempre que respecten os principios políticos, organizativos e éticos da organización.

1. Por base enténdese aquelas asembleas de ámbito municipal ou intermunicipal. As agrupacións menores, parroquial ou de barrio, co carácter de grupo de traballo serán creadas pola Asemblea base correspondente.
2. Para a constitución dunha asemblea de base precisarase dun número mínimo de 10 persoas afiliadas nese territorio.
3. As asembleas de base xuntaranse cunha periodicidade mínima mensual, e en todo caso, sempre que así o solicitaren por escrito un mínimo do 20% da asemblea.
4. Dentro da súa autonomía, poderán constituír organismos de coordinación e execución dos acordos no seu ámbito territorial, sendo a propia asemblea a que decidirá, de ser o caso, o número de persoas que a compoñen e os seus cometidos concretos.
5. As persoas que sexan escollidas para ostentar responsabilidades, informarán debidamente en cada asemblea das tarefas desenvolvidas.
6. As asembleas de base serán soberanas á hora de elaborar as listas para as eleccións locais sempre e as persoas que candidaten respecten os principios ético-políticos da organización.

Artigo 8.- Asemblea Nacional

A Asemblea Nacional é o máximo órgano e está formada pola totalidade das persoas afiliadas. Entre os seus fins está definir a liña política e as actividades da organización no seu ámbito e reunirse ordinariamente cada dous anos. “Con carácter extraordinario reunirse por petición dun 35% da coordinadora, dun 35% das asembleas comarcais ou dun 35% da afiliación”.

As decisións no seu seo tenderán a tomarse por consenso, mais, de non ser posíbel, tomaranse por maioría das persoas presentes, agás para aquelas cuestións que requiran maioría cualificadas.

Poderán asistir ás asembleas nacionais persoas colaboradoras e simpatizantes con voz pero sen voto do xeito que se regule para cada convocatoria.

Suprímese “dun 35% das asembleas comarcais”

Artigo 9.- *Coordinadora Nacional. Como órgano colexiado con funcións de dirección política no período inter-asebleario elixirase unha Coordinadora Nacional integrada por persoas elixidas directamente na Asemblea Nacional en número de entre 50 e 75, garantindo a axeitada representación territorial. Ás persoas elixidas directamente na asemblea nacional engadirase un representante por comarca do xeito e coas condicións que se establezan nun prazo máximo de seis meses previa elaboración dun mapa comarcal e previa consulta coa*

Artigo 9.- Da Coordinadora Nacional.

É o órgano colexiado con funcións de dirección política no período inter-asebleario. Convocarase ordinariamente cunha periodicidade mínima mensual, e de xeito extraordinario cando así o solicite 2/3 da mesma. De xeito periódico, e cando menos trimestralmente, a Coordinadora Nacional convocará xuntanzas de exclusivo carácter político,

afiliación1.

que axuden a definir as liñas estratéxicas de Anova en determinadas cuestións. Os resultados destas coordinadoras políticas serán socializados coas asembleas de base co obxectivo de tomar decisións colectivas.

Para as funcións técnico executivas a Coordinadora Nacional poderá comisionar de entre os seus membros e para tarefas concretas a persoas que colexiadamente funcionarán a xeito de comisión permanente sen máis competencias que as que lle delegue a Coordinadora Nacional diante da que en todo caso responderán. En todo caso, a súa composición estará vinculada as Áreas funcionais, que son aquelas que xestionan o desenvolvemento diario e garanten o desenvolvemento da organización.

Artigo 10.- As Coordinadoras son o órgano coordinador e executor dos acordos do seu respectivo nivel asemblear. A súa asemblea de referencia decidirá o número de persoas que a compoñen e os seus cometidos concretos.

A SUPRIMIR

NOVO ARTIGO

Artigo 10 bis.- Das Conferencias nacionais.

A Coordinadora Nacional convocará Conferencias Políticas, co fin de fomentar o debate sociopolítico e definir a política sectorial e a elaboración programática

Artigo 11.- Roldas ou grupos traballo

Dentro da organización, en todos e cada un dos niveis, poderán constituírse roldas ou grupos de traballo con finalidades puntuais e concretas, por un período determinado, ou con vocación de permanencia, como ferramentas para o deseño das liñas mestras da acción social e institucional do novo referente político. Desenvolveranse baixo os mesmos principios que presiden o conxunto da organización, tendo carácter deliberativo e propositivo. Como norma xeral os grupos de traballo serán abertos nas condicións que se estableza para cada caso. Dotaranse dun regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado pola Coordinadora Local ou Nacional segundo o seu ámbito de funcionamento.

Artigo 11.- Dos grupos traballo.

Dentro da organización, en todos e cada un dos niveis, poderán constituírse roldas ou grupos de traballo sectoriais e de desenvolvemento programático. Desenvolveranse baixo os mesmos principios que presiden o conxunto da organización, tendo carácter deliberativo e propositivo. Como norma xeral os grupos de traballo serán abertos nas condicións que se estableza para cada caso. Dotaranse dun regulamento de funcionamento que deberá ser aprobado pola Coordinadora Nacional ou a Asemblea Territorial, segundo o seu ámbito de funcionamento.

Artigo 12.- Anova evitará, na medida do posíbel, crear sedes da organización no sentido clásico, especialmente a nivel nacional. As sedes de Anova, de existir, tenderán a constituírse coma centros sociais –autoxestionados ou con outra forma de xestión non mercantilista– que axuden a dinamizar a nosa sociedade, dean cobertura aos movementos sociais, teñan dinámicas socioculturais propias e como consecuencia socialicen parte dos recursos da organización.

3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES

Artigo 13.- A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir asentimento, aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas. Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal ten dereito a a presentar a súa candidatura e a

Artigo 13.- A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir asentimento, aberta á presentación de calquera militante. A Coordinadora Nacional establecerá os mecanismos

participar nas votacións.

Artigo 14.- Partindo de que o desexábel nun proceso constituínte é o consenso e abertos a contemplar outras fórmulas de elección para o futuro, a elección dos órganos nacionais, coordinadora nacional e comisión ética e de garantías, elixiranse en listas abertas onde o votante poderá escoller unha lista completa ou riscar persoas de distintas listas. A Coordinadora Provisoria a traveso dunha comisión fará unha proposta de listas completa do máis amplo consenso posíbel para propoñer á asemblea constituínte. Porén calquera outra persoa ou grupo de persoas poderán candidatarase libremente co único requisito de estaren inscritos como asembleístas.

Artigo 15.- Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización, sexa no nivel que for, poderán ser obxecto de revogación dentro dos propios órganos facultados para elixilas.

Para que se proceda á revogación será preciso un quórum de 2/3 en todos os casos. Para votar unha proposta de revogación será preciso que esta estea incluída na orde do día da convocatoria do

órgano ou asemblea correspondente e que exista informe por escrito en que se substancien as razóns da proposta de revogación. Para que a revogación sexa efectiva será preciso que esta sexa aprobada pola maioría das persoas asistentes ou por un número igual á metade máis unha das persoas de pleno dereito da asemblea correspondente.

Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización, estará sometido á limitación temporal do seu posto de responsabilidade, tanto no nivel organizativo interno como representativo. As condicións da temporalidade regularase nunha próxima asemblea nacional.

Para as persoas liberadas nacionais, esta elección, se así fose solicitado por dous quintos do número de membros da Coordinadora Nacional, será consultada a priori á militancia.

4. DA COMISIÓN ÉTICA E GARANTIAS

Artigo 16.- Terá as funcións que se lle atribúen nos Principios Ético-Políticos e as de atender calquera reclamación das persoas ou instancias da organización que afecten a aspectos internos da mesma. Nese sentido, deberá garantir que as decisións orgánicas estean na liña marcada pola Asemblea Nacional e os Estatutos e deixar constancia das anormalidades que detecte ou das que reciba denuncia.

A Comisión de Garantías será elixida pola Asemblea Nacional e renovada na seguinte. As súas decisións adoptaranse pola maioría dos seus membros. Estará composta por cinco persoas que non poderán formar parte de ningún outro órgano da organización. Esta comisión poderá solicitar, se é o caso, o asesoramento xurídico oportuno. As súas resolucións serán de obrigado

necesarios para garantir que a escolla sexa democrática e asemblearia.

Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal, ten dereito a presentar a súa candidatura e a participar nas votacións, co único requisito de compromiso co Código Ético .

Artigo 14.- A Asemblea Nacional será a encargada da elección dos organismos nacionais: Coordinadora Nacional, á que logo se engadirán os representantes territoriais e Comisión de Garantías.

Artigo 15.- Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización, sexa no nivel que for, poderán ser obxecto de revogación dentro dos propios órganos facultados para elixilas.

Para que se proceda á revogación será preciso presentar unha petición de inclusión na orde do día, avalada como mínimo polo 25% da militancia da asemblea ou organismo correspondente, e que exista informe por escrito en que se motiven as razóns da proposta de revogación. Para que a revogación sexa efectiva será preciso un quórum na votación da metade máis unha das persoas afiliadas, e que esta sexa aprobada por maioría simple do órgano ou asemblea correspondente.

No caso de non prosperar a proposta de revogación, ningunha das persoas que avalou a proposta rexeitada, poderá asinar outra durante un período de 6 meses.

Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización estarán sometidas á limitación temporal no seu posto de responsabilidade, tanto no nivel organizativo interno como representativo. As condicións da temporalidade regularase nunha próxima asemblea nacional.

4. DA COMISIÓN DE GARANTIAS

Artigo 16.- Terá as funcións de mediar nos conflitos que se puideran producir e velar, a instancia de parte, polo cumprimento dos Estatutos e outras disposicións da organización. En todo caso o seu funcionamento virá regulado polo que dispoña o Código Ético e as súas resolucións non terán carácter sancionador, se ben poderá facer recomendacións aos órganos competentes desa materia.

Será elixida pola Asemblea Nacional de entre persoas afiliadas que non exerzan ningunha outra responsabilidade orgánica nin institucional, no número que se determine no

cumprimento e acatamento polas partes afectadas, aínda que recorribeis, en derradeira instancia, perante a seguinte Asemblea Nacional.

regulamento asembleario. En todo caso tenderase a que a súa elección sexa por consenso e, de non ser posíbel, requirirá de maioría cualificada de 2/3 da Asemblea Nacional.

Disposición Adicional.

As asembleas para dotárense do seu regulamento terán en conta para o seu debate a maiores do articulado destes estatutos este texto aportado sen carácter imperativo.

Dentro da autonomía de cada asemblea local para regular a súa xestión e funcionamento, estas poderán dotarse das seguintes cuestións de mínima harmonización:

.-O seu ámbito competencial será aquel que verse sobre as temáticas que afecten directa ou indirectamente á localidade. Naquelas materias de competencia compartida entre diferentes niveis político – territoriais, as asembleas locais deberán coordinarse co nivel organizativo que corresponda.

As asembleas locais poderán ser de carácter ordinario, extraordinario ou extraordinario de urxencia.

As ordes do día serán abertas e consensuadas ó inicio de cada xuntanza agás no caso dunha asemblea de carácter extraordinario de urxencia, nas que so se tratarán os puntos previamente fixados. Tenderase a respectar un tempo máximo, previamente marcado, para tratar cada punto da orde do día. Será obrigatorio a toma dunha acta da xuntanza. Poderán asistir ás asembleas locais persoas colaboradoras e simpatizantes, con voz pero sen voto, do xeito que se regule por cada convocatoria. Todas estas cuestións serán recollidas nos Regulamentos de Réxime Interno por cada asemblea local.

Cada asemblea local contará cunha coordinadora composta como mínimo por unha área ou responsable de organización, unha área ou responsable de comunicación, unha área ou responsable de finanzas, unha área ou responsable de acción institucional e unha área ou responsable de acción social.

Proposta de supresión, xa que se foron introducindo as correccións no regulamentado

1 PROPOSTAS ENGÁDEGA DISPOSICIÓN

2 Disposición Adicional 1ª

3 A Coordinadora Nacional entrante terá como mandato expreso da Asemblea Nacional, o desenvolvemento
4 das seguintes encomendas no prazo que para cada unha se estableza, e en todo caso, como máximo nun
5 ano:

- 6 I. Elaboración cartografía territorial que responda á realidade organizativa das Asembleas de base.
7 Esta cartografía deberá estar elaborada no prazo dos tres meses inmediatamente posteriores á
8 Asemblea Nacional, e delimitará, de común acordo coas asembleas de base, o concello ou
9 concellos que forman parte de cada unha delas, partindo de que toda persoa militante ten que
10 estar adscrita a unha única asemblea de base e a un único concello e de que todos os concellos do
11 país deben quedar adscritos a unha asemblea de base. Nesta cartografía, incluírase información
12 básica da situación actual das asembleas (número real de asembleas, composición, estrutura e
13 mecanismos de contacto).
- 14 II. A Coordinadora Nacional elaborará, de acordo coas asembleas de base e nun prazo de tres meses,
15 un mapa territorial cuxa principal finalidade será establecer as Áreas de Representación Territorial
16 e o número de representantes que na Coordinadora Nacional lle corresponde a cada Área. Tal e
17 como se establece no artigo correspondente, a elección sobre a adscrición a cada Área de
18 Representación correspóndelle a cada asemblea de base.
- 19 III. Desenvolvemento no prazo de 2 meses, unha vez finalizada a Asemblea Nacional, dunha
20 Planificación Política que abranga todo o curso político. A Planificación Política deberá ser tratada e
21 aprobada ao inicio de cada curso político.
- 22 IV. Redactar e aprobar, en proceso participado polo conxunto da militancia, e en parcería coas
23 asembleas de base, nun prazo de 4 meses, o Plan de Finanzas, cuxo obxectivo será garantir e
24 preservar a independencia financeira de ANOVA.
- 25 V. O desenvolvemento e implementación de mecanismos telemáticos que garantan a consulta directa
26 á militancia á través das TICs como forma de reforzar o asemblearismo e a participación. Ademais,
27 deberá establecer unha regulamentación, nun proceso participado pola militancia, nun prazo de 6
28 meses, sobre este tipo de consultas e referendos, tanto a nivel nacional como local e/ou sectorial.
- 29 VI. O desenvolvemento e posta en funcionamento de ferramentas que garantan o dereito da
30 militancia de acceso directo á información interna da organización: banco de actas, directorio de
31 contactos, censos, finanzas, difusión dos acordos e propostas, así como a publicación interna á
32 toda militancia das convocatorias das asembleas e grupos de traballo. Para poder desenvolver esta
33 ferramenta con garantías, encoméndase á Coordinadora Nacional que no prazo dun mes faga unha
34 concreción desta proposta que teña en conta as garantías precisas de veracidade, fidelidade e
35 seguridade no acceso á mesma.
- 36 VII. Elaboración do Mapa de Entidades e Movementos Sociais de cada territorio, nun prazo de 6 a 12
37 meses. Este mapa deberá ir acompañado dunha planificación que permita sistematizar a
38 interlocución na procura de fórmulas de colaboración e acompañamento dos movementos sociais
39 de vocación transformadora.
- 40 VIII. Corresponderalle á Coordinadora Nacional entrante, adaptar no prazo dun mes dende a súa
41 constitución o Regulamento Interno da Coordinadora Nacional aos presentes estatutos.
- 42 IX. Redactar e aprobar, en proceso participado polo conxunto da militancia e no prazo máximo de 4
43 meses, o Código Ético de ANOVA que, en todo caso, deberá incluír mecanismos que garantan o seu
44 cumprimento e punir a súa vulneración (establecemento das causas de sanción con criterios de
45 obxectividade e proporcionalidade) , garantindo o dereito de defensa das persoas afectadas e
46 depositando nos órganos políticos da organización (assembleas de base, Coordinadora Nacional,
47 Asemblea Nacional) a interpretación do código e o establecemento das sancións, que en ningún

1 caso se poderán aplicar por diverxencias políticas, e determinar o papel da CEG como órgano de
2 mediación nos conflitos e amparo á militancia en hipotéticos casos de vulneración dos seus
3 dereitos, como instancia de control e garantías .

4 **Disposición FINAL**

5 Corresponde a CN a interpretación dos presentes estatutos no período interasambleario.

CARTA FINANCEIRA

1

2 No eido das responsabilidades éticas Anova quer desempeñar un papel exemplarizante e transparente
3 tamén en todo o relacionado co financiamento da organización, o emprego que se fai dos recursos
4 económicos dos que dispomos e as percepcións salariais das persoas que ostentan representación nas
5 institucións ou exercen funcións remuneradas no seo da organización.

6 A militancia de Anova participa en política para transformar a realidade e ocupa espazos nas institucións e
7 trasladar ás mesmas as demandas sociais. Facer parte de Anova implica compromiso desinteresado, nunca
8 privilexios, polo que Anova decide dotarse dunha carta financeira pública no que se regulen todas estas
9 cuestións. A mencionada carta, elaborada e aprobada por idéntico procedemento ao regulamento da CN,
10 conterà, como mínimo, os seguintes puntos.

11 1. Carácter público de toda a información referente aos ingresos e gastos de todas e cada unha das
12 estruturas da organización.

13 2. Auditoría anual das contas de Anova.

14 3. A contabilidade da nosa organización rexerá polo principio de caixa única. Porén, as asembleas de
15 base disporán do 50% do recadado no seu ámbito De prestárenlles servizos ás organizacións
16 políticas, utilizaremos sempre as entidades de banca ética que aprobe a Coordinadora Nacional

17 ANOVA -IN tan só pagará todos aqueles gastos orzamentados con anterioridade e aprobados no
18 seu respectivo ámbito

19 4. Anova promoverá e regulará a auto fiscalización periódica e pública dos cargos de responsabilidade
20 e dos órganos que constitua, tanto a nivel interno , como en cargos de representación pública, coa
21 constitución dunha comisión que vele por dita transparencia e coa disponibilización dunha
22 ferramenta TIC que facilite ás persoas que ostentan estes cargos a exposición rápida do labor
23 político realizado e dos aspectos relativos ao económico, com unha actualización mínima bimestral,
24 que serán de carácter público para a consulta da militancia e a cidadanía, como exemplo de
25 transparencia e bo facer da organización. Ademais todos os cargos de Anova presentarán unha
26 declaración de bens e actividades económica e posibles incompatibilidades que actualizarán cada
27 ano e presentarán á devandita comisión para facela pública.

28 5. ANOVA-IN comprometétese a levar a cabo anualmente unha xuntanza aberta á cidadanía, baixo o
29 nome de Asemblea Nacional pola Transparencia, na que faremos públicos os ingresos e gastos de
30 toda a organización, dando conta das actuacións e liñas de traballo desenvolvidas durante o ano.
31 Asemade, aprobaremos un plan de trabalo para o ano seguinte.

32 6. Despois da súa formalización, a Coordinadora Nacional a través da Área de Finanzas creará un
33 Grupo de Traballo de Xestión e Transparencia Económica aberto a todas as persoas que pertencen á
34 Coordinadora Nacional. Este Grupo de Traballo organizará á Asemblea Nacional pola Transparencia.

1 7. Respecto das cotas da nosa militancia a Coordinadora Nacional establecerá un sistema de cotas
2 despois dun debate previo nas asembleas de base.

3 8. Limitación de ingresos dos representantes públicos:

4 Os representantes público de Anova-IN teran percibiran unha retribución salarial suficiente e
5 que non sexa insultante para a sociedade e sempre relacionada coa realidade da cidadanía
6 do común , esta será determinada en cada ámbito mediante un estudo socioeconómico

7 9. Excedentes das percepcións económicas dos cargos públicos:

8 O destino da metade excedentes derivados dos/as salarios dos/as representantes, que en
9 todo caso será preferentemente o eido do movemento social e popular que contribúa ao
10 benestar social do pobo galego e ao avance na liberación nacional: centros e comedores
11 sociais, asociacións, equipas de normalización... e que en todo caso ha determinar a
12 Coordinadora Nacional, a outra metade usarase para garantir o funcionamento e a
13 independencia económica de Anova-IN

14 10. Toda a militancia da organización renuncia aos agasallos ou privilexios pagos con diñeiro público, ou
15 privado que poida recibir pola condición de cargos electos ou de libre designación , sexa a nivel
16 institucional , internamente a anova ou de outro tipo ; ou ter unha posición de influencia nesas
17 persoas.

18 COMPROMISOS NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL

19 1. Garantías laborais para o persoal da organización, imposibilitando expresamente a aplicacións de
20 condicións legais restritivas dos dereitos dos/as traballadores/as derivadas da lexislación laboral
21 vixente no estado.

22 2. A organización ten que ser absolutamente garantista e respectuosa cos dereitos laborais, sempre
23 interpretados de maneira máis favorable á persoa contratada. Mecanismos para a decisión de
24 remunerar funcións internas dentro da organización ; debe haber un acordo de dedicación
25 exclusiva. Non hai que discutir caso por caso persoa a persoa, senón definir que
26 responsabilidades deben requirir esa dedicación exclusiva (con remuneración) independentemente
27 das persoas que en cada caso se fagan cargo delas.

28 3. A contratación do persoal técnico, farase en todo caso sempre baixo perfil e en convocatoria pública
29 polos principios de igualdade, mérito, publicidade e capacidade.

30 Todos os cargos de Anova – Irmandade Nacionalista comprométese a respectar estes puntos ou dimitir.

II ASEMBLEA NACIONAL DE ANOVA
COA NACIÓN NA ESQUERDA
tecendo rede

Emendante/s:

Asemblea/s:

Documento que se emenda:

- REGULAMENTO
- TESE ORGANIZATIVA
- TESE POLÍTICA
- CARTA FINANCEIRA
- Outro (especificar):

Páxina (s):

Liña(s):

Título do apartado/ artigo:

Tipo de emenda emenda:

- Eliminación Substitución Engadido

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:



coa nación na esquerda tecendo rede

II ASEMBLEA NACIONAL

SESIÓNS PLENARIAS 11 E 12 DE OUTUBRO
Pazo de Congressos
COMPOSTELA

anova
IRMANDADE NACIONALISTA

EMENDAS Á ORDE DO DÍA

1

ORDE DO DÍA

Emendante: **Breogan Manoel García Pampín** Asemblea: Compostela

Localización emenda: Orde do día

Tipo de emenda: Engadido

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda:

Creo que o tema dos 2/3 debe ser tratado antes de qualquer devate, polo que propoño que sexa a primeira votación da asemblea

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Recoméndase trasladar esta emenda ao 1º punto do debate da Tese Organizativa, onde si está vixente a necesidade de 2/3 para aprobación dos aspectos que afectan a principios organizativos e estatutos

2

ORDE DO DÍA

Emendante: **Raquel Martinez Casal** Asemblea: Teo

Localización emenda: Páxina 1 Liña 37

Orde do día

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda: Eliminar a palabra nova. Se se vai votar, e obvio que e nova

Texto da emenda:

15:00hrs – 17:00hrs. Votación en urna da Coordinadora Nacional e da Comisión de Garantías.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

EMENDAS AO REGULAMENTO

3

REGULAMENTO

Emendante/s: Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Páxina 1. Punto 3.- Da Participación Regulamento

Tipo de emenda: Eliminación

Xustificación da emenda: Respecto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática. O respecto polas decisións democráticas e lexitimamente adoptadas por parte da Comisión Ética e de Garantías

Texto da emenda: No artigo 3 eliminar dende “A efectos da súa participación...” ata “...do seu recurso perante a propia AN”.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por ser retroactiva

4

REGULAMENTO

Emendante/s: Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Das candidaturas Artigo 23

Regulamento

Tipo de emenda:

Xustificación da emenda: Respecto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática. O respecto polas decisións democráticas e lexitimamente adoptadas por parte da Comisión Ética e de Garantías

Texto da emenda:

No artigo 25 substituír a actual redacción por: “O período para a presentación de candidaturas terá lugar entre o momento en que se aproba o sistema de elección e cinco horas despois”.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate: Limita o dereito da afiliación a coñecer ás persoas candidatas con tempo suficiente antes da escolla.

5

REGULAMENTO

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco**

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: **Das Emendas / 13**

Regulamento

Tipo de emenda: ENGADIDO

Xustificación da emenda: Respecto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática

Texto da emenda:

No artigo 13 engadir a continuación o seguinte: *“As emendas coincidentes sobre un mesmo aspecto votaranse de forma continuada. Primeiro aquelas de engádega e/ou substitución, finalmente as de eliminación. Para determinar que emenda prevalece ordenaranse de forma descendente en base á diferenza entre os votos a favor e os votos en contra”.*

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A Debate: Limita os principios básicos da “radicalidade” democrática

6

REGULAMENTO

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco**

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: **Da Comisión Permanente / 7**

Regulamento

Tipo de emenda: ELIMINACIÓN

Xustificación da emenda: Respecto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática

Texto da emenda: apartado “c” eliminar *“e servir de enlace entre esta e a CN”.*

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae, por ser retroactiva

7

REGULAMENTO

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco**

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: **Da Comisión Permanente / 7**

Regulamento

Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN

Xustificación da emenda: Respecto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática.

Texto da emenda: eliminar dende *“.. exercerá as labores de..”* ata *“...o organismo encargado de executar...”*, engadindo no seu lugar para maior coherencia do texto *“executará”*

Ditame Comisión Redactora de Textos: Decae, por ser retroactiva

8

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 3. Liña 3, 4 e 5.

Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda: Substituír: “... a efectos da súa participación no proceso asemblear terán a consideración de afiliadas de pleno dereito aquelas persoas que, tendo sido separadas da organización por resolución da CEG, teñan pendente a resolución do seu recurso perante a propia AN...” por

“As persoas que tendo sido separadas da organización por resolución da CEG, teñan pendente a resolución do seu recurso perante a propia AN, poderán participar con voz e sen voto na II Asemblea Nacional de Anova-Irmandade Nacionalista cando se trate do seu recurso ante a Asemblea”

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por ser retroactiva

9

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 8. Liña 1. Texto: “A Comisión Redactora de Textos (CRT) é o **organismo** responsable de ...”

Tipo de emenda: ELIMINACIÓN

Xustificación da emenda:

Texto emenda: “A Comisión Redactora de Textos (CRT) é responsable de ...”

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por ser retroactiva (A CRT xa finalizou o seu traballo)

10

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 11. Final do texto

Tipo de emenda: ENGADIDO

Xustificación da emenda:

Texto emenda: ... votos nunha asemblea territorial. “As emendas que non acaden dito respaldo poderán ser defendidas ante a AN se a persoa emendante as mantén”.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae, refírese a un texto non existente

11

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 12. Todo o texto

Tipo de emenda: **Substitución**

Xustificación da emenda:

Texto emenda: *“No plenario da AN, en caso de ausencia da persoa emendante, as emendas poderán ser defendidas pola persoa que esta designe previamente. O prazo para designar a dita persoa remata 24 horas antes do inicio da II AN”*

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por retroactiva

12

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 23. Ao remate do texto.

Tipo de emenda: **Engadido**

Xustificación da emenda: --

Texto emenda: *... resolveranse por maioría simple, “con excepción das que afecten aos Principios Organizativos e Estatutos, que requirirán unha maioría cualificada de 2/3”*

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae, non fai referencia a ningún elemento incluído no texto a debate

13

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 24. Texto completo

Tipo de emenda: **Supresión**

Xustificación da emenda: ---

Texto emenda: ...

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae, o regulamento ten 23 artigos.

14

REGULAMENTO

Emendante/s: **Tránsito Fernández Fernández; Miguel A. Malvido Cabirto; Manuel Freiría Figueiras ; Ricardo Posada Argibay; Consuelo Martínez García**

Asemblea: Vigo

Localización emenda: Artigo 25. Liña 2. Texto completo

Tipo de emenda: **Substitución**

Xustificación da emenda: --

Texto emenda: "O período para a presentación de candidaturas, baixo a forma que determine a AN, rematará 5 horas despois da aprobación da mesma"

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae, por ser retroactiva, o período para a presentación de candidaturas foi aprobado na CN e rematou o 30 de setembro.

15

REGULAMENTO

Emendante: **André Outeiro García**

Asemblea: A Mariña

Localización emenda: Páxina 1, artigo 3 Regulamento

Tipo de emenda:

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda: *Artigo 3.- Terán dereito á participación con voz e voto todas as persoas afiliadas con anterioridade ao 18 de agosto de 2014 e coas cotas ao día no momento de celebración do plenario da AN. Para efectos da súa participación no proceso asembleario, terán a consideración de afiliadas de pleno dereito aquelas persoas que, por seren separadas da organización por resolución da CEG, teñan pendente a resolución do seu recurso perante a propia AN. Terán dereito a participar así mesmo, con voz pero sen voto, as persoas afiliadas con posterioridade ao 18 de agosto ou que, estando afiliadas con anterioridade, non teñan as cotas ao día. Tamén terán dereito a participar as persoas simpatizantes, para o cal terán que ser convidadas por una asemblea territorial. As asembleas remitirán o listado de persoas convidadas antes do 6 de outubro.*

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por retroactiva e inaplicable

16

REGULAMENTO

Emendante/s: **Xabier Garaloces, André Outeiro, Héctor Tejón, Miguel Serrano**

Asembleas: Redondela, A Mariña, A Coruña, Compostela

Localización emenda: Regulamento

Tipo de emenda: ENGADIDO

Xustificación da emenda: A regularización da transparencia e información cunha periodicidade concreta e definida dos cargos de responsabilidade e órganos que a organización constitúa, tanto a nivel interno de partido, como aqueles que a organización acade en cargos de representación pública.

Texto da emenda: "Anova promoverá e regulará a auto fiscalización periódica e pública dos cargos de responsabilidade e dos órganos que constitúa, tanto a nivel interno de partido, como en cargos de representación pública, ca constitución dunha comisión que vele por dita transparencia e ca creación dunha regulamentación que obrigue a estes cargos e organismos a realizar un informe de actividade política e outro económico de periodicidade mensual, que serán de carácter público para a consulta da militancia e a cidadanía, como exemplo de transparencia e bo facer da organización"

Ditame Comisión Redactora de Textos: Decae: debate que non se corresponde co texto:

Regulamento

17
Emendante: Luís Eyré Diéguez
Asemblea: Chantada

Localización emenda: Regulamento

Tipo de emenda: ENGADIDO

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda:

Pola presente mensaxe Comunico que manteño a emenda presentada ao Regulamento da IIª AN de Anova na CN na que se aprobou este, e en consecuencia emendo o Regulamento no sentido de que proponho que a Mesa da Asemblea Nacional estea composta por as 15 persoas máis votadas pola afiliación na Iª AN. Lóxicamente cun máximo de 8 persoas en calquera dos xéneros.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae por ser retroactiva, a composición de mesa xa foi aprobada pola CN en base ao regulamento

EMENDAS AO REGULAMENTO: MODELO DE ESCOLLA DOS ÓRGANOS DE ANOVA

18	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
<p>Emendante/s: RAQUEL MARTÍNEZ CASAL</p> <p>Localización emenda: 1 Liña 1</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN</p> <p>SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANISMOS NACIONAIS DE ANOVA-IN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> <i>A palabra organismo refírese a conxunto (de órganos, de persoas, de servizos...), por iso propoño substituíla por órgano, que se refire a cada un dos elementos</i></p> <p><u>Texto da emenda:</u> <i>SISTEMA DE ELECCIÓN DE <u>ÓRGANOS</u> NACIONAIS DE ANOVA-IN (e substituílo en todos os outros lugares nos que apareza)</i></p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Aceptada</p>	<p>Asemblea/s: Teo</p>

19	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
<p>Emendante/s: Antón Dobao</p> <p>Localización emenda: 1 Liña 9-11</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN</p> <p>DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> A discriminación positiva consiste en garantir un mínimo de participación da muller, pero é absurdo poñerlle teito mediante unha falsa igualación de xéneros.</p> <p><u>Texto da emenda:</u> <i>As 75 persoas elixidas no plenario da Asemblea escolleranse mediante o sistema de lista aberta con factor de corrección de xénero que garanta a presenza do 50% de mulleres na súa cifra máis aproximada.</i></p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Transaccionada. Acéptase suprimindo o final do enunciado" <i>na súa cifra máis aproximada"</i>. As 75 persoas elixidas no plenario da Asemblea escolleranse mediante o sistema de lista aberta con factor de corrección de xénero que garanta a presenza do 50% de mulleres.</p>	<p>Asemblea/s: Teo</p>

NOTA COMISIÓN REDACTORA DE TEXTOS:

Aquelas emendas excluíntes e/ou contraditorios entre si serán agrupadas para ordenar o seu debate.

Así, no modelo de sistema de escolla da Coordinadora Nacional, hai un primeiro debate entre a escolla da Coordinadora Nacional na Asemblea Nacional e a súa escolla nas Asembleas de Base.

Votárase conxuntamente os sistemas contraditorios

1º debate agrupado: Entre escolla dos Órganos en Asemblea Nacional e a proposta de OUTRO MODELO DE ESCOLLA. A escolla dos órganos en AN é defendido nos estatutos vixentes, na tese oficial e nas emendas nº 21, 22, 23 e 24.

No caso de saír aprobada a emenda nº 20 (que precisa de 2/3 por afectar a estatutos), decaería a tese oficial e todas as emendas que van a continuación (da 21 á 24)

20	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
<p>Emendante/s: Breogán Manoel García Pampín, Miguel Serrano, Héctor Tejón Sáez, Xabier Garaloces, Iván Touris, André Outeiro, Daniel Alexandre Martínez Ces</p> <p>Localización emenda: PUNTO 1. Liñas 6-32 DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN DE TODO O PUNTO</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> Outro modelo de Escolla</p> <p>Texto da emenda:</p> <p>Na Coordinadora Nacional integráranse con voz e voto, as persoas Representantes das Asembleas de Base e as persoas que ocuparen a Portavocía Nacional.</p> <p>A representación con voto das Asembleas de Base na Coordinadora Nacional está ponderada polo número de militantes de cada asemblea, de forma que as Asembleas de Base con até 50 militantes terán 2 representantes, aquelas con até 100 militantes terán 3 representantes e aquelas con un número superior terán 4. Aquelas Asembleas Locais con dous ou máis representantes electos no seu ámbito territorial (concelleira/o) poderán sumar un representante máis na Coordinadora Nacional.</p> <p>A Coordinadora Nacional renovarase dacordo con este criterio e co disposto nos Principios Organizativos. A Coordinadora en funcións en contacto coas Asembleas de Base constituídas facilitará que estas envíen as súas representantes para conformar a seguinte Coordinadora Nacional.</p> <p>A representatividade de cada Asemblea de Base será actualizada, con carácter xeral, no mínimo cada tres meses, en base ao censo da militancia.</p>	<p>Asemblea: Umia, Compostela, Corunha, Redondela, Teo, Marinha, Ferrol</p>
<p>Ditame Comisión Redactora de Textos:</p> <p>A debate Require 2/3 (non está contemplado en estatutos)</p>	

9

2º debate agrupado de emendas: Do sistema de Escolla da Coordinadora Nacional pola Asemblea Nacional: Hai 5 modelos propostos, referidos na tese oficial proposto pola Coordinadora Nacional e os propostos nas emendas 21-22-23-24:

- Modelo proposto pola CN
- Modelo defendido por Pilar Barros Barco na Emenda 21
- Modelo defendido por David F. Calviño na Emenda 22
- Modelo defendido por Miguel Anxo Malvido, Iris Malvido na Emenda 23 (varias emendas referidas ao mesmo sistema)
- Modelo defendido por Iris Malvido, Ricardo Garrido na emenda 24

21

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante/s: **Pilar Barros Barco** Asemblea do Carballiño

Localización emenda: 1 Liñas 6-24

1. DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: O modelo territorial, é mais participativo, aumenta a relación entre as localidades

Texto da emenda:

A Coordinadora Nacional estaría composta por tres persoas electas na Asemblea Nacional, que serían unha Portavoz, unha Coordinadora e unha responsable de Finanzas. A súa vez cada provincia elixiría un portavoz provincial, unha coordinadora, unha responsable de Finanzas, que estarían coordinadas entre elas, e constituirían a Comisión Permanente. As restantes compoñentes da Coordinadora serían as representantes territoriais elixidas nas súas respectivas asembleas (respectando a paridade).

As elixidas nos territorios nun prazo máximo de 15 días despois da Asemblea Nacional.

Cada área territorial, conformada segundo o Mapa Territorial vixente aprobado pola Coordinadora Nacional, escollerá 1 representante sempre que conte cun mínimo de 18 persoas afiliadas conforme o censo aprobado pola CN para a II Asemblea Nacional.

As áreas que non cheguen a esa cifra mínima adscribiranse a outra área coa que exista continuidade territorial ata xuntar o mínimo requirido, dispoñendo de 15 días naturais a contar desde o seguinte ao remate do Plenario da II AN para realizar este proceso.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate: require 2/3 (non está contemplado en estatutos)

10

Nota emendas de David F. Calviño: aparecen agrupadas varias emendas dado que se entenden que forman un bloque conxunto de defensa dun mesmo modelo de escolla

22.1

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante: **David F. Calviño** Asemblea Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 1 liñas 9-11

DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda:

Substituír “o sistema de lista aberta con factor de corrección de xénero do 50% na súa cifra máis aproximada, non podendo superar ningún xénero as 38 persoas” por “o sistema de Listas Pechadas. As candidaturas estarán compostas como mínimo por dúas persoas e como máximo polo número de membros a elixir mais igual número de suplentes. Ningún xénero poderá superar as 38 persoas entre as electas”.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

22.2

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante: **David F. Calviño** Asemblea Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 1 liñas 16-22

DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda:

Eliminar dende “As persoas...” ate “...do organismo”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

22.3

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante: **David F. Calviño** Asemblea Local de Ourense

Localización emenda: Dende páxina 1, liña 24 até páxina 2 liña 32

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: -

Texto da emenda: Eliminar todo

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

Nota emendas de Miguel Anxo Malvido e Iris Malvido: aparecen agrupadas varias emendas dado que se entenden que forman un bloque conxunto de defensa dun mesmo modelo de escolla, con diferentes variantes do mesmo

23.1

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante/s: **MIGUEL ANXO MALVIDO, IRIS MALVIDO** Asemblea Vigo

Localización emenda: 1 Liña 9-11

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

As 50 persoas escollidas no plenario da asemblea escolleranse polo sistema de listas proporcional, desbloqueado ou non, establecéndose como número mínimo das candidaturas dúas persoas, respectando a cuestión de xénero.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate

11

23.2

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante/s: **MIGUEL ANXO MALVIDO, IRIS MALVIDO** Asemblea Vigo

Localización emenda: 1 Liña 9-11

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

As 75 persoas escollidas no plenario da asemblea escolleranse polo sistema proporcional, desbloqueado ou non, establecéndose como número mínimo das candidaturas dúas persoas, respectando a cuestión de xénero.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate

24

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante/s: **IRIS MALVIDO, RICARDO GARRIDO** Asemblea/s: Vigo - Ogrobe

Localización emenda: 1 Liña 9-11

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

As 75 persoas escollidas no plenario da asemblea escolleranse polo sistema de voto único transferible. Prá garantir a cuestión de xénero as persoas deberán numerar un home e una muller cada dous números.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate

3º debate agrupado de emendas: Entre o modelo oficial e as emendas referidas ao nº de representantes a escoller en Asemblea Nacional e nas áreas territoriais.

Hai 4 modelos propostos, o referido na tese oficial proposto pola Coordinadora Nacional e os propostos nas emendas 25, 26 e 27

- Modelo proposto pola CN
- Modelo defendido por Pilar Barros Barco na Emenda 25
- Modelo defendido por David F. Calviño na Emenda -
- Modelo defendido por Iris Malvido na Emenda –

25	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
Emendante Pilar Barros Barco Asemblea do Carballiño Localización emenda: 1 Liña 6 1. DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> Para que haxa mais equilibrio ente os elixidos na Asemblea Nacional e as localidades <u>Texto da emenda:</u> Onde pon 75, por 60 Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate	

12

26	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
Emendante David F. Calviño Asemblea Local de Ourense Localización emenda: Páxina 1 liñas 6-7 DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> -- <u>Texto da emenda:</u> Substituír “A Coordinadora Nacional de ANOVA-IN estará conformada por 105 persoas, 75 elixidas no plenario da Asemblea Nacional e 30 elixidas polas áreas territoriais” por “A Coordinadora Nacional de ANOVA-IN estará conformada por 75 persoas elixidas no plenario da Asemblea Nacional <u>as que se sumarán as elixidas polas áreas territoriais segundo establecen os estatutos</u> ” Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate	

27	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
Emendante Iris Malvido Lago Asemblea Vigo Localización emenda: 1 Liña 6 DA ELECCIÓN DA COORDINADORA NACIONAL Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS <u>Texto da emenda:</u> 50 elixidas no plenario e 55 elixidas polas áreas territoriais. Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate	

4º debate agrupado de emendas: Entre o modelo oficial de escolla da representación territorial e a proposta feita por Miguel Anxo Malvido e Iris Malvido nas emendas 28.1 e 28.2 (Dúas variacións dun mesmo modelo)

28.1	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
-------------	--

Emendante/s: **MIGUEL ANXO MALVIDO, IRIS MALVIDO** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 1 Liña 24-29

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

As 55 persoas elixidas nas áreas territoriais escolleranse proporcionalmente en función da afiliación. Garantindo que toda asemblea de máis de 10 afiliadas ten dereito a un representante. As asembleas de base poderan escoller se utilizan un sistema proporcional, desbloqueado ou non, ou se o fan por consenso.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

28.2	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
-------------	--

Emendante/s: **MIGUEL ANXO MALVIDO, IRIS MALVIDO** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 1 Liña 24-28

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

As 30 persoas elixidas nas áreas territoriais escolleranse proporcionalmente en función da afiliación. Garantindo que toda asemblea de máis de 10 afiliadas ten dereito a un representante. As asembleas de base poderan escoller se utilizan un sistema proporcional, desbloqueado ou non, ou se o fan por consenso.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

13

5º debate agrupado de emendas: Entre o modelo oficial de reparto da representación entre as asembleas territoriais e o modelo proposto por Miguel Anxo Malvido e Iris Malvido na emenda 29.

29	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
-----------	--

Emendante/s: **MIGUEL ANXO MALVIDO, IRIS MALVIDO** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 1 Liña 35

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

Conformado o novo mapa territorial, os/as representantes que sobren do número atribuído con carácter fixo a cada área ata chegar aos 55 distribuiranse entre as distintas áreas conforme aos seguintes criterios:

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

6º debate agrupado de emendas: Entre o modelo oficial de escolla da Comisión de Garantías e os modelos defendidos nas emendas 30, 31

30	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS CG
-----------	---

Emendante/s: IRIS MALVIDO Localización emenda: 3 Liña 1-12 Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE GARANTÍAS Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS Texto da emenda: <i>A Comisión de Garantías esixirá unha maioría cualificada de 2/3 da AN, respectando o porcentaxe de xénero 40-60%.</i>	Asemblea/s: Vigo
Ditame Comisión Redactora de Textos: Rexeitada Inaplicable	

31.1	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS CG
-------------	---

Emendante: David F. Calviño Localización emenda: Dende páxina 3, liña 9 2. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS Tipo de emenda: ENGADIDO Xustificación da emenda: -- Texto da emenda: Engadir despois de "...mencionado", " <i>Ademais será necesario que as candidatas acaden 2/3 dos votos emitidos</i> ".	Asemblea Local de Ourense
Ditame Comisión Redactora de Textos: Rexeitada Inaplicable	

14

31.2	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS CG
-------------	---

Emendante: David F. Calviño Localización emenda: Dende páxina 3, liña 12 2. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS Tipo de emenda: ENGADIDO Xustificación da emenda: -- Texto da emenda: Engadir " <i>De non acadar as candidatas 2/3 dos votos emitidos, a elección realizarase por sorteo respectando a corrección de xénero 60-40</i> "	Asemblea Local de Ourense
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate, non resulta acaído deixar ao azar a escolla dos órganos.	

32	SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS CG
-----------	---

Emendante/s: Miguel Anxo Malvido Localización emenda: 2 Liña 36 Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE GARANTÍAS Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS Texto da emenda: A Comisión de Garantías estará composta por <u>8</u> persoas.	Asemblea/s: Vigo
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate, require de 2/3 por modificar estatutos	

7º debate agrupado de emendas: Entre o modelo oficial de escolla da CP (recollido en estatutos) e o modelo defendidos na emenda 33

33

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

CG

Emendante/s: **IRIS MALVIDO, MIGUEL ANXO MALVIDO** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 2 Liña 1-12

DA ELECCIÓN DA COORDENADORA NACIONAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

A CN escollerá a Permanente por unha maioría cualificada de 2/3 dos seus componentes.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

8º debate agrupado de emendas: Sobre o modelo de escolla da **PORTAVOCÍA**. Dúas posibilidades:

Ordenación do debate entre 2 opcións: Escolla en CN

A) Da CN: Modelo Oficial e Proposta emenda 34

B) Escolla directa en AN: propostas emenda 35 e 36

Para ordenar ao debate, someterase a votación o modelo de escolla, e posteriormente as variacións do modelo con maior número de votos a favor.

34

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

PORTAVOCÍA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 3 Liña 20-25

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

3. DO PORTAVOZ NACIONAL E DA COMISIÓN PERMANENTE

Xustificación da emenda: NECESIDADE DE SISTEMAS DE ESCOLLA INCLUSIVOS E PARTICIPATIVOS

Texto da emenda:

*A CN escollerá dous membros **prá** a portavocía, respectando a cuestión de xénero.*

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

35

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

PORTAVOCÍA

Emendante/s: **Hector Tejón Sáez** Asemblea/s: A Coruña

Localización emenda: Pax 3 ; Liñas 22-25

3. DO PORTAVOZ NACIONAL E DA COMISIÓN PERMANENTE

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Necesidade dun cambio nas formas políticas que acrediten non nun novo xeito, se non nunha dinámica diferencial de empoderamento colectivo e representatividade plural.

Texto da emenda:

A Portavocía Nacional de Anova elixirase nun proceso de elección directa por parte da Asemblea Nacional e aberto a toda persoa militante que desexe candidatarse.

Para elección das persoas que integren a Portavocía a metodoloxía a seguir será a presentación das persoas nunha única lista de candidatas, sendo a súa escolla o resultado dunha primeira e única votación onde sairán electas as 4 candidatas mais votadas con corrección de xénero (non podendo superar ningún dos xéneros os 3/4 do total de persoas da Portavocía).

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. O organismo facultado para a elección da portavocía nacional deberá ser o máximo órgano político emanado da Asemblea Nacional, é dicir, a Coordinadora Nacional. Entendemos que a persoa (ou persoas) voceira nacional ten como única función a de ser portavoz, e non secretaria/o xeral.

36

**SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS
PORTAVOCÍA**

Emendante/s: **Rafael C. Sisto Edreira** Asemblea/s: Teo

Localización emenda: 3 Liña 25

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

3. DO PORTAVOZ NACIONAL E DA COMISIÓN PERMANENTE

Xustificación da emenda:

Sistema de elección de Portavoz Nacional. A Asemblea Nacional ten que poder decidir que tipo de portavoz desexa para a organización (unipersoal, colexiada,...). Eu creo que debe ser unipersoal, e que esta importante figura debe poder votarse directamente na Asemblea Nacional, xa que non existe ningún motivo para que a militancia reunida en asemblea non poida escoller a persoa que lles pareza mais capacitada para representarnos colectivamente

Texto da emenda:

A persoa que desempeñará a responsabilidade de ser o/a Portavoz Nacional de ANOVA elixirase mediante votación directa e secreta dos militantes asistentes á Asemblea Nacional.

O prazo de presentación de candidaturas remata o día de apertura da asemblea (neste caso o 11 de outubro) ás 24,00h, mediante escrito persoal de aceptación do/da candidato/a entregado á Mesa da Asemblea Nacional

A Coordinadora Nacional, na súa sesión constitutiva, escollerá, polo procedemento que se determine e de entre as persoas que a integran, a nova Comisión Permanente coas funcións que se determinen no mesmo procedemento dentro das previsións estatutarias.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. O organismo facultado para a elección da portavoz nacional deberá ser o máximo órgano político emanado da Asemblea Nacional, é dicir, a Coordinadora Nacional. Entendemos que a persoa (ou persoas) voceira nacional ten como única función a de ser portavoz, e non secretaria/o xeral.

16

Outro debate

37

SISTEMA DE ELECCIÓN DOS ORGANOS NACIONAIS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: 3 Liña 26

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: sistemas de escolla máis equitativos

Texto da emenda:

No caso de que algún dos métodos de escolla fágase por listas abertas, as e os afiliados deberán riscar igual número de homes que de mulleres.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

Olo, emenda entra en contradición emenda nº 68.

EMENDAS Á TESE ORGANIZATIVA

38

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: VÁZQUEZ VERAO, PAULA; MARTÍNEZ GARCÍA, MARÍA
 CONSUELO; RUBIANES NOGUEIRA, BERNARDA; PÉREZ SARDIÑA, XOSÉ MANUEL;
 LÓPEZ RICO, MARIO; OGANDO MUÑIZ, LAURA

Asemblea/s: SOBER - VIGO - VILAGARCÍA -
 CABANAS - A CORUÑA - BUEU

Localización emenda: Tese organizativa + principios políticos + estatutos

Tipo de emenda: **EMENDA A TOTALIDADE**

Xustificación da emenda: Defensa do proxecto xenuíno de Anova.

Texto da emenda:

DOCUMENTO: TESE ORGANIZATIVA (PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS E ESTATUTOS)

EN DEFENSA DO PROXECTO XENUÍNO DE ANOVA

Anova naceu co propósito de “recuperar a dignidade dunha acción política baseada na radicalidade democrática; nos principios republicanos de igualdade, liberdade, fraternidade e laicidade; na conciencia sobre os límites ecolóxicos do planeta; na loita contra calquera caste de discriminación; na permanente fiscalización por parte da cidadanía dos elixidos e elixidas e en que a orientación das políticas, en todos os ámbitos, deberá sempre estar presidida pola defensa do benestar das maiorías sociais e a defensa das minorías oprimidas, en definitiva, na procura do ben común.”

Así, Anova concíbese coma unha ferramenta, un medio e non un fin en si mesmo, unha canle para o empoderamento da sociedade civil organizada e activa do noso país expoliado; unha organización de carácter nacionalista, expresión política do galeguismo, e enmarcada tanto na tradición plural da esquerda como nas novas expresións da mesma.

As deficiencias de funcionamento de Anova non son de modelo organizativo, senon que viñeron de que non se respectaron os principios ético-políticos e Estatutos fundacionais, do abandono do proxecto estratéxico definido claramente nos textos fundacionais e dunha I Asemblea Nacional na que á marxe do regulamento se forzou a elección non estatutaria da Coordinadora Nacional – impedindo unha representación proporcional á realidade interna de Anova – e da Portavocía nacional, escollida por separado a xeito dunha Secretaría Xeral.

O modelo organizativo de Anova está a ser violentado pola nova Permanente, pretendendo someter a autonomía das asembleas territoriais dende arriba, vencellando grupos de traballo a áreas da Permanente, sen autonomía para deliberar e propoñer e así favorecer o debate de ideas.

O devir de Anova dende a I Asemblea Nacional afastou o horizonte da militancia única, pero, para que Anova poida ser cada vez máis un instrumento independente e implantado no país, debe retomar ese camiño e propoñerse a fixación dun prazo relativamente breve para acordar a militancia exclusiva en Anova, porque non é admisible a existencia de estruturas incompatibles co tipo de organización que somos.

Anova porá en práctica o seu modelo orixinario, que cómpre desenvolver, fronte a quen procura unha organización vertical e centralizada, con poderes concentrados na Coordinadora Nacional e eliminando a autonomía organizativa das asembleas.

Anova debe desenvolver o seu modelo horizontal, asembleario, aberto, non dirixista na actuación social e que permite a militancia individual, facendo innecesaria a pertenza ou conformación de colectivos que non sexan a propia Anova; un modelo organizativo onde cada persoa aporte o que poida e queira.

Polo tanto, Anova ratifícase no consenso fundacional e mantén os Principios Organizativos, Estatutos e Principios Ético-políticos vixentes, froito do consenso constituínte.

Galiza, 30 de setembro de 2014.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate Emenda que require de 2/3 (afecta a principios e estatutos vixentes)

39	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Iris Malvido Lago Asemblea/s: Vigo Localización emenda: Pax 17 Liñas 8-13 Introducción Tipo de emenda: ELIMINACIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> Clarificación <u>Texto da emenda:</u> SUPRESIÓN (línea 8 a 12): “Agora”.. ata “partido-movemento” <u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate: a CRT considera o texto son os principais retos que ten que afrontar anova nesta AN</p>	

40	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Asemblea Local de Ourense Asemblea/s: Local de Ourense Localización emenda: Páxina 17 liña 30 até páxina 18 liña 1 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: ELIMINACIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> A tratar en estatutos <u>Texto da emenda:</u> Eliminación desde “Entendendo...” ate o final. <u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Acéptase</p>	

41	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Miguel Anxo Malvido; Transi Fernández Fernandez Asemblea/s: Vigo Localización emenda: Pax 17-18 liñas ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: VARIAS <u>Xustificación da emenda:</u> Clarificación <u>Texto da emenda:</u> MODIFICACIÓN (liña 34-35): “e delimitar o seu ámbito territorial” por “por concello” MODIFICACIÓN (liña 37): “con menor número de militancia” por “con menos de 10 persoas afiliadas” ENGÁDEGA (liña 2): “sempre por mutuo acordo” <u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate: ao aceptarse a emenda anterior o texto que se propón modificar nesta emenda estaría suprimido</p>	

42	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco Asemblea/s: Teo Localización emenda: Pax 18 Liñas 10-14 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN <u>Xustificación da emenda:</u> O parágrafo completo é incompreensible <u>Texto da emenda:</u> <i>Sendo fieis ao principio de autoorganización, as decisións no tocante á estrutura e á xestión de cada asemblea deben ser tomadas pola propia asemblea, sen máis requisito que garantir mediante a designación de unha ou varias persoas os labores de enlace e coordinación coa estrutura nacional, en congruencia co carácter nacional da organización e para garantir a horizontalidade, a información e a socialización das decisións.</i> <u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Aceptase</p>	

43	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Asemblea Local de Ourense Asemblea/s: Local de Ourense Localización emenda: Páxina 18 liñas 17 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN Xustificación da emenda: --- Texto da emenda: Sustituir “mensual” por “bimensual” Ditame Comisión Redactora de Textos: Decae: Xa pon bimensual</p>	

44	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: David F. Calviño Asemblea/s: Local de Ourense Localización emenda: Páxina 18 liñas 18-19 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: ELIMINACIÓN Xustificación da emenda: -- Texto da emenda: eliminar “<i>excepto que unha persoa militante solicite por escrito a súa celebración con carácter mensual</i>” Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada</p>	

45	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Asemblea Local de Ourense Asemblea/s: Local de Ourense Localización emenda: Páxina 18 liñas 25-26 ESTRUTURA TERRITORIAL E ASEMBLEAS Tipo de emenda: ELIMINACIÓN Xustificación da emenda: Texto da emenda: Eliminar “<i>...en procesos como as Xeiras de Anova</i>” Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada</p>	

19

46	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Xan Daniel García Asemblea/s: COMPOSTELA Localización emenda: Dende Pax 18 Liña 41-45 até Pax. 19 liñas 1-9 . Aptdp. TICs Tipo de emenda: SUPRESIÓN Xustificación da emenda: --- Texto da emenda:--- Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. Mantemos a proposta oficial xa que recolle a vontade de establecer e facilitar canles de comunicación entre a militancia.</p>	

47	TESE ORGANIZATIVA
<p>Emendante/s: Asemblea Local de Ourense Asemblea/s: Local de Ourense Localización emenda: Páxina 19 liña 14 COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN Xustificación da emenda: Texto da emenda: Substituir “todas” por “cada 6 meses” Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. Cómpre dotar de contido político As Coordinadoras Nacionais</p>	

48

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 19 liñas 14-15

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **SUBSTITUÍR**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda: substituir “Así todas as Coordinadoras Nacionais comezarán polo” por “Así todas as Coordinadoras Nacionais incluírán un”

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

49

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 19 liña 37

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **SUBSTITUÍR**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda: substituír “ante” por “tras”

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

50

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: dende páxina 19 liña 39 até páxina 20, liña 2.

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda: Eliminar todo o parágrafo. (Este parágrafo é contradictorio co seguinte).

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: non hai contradición.

20

51

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 19 liñas --

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: Tema de Estatutos

Texto da emenda: Eliminar os dous parágrafos

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Decae: refírese a un parágrafo do primeiro borrador que xa fora suprimido pola coordinadora nacional

52

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense
 Localización emenda: Páxina 20 liñas 11-12 COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA
 Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**
Xustificación da emenda: --
Texto da emenda: Eliminar “segundo o esquema trazado coas variacións que se estime oportuno introducir
Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

53

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense
 Localización emenda: Páxina 20 liñas -- COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA
 Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**
Xustificación da emenda: Regulado máis abaixo
Texto da emenda: Eliminar desde ...**como por exemplo...** ate ...**estrutura da organización**
Ditame Comisión Redactora de Textos: refírese a un parágrafo do primeiro borrador que xa fora suprimido pola coordinadora nacional

54

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense
 Localización emenda: Páxina 20 liñas 15 a 30
 Tipo de emenda: **sen especificar**
Xustificación da emenda: Dos grupos de traballo e a súa vinculación coa Comisión Permanente
Texto da emenda:
Os grupos de traballo deberán organizados por áreas e temáticas.
Os grupos de traballo estarán vinculados aos membros da Comisión Permanente. Os membros desta serán asignados a un grupo determinado e deberán pular polo funcionamento e á dinámica dos grupos, para que os traballos deste cheguen a ser documentos políticos programáticos e susceptíbeis de seren executados.
Asemade, as propostas do grupo de traballo, a traveso da permanente e coa participación da Coordinadora Nacional deberán ser levados ao Parlamento para que as deputadas e deputados fagan propostas políticas e/ou lexislativas.
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

21

55

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo
 Localización emenda: Pax 20 Liñas 21 Grupos de traballo e conferencias nacionais
 Tipo de emenda: (a emendante non clarificou, enténdese que Engadido)
Xustificación da emenda: Clarificación
Texto da emenda: *O propio grupo de traballo nomea entre os seus membros a responsable, que a súa vez debe estar na Coordinadora Nacional. Existindo dúas posibilidades, que xa fose elixida pola asemblea ou, de non selo, participará con voz pero sen voto na Coordinadora Nacional.*
A responsable do grupo de traballo non pode ser un membro da Permanente.
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate, enténdese que non é conveniente vincular a actividade dos grupos de traballo á composición da CN. Ademais, a CN xa é un órgano aberto, no que, de ser preciso, poderán participar.

56

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 20 Liñas 21 Grupos de traballo e conferencias nacionais

Tipo de emenda: (a emendante non clarificou, enténdese que Engadido)

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda: *Os grupos de traballo podarán decidir organizarse por localidades se así o estiman oportuno, pero non se esixirá a súa territorialización.*

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate, non se esixe en ningures a territorialización dos grupos de traballo

57

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 20 Liñas 23-24

Grupos de traballo e conferencias nacionais

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Os grupo de traballo constituiranse após a asemblea nacional nun prazo de dous meses.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

58

TESE ORGANIZATIVA

22

Emendante/s: **Iris Malvido Lago**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 20 Liñas 24

Grupos de traballo e conferencias nacionais

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda: de “**calquera militante**” por “**un grupo de militantes**”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: calquera persoa (militante ou non) está no seu dereito de facer propostas.

59

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 20 Liñas 25

Grupos de traballo e conferencias nacionais

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda: *Os grupos de traballo serán autónomos prá crear áreas de traballo concretas dese grupo ou que traballen transversalmente con outros*

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: non é conveniente delimitar nunha tese organizativa a actividade dos grupos de traballo que debe ser dinámica.

60

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Lupe Ces Rioboo** Asemblea/s: Ferrol

Localización emenda: Pax 20 liña 30

Grupos de traballo e conferencias nacionais

Tipo de emenda **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Anova nom precisa um grupo de Açom Feminista, dedicado a campañas ou pronunciamentos. Para esses fins nasceu, e assim o fai na rua a diario, o Movimento Feminista, onde a militancia de Anova deve ser activista e solidaria. a organização precisa dunha estrutura que trabalhe a nivel interno, a prol da eliminación das actitudes machistas dentro da organización, e trabalhe para o asesoramento em temas de Igualdade e Feminismo, do resto das estruturas da organização

Texto da emenda: Consello para a pulsión feminista en Anova.-

Anova, como ferramenta transformadora, debe ter un compromiso claro de eliminación no seu seo de actitudes machistas e barreiras sexistas que repoduzam o patriarcado na vida da organización. Este compromiso nom encontra a súa expresión organizativa nun grupo de traballo de carácter sectorial ou programático, senom que debe constituir un organismo propio que actúe transversalmente e convoque unha Conferencia Nacional cada ano, onde se revise o nivel de obxectivos acadados na eliminación do machismo na organización, e sexa un verdadeiro termómetro das barreiras a superar. Este Consello, do mesmo xeito que o resto de organismos de Anova, deberá ser paritario.

Ditame Comisión Redactora de Textos. Transacción: concordando co contido da emenda, enténdese dende a CRT que non casa co contido da Tese Organizativa, polo que propomos que se aprobe como unha resolución da AN (vinculante)

23

61

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Héctor Tejón Sáez, André Outeiro Garcia** Asemblea/s: A Coruña, Marinha

Localización emenda: Páxina 20 liña 31 até páxina 21 liña 3

RESPONSABILIDADES ÉTICAS

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Nos Principios Organizativos aprobados na Asemblea Nacional Constituínte figura a aceptación dun código ético partillado que se recolle nos Principios Ético-Políticos.

A Comisión Ética e de Garantías terá como funcións principais a Mediación no Conflicto e a Facilitación do entendemento. As persoas que a compoñan afondarán e practicarán as dinámicas de grupo baseadas no consenso e non na confrontación, na empatía-afectiva en troques da dialéctica clasista punitiva. O funcionamento da CEG debe ser como calquer grupo de traballo, a súa dinámica debe ser aberta a toda a militancia e simpatizantes, e con un contacto continuo coa área de Formación que distribuiría manuais, cursos e xornadas lúdicas pra o traballo destas dinámicas co obxectivo a medio-longo prazo da conformación de sinerxias de entendemento e dinamización colectiva.

Antes de activar a Comisión Ética e de Garantías co seu procedemento sancionador cautelara (atribuido nos Principios Ético-Políticos) procuraríase o traballo de entendemento a través dun grupo de Mediación/Facilitación plural, aberto, constante e diverso. En todo caso, no prazo de seis meses a Coordinadora Nacional desenvolverá un Regulamento do Proceso Sancionador, que deberá ser aprobado polos 2/3 da militancia.

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: entendemos que o texto orixinal desenvolve a regulamentación das responsabilidades éticas dunha maneira máis concreta, non sendo excluínte co texto proposto na emenda.

62

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 20 liñas 32-35

RESPONSABILIDADES ÉTICAS

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: Ese parágrafo non di nada.

Texto da emenda:

Eliminación dende o principio ata "...pública."

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

63

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Lupe Ces Rioboo** Asemblea/s: Ferrol

Localización emenda: Pax 20 liña 44 Pax 21 liña 3

RESPONSABILIDADES ÉTICAS

Tipo de emenda **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Tráta-se de ensaiar um novo caminho para resolver os conflitos e reconhecere a autoridade de movementos que teñem elaborado dinámicas facilitadoras.

Texto da emenda:

Anova contará para resolver os conflitos derivados da vulneración dos dereitos da militancia, con os instrumentos de mediación que os movementos sociais na Galiza veñen construíndo nas últimas décadas, nomeadamente, o movemento cooperativo ou o movemento de Educadores para a Paz

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: deféndese o sistema de resolución de conflitos que se propón no texto orixinal

24

64

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 20 Liñas 38-44

RESPONSABILIDADES ÉTICAS

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda:

MODIFICACIÓN (liñas 40 a 41): dende "nos órganos políticos..." ata "Nacional)" por "na CEG".

MODIFICACIÓN (liña 44): "Con todo é conveniente manter" por "A CEG debe ser"

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate:

A proposta de textos defende un modelo de organización cuxos máximos órganos políticos sexan os encargados de interpretar o Código Ético. Entende tamén a necesidade de establecer mecanismos facilitadores do entendemento e da resolución de conflitos no seo da organización

65

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 21 liña 3

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda: Engadir: “No caso de non acadar os candidatos 2/3 dos votos emitido, cubriranse os postos libres por sorteo entre os candidatos.”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: determinar por sorteo non é un método de escolla acaído para un órgano dunha organización político

66

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 21 liña 8

COORDINADORA NACIONAL E PROPOSTAS DE ELABORACIÓN POLÍTICA

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda: Substituír “mensual” por “semestral”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

25

67

TESE ORGANIZATIVA

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Páxina 21 liñas 11-21

FINANZAS

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: Os asuntos de finanzas xa son tratados na carta financeira

Texto da emenda: Eliminación de todo o parágrafo

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: no documento oficial trátanse asuntos que non son abordados na carta financeira

EMENDAS AOS PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

A partir de aquí todas as emendas precisan de 2/3

Hai que someter a votación cada unha das propostas de modificación da CN, precisando 2/3.

Ordenación do debate:

1º PROPOSTA OFICIAL CN punto 1 ppios organizativos. Someter a votación

2º PROPOSTA OFICIAL CN punto 4 ppios organizativos. Someter a votación

68

TESE ORGANIZATIVA – PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco**

Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 22 Punto 5.

PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: A discriminación positiva consiste en garantir un mínimo de participación da muller, pero é absurdo poñerlle teito mediante unha falsa igualación de xéneros. Esa falsa igualdade pode mesmo xerar que mulleres que son elixidas sexan substituídas por homes con menos votos simplemente para cubrir esa porcentaxe. Se a organización se dota de órganos de dirección ocupados por máis dun 60% de mulleres, cumprírase de maneira satisfactoria o compromiso co acceso das compañeiras ás responsabilidades políticas en igualdade de oportunidades e condicións.

Texto da emenda:

Os organos de direccion/coordinacion en calquera ambito contarán coa participacion dun mínimo do 40% de mulleres.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

26

3º.- Debate; Agrupación de emendas.

-**Someter a votación** Proposta nova redacción da CN punto 6 dos principios organizativos

-Proposta Breogán

Nota CRT: estas dúas propostas entrarían en vigor para a seguinte AN.

1

ORDE DO DÍA

Emendante: **Breogan Manoel García Pampín** Asemblea: Compostela

Localización emenda: Orde do día

Tipo de emenda: Engadido

Xustificación da emenda: ---

Texto da emenda:

Creo que o tema dos 2/3 debe ser tratado antes de qualquer devate, polo que propoño que sexa a primeira votación da asemblea

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Recoméndase trasladar esta emenda ao 1º punto do debate da Tese Organizativa, onde si está vixente a necesidade de 2/3 para aprobación dos aspectos que afectan a principios organizativos e estatutos

69

TESE ORGANIZATIVA – PRINCIPIOS ORGANIZATIVOS

Emendante/s: **Miguel Anxo Malvido; Chelo Martínez** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 22 Punto 6 dos principios organizativos

Tipo de emenda: ELIMINACIÓN

Xustificación da emenda: *Manter Garantías*

Texto da emenda:

ELIMINACIÓN: dende “*para a modificación*” ata “*estatutos*”

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Consideración feita a esta emenda: o que propón é manter o texto dos estatutos vixentes. Polo que equivalería a votar en contra da proposta oficial (votación anterior)

EMENDAS AOS ESTATUTOS

NOTA: Todas as propostas de modificación dos estatutos vixentes, tanto a proposta feita pola Coordinadora Nacional nas teses oficiais, como as emendas, precisan para a súa votación dunha maioría cualificada de $2/3$ polo que se someterán todas a votación.

70

ESTATUTOS

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco**

Asemblea/s: Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Páxina 22-24 VARIOS ARTICULOS

Título do apartado/ artigo: Afiliación, dereitos e deberes

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Respeto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática.

Texto da emenda:

1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES

Artigo 1.-

Ten dereito a ser afiliado/a toda persoa que así o desexe e que se comprometa a respectar as normas e principios de funcionamento e actuación democraticamente adoptados pola organización. A afiliación e integración é de carácter exclusivamente individual, respectando o disposto no texto político. O órgano competente para aceptar unha petición de alta na organización é a Asemblea de base correspondente. Un acordo rexeitando unha petición de alta deberá ser razoado. Alén diso poderá ser recorrido diante da Coordinadora Nacional. Farase especial atención a aquelas persoas militantes que non residan en Galiza para garantir a súa plena integración na vida orgánica. Todo procedemento distinto ó aquí recollido será levado á Comisión Ética e de Garantías, de oficio ou a instancia de parte, para o proceso contradictorio correspondente. Por local enténdese aquelas asembleas de base municipais ou supramunicipais con un mínimo de 10 persoas afiliadas. Ningun municipio podera estar en mais de unha asemblea de base ou local.

Artigo 2.-

Toda persoa afiliada terá dereito a:

- a. Expresar libremente – sexa de xeito individual ou colectivo – as súas opinións dentro da organización, e publicamente como persoa afiliada.*
- b. Elixir, ser elixida e formular propostas de revogación nos distintos órganos, cos procedementos contemplados nestes Estatutos.*
- c. Participar e votar en todas e cantas situacións afecten á vida organizativa segundo os mecanismos establecidos nos presentes Estatutos.*
- d. Utilizar o material, locais e demais servizos que se poidan crear e ofrecer para os fins e actividades propias da Organización.*
- e. Recibir, en caso necesario, defensa, asesoría e apoio solidario en toda situación problemática que se derive ou relacione coa súa pertenza e actividade a prol ou en nome da organización.*
- f. Participar na proposta, planificación, elaboración, control e execución das distintas actividades que se realicen. Para o mellor funcionamento da organización, cada militante expresará aqueles campos de maior interese á hora de realizar traballo*

político.

g. Recibir información detallada sobre todos os aspectos da vida e xestión da organización.

h. Discrepar publicamente dos acordos maioritarios.

i. Impugnar os acordos que estime contrarios aos principios ético- políticos, organizativos e estatutarios da organización

j. Acceder as actas da organización e ao censo de persoas afiliadas e simpatizantes nas condicións que se detallan no regulamento interno do Censo e do Banco de Actas respectivamente.

Artigo 3.-

As persoas afiliadas teñen o deber de:

a. Observar os presentes Estatutos e actuar conforme aos principios organizativos e políticos democraticamente adoptados.

b. Cotizar a cota establecida e velar polo mantemento e conservación dos bens da organización.

c. Colaborar activamente no cumprimento dos principios e obxectivos da organización, asistindo ás xuntanzas e actividades da mesma.

d. Cumprir os acordos lexitimamente adoptados pola organización. Na Acción Institucional os acordos serán vencellantes. Na Acción Social, serán só orientacións. Os membros da organización terán autonomía para modular os acordos adaptándoos á realidade dos movementos sociais nos que interveñan.

e. Todos os órganos – e os afiliados e afiliadas en canto tais – empregarán exclusivamente a lingua galega en todas as actividades que desenvolvan e comunicados que emitan. En canto aos comunicados dirixidos a organismos e medios de outros países, os mesmos utilizarán a lingua galega máis a tradución á lingua deles sempre que resulte viábel tecnicamente. Dos medios de comunicación galegos esixirán que se publique no noso idioma – conforme á manifestación orixinal – a transcripción das súas palabras, a fin de garantir o dereito á propia imaxe. Caso de non ser aceptada esta condición, deberase avisar ao medio de que carece de permiso para publicala traducida, e se non fose respectado o dereito á propia imaxe, o órgano ou afiliado concernido deberá facer pública protesta e denuncia. Asimesmo, as persoas afiliadas e simpatizantes deberán facer o maior esforzo pola normalización do uso da lingua galega.

Sobre a comunicación interna:

Para dar cumprimento ó exercicio pleno dos dereitos da afiliación habilitaranse sistemas de comunicación para o intercambio entre afiliados e afiliadas. Habilitaranse foros de debate e un desenvolvemento eficaz da comunicación externa por medio das redes.

Será deber dos afiliados o correcto uso destes medios en base á normativa da que se doten.

Artigo 3-bis.- Sobre a comunicación interna.

a. Para dar cumprimento ao exercicio pleno dos dereitos da afiliación habilitaranse sistemas de comunicación para o intercambio entre a afiliación.

b. Habilitaranse foros de debate e un desenvolvemento eficaz da comunicación interna por medio das redes.

Artigo 4.- A condición de afiliada ou afiliado pérdese

a. Por expresa vontade de quen así o desexe, manifestada por escrito.

b. Por falta inustificada no pagamento das cotas durante tres períodos de cotización, previo apercibimento por escrito cun mínimo de quince días de antelación.

c. Pola inobservancia dos presentes Estatutos ou dos acordos democraticamente adoptados. Neste último caso, deberá mediar sempre o correspondente proceso contraditorio de instrución de expediente que ampare os dereitos das persoas implicadas, agás para as medidas cautelares establecidas nos Principios Ético-Políticos.

Artigo 5.-

Sobre a figura do/a simpatizante:

1.- Dado o carácter aberto de moitas actividades de Anova – Irmandade Nacionalista implicará a participación de persoas simpatizantes, garantíndose que as propostas da organización sexan reflexo do sentir social, e favorecerá os procesos de incorporación de novas persoas que desexen dar o paso e integrarse na organización con plenos dereitos e deberes.

2.- Terá posibilidade de participar sen voto en todo aquilo que non estea reservado á afiliación nas condicións que se estableza para cada convocatoria .

3.- Cada ámbito organizativo terá o seu censo de simpatizantes, para os que se desenvolverá esta figura respectando o disposto nos apartados anteriores, para comunicarse con el. Todos eles integrarán o censo nacional de simpatizantes.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate: mantense a proposta oficial

71

ESTATUTOS

Emendante/s: **Miguel Anxo Malvido; Transi Fernández** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 22 - Novo parágrafo artigo 1

Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda:

Por asemblea de base enténdese aquelas asembleas con un mínimo de 10 persoas afiliadas por concello

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. O contido proposto xa aparece reflectido nos estatutos, proposta de novo artigo: ARTIGO 7 bis, punto 2, na páxina 25)

4º PROPOSTA OFICIAL CN **Someter a votación a proposta de endadir un novo parágrafo ao final do artigo 1.**

72

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iván Tourís Fresco** Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 23 Artigo 2.

Capítulo 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERTES

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Falta especificar un dereito, que eu creo fundamental nos tempos que vivimos e xa que na tese organizativa o incluimos, debería ser dereito de toda a militancia o acceso ás ferramentas TIC e a formación nelas en caso de non saber empregalas.

Texto da emenda:

Dispoñer de acceso ás ferramentas TIC así como á formación no emprego das mesmas.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: entendemos que é complexo regulamentar como dereito o acceso ás ferramentas TIC.

29

73

ESTATUTOS

Emendante/s: **Xan Daniel García** Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax 23 Artigo 2 letra G. Dereitos das persoas afiliadas

Capítulo 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERTES

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Dereitos individuais e defensa do idioma.

Texto da emenda:

Texto da emenda: A que o precitado dereito a ser informado das devanditas cuestión amentadas no parágrafo precedente, sexa levado a efecto ineludiblemente mediante o emprego do noso idioma nacional , entendendo por tal, a lingua galega conforme aparece configurada na normativa de concordia socialmente implantada e xurídicamente vixente no noso país.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. Enténdese o sentir da emenda, mais considérase que non ten cabida neste espazo e é redundante. Xa é un deber desta organización empregar a lingua galega. En todo caso, propomos enfrontar esta emenda 77 por ser contraditorias.

5º PROPOSTA OFICIAL CN **Someter a votación a proposta de endadir un novo punto ao artigo 2, letra j.**

Debate Agrupamento debates

A Emenda 74 entra en contradición coa proposta de Tese oficial para nova redacción do Artigo 3.b. Votar ambas as propostas.

74 **ESTATUTOS**

Emendante/s: **André Outeiro García** Asemblea/s: A Mariña

Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.b

ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES

Tipo de emenda: **ENGÁDEGA**

Xustificación da emenda:

Proposta de quota de militante em tempo, gestionado por bancos de tempo.

As achegas da militancia e a participación desta na vida política mediante Anova nom podem ser medidas exclusivamente pola capacidade de pagamento de quotas. As quotas em dinheiro establecem un marco que delimita quem pode ser ou nom ser de Anova, marco económico do capitalismo que queremos substituir por un sistema justo, no que todas estejamos em pé igualdade Temos que ser quem de encetar esse novo marco no que a medida de todo nom seja o dinheiro

Texto da emenda:

b. Colaborar económicamente coa organización pagando a cota establecida ou ben colaborando activamente en tarefas que poderán ser reguladas nos bancos de tempo das asembleas ou no BdT de Anova. Tamén velar polo mantemento e conservación dos bens da organización.

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate, previamente habería que regulamentar o BdT antes de introducir a súa figura nos estatutos.

30

75 **ESTATUTOS**

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco**

Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.C

ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: Proponse eliminar o sintagma “asistindo ás xuntanzas e actividades da mesma”. Asistir a xuntanzas e actividades da organización é un dereito da militancia, non un deber. Como se substancia, entón, o cumprimento / incumprimento de deberes? Enténdese que a militancia é sempre voluntaria.

Texto da emenda:

c. Colaborar activamente no cumprimento dos principios e obxectivos da organización.

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: É un deber da militancia participar na súa asemblea, entendéndose que non é un incumprimento non asistir ás xuntanzas se hai causa xustificada.

Agrupamento debate: Emendas que afectan ao artigo 3.e: EMENDAS Nº 76, 77, 78 e recomendación de traer o debate da 73 a este punto.

76	ESTATUTOS
<p>Emendante/s: Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco Asemblea/s: Teo</p> <p>Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.E</p> <p>ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> Debe suprimirse toda referencia ao ámbito privado das persoas. O último parágrafo non é pertinente. En realidade, só sería necesario o primeiro parágrafo, porque se queremos entrar en casuísticas é mellor que formulemos a necesidade de elaborar un regulamento de uso da lingua galega que teñan que asumir cargos públicos e militantes.</p> <p><u>Texto da emenda:</u> <i>e. Todos os órganos, afiliados e afiliadas da organización empregarán exclusivamente a lingua galega en todas as actividades que desenvolvan como membros de Anova e nos comunicados que emitan. No tocante aos comunicados e escritos dirixidos a organismos e medios doutros países, utilizarase a lingua galega e mais a tradución, se for posible, á lingua correspondente ou a outro idioma que poida servir de lingua franca.</i></p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Aceptado</p>	

77	ESTATUTOS
<p>Emendante/s: André Outeiro Asemblea/s: A Mariña</p> <p>Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.E</p> <p>ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES</p> <p>Tipo de emenda: ENGÁDEGA</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> --</p> <p><u>Texto da emenda:</u> <i>e. Todos os órganos – e os afiliados e afiliadas en canto tais – empregarán exclusivamente a lingua galega, en calquera das suas ortografías cando sexa por escrito, en todas as actividades que desenvolvan e comunicados que emitan.</i></p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate. En todo caso, confrontar coa emenda 72 por seren contraditorias e coa 75</p>	

31

78	ESTATUTOS
<p>Emendante/s: Coordinador Territorial Asemblea/s: O Carballiño</p> <p>Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.e</p> <p>ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES</p> <p>Tipo de emenda: ENGADIDO ao final do punto e.</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> Para utilizar a linguaxe galega inclusiva</p> <p><u>Texto da emenda:</u> "inclusiva"...</p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate</p>	

79

ESTATUTOS

Emendante/s: **Xosé Manuel Ribeira** Asemblea/s:
Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.-
ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES
Tipo de emenda: **ENGADIDO**
Xustificación da emenda: ---
Texto da emenda:
F. Non estar afiliada a ningunha outra organización política

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: entendemos que unha cuestión destas características non se resolve mediante a introdución dun deber nos estatutos, senón que ten que ser froito do debate político no seo da organización

6º PROPOSTA OFICIAL CN **Someter a votación a proposta de endadir un novo artigo 3-bis.- Sobre a comunicación interna.**

80

ESTATUTOS

Emendante/s: **Coordinador Territorial** Asemblea/s: O Carballiño
Localización emenda: Pax 23 Artigo 3.BIS- Sobre a Comunicación interna
ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES
Tipo de emenda: **ENGADIDO** ao final do artigo
Xustificación da emenda: ---

Para poder asegurar que a militancia que non dispoña de medios técnicos necesarios poda recibir esa información por as canles tradicionais.

Texto da emenda:...ademais dos sistemas tradicionais de comunicación.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptado (en caso de aprobarse o artigo ao que fai referencia)

Agrupamento debate:

7º PROPOSTA OFICIAL CN de modificación do artigo 4. Letra C.

Coincidencia nas emendas 81 e 82

81

ESTATUTOS

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco** Asemblea/s: Teo
Localización emenda: Pax 24 Artigo 4.c
ESTATUTOS CAPÍTULO 1. AFILIACIÓN, DEREITOS E DEBERES
Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Este punto crea conflito. Se non se pode sancionar por razóns políticas, como queda establecido na tese organizativa, tampouco se pode perder a condición de afiliado por "inobservancia dos Estatutos ou dos acordos democraticamente adoptados."

Texto da emenda:

Por violación dos principios explicitados no Código Ético. En calquera caso, a separación de militancia de persoas afiliadas rexerese unicamente polo procedemento establecido no devandito Código Ético

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate: mantense a nova proposta de redacción do Artigo 4. C

82

ESTATUTOS

Emendante/s: **Chelo Martínez; Iris Malvido** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 24; apartado c, artigo 4 dos Estatutos

Tipo de emenda: **Eliminación**

Xustificación da emenda: Manter garantías

Texto da emenda:

ELIMINACIÓN: “ou dos acordos democráticamente adoptados”

Ditame Comisión Redactora de Textos:

A debate: mantense a nova proposta de redacción do Artigo 4. C

83

ESTATUTOS

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco** Asemblea/s: Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Páxina 24-26 VARIOS ARTICOS

CAPÍTULO 2: ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Respeto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática.

Texto da emenda:

ÁMBITO LOCAL E COMARCAL

Artigo 6.- O noso ámbito territorial é a nación galega, sen renuncia a participar e intervir en todo aqueloutra instancia política e administrativa en que poidan estar en xogo, nun momento dado, os intereses de Galiza como pobo.

Anova fará un esforzo por asentarse a súa estrutura organizativa nas comarcas de lingua galega das comunidades autónomas de Asturias e Castela e León.

Artigo 7.- Ámbito territorial das asembleas:

- 1.- ANOVA organízase territorialmente en tres grandes ámbitos: local, nacional e a diáspora.
- 2.- Por local enténdese aquelas asembleas de base de ámbito municipal.
- 3.- A asemblea nacional será o ámbito supremo de decisión e a soberana en última instancia.
- 4.- A asemblea da diáspora será aquela que recolla ó conxunto da militancia que se atope na emigración.
- 5.- Cada asemblea é autónoma para regular a súa xestión e funcionamento, independentemente de que dende a Coordinadora Nacional ou dende estes estatutos se dean unha serie de pautas, xa sexan orientativas ou vinculantes. Nomearán unha Coordinadora Local que como mínimo de entre os seus membros designará unha persoa para exercer de Portavoz e outra para Coordinación. Poderase crear unha Permanente Local cando o desenvolvemento organizativo dunha Asemblea Local así o aconselle. Será a comisión encargada de realizar o traballo de intendencia da asemblea local.
- 6.- As asembleas locais poderán agruparse dando lugar a asembleas intermunicipais para casos concretos e puntuais. As asembleas comarcais serán aquelas que se correspondan co conxunto das localidades que se indique no mapa comarcal elaborado pola Coordinadora Nacional. A área xeográfica destas asembleas poderá ser superior á comarca, respondendo á problemática correspondente. As súas decisións non serán vinculantes e terán carácter de proposta, recaendo a decisión última no ámbito territorial correspondente.
- 7.- As asembleas locais tamén poderán establecer asembleas parroquias ou de barrio para casos concretos e puntuais. A área xeográfica destas asembleas circunscribírase a unha ou varias parroquias ou barrios, respondendo á problemática correspondente. As súas decisións non serán vinculantes e terán carácter de proposta, recaendo a decisión última no ámbito territorial correspondente.
- 8.- As asembleas locais comprometeranse a traballar para lograr un número paritario de mulleres e homes militantes.
- 9.- As asembleas locais serán soberanas á hora de elaborar as listas para as eleccións locais sempre e cando os/as candidatos/as respecten os principios ético-políticos da organización

Artigo 8.- Asemblea Nacional

A Asemblea Nacional é o máximo órgano e está formada pola totalidade das persoas afiliadas. Entre os seus fins está definir a liña política e as actividades da organización no seu ámbito e reunirse ordinariamente cada dous anos. “Con carácter

extraordinario reunirse por petición dun 35% da coordinadora, dun 35% das asembleas comarcais ou dun 35% da afiliación". As decisións no seu seo tenderán a tomarse por consenso, mais, de non ser posíbel, tomaranse por maioría das persoas presentes, agás para aquelas cuestións que requiran maioría cualificadas. Poderán asistir ás asembleas nacionais persoas colaboradoras e simpatizantes con voz pero sen voto do xeito que se regule para cada convocatoria.

Artigo 9: Relacións entre diferentes ámbitos da organización.

- Todo/a militante de ANOVA ten que ser leal aos principios políticos que o propio partido marcou. A ética e a moral política de cada individuo é un aspecto fundamental que marcará o porvir da propia organización.
- Todo/a militante ou cargo vencellado ao partido terá unha responsabilidade ética.
- Unha cooperación e comunicación continua entre os diferentes órganos e ámbitos de ANOVA favorecerá os principios da fraternidade e igualdade. Sendo fundamental a dotación dunhas vías de comunicación internas entre os diferentes organismos que teñan un mesmo fin ou ámbito de traballo.
- Toda estrutura da organización estará orientada cara un fin práctico e operativo cunha marcada actividade, dotando ao partido dunha dinámica interna continua.
- Xerárquicamente, as asembleas de base serán os organismos internos fundamentais nos que cada militante terá voz e voto en cada unha das súas decisións. O resto dos organismos de ANOVA teñen unhas funcións propias que ningún outro poderá relevar.

Artigo 10: Principios/regras básicas de funcionamento.

As estruturas da organización teñen que ter un sentido práctico e operativo, ao cabo son ferramentas que garanten que poidamos elaborar ideas e propostas e levalas a cabo. As asembleas de base, soberanas no seu ámbito de actuación, teñen que ser quen de definir, segundo as necesidades e demandas homoxéneas da acción política local, prestando especial atención á súa interacción cos movementos sociais existentes practicando unha cultura de participación social.

Os grupos de traballo sectoriais han de constituír o ámbito preferencial para articular todas as accións políticas específicas emanadas da asemblea, que actuarán baixo o principio de subsidiaridade para garantir a Democracia Participativa. Fica a criterio de cada asemblea establecer a dinámica de funcionamento destes grupos de traballo e a coordinación entre os mesmos.

A nivel nacional as funcións de dirección, execución dos acordos asembleares, coordinación e posta en común das liñas de intervención farase a través da Coordinadora Nacional, que se aterá no seu funcionamento aos principios organizativos de transparencia, participación e fraternidade

Artigo 11: CORDINADORA NACIONAL

A Coordinadora nacional terá un tamaño de entre 50 e 75 persoas. Será paritaria (50-50) ou 60-40 para cada un dos xéneros.

A representante comarcal terá dereito a voz pero non a voto. Cada comarca (onde pode haber unha ou varias asembleas locais) das definidas no mapa comarcal de Anova (que debe aprobar e/ou modificar a CN) pode escoller, se o acordan as asembleas do ámbito comarcal correspondente, unha persoa representante comarcal para asistir con voz, pero sen voto, ás Coordinadoras Nacionais.

A elección dos membros será conforme ós estatutos mediante listas proporcionais puras desbloqueadas (sen limitación de postos a cubrir) ou listas abertas puras.

As súas funcións son ser o órgano de dirección política, pero non o "órgano máximo" entre asembleas, ademais, Anova garante a posibilidade de referendos e consultas á militancia por cuestións puntuais que debe escoller a militancia. A súa asemblea de referencia decidirá o número de persoas que a compoñen e os seus cometidos concretos.

Artigo 12: CONFERENCIAS SECTORIAIS

Son o último chanzo na necesaria construción programática que nos dea o rumbo final nos diferentes campos temáticos. Son, nin máis nin menos, que un chanzo máis na construción dunha democracia participativa con fondos principios republicanos.

O obxectivo fundamental das conferencias sectoriais é a construción programática do ideario de Anova – Irmandade Nacionalista. Concretamente, a militancia e a esfera sociopolítica da organización deben ser quen, nestes procesos, de desenvolver os principios e as ideas plasmadas no texto político de xeito concreto en cada sector (ensino, economía, igualdade de xénero, acción social...).

A necesaria independencia dun órgano ou grupo de persoas que sexan quen de afastarse das diferentes posibles e hipotéticas posturas sobre determinadas cuestións fan que as conferencias sectoriais sexan organizadas polo único órgano sen marcado carácter político da organización: A Comisión Ética e de Garantías.

Se ben a organización das conferencias sectoriais debe ser competencia da CEG (pola súa independencia), as Conferencias Nacionais teñen que estar impulsadas polos Grupos de Traballo e coordinadas pola coordinadora nacional (si son conferencias de ámbito nacional). É importante resaltar a necesidade de abri-las mesmas á sociedade e así incorporar coñecementos técnicos e amplia-la base social de Anova con movementos sociais e sociedade civil.

Artigo 13: PRINCIPIOS BÁSICOS DOS REFERENDOS:

A independencia na organización debe estar plasmada tanto no órgano que o realice (a CEG en colaboración con organización e coordinación) como na inexistencia de condicionantes nen influencia por parte de persoas de destacada importancia no seo da organización.

Os referendos deben basearse na colaboración entre o órgano independente que os organiza (a CEG) e todos aqueles órganos de Anova que teñan que colaborar no proceso, nomeadamente a persoa responsable de organización para xestionar-lo censo de persoas con dereito a voto, así como os diferentes coordinadores/as á hora de realizar as xestións oportunas.

Os procesos de referendo deben gardar os mínimos elementos que garantan o correcto funcionamento do proceso e a lexitimidade do resultado. Entre eles, como mínimo: a capacidade das persoas con dereito a voto a verificar a súa presenza no censo, o dereito destas mesmas persoas a adquirir todo tipo de información referente ó proceso, a transparencia entendida como correcto fluxo de información, a organización independente do referendo por parte da CEG, o cumprimento dos dereitos e deberes dos militantes, o cumprimento dos prazos marcados, a obrigatoriedade de cumprir-lo resultado do referendo, etc.

A transparencia debe ser un dos eixos do proceso, xa que o referendo non é máis que un elemento máis na democracia participativa na que todas as persoas que participan nel teñen os mesmos dereitos e deberes, e polo tanto, a información debe ser igual para todos, agás o que se dispoña na lexislación vixente.

Os referendos deberán iren precedidos, na medida do posible, dun proceso de debate e socialización de ideas no seo das asembleas de base, ó cal tamén poidan asistir o conxunto da cidadanía que así o desexe, cnpforme ás diferentes convocatorias.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. mantense a proposta oficial

84

ESTATUTOS

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco**

Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 24 Artigo 6

ESTATUTOS CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Se os intereses de Galicia como pobo (?) van ser interpretados por Anova, o lóxico é que non se dean rodeos e se explicita que Anova poderá intervenir en todos aqueles ámbitos que considere oportuno en cada momento. Sen máis.

Texto da emenda:

O ámbito territorial de referencia da organización é a nación galega. Anova non renuncia a participar e a intervenir en calquera outra instancia administrativa ou espazo político cando así o considere.

Anova fará o posible por asentar a súa estrutura organizativa nas comarcas de lingua galega do exterior da Comunidade Autónoma.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Aceptada

8º PROPOSTA OFICIAL CN de modificación do artigo 7.

7º PROPOSTA OFICIAL CN de modificación do artigo 7 Bis.- Das Asembleas de Base.

85

ESTATUTOS

Emendante/s: **Miguel Anxo Malvido; Chelo Martínez**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 25; Artigo 7 Bis. Das Asembleas de Base- punto 4

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda: Poderán constituír "comisións" (en lugar de organismos)

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: vulnera a autonomía das asembleas de base

8º PROPOSTA OFICIAL CN de modificación do artigo 8.- supresión “dun 35% das asembleas comarcais).

Ordenación debate sobre o artigo 9. (9ª proposta CN)

Dous modelos contraditorios:

- CN.- Modelo 1.modelo vixente (con variacións presentes na tese oficial e nas emendas 88 a 91)
- CN.- Modelo 2. Modelo defendido nas emendas 86-87

Polo que en primeiro lugar someterase a votación en dous grandes bloqueas (Modelo 1 –Modelo 2).

En caso de que modelo 1 saque maior número de votos, decaen emendas 86 e 87, continuándose o debate a partir da emenda 88 (e sometendo a votación a proposta de CN.- nota: para aprobación preciso 2/3

En caso de que o Modelo 2 acade maior número de votos, decae tese oficial e emendas 88 a 90. Sométense a votación emendas 86 e 87, requirindo de 2/3 para a súa aprobación

No caso de non saír ningún dos modelos anteriores, mantéñese o modelo vixente, e sométese a votación a emenda nº 91, referido ao mesmo

86

ESTATUTOS

Emendante/s: **Breogán Manoel García Pampín, Miguel Serrano, Héctor Tejón Sáez, Xabier Garaloces, Iván Touris, André Outeiro, Daniel Alexandre Martínez Ces** Asemblea/s: Compostela, A Coruña, Redondela, Teo, A Mariña, Ferrol

36

Localización emenda: ARTIGO 9 VARIOS ARTICULOS ESTATUTOS

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: A finalidade fundamental da emenda “**Coordinadora Nacional para a soberanía da Base Asemblearia**” é substituír o Artigo 9 dos Estatutos. Para além disto, implica a eliminación doutras referencias à Coordinadora Nacional no resto articulado que entran en contradición com esta emenda, principalmente:

- No Artigo 2 dos Principios Organizativos, onde eliminaría “e na elección dos órganos de coordinación e/ou executivos nacionais”.
- No Artigo 4 dos Principios Organizativos, onde eliminaría “e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas”.

No Artigo 14 do Estatutos, afectaría á referencia à “coordinadora nacional”.

Propónse un modelo de Coordinadora Nacional que garanta a representatividade e soberanía das asembleas de base facilitando a consulta à militancia.

Texto da emenda:

Artigo 9:

Modelo Úmia: Coordinadora Nacional para a soberanía da Base Asemblearia.

a. A Coordinadora Nacional é expresión da vontade política das Asembleas de Base no período que media entre Asembleas Nacionais.

b. A Coordinadora Nacional ten como principais atribucións deliberar e decidir sobre a concreción das posturas políticas e programáticas adoptadas pola organización nas Asembleas e Conferencias Nacionais, particularmente cando estas afectaren a un ámbito territorial superior ao das Asembleas de Base.

c. Con carácter xeral, a Coordinadora Nacional terá flexibilidade para posicionarse sobre eventualidades da cotidianidade política sobre as que non existen posicións debatidas en Asemblea ou Conferencia Nacional. Porém, a requirimento de polo menos dúas quintas partes da Coordinadora Nacional, unha determinada temática poderá ser consultada de forma directa ao conxunto da militancia. Con carácter xeral, as consultas ao conxunto da militancia serán realizadas mediante o uso dunha ferramenta TIC para toma de decisións de garantías testadas, que deberá estar implementadas o antes posíbel. Con todo, a Coordinadora Nacional poderá decidir, por maioría simple, que unha determinada consulta ou referendun teña que ser realizada de forma clásica polo procedemento de voto en urna. A Coordinadora Nacional tamén poderá decidir mediante a consulta a cidadanía en xeral, habilitando a ferramenta TIC que o permita.

d. Na Coordinadora Nacional terán voz e voto, as persoas representantes das Asembleas de Base e as persoas que

ocuparen a Portavocía Nacional.

As decisións deberían tomarse por consenso, para o que deberán tentarse procedimentos de mediación específicos. Caso non poda atinxirse o consenso, as decisións serán tomadas por votación e maioría simple.

e. As e os Delegados de Grupos de Tráballo terán voz mais non voto, excepto cando coincidise que tamén representan a unha Asemblea de Base. Para alén dos seus representantes, o Portavoz Nacional e cada unha das Asembleas de Base poden permitir a intervención de unha persoa, non tendo porque ser militantes de Anova. Estas persoas non terán voto.

Poderán participar con voz mais sen voto delegacións de Grupos Parlamentares nos que Anova participe, tanto do parlamento nacional como dos internacionais.

Terán voz mais non voto, excepto cando coincidise que tamén representan a unha Asemblea de Base, a persoa responsábel Organización e Coordinación Nacional, a persoa responsábel das Finanzas de Anova-IN, a persoa responsábel das Relacións Políticas e cos Movimentos Sociais a persoa responsábel de Comunicación, así como aquelas persoas con responsábeis de áreas de calquera Comisión da que decida dotarse a Coordinadora Nacional.

f. A representación con voto das Asembleas de Base na Coordinadora Nacional está ponderada polo número de militantes de cada asemblea, de forma que as Asembleas de Base con até 50 militantes terán 2 representantes, aquelas con até 100 militantes terán 3 representantes e aquelas con un número superior terán 4. Aquelas Asembleas Locais con dous ou máis representantes electos no seu ámbito territorial (concelleira/o) poderán sumar un representante máis na Coodenadora Nacional. A representatividade de cada Asemblea de Base será actualizada, con carácter xeral, no mínimo cada tres meses, en base ao censo da militancia. Cada representante ten dereito a un voto. En caso de que algunha das persoas representantes dunha Asemblea de Base non poida asistir fisicamente á Coordinadora Nacional poderá seguir o decorrer da mesma pola retransmisión oficial e, usando a ferramenta TIC adecuada, poderá emitir o seu voto a distancia.

g. Co obxectivo de limitar a acumulación de poder, a representación dunha determinada Asemblea de Base non poderá recaer nunha mesma persoa máis de catro veces consecutivas, sendo en todo caso recomendábel a rotatoriedade. Dentro das Ferramentas TIC será habilitada unha específica que controle e evite de forma automática a superación do número de representacións consecutivas no número establecido. As Asembleas de Base deberán ter en conta as cuestión de xénero, esforzándose para que a súa representación ante a CN recolla a presenza de mulleres na percentaxe prevista nestes estatutos, caso sexa posíbel dada a configuración da súa militancia.

h. A Coordinadora Nacional deberá ser convocada, con carácter xeral, unha vez ao més. Antes de cada convocatória, e con tempo superior a unha semana, as Asembleas de Base deberán dispor da orden do día que permita a toma das decisión que deberán ser transmitidas polos seus representantes. As Asembleas de Base comunicarán o nome das súas persoas representantes para cada reunión da Coordinadora Nacional, así como o das suplentes, no mesmo número.

i. Cando unha Asemblea de Base toma una decisión sobre unha determinada cuestión a súa persoa representante está obrigada a transmitir a opinión e o voto no sentido adoptado pola Asemblea á que representa, con independencia da súa posición persoal. Para eventualidades sobre as que a Asemblea de Base non teña tomado una decisión, as persoas representantes nas que delegou a Asemblea de Base teñen autonomía para actuar segundo o seu criterio.

j. Unha ferramenta TIC rexistrará as temáticas tratadas, os consensos atinxidos e/ou, no seu caso, o sentido das votacións de cada Asemblea de Base, sendo disponibilizada esta información nunha web accesíbel para toda a militancia.

k. As reunións da Coordinadoras Nacionais serán abertas á presenza de toda a militancia e, con carácter xeral, serán grabadas e retransmitidas. Neste sentido, a Coordinadora Nacional tentará que as súas reunións non teñan lugar sempre na mesma localidade, co obxectivo de estimular a participación na militancia nun ideal dunha Galiza policéntrica.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

37

87

ESTATUTOS

Emendante/s: **Breogán Manoel García Pampín, Miguel Serrano, Héctor Tejón Sáez, Xabier Garaloces, Iván Touris, André Outeiro, Daniel Alexandre Martínez Ces** Asemblea/s: Compostela, A Coruña, Redondela, Teo, A Mariña, Ferrol

Localización emenda: Pax 25-26 ; Artigo 9.- Da Coordinadora Nacional

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN

Xustificación da emenda:

Esta emenda entende-se como complementar ao modelo de Coordinadora Nacional da emenda **“Modelo Úmia: Coordinadora Nacional para a soberanía da Base Asemblearia”**, ocupando-se das

posíbeis Comissions das que se pode dotar a Coordinadora Nacional para garantir a eficacia.

Texto da emenda:

Artigo 9 bis:

Comisión Subordinada á Coordinadora Nacional. Eficacia e democracia no modelo Úmia.

A Coordinadora Nacional poderá dotarse, durante o período de tempo que estimar oportuno, dunha Comisión Subordinada, cuxa función principal é de tipo técnico, ocupáñse dos aspectos organizativos e de secretariado. Esta Comisión tamén facilitará o desenvolvemento dos acordos e consecución dos obxectivos adoptados pola Asemblea Nacional e a Coordinadora Nacional.

Esta Comisión tamén poderá, por motivos de eficacia e urxencia, tomar decisións de tipo político, entre dúas reunións da Coordinadora Nacional, en aspectos que pola súa eventualidade non teñan sido previstos. Estas decisións sempre serán provisionais e deberán ser ratificadas pola Coordinadora Nacional ou, no seu caso, polo conxunto da Militancia. Nestes casos, informará mediante as ferramentas TIC de Anova-IN ás Asembleas de Base e procurará, se fose posíbel, coñecer a opinión da militancia mediante estas mesmas ferramentas TIC.

Desta comisión colexiada farán parte:

Unha persoa responsábel de Organización e Coordinación Nacional, unha persoa responsábel das Finanzas de Anova-IN, unha persoa responsábel das Relacións Políticas e cos Movimentos Sociais, unha persoa responsábel de Comunicación.

Estas persoas poderán ter sido elixidas preferentemente, na Asemblea Nacional, ou alternativamente pola Coordinadora Nacional. A Coordinadora Nacional tamén pode decidir incluír na súa Comisión Subordinada algunha outra funcionalidade non prevista, sempre que esta estea xustificada por motivos de eficacia.

Tamén formarán parte da Comisión Subordinada as persoas Delegadas dos distintos Grupos de Traballo existentes nun determinado momento, así como as persoas delegadas dos distintos Grupos Parlamentares.

Unha vez estruturada a Comisión Subordinada, elaborará a súa propia metodoloxía de funcionamento e periodicidade de reunións, precisando a ratificación da Coordinadora Nacional. As decisións serán tomadas por maioría absoluta de votos, caso non se poda atinxir un consenso.

As actas con resumo de acordos serán enviadas á militancia, se fose o caso que sexan emendadas por persoas presentes na reunión, será a acta orixinal e as emendas a que será considerada definitiva.

É postestade da Coordinadora Nacional renovar parcialmente ou extinguir a Comisión Subordinada

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

38

88

ESTATUTOS

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco** Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 26 Artigo 9.- Da Coordinadora Nacional (NOVO) PARÁGRAFO SEGUNDO

ESTATUTOS CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Para funcións técnico-executivas, a Coordinadora Nacional poderá comisionar entre os seus membros e para tarefas concretas persoas que colexiadamente funcionarán a xeito de Comisión Permanente. Esta non terá máis competencias ca as que lle delegue a Coordinadora Nacional, diante da que, en todo caso, responderá. A súa composición estará vinculada ás áreas funcionais e políticas que determine a propia Coordinadora Nacional.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Transaccionase: incorpórase o texto á defensa da nova redacción do artigo 9 proposto pola CRT

89

ESTATUTOS

Emendante/s: **Asemblea Local de Vigo** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 25 Artigo 9.-

2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda:

“ Convocarase ordinariamente cunha periodicidade mínima mensual, e de xeito extraordinario cando así o solicite o 35% da mesma”

Ditame Comisión Redactora de Textos: Transaccionado:proponse incorporar o 35% en vez de 2/3 ao texto proposto

90

ESTATUTOS

Emendante/s: **Miguel Anxo Malvido; Chelo Martínez** Asemblea/s: Vigo
 Localización emenda: Pax 25-26 ; Artigo 9.- Da Coordinadora Nacional
 Tipo de emenda: Eliminación
Xustificación da emenda: Clarificación
Texto da emenda: Dende “A CN...” ata “...asamblearia”
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: emenda non localizable nas teses a debate

91

ESTATUTOS

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: Local de Ourense
 Localización emenda: Páxina 26 Artigo 9. Do texto vixente
 CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL
 Tipo de emenda: **ENGADIDO**
Xustificación da emenda: ---
Texto da emenda:
 Engadir ó final: “O Mapa comarcal e o número mínimo de afiliadas por comarca poderá ser modificado dentro dos tres meses tras a celebración de cada Asemblea Nacional”
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: defendemos a nova redacción proposta

Ordenación debate: nova proposta non se confronta

92

ESTATUTOS

Emendante/s: **Hector Tejón Sáez** Asemblea/s: A Coruña
 Localización emenda: Pax 26 ; Artigo 9 BIS.- Portavocía Colectiva
 Tipo de emenda: **ENGADIDO**
Xustificación da emenda: Necesidade dun cambio nas formas políticas que acrediten non nun novo xeito, se non nunha dinámica diferencial de empoderamento colectivo e representatividade plural
Texto da emenda:
Artigo 9bis
A Portavocía Nacional de Anova elixirase nun proceso de elección directa por parte da Asemblea Nacional e aberto a toda persoa militante que desexe candidatarse.
A responsabilidade da Portavocía non recaerá nunha soa persoa, procurándose a implementación de diferentes portavoces en aras da procura dun verdadeiro liderado colectivo.
Para elección das persoas que integren a Portavocía a metodoloxía a seguir será a presentación das persoas nunha única lista de candidatas, sendo a súa escolla o resultado dunha primeira e única votación onde sairán electas as 4 candidatas mais votadas con corrección de xénero (non podendo superar ningún dos xéneros os 3/4 do total de persoas da Portavocía).
O grupo de portavoces desenvolverán a súa responsabilidade até a vindoura AN onde se elixiría novamente o citado grupo cun máximo de durabilidade de 4 anos.
As persoas electas para a Portavocía só poderán ser revogadas mediante referendun á militancia, a Coordinadora Nacional poderá facer unha proposta de revogación aprobada por maioría simple (metade mais un). En caso de revogación ou cese por decisión propia, abriríase un proceso de consulta interasamblear para substitución e escolla da nova portavocía a través da implementación de ferramentas TIC para o desenrolo do presente proceso
Para desenvolver correctamente a súa labor, a Portavocía estará en constante relación coas diferentes áreas de traballo, mediante os grupos de traballo.
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

10º PROPOSTA OFICIAL CN supresión artigo 10

11º PROPOSTA OFICIAL CN novo artigo 10 bis.-

Ordenación debate sobre o artigo 11.

Para o Artigo 11 hai que debater entre:

12º PROPOSTA OFICIAL CN artigo 11

93

ESTATUTOS

Emendante/s: **Breogán Manoel García Pampín, Miguel Serrano, Héctor Tejón Sáez, Xabier Garaloces, Iván Touris, André Outeiro, Daniel Alexandre Martínez Ces** Asemblea/s: Compostela, A Coruña, Redondela, Teo, A Mariña, Ferrol

Localización emenda: Pax 26 ; Artigo 11.- Roldas ou Grupos de Traballo

CAPÍTULO 2. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN TERRITORIAL

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Esta emenda entende-se como complementar ao modelo de Coordinadora Nacional da emenda “Modelo Úmia: Coordinadora Nacional para a soberanía da Base Asemblearia”, e fala do papel vital dos Grupos de Traballo, como ferramentas propositivas e formativas e nom como justificación de Representación individual em órganos de poder.

Texto da emenda:

Artigo 11.- Grupos de Traballo Nacionais eficaces para o Modelo Úmia.

- a. Os Grupos de Traballo de ámbito Nacional son unha peza imprescindible da estrutura orgánica e das finalidades propositiva e formativa de Anova-IN.
- b. Os Grupos de Traballo para unha área específica constitúense por encargo da Asemblea Nacional ou da Coordinadora Nacional, que convoca á militancia a unha primeira reunión do determinado grupo. Estes órganos poden encomendar a unha persoa determinada a dinamización inicial do Grupo de Traballo, que funcionaria como primeira persoa Delegada do Grupo.
- c. Organízanse segundo o seu criterio e funcionan de forma asemblear, escollendo unha persoa Delegada, que poderá variar ao longo do tempo segundo cada grupo decida internamente, aínda que se recomenda certa rotatoriedade. A persoa Delegada terá voz na Coordinadora Nacional, mais non voto pola súa condición de Delegada. A persoa Delegada será militante de Anova.
- d. As reunións dos Grupos de Traballo serán abertas con carácter xeral, estando conformadas tanto por militantes como por persoas non militantes. As reunións do Grupo de Traballo convócanse a instancias da persoa Delegada ou á demanda de mais de dúas persoas do Grupo de Traballo. Recoméndase o traballo en rede e o uso das ferramentas TIC de Anova.
- e. O Grupo de Traballo terá a súa disposición ferramentas TIC de Anova-IN que axudarán na elaboración de resumos dos seus debates e das súas decisións e propostas, facilitando o seguimento da súa actividade por parte da militancia e da cidadanía en xeral, e en especial dos grupos de traballo locais relacionados co seu ámbito.
- f. É función dos Grupos de Traballo realizar análises, asesorar e elaborar propostas políticas para a Coordinadora Nacional, así como propiciar contactos e facilitar a colaboración con expertos externos a Anova e/ou movementos sociais relativos á súa área de interese.
- g. É función inexcusábel dos Grupos de Traballo potenciar a formación da militancia de Anova-IN e incentivar a participación desta en áreas de traballo, sexa nos grupos nacionais ou de ámbito territorial menor. Para satisfacer os obxectivos formativos, para alén de poder distribuir materiais da forma que considerar, cada Grupo de Traballo deberá organizar un mínimo dunhas Xornadas formativas anuais, do ámbito territorial que considere, para as cales a Coordinadora Nacional facilitará os medios necesarios. O Grupo de Traballo deberá participar na realización dunha Conferencia Sectorial se a Coordinadora Nacional estima oportuna a realización deste evento.
- h. Non pode existir un Grupo de Traballo para unha área determinada se este non se reúne ou non realiza traballo colectivo. Esta circunstancia ficará evidenciada de forma automática na ferramenta TIC que rexistra a súa actividade. De ser o caso, o Grupo de Traballo desaparece extingúndose tamén a calidade de persoa Delegada. A Coordinadora Nacional tamén pode decidir a extinción dun Grupo de Traballo.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I. Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco**

Asemblea/s:
Ogrobe, A Coruña, Noia,
Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Páxina 26-27 VARIOS ARTICULOS

CAPÍTULO 3: SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Respeto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática.

Texto da emenda:

Artigo 13.- A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir asentimento, aberta á presentación de calquera militante e cun sistema proporcional puro ou mediante listas abertas.

Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal ten dereito a apresentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

Artigo 14.- Cada elección de órganos buscará sempre o consenso, de non ser posible, cada un terá un sistema de elección propio, respetando o propósito fundamental de cada órganos.

Os órganos de deliberación e dirección política (coordinadoras) serán escollidos mediante listas abertas con corrección de xénero (60-40), onde o elector poida riscar un número de nomes dunha ou de diferentes listas de candidatas e candidatos.

Os órganos de carácter executivo (permanentes) serán escollidos mediante maioría simple polos membros das coordinadoras.

Os órganos sectoriais (comisionadas e comisionados) dependentes das coordinadoras poderán ser reprobados polos seus grupos de traballo.

As/os coordinadores dos grupos de traballo serán eleitos entre os participantes dos mesmos.

O Portavoz Nacional precisará dunha maioría de dous terzos. para a súa elección entre membros da Coordinadora Nacional.

Os membros da Comisión Ética e de Garantías será eleitos mediante un sistema de voto único transferible.

Artigo 15.- Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización, sexa no nivel que for, poderán ser obxecto de revogación dentro dos propios órganos facultados para elixilas.

Para que se proceda á revogación será preciso un quórum de 2/3 en todos os casos. Para votar unha proposta de revogación será preciso que esta estea incluída na orde do día da convocatoria do órgano ou asemblea correspondente e que exista informe por escrito en que se substancien as razóns da proposta de revogación. Para que a revogación sexa efectiva será preciso que esta sexa aprobada pola maioría das persoas asistentes ou por un número igual á metade máis unha das persoas de pleno dereito da asemblea correspondente.

Todas as persoas elixidas para o desempeño de determinada responsabilidade dentro da organización, estará sometido á limitación temporal do seu posto de responsabilidade, tanto no nivel organizativo interno como representativo. As condicións da temporalidade regularase nunha próxima asemblea nacional.

Para as persoas liberadas nacionais, esta elección, se así fose solicitado por dous quintos do número de membros da Coordinadora Nacional, sería consultada a priori á militancia.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

Ordenación debate sobre o artigo 13.

13º PROPOSTA OFICIAL CN artigo 13

Proponse transacción coa emenda 95

95	ESTATUTOS
-----------	------------------

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco** Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Pax 26 Artigo 13.

ESTATUTOS CAPÍTULO 3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Propoñemos eliminar a referencia ao asentimento. Propoñemos tamén eliminar referencias a requisitos que xa son necesarios para militar en Anova.

Texto da emenda:

A elección de toda caste de representantes dentro da organización será aberta á presentación de calquera militante. A Coordinadora Nacional establecerá os mecanismos necesarios para garantir que a escolla sexa democrática e asemblearia.

Toda persoa afiliada ten dereito a presentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

Dítame Comisión Redactora de Textos: Transacción

A elección de toda caste de representantes dentro da organización será aberta á presentación de calquera militante. A Coordinadora Nacional establecerá os mecanismos necesarios para garantir que a escolla sexa democrática e asemblearia.

Toda persoa afiliada que estea ao día nos seus deberes como tal, ten dereito a presentar a súa candidatura e a participar nas votacións.

42

Nota emenda 96: Esta emenda afecta tanto ao texto vixente como a proposta oficial

96	ESTATUTOS
-----------	------------------

Emendante/s: **Asemblea Local de Vigo** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 26 Artigo 13.-

3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: --

Texto da emenda:

“ A elección de toda caste de representantes dentro da organización será, de non existir consenso, aberta á presentación de calquera militante”.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A debate

Nota emenda 97: afecta ao texto vixente, polo que se someterá a votación en caso de non prosperar modificacións sobre o mesmo.

97	ESTATUTOS
-----------	------------------

Emendante/s: **Asemblea Local de Ourense** Asemblea/s: Local de Ourense

Localización emenda: Pax 26 Capítulo 3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES. Artigo 13 dos Estatutos Orixinais

Tipo de emenda: **ENGÁDIDO**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Engadir ao final “co único requisito de compromiso co Código ético da organización”

Dítame Comisión Redactora de Textos: a debate

14 PROPOSTA OFICIAL CN artigo 14

Nota emenda 98: afecta ao texto vixente, polo que se someterá a votación en caso de non prosperar modificacións sobre o mesmo.

98	ESTATUTOS
Emendante/s: Asemblea Local de Ourense Asemblea/s: Local de Ourense	
Localización emenda: Pax 27 Capítulo. Artigo 14 dos Estatutos Orixinais	
3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES	
Tipo de emenda: ELIMINACIÓN	
Xustificación da emenda: Anacrónico	
Texto da emenda: Eliminación de todo o texto por anacrónico	
Ditame Comisión Redactora de Textos: acéptase en caso de non prosperar a modificación oficial proposta	

15º VOTACIÓN PROPOSTA OFICIAL CN artigo 15

99	ESTATUTOS
Emendante/s: Asemblea Local de Vigo Asemblea/s: Vigo	
Localización emenda: Pax 27 Artigo 15, 2º parágrafo.-	
3. SISTEMA ELECCIÓN RESPONSABILIDADES	
Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN	
Xustificación da emenda: --	
Texto da emenda:	
<i>“...Para que a revogación sexa efectiva será preciso un quorum na votación de 2/3 das persoas afiliadas, e que ésta sexa aprobada pola metade máis un dos presentes do órgano ou asemblea correspondente”.</i>	
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate	

43

Ordenación debate sobre o capítulo 4. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS.

Varios modelos a someter a votación:

- 16º PROPOSTA OFICIAL CN artigo 16
- Modelo proposto na Emenda nº 100
- Modelo proposto na Emenda nº 101

100	ESTATUTOS
Emendante/s: Lupe Ces Rioboo Asemblea/s: Ferrol	
Localización emenda: Pax 27 Artigo 16.	
DA COMISIÓN DE GARANTÍAS	
Tipo de emenda ELIMINACIÓN	
Xustificación da emenda:	
Debemos eliminar a Comisión Ética e de Garantías. Este organismo tem demostrado que reproduce no caso de conflito, as propias dinámicas da organización que levarom aomesmo. A mediación externa que se propón noutra emenda cubriría perfectamente as necesidades da organización.	
Texto da emenda:	
Eliminación do punto 4 dos estatutos sobre a Comisión Ética e de Garantías.	
Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate: nos defendemos a nosa proposta de nova redacción	

Emendante/s: **Ricardo Garrido, Isidro Davinha, Iván Rodríguez, Xabier I.**

Asemblea/s:

Villares, Nuria Pampín, Iris Malvido, Héctor Rodríguez Vidal, Laura Tilve, Iria Blanco

Ogrobe, A Coruña, Noia, Compostela, Lugo, Vigo e Sada

Localización emenda: Páxina 27-28 , Artigo 16 SUBSTITUCIÓN DE TODO O CAPÍTULO

4. DA COMISIÓN ÉTICA E DE GARANTÍAS

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Respeto polos acordos fundacionais en aras do consenso. Maximizar o peso da militancia de base. Radicalidade democrática.

Texto da emenda:

Artigo 16.- Terá as funcións que se lle atribúen nos Principios Ético-Políticos e as de atender calquera reclamación das persoas ou instancias da organización que afecten a aspectos internos da mesma. Nese sentido, deberá garantir que as decisións orgánicas estean na liña marcada pola Asemblea Nacional e os Estatutos e deixar constancia das anormalidades que detecte ou das que reciba denuncia. Ademais, contará coas funcións de autoorganización, fiscalización, xurisdiccional, sancionadora e consultiva, así como aquelas que se especifiquen nos estatutos.

Para executar estas funcións terá as seguintes competencias:

- Redactará e aprobará un regulamento de réxime interno.
- Establecerá o seu funcionamento en pleno e seccións.
- Establecerá o sistema de asignación de persoa encargada de cada expediente. Garantizarase un modelo obxectivo e estipularase un réxime de incompatibilidades.
- Informará sobre calquer aspecto que lle soliciten os diferentes órganos da organización.
- Establecerá o contido mínimo de cada precepto dos estatutos e dos textos políticos.
- Vixiará polo correcto cumprimento dos acordos democraticamente tomados. Para iso poderá solicitar e recibir toda a información precisa.
- Poderá actuar de oficio ou a instancia de parte en aras do correcto desenvolvemento da organización, tanto no plano interno como no externo.
- Garantizará a imparcialidade, a obxectividade e todas as garantías procesuais nos procesos contradictorios.
- Aplicará as sancións que establezan os estatutos en relación ó grado da infracción cometida.

Artigo 17.- A Comisión de Garantías será elixida pola Asemblea Nacional mediante un sistema de Voto Único Transferible e renovada na seguinte. As súas decisións adoptaranse pola maioría dos seus membros. Estará composta por sete persoas que non poderán formar parte de ningún outro órgano da organización. Esta comisión poderá solicitar, se é o caso, o asesoramento xurídico oportuno. As súas resolucións serán de obrigado cumprimento e acatamento polas partes afectadas, aínda que recorribeis, en derradeira instancia, perante a seguinte Asemblea Nacional

Dotarase dun regulamento de réxime interno como consecuencia da función de auto organización que recollerá:

- O réxime de sesións.
- O réxime de recursos.
- A estrutura interna ca Comisión Ética e de Garantías.
- O reparto de traballo.
- A relación co resto de órganos da organización e co conxunto da militancia.
- O réxime comunicativo.
- As características dos seus procedementos.
- O réxime de incompatibilidades dos seus membros.
- O principio de obxectividade na aplicación da norma.

A Comisión Ética e de Garantías dividirá o seu funcionamento en dúas seccións: Sección 1ª, xurisdiccional – sancionadora e Sección 2ª, fiscalizador – consultiva. A Sección primeira contará con catro membros (unha persoa como instrutora e tres para resolverlo expediente) e a segunda con tres. En última instancia será a Comisión en pleno a encargada da toma de decisións segundo estableza o seu regulamento de réxime interno. A asignación da persoa encargada da instrución dos expedientes será mediante un método obxectivo que garanta a imparcialidade.

Artigo 18.- As faltas cometidas polos membros de Anova – Irmandade Nacionalista clasificaranse en leves, graves e moi graves. Entenderanse por leves:

- A reiteración nos apercibimentos por parte dos moderadores dos foros en cinco ocasións. Deberán ser avaliadas pola Comisión Ética e de Garantías para certifica-la súa obxectividade.

- As accións contrarias ós acordos democraticamente adoptados no campo dos movementos sociais que vaia alén da modulación recollida nos estatutos. Serán valoradas pola Comisión Ética e de Garantías para comprobar o grado de contradición entre o acordo e a acción cometida.
- Calquer situación contraria ós documentos e acordos aprobados na asemblea nacional.

Entenderanse por graves:

- A acumulación de dúas faltas leves.
- As actitudes que choquen directamente cos principios ético – políticos.
- A militancia noutro partido político diferente a Anova – Irmandade Nacionalista.
- As accións contrarias ós acordos democraticamente adoptados no campo das institucións. Serán valoradas pola Comisión Ética e de Garantías para comprobar o grado de contradición entre o acordo e a acción cometida.
- O incumprimento do código de conduta dos cargos electos nas institucións e dos responsables da organización. Será valorado pola Comisión Ética e de Garantías para comprobar o grado de contradición entre o código de conduta e a acción cometida.
- A presenza irregular e o consentimento da mesma por parte do responsable competente, de persoas en órganos que non lles corresponde.

Entenderanse por moi graves:

- A acumulación de dúas faltas graves.
- A existencia e a permanencia de estruturas organizativas paralelas ás da propia organización.
- O secuestro das redes sociais propias de Anova – Irmandade Nacionalista.
- As agresións a compañeiras e compañeiros.

Artigo 19.- As faltas cometidas polos membros de Anova – Irmandade Nacionalista, unha vez determinada a súa autoría, previo proceso contradictorio serán sancionadas do seguinte xeito:

As faltas leves sancionaranse con:

1. Pérdida dos dereitos como militante por un periodo superior a un mes e inferior a seis.

As faltas graves sancionaranse con:

1. Suspensión temporal de militancia entre seis meses e un ano.
2. Inhabilitación para responsabilidade orgánica ou de representación pública en Anova – Irmandade Nacionalista.

As faltas moi graves sancionaranse con:

1. Suspensión temporal da militancia cun máximo de dous anos ou expulsión da organización.

Teranse en conta os seguintes principios para estipular o varemo da sanción correspondente:

- Reiteración.
- Alevosía.
- Intencionalidade.
- Agresividade.
- Dolo.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

Nota emenda 102: en caso de prosperar a proposta oficial de modificación do artigo 16.

102

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago, Chelo Martinez**

Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 27 Artigo 16. DA COMISIÓN DE GARANTÍAS (á proposta da CRT)

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: División de poderes

Texto da emenda:

“non terán carácter sancionador...desa materia” por “só terán carácter sancionador una vez esgotadas tódalas alternativas de mediación”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

EMENDAS ESTATUTOS- DISPOSICIÓN (Requiren 2/3)

17º PROPOSTA OFICIAL CN disposición adicional textos vixentes: supresión

18º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO I.

19º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO II.

20º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO III.

21º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO IV.

22º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO V.

23º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO VI.

24º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO VII.

25º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO VIII.

26º PROPOSTA OFICIAL CN nova DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª PUNTO IX.

No caso de se aceptar o Punto IX da disp. Adicional, votaríase emenda 103, 104

46

103

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago, Chelo Martinez** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 29 Liñas 46-47 Disposición Adicional 1ª punto IX.

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: separación de poderes

Texto da emenda: “E depositando nos órganos... Nacional” por “e depositando na CEG”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. A proposta de textos defende un modelo de organización cuxos máximos órganos políticos sexan os encargados de interpretar o Código Ético. Entende tamén a necesidade de establecer mecanismos facilitadores do entendemento e da resolución de conflitos no seo da organización

104

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago, Chelo Martinez** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 30 Liñas 1-3 Disposición Adicional 1ª punto IX.

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: separación de poderes

Texto da emenda:

ELIMINACIÓN: de “e determinar...” ata “...garantías”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate, mesmo argumento que emenda 103

105

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 30 Liñas 4 Disposición Adicional 2ª

Tipo de emenda: **ENGÁDIDO**

Xustificación da emenda: Transparencia e información

Texto da emenda: *As Coordinadoras Nacionais serán gravadas e retransmitidas en streaming.*

Ditame Comisión Redactora de Textos. Transaccionar: hai que garantir mecanismos que o garantan.

106

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 30 Liñas 4 Disposición Adicional 2ª

Tipo de emenda: **ENGÁDIDO**

Xustificación da emenda: Transparencia e información

Texto da emenda:

As Coordinadoras Nacionais serán abertas á militancia.

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: se xa se graban e son retransmitidas ao vivo. Dificultade na súa materialización

47

107

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 30 Liñas 4 Disposición Adicional 2ª

Tipo de emenda: **ENGÁDIDO**

Xustificación da emenda: Transparencia e información

Texto da emenda: *As Coordinadoras Nacionais tratarán de ter carácter rotativo o redor das localidades que compoñen o mapa territorial de Anova- In.*

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptase

108

ESTATUTOS

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax 30 Liñas 4 Disposición Adicional 2ª

Tipo de emenda: **ENGÁDIDO**

Xustificación da emenda: Transparencia e información

Texto da emenda:

As decisións da CN deberán tomarse por consenso de 2/3, de non existir consenso, estableceranse os mecanismos necesarios prá facer unha consulta a militancia. Esta consulta poderase facer mediante o uso dunha ferramenta TIC, previamente testada, ou a través do voto en urna.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Inaplicable, oxímoron.

EMENDAS CARTA FINANCEIRA

109	CARTA FINANCEIRA
<p>Emendante/s: Paula Vázquez Verao Asemblea/s: Sober</p> <p>Localización emenda: Carta Financeira _ EMENDA Á TOTALIDADE</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> Facer unha carta financeira máis completa e con máis participación da militancia.</p> <p><u>Texto da emenda:</u></p> <p><i>No prazo máximo de catro meses, a Coordinadora Nacional elaborará unha Carta Financeira elaborando un refundido da Carta Financeira Marco aprobada na Iª Asemblea Nacional e dos puntos propostos pola Coordinadora Nacional para debate na IIª Asemblea Nacional.</i></p> <p><i>A primeira proposta da Coordinadora Nacional terá un periodo de aportacións da militancia, será de novo aprobada pola Coordinadora Nacional, coas modificacións que houber froito do debate entre a militancia, e finalmente deberá ser ratificada pola militancia en referendo.</i></p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate, non se pode furtar a soberanía da Asemblea Nacional para delegar na CN</p>	
110	CARTA FINANCEIRA
<p>Emendante/s: Coordinador Territorial Asemblea/s: O Carballiño</p> <p>Localización emenda: Páxina 31-32</p> <p>Tipo de emenda: ELIMINACIÓN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u> Garantir que dito texto estea escrito na linguaxe galega inclusiva</p> <p><u>Texto da emenda:</u> todo</p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> ACEPTADA</p>	
111	CARTA FINANCEIRA
<p>Emendante/s: Asemblea Local Anova Ourense Asemblea/s: OURENSE</p> <p>Localización emenda: Páxina 31 Liñas 1</p> <p>Carta Financeira: Introducción</p> <p>Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u></p> <p><u>Texto da emenda:</u> Eliminar “todas” e “orzamentados con anterioridade”</p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> Decae: Non se corresponde o texto coa proposta de textos a emendar...</p>	
112	CARTA FINANCEIRA
<p>Emendante/s: David F. Calviño Asemblea/s: OURENSE</p> <p>Localización emenda: Páxina 31 Liña 13</p> <p>Tipo de emenda: ELIMINACIÓN</p> <p><u>Xustificación da emenda:</u></p> <p><u>Texto da emenda:</u></p> <p>Eliminar punto 2: “Auditoría anual das contas de Anova”</p> <p><u>Ditame Comisión Redactora de Textos:</u> A debate: Anova para garantir a transparencia das súas finanzas, deberá someterse a unha auditoría</p>	

113

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 31 Liña 17

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Eliminar “orzamentados con anterioridade e”

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: Para pagar os gastos, deberá presentarse unha proposta anterior de previsión de gasto

114

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Breogán Manoel Garcia Pampín** Asemblea/s: Santiago de compostela

Localización emenda: Páxina 31 Liñas 19-27 Carta financeira punto 4

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Concretizar máis o punto 4

Texto da emenda:

4. Limitación de ingresos dos representantes públicos:

En ningún caso excederán o 1,5 do salario medio do ámbito no que se exerza a representación , o do concello que for se é un posto municipal e o medio galego de se tratar de calquera outro .

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: entendemos que a concreción da limitación dos ingresos terá que vir dado dun proceso de estudo máis rigoroso.

49

115

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Antón Dobao, Rafael Sisto Edreira, Xosé Ramón Blanco** Asemblea/s: Teo

Localización emenda: Páxina 31 Liñas 19-27

Tipo de emenda: Eliminación

Xustificación da emenda:

Crear unha comisión, sen especificar mecanismos de nomeamento, ademais, para controlar o desenvolvemento de cargos públicos e orgánicos é suplantar as funcións dos órganos políticos da organización: asembleas de base, Coordinadora Nacional e Asemblea Nacional. É a estes aos que lles corresponde esa fiscalización, non a ningunha comisión que poida acabar actuando á marxe da vontade política da organización. E implica un chanzo máis de burocratización. En todo caso, pode derivarse ao código ético os necesarios compromisos de transparencia de cargos públicos e orgánicos.

Texto da emenda:

Ditame Comisión Redactora de Textos: Transacionada

4. Anova promoverá e regulará a auto fiscalización periódica e publica dos cargos de responsabilidade e dos órganos que constitúa, tanto a nivel interno , como en cargos de representación publica. Para isto, constituirase

unha comisión propositiva que vele por dita transparencia e coa disponibilización dunha ferramenta TIC que facilite as persoas que ostentan estes cargos a exposición rápida do labor político realizado e dos aspectos relativos ao económico, con unha actualización mínima bimestral. A aprobación das propostas e estudos de dita comisión recaerán no máximo órgano político, a Coordinadora Nacional.

Esta información será de carácter publico para a consulta da militancia e a cidadanía, como exemplo de transparencia e bo facer da organización. Ademais todos os cargos de Anova presentaran unha declaración de bens e actividades económica e posibles incompatibilidades que actualizaran cada ano e presentaran a devandita comisión para facela publica.

116

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Páxina 31 Liñas 19-27

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: reparto do traballo

Texto da emenda:

Modificación: “ás persoas que ostentan estes cargos” por “o responsable de actividade institucional” a exposición rápida do labor político realizado.

Ditame Comisión Redactora de Textos: TRANSACIONADA

As persoas que ostentan estes cargos públicos e a persoa responsable da actividade institucional

117

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 31 Liña 23

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Substituir “bimestral” por “semestral”.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

50

118

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Páxina 31 Liñas 23-26

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: reparto do traballo

Texto da emenda:

unha declaración de bens e actividades económica “relacionadas co seu ámbito profesional”

Ditame Comisión Redactora de Texto. A debate: A declaración de bens e actividades económicas abranguerá a todos os ingresos e patrimonio

119

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Coordinador Territorial** Asemblea/s: O Carballiño

Localización emenda: Páxina 31 Liña 33

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Evidentemente é necesario que este tipo de información poda estar a disposición de toda a militancia

Texto da emenda:

Substituír "todas as persoas que pertencen á coordinadora nacional" por "toda a militancia"

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate. As persoas que conformen o grupo de traballo de xestión e transparencia económica deben ser membros da CN como máximo órgano político no que se delega o poder do conxunto da militancia entre asembleas

120

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 32 Liña 4

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Eliminar “terán”

Ditame Comisión Redactora de Textos: Aceptada

121

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Asemblea Anova Vigo** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Páxina 32 Liñas 7-13

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Suprimir o punto 9

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: Anova ten que regular que facer cos posibles excedentes de percepcións económicas dos cargos públicos

122

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **David F. Calviño** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 32 Liñas 7-13

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Eliminar punto 9 (non somos unha ONG)

Ditame Comisión Redactora de Textos. A debate: Anova ten que regular que facer cos posibles excedentes de percepcións económicas dos cargos públicos

123

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Asemblea Local Anova Ourense** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 30 Liñas 30

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Substituír “semestral” por “anual”

Ditame Comisión Redactora de Textos. Emenda feita aos anteriores textos. A páxina e o texto non se corresponde co texto a emendar

124

CARTA FINANCEIRA

Emendante/s: **Asemblea Local Anova Ourense** Asemblea/s: OURENSE

Localización emenda: Páxina 31 Liñas 20-23

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Eliminar e pasar todo o parágrafo á páxina 30 liña 37.

Ditame Comisión Redactora de Textos: Non se corresponde co texto a emendar que é o segundo borrador de textos...

DOCUMENTO EMENDAS A TESE POLÍTICA

ORDENACIÓN DEBATE: primeiro debátense as emendas á totalidade (125-126)

125

TESE POLÍTICA

Emendante/s: Luís Eyré e outros

Asemblea/s: Chantada e outras

Localización emenda: Totalidade

Tipo de emenda: **EMENDA DE TOTALIDADE Á TESE POLÍTICA DA IIª AN DE ANOVA**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

INTRODUCCIÓN

Na Iª AN celebrada en xuño de 2013 a afiliación de Anova reafirmouse no consenso da ANC do 14 de xullo 2012 considerando suficiente a definición política de Anova que, por resumir, é *Unha organización política nacionalista comprometida coa liberación nacional e a transformación social por e para o pobo galego e guiada polos seguintes principios: Galiza é unha nación; democracia participativa e paritaria; modelo social en defensa dos intereses*

populares; auto-organización; antiimperialismo e paz mundial; feminismo e antipatriarcado; igualitarismo; loita contra todo tipo de discriminación; sustentabilidade ecolóxica e social; defensa da nosa lingua, extensa e útil; defensa dos dereitos relativos á cultura popular dixital, e laicismo e republicanismo.

Carácter colonial de Galiza e liberación nacional e social como dúas caras da mesma moeda que non poden darse unha sen a outra.

As concrecións e actualizacións estratéxicas acordadas por consenso na I AN foron atinadas aínda que pendentes de poñer en práctica en moitos casos: priorizar a formación da afiliación; adquirir unha linguaxe común para non caer nas prácticas da vella política que reproduce no seu interior a división do traballo entre os que saben, deciden e mandan e os que non saben, obedecen e traballan; vacinar Anova contra a **cultura da aristocracia da militancia** e facer innecesaria a pertenza ou conformación de colectivos que non sexan a propia ANOVA, son aínda tarefas pendentes nas que se ten andado pouco, nada, ou mesmamente se ten retrocedido.

As 40 propostas programáticas, **que se reproducen ao final**, sinalan os eixos centrais da actuación política e seguen a acoller as demandas da maioría social da nación cidadá á que nos propuxeramos servir.

Xa na Constituínte analizáramos o contexto mundial, europeo e galego afirmando:

1. *Que estamos ante a fin dun ciclo histórico tanto a nivel mundial como europeo tras catro décadas de imposición de políticas económicas contrarias ás maioría sociais, que desmantelaron o modelo do estado do benestar e provocaron a maior crise económica, social e política do capitalismo.*

2. *Que esta fin de ciclo se manifesta tamén no Estado Español no esgotamento do modelo político denominado da “transición”, manifestado na gravidade da crise económica, no descrédito da forma monárquica, da subordinación á Igrexa Católica, e da defensa dos intereses oligárquicos que o Estado ampara nos eidos da Política, a Economía, a Xustiza, etc. O Estado das Autonomías resulta manifestamente incapaz de acoller a realidade plurinacional para a que cada vez máis constitúe unha pexa afeerrolladora.*

3. *Que a actual crise afecta a todos os ámbitos da vida por estar motivada principalmente por unha crise de recursos enerxéticos, nomeadamente o petróleo, tal e como recoñece Axencia Internacional da Enerxía. A sociedade occidental vertebrouse nos últimos cento cincuenta anos coa realidade de poder consumir cada vez máis enerxía, mais aquí en diante a realidade é que vai haber cada vez menos recursos enerxéticos non renovábeis,*

polo tanto a nosa organización vertebrará as súas propostas de futuro na aceptación desta realidade cara unha Galiza post-petróleo. Na altura de hoxe, a situación europea, estatal e galega so ten mudado no aumento do espolio

da maioría social, no agravamento da crise institucional e política do Estado e da Autonomía Galega.

Na Galiza e no Estado ten aumentado o descontento cidadán e a conciencia do apodrecemento do Réxime da IIª Restauración e da democracia secuestrada pola plutocracia.

Mesmo na España estrita colleu corpo o discurso da necesidade de recuperaren a soberanía

A FRONTE AMPLA CÍVICO-POLÍTICA NA GALIZA E NO ESTADO

A consideración de que ningunha organización política por si mesma nin todas as forzas rupturistas xuntas eran suficientes para derrubar o Réxime e construír unha democracia real co recoñecemento de Galiza como nación soberana motivou a proposta de Anova de setembro de 2013 facendo un chamado a **unha fronte ampla non excluín-te** na Galiza e no Estado para as eleccións europeas.

Aquela proposta abortou na Galiza polo partidismo do BNG e EU e se cadra por algún erro noso tamén. Mais a responsabilidade fundamental está en quen se negou a falar cos non nacionalistas e quen puxo por riba de todo os seus compromisos coa matriz IU, porque coidaba ía capitalizar en exclusiva o descontento na España estrita.

O nacionalismo e a esquerda seguen tanto ou máis fragmentados e febles ca hai un ano e os movementos sociais son febles ou non son quen de romper o acantonamento sectorial no que naceron.

Os discursos partidarios, aínda que modulados pola situación que lles criou a irrupción de Anova primeiro e agora de Podemos, seguen a ser os mesmos. Os movementos sociais, salvo excepcións, tampouco dan mostra de maior vitalidade nin de plantexarse dar o paso á política.

A necesidade de FA segue a ser tanta como hai un ano. Tanto social como políticoelectoral.

Para enfrontarse con éxito ao Réxime, rematar co secuestro da democracia polos especuladores e construír unha democracia auténtica sobre a base da realidade plurinacional do Estado, compre toda a forza da cidadanía agredida e no noso País, como colonia interior, abrangue por suposto a traballadores e traballadoras de todo tipo pero tamén ao empresariado que sexa consciente de que a economía de casino que nos domina rematará por terminar con el e coa propia existencia de Galiza como tal. O Proxecto Común dos anos 90, que catapultou ao BNG a segunda forza política, foi daquela un exemplo da FA que compre construír aínda que hoxe non será nunha única organización nin tarefa só das organizacións políticas.

O obxectivo central que debe e pode nuclear a unidade de acción para o éxito, ten que ser **a defensa dunha democracia real auténtica**. Trátase de lograr a unidade de acción na defensa dos dereitos democráticos: fronte á ditadura dos especuladores financeiros **é preciso impoñer o poder de decisión da cidadanía incluído loxicamente o dereito das nacións a decidir**. Esta é a batalla que está a dar a sociedade civil de Catalunya fronte

ao nacionalismo español e a plutocracia. Galiza se non une forzas pouco poderá contribuír a mudar o Réxime que a nega e que empobrece á súa cidadanía. Galiza non pode repetir os erros da Transición e ficar ausente do

proceso constituín-te que de seguro de vai abrir. A cidadanía é consciente coma nunca de que as políticas do Réxime están liquidando os servizos públicos - sanidade, educación, servizos sociais, dereitos laborais, protección ao desemprego, xubilación – e comeza a percibir que os recortes de dereitos e liberdades ameazan a súa capacidade de reacción fronte ao capitalismo que os trata coma fichas de xogo. Hai condicións para gañar un futuro mellor pero tamén hai o risco de que siga campando o ultraliberalismo e nos leven a situacións como as que viviu Latinoamérica nos anos 90. O descrédito que teñen os partidos do Réxime, que tratan de estender a calquera outra organización política, xoga a favor deles.

Ao noso favor, o 99% só temos a nosa forza se somos quen de unirnos. E a unidade só semella verosímil feita directamente pola cidadanía: cidadáns e cidadás, pertenzan ou non a partidos, organizados en pé de igualdade. **A unidade cidadá non debe ser contra os partidos pero tampouco dos partidos**. O papel que debemos facer é o de alentar e apoiar candidaturas de unidade cidadá, pero participando a título individual.

ACORDAMOS

Manter e poñer en marcha os acordos políticos da Iª AN, que seguen pendentes na súa maioría, e, para a acción inmediata, o que segue:

1. Cumprir o compromiso electoral de AGE, rematando coa incapacidade de Anova para apoiar ao GP, fornecéndolle iniciativas que transformen o noso programa electoral nas medidas que tomaríamos se estivésemos no Goberno da Xunta.

2. Facer público que Anova – Irmandade Nacionalista valora que non é o momento de concorrer ás eleccións como organización, nin soa nin en coalición, apostando pola unidade cidadá. A eses efectos apoia:

☑ *Candidaturas que sexan radicalmente democráticas, que acepten a pluralidade e estean abertas tanto na elaboración do programa como na designación de candidatas e candidatos.*

☑ *Candidaturas que se comprometan a traballar sometidas ao mandato da cidadanía que os promoveu, mesmo coa posibilidade de revogación.*

☑ *Apostar porque as candidaturas locais unan forzas a nivel galego cun programa galego común.*

☑ *Apostar pola única fórmula congruente co anterior e posíbel para concorrer ás deputacións: legalizar un partido político instrumental do que sexa dona a cidadanía e non acollerse á cobertura de coalicións ou partidos reexistentes como garantía da prevalenza cidadán neste proceso.*

Galiza, setembro de 2014.

ENGADIDO:

Propostas programáticas da Iª Asemblea Nacional:

Propostas programáticas.

Os grupos de traballo nacionais deberán desenvolver programas de actuación que serán abordados e acordados en conferencias de Anova. A Coordinadora Nacional tamén promoverá, periodicamente, Conferencias Políticas Abertas, xa sexan presenciais ou telemáticas, monográficas, sectoriais ou multidimensionais, co fin de fomentar o debate socio-político e axudar a definir as súas estratexias nos diferentes eidos e desenvolver programas de actuación sobre a base das propostas programáticas.

Contra o espolio

1. Auditoría da débeda pública que en boa medida é ilegítima, compromiso de non aportar fondos públicos para viabilizar entidades bancarias, e esixir responsabilidades penais aos xestores destas entidades. Constitución dun sector financeiro público ao servizo da cidadanía galega e apostar pola reversión das caixas de aforro á súa natureza orixinal de entidades non capitalistas de economía social e dar apoio a iniciativas de banca ética e democrática.

2. Reversión ao dominio público das concesións feitas ao sector privado en materia de infraestruturas, recursos, bens e servizos estratéxicos que poidan ser interpretados como de interese público ou común.

3. Oposición frontal ás concesións mineiras espoliadoras que para o exclusivo interese das multinacionais está a favorecer o PP deturpando o medio os nosos recursos naturais.

4. Regulación pública vía taxación dos mercados, intermediarios, fluxos financeiros e movementos de capitais, con especial rigor no tocante ás operacións especulativas.

5. Control democrático da política monetaria hoxe nas mans dos “técnicos” do BCE.

6. Todos os organismos públicos utilizarán e desenvolverán todo o software con licenzas libres, facilitando e fomentando deste xeito o seu coñecemento a toda sociedade.

7. Todos os organismos públicos estarán obrigados a fornecer os seus datos en réxime aberto nos formatos máis estándares posíbeis para cada momento.

Defensa do noso

8. Recoñecemos o determinante papel da diáspora galega, nos momentos máis negros da nosa historia, na defensa da nosa identidade como pobo e por xustiza e equidade comprometémonos a garantir os seus dereitos cidadáns.

9. Defensa activa contra a desaparición da identidade galega, contra o exterminio planificado da nosa lingua, o deterioro da nosa paisaxe, o abandono do noso patrimonio cultural e a deturpación da nosa historia.

10. O discurso lingüístico de Anova será en positivo a pesar das dificultades, vendo a lingua como

fenómeno social e máis unha cuestión de clase. Favorecerase o protagonismo social nos procesos de normalización da lingua e pularase polo monolingüismo social en galego atendendo á nosa pertenza ao sistema lingüístico galego-portugués.

11. A lingua galega é o noso idioma nacional. O feito de termos un idioma propio é nota esencial e imprescindible para a caracterización como nación do noso país, Galiza. Por todo isto, a subsistencia da nosa identidade nacional pasa necesariamente pola defensa da lingua galega contra toda agresión constitutiva de imperialismo lingüístico; nomeadamente, é urxente a loita contra a xa secular colonización española, que se fai evidente, tamén, no eido idiomático, poñendo mesmo en perigo o futuro da nosa lingua. En consecuencia, compre que Anova loite pola plena normalización lingüística deste país que pode ser designado como Galicia ou como Galiza. Daquela, dende Anova debemos realizar toda caste de accións encamiñadas á consecución dunha sociedade monolingüe; unha sociedade baseada en conquistar a harmonía entre, por unha banda, o respecto a tódalas linguas extranxeiras e culturas do mundo, e, por outra banda, a superación da diglosia e o autoodio que están a asulagar ó noso pobo, despois de tanto tempo de ocupación española. Nembargantes, sempre, como formación política de esquerda e antisistema, Anova debe ter presente a estreita relación entre a defensa do idioma e a loita de clases. Neste senso, compre decatármolos e lembrar que foron os usos lingüísticos das clases populares quen fixeron posible a fermosa miragre da supervivencia da lingua galega, fronte a un sistema que teima no seu intento de nos facer analfabetos no noso propio idioma.

12. Anova entende que o ensino público debe ir aplicando progresivamente metodoloxías de inmersión en galego, que demostraron a súa eficacia no contexto educativo doutras linguas minorizadas.

13. Anova apoiará experiencias de ensino cooperativo popular que teñan o galego como lingua de inmersión.
14. Anova apoiará e promoverá activamente a incorporación do ensino da lingua portuguesa en todos os niveis de ensino público regrado.
15. Anova fomentará as medidas necesarias para conseguir a recepción aberta en territorio galego dos medios audiovisuais lusófonos en xeral e portugueses en particular co obxectivo de tornar familiares nos ouvidos dos galegos e galegas outros acentos da nosa lingua.
16. Defensa do ámbito informativo galego con medios de comunicación non sometidos aos poderes políticos e económicos, senón ao control social. Os medios de comunicación públicos de Galiza, especialmente no que concerte á RTVG, son instrumentos imprescindibles para a nosa articulación nacional e para a creación, desenvolvemento e difusión de universos simbólicos e tamén para a normalización da lingua galega e todas as nosas expresións culturais e artísticas. Apoio aos medios de comunicación comunitarios e de proximidade, xa que é unha forma de independencia dos intereses que manexan actualmente os medios de comunicación.
17. Soberanía alimentaria e enerxética. Sustentabilidade ecolóxica e social. Anova é consciente de que o crecemento económico ilimitado é irracional e imposible nun planeta finito. Anova valorará desde xa diferentes opcións.
18. Ordenación territorial e urbanística con criterios sociais e ecolóxicos, buscando o reequilibrio territorial, recuperando as formas de poboamento tradicionais e humanizando os núcleos urbanos.
19. Apoio ao desenvolvemento do rural, e en especial ao problema demográfico, criando factores que axuden á fixación da poboación.
20. O dereito a unha vivenda digna e axeitada como un dereito universal.
21. Eliminación dos privilexios que en materia económica goza a Igrexa Católica ou calquera trato de favor a calquera outra que se poida dar no futuro.

Igualdade e dereitos sociais

22. Reivindicamos o establecemento e fortalecemento dun Marco Galego de Relacións Laborais que desenvolva e potencie a Negociación Colectiva, a solución de conflitos, a Formación Profesional, a contratación e a participación sindical nas empresas, garantindo: a estabilidade e seguridade no emprego, a redución da xornada laboral, a cobertura do paro e das xubilacións, a participación equitativa da forza de traballo no valor engadido e o incremento sustentábel da produtividade. Derrogación das sucesivas reformas laborais que vaian en deterioro dos dereitos laborais. Democratización da empresa regulando a participación e a igualdade de xénero das persoas traballadoras na súa dirección e xestión.
23. Promover un sistema de Servizos Sociais público, de calidade e atención integral. Suprimir gradualmente concertos con entidades privadas e recuperar a xestión de centros de titularidade pública, actualmente en mans da iniciativa privada. Implantación dunha renda social básica, de carácter universal, que garanta a subsistencia cun mínimo de dignidade.
24. Igualdade real de mulleres e homes en todos os eidos. Implantación de medidas para a erradicación da violencia machista. Repartición do traballo, tanto remunerado como non remunerado, partindo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Redución do xornada laboral, tanto para repartir o emprego como para conciliar a vida laboral e extra-laboral.
25. Defensa do dereito das mulleres a decidirmos no noso propio corpo e a vivirmos libremente a nosa sexualidade. Respecto aos nosos dereitos sexuais e reprodutivos. Defensa do aborto libre, público e gratuito. Eliminación da obxección de conciencia na sanidade pública.
26. Defensa dos dereitos da infancia e da xente maior. Potenciar e ampliar a lei de dependencia e outras ferramentas que permita unha vida digna e propia a este colectivo.
27. Defensa dos dereitos dos animais. Prohibición de espectáculos con sufrimento animal, degradación dos mesmos e das persoas asistentes.
28. Garantir os dereitos da comunidade LGTB.
29. Defensa innegociable dun sector público forte, que garanta o acceso á sanidade, o ensino, as prestacións, e servizos sociais, baixo os principios de calidade, responsabilidade pública, universalidade, equidade e gratuidade, e que garanta e preste os servizos de coidados das persoas, relacionados tanto coa infancia, coas persoas maiores e todos os demais servizos de atención á dependencia, establecendo todos estes recursos como dereitos subxectivos.
30. Medidas para regularizar a situación das persoas migrantes e para garantir a plena igualdade de dereitos co resto da poboación.
31. Combate á profesionalización da política institucional e rexeitamento da súa centralidade no espectro da loita política. Neste sentido, os nosos e nosas representantes institucionais han predicar co exemplo da súa conduta.
32. Anova propugnar e defenderá un sistema electoral xusto, equilibrado e proporcional puro, tanto nas institucións nas que esteamos presentes, como nos ámbitos nos que traballemos. Un sistema que recolla fielmente o postulado 1 persoa 1 voto con igual peso no resultado. Promoverase e defenderase o establecemento de todo o territorio galego como circunscrición electoral única nas eleccións a parlamento galego, ao congreso dos deputados e calquera outro proceso no ámbito estatal, así como oposición frontal a toda medida que se pretenda tomar tendente á diminución dos representantes institucionais en calquera ámbito electoral.
33. A nosa actuación neste marco institucional que combatemos hase realizar cun dobre obxectivo: por unha banda, o apoio á creación dun poder popular galego forte e, por outra, o baleirado de competencias reais das actuais institucións, a súa substitución gradual na práctica por ese novo tecido participativo e soberano. Así, as medidas guía do noso labor institucional hanse asentar en dous puntos:
 - A) A creación de Consellos de Barrio e de Parroquia con poder de decisión vinculante nas políticas que lles afecten e aos que se lles ceda unha parte fixa dos orzamentos para a súa administración directa pola veciñanza.
 - B) A aposta pública, clara e coherente por unha reorganización da administración local e provincial baseada no agrupamento e a disolución dos concellos nas nosas comarcas históricas e na eliminación de deputacións, goberno civil, provincias ...

Solidariedade económica e desenvolvemento

34. Reforma tributaria para restablecer unha fiscalidade progresiva, nomeadamente sobre os tramos elevados de ingresos e patrimonios privados, a prol dunha indispensable política redistributiva de benestar social, encamiñada a garantir as condicións materiais da liberdade.
35. Peche de paraísos fiscais e rexeitamento de medidas de amnistía fiscal. Rebelión cívica contra as medidas de organismos non democráticos como os Institutos Financeiros Internacionais (por exemplo BCE, BM, FMI etc.). – Establecemento de medidas legais e mecanismos contra a corrupción.
36. Políticas de defensa do sector labrego, revitalizando as pequenas e medianas explotacións, garantía de prezos xustos, apostando pola recuperación dos ecosistemas agrarios e a sustentabilidade económica, impulsando a ordenación do territorio e a fixación de poboación no medio rural. Políticas análogas para o mundo mariñeiro e a beiramar. Ningunha das políticas agrarias das últimas décadas foi quen de frear o etnocidio do rural galego. Entendemos este como un dos meirandes problemas aos que nos enfrontamos. Os valores materiais e inmateriais da Galiza rural son necesarios, mais tamén son alternativas para camiñar a un outro modelo de sociedade cooperativa, xusta, sustentábel, autoorganizada, autoxestionada e, ao cabo, desmercantilizada e marcadamente anticapitalista.
37. Políticas de promoción e equidade económica, fiscal, social e laboral para as formas de traballo autónomo e de pequenas empresas, con fincapé nas formas cooperativas e de economía social. E fomento decidido das políticas, no contexto actual, de creación de emprego baseadas nos postulados anteriores.
38. Ordenación do sector comercial a prol da revitalización racionalizada do pequeno e mediano comercio fronte ao grande capital comercial, impulsando a necesaria reforma do marco normativo do sector. Rexeitamento de grandes superficies comerciais que non obedecen na meirande parte das veces máis que a intereses urbanísticos, financeiros e especulativos que nada teñen que ver co interese xeral e por

contravir no desenvolvemento do comercio tradicional.

39. Anova apoiará calquera iniciativa a favor da racionalización horaria, por razóns de saúde, de aproveitamento enerxético e de homologación horaria co noso ámbito xeográfico-cultural.

40. Anova pensa que o acceso a fondos públicos por parte das empresas con sede na Galiza deberá estar condicionado pola co-utilización ou utilización exclusiva da lingua galega en calquera das súas ortografía, no seu ámbito interno e externo.

Santiago de Compostela, 8 e 9 de xuño de 2013

Ditame Comisión Redactora de Textos:

O texto carece de análise e de reflexión política. É unha proposta programática concreta e un conxunto de consideracións que en todo caso cumprirá debater.

A DEBATE

126

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iria Blanco González**

Asemblea/s:

Localización emenda: Totalidade

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

“Somos os pioneiros a nivel estado en trazar estratexias de alianzas próximas as fronteiras amplas da esquerda, de ruptura do réxime e de apostar pola desobediencia civil e agora non somos capaces de defendelo, ante este panorama interno e tendo en conta a realidade social que continua a desolar o país, o estado e o conxunto da humanidade, penso que se deberían de reformular as bases do partido. É dicir comezar de cero de cara a que o partido conte e sexa ferramenta útil. Sexamos prácticos”.

56

1.REFORMULACIÓN DAS TESES POLITICAS.

A actualización de estratexias debe de ser a clave fundamental da reformulación das teses políticas do partido de cara a una fronte ampla de verdade, sen exclusións. A militancia única ten que ser o punto de partida para formar un suxeito político útil, e polo que Anova actúe como partido único e independente doutros cos que se teña algún tipo de coalición a nivel país ou europa, é a hora de ir mais alá e comezar a actuar como partido nacionalista de esquerdas a todos os niveis. Colaborando con tódolos partidos da esquerda, movementos políticos e sociais nos ámbitos onde se nos requira e donde debemos actuar como organización política única: ANOVA-IN. A sociedade moveuse a pasos axigantados, camiñemos con ela. Todos queremos que Galiza conte no Estado, en Europa e no mundo, senon poñemos todos da nosa parte, nunca contaremos para ninguén.

2.NOVA CULTURA POLITICA.

A vella cultura política debe desaparecer, se creemos na horizontalidade de verdade, na transparencia, na autocritica e no bo facer de cada un de nós, sinalando que ninguén sobra e que todos contamos (xa non só como militantes, senon como cidadáns) debemos de ter unha cousa clarísima como partido político e non esquecela nunca:

“No momento en que se vai a contracorrente da sociedade, e actuamos ou regulamos sen identificarnos ca realidade social, ca cidadanía, centrándonos só en nós como partido, esa sociedade que pretendemos salvar, guiala e que nos guie.. deixa de creer en nós”.

Para que todas as achegas sexan valiosas e independentemente do que poida aportar cada quen, deben de existir unhas liñas básicas de actuación, mais alá do posicionamento de cada militante, sendo estas liñas básicas a base do funcionamento interno.

3.BEN COMUN.

Falando da procura do ben común, as liñas básicas de actuación son fundamentais, que nos alonxen de personalismos a prol de crear cúpulas de partido e cargos políticos inamovibles.

De igual xeito, e en base a poñer en práctica os liderazgos compartidos nos que acredita ANOVA-IN dende o seu nacemento, pódese pensar tamén en Portavocías compartidas, ou Coordinadores Nacionais compartidos, coa finalidade de que a militancia se sinta representada e identificada cos seus líderes, reformulando deste xeito a escolla dos representates e as competencias que deberán de ter cada un deles.

4.PROCESO CONSTITUINTE.

No momento no que acontece o inicio dun proceso constituínte que podería representar a fin do réxime monárquico, e tendo ANOVA-IN nas súas bases políticas ese proceso moi presente, manifestando na Asemblea Constituínte que efectivamente debíamos de acreditar e confiar en que chegaría ese cambio, debemos de insitir mais que nunca no inicio dese proceso constituínte e na esperada reforma constitucional pola que se recoñeza a autodeterminación do noso pobo.

Sendo necesaria a colaboración e o entendemento con todos aqueles suxeitos políticos-sociais que se posicionen de cara a esa finalidade.

5. PRINCIPIOS ETICO-POLITICOS.

Anova Irmandade-Nacionalista debe de partir duns principios éticos e políticos básicos como garantía de confianza, transparencia e boa marcha da Organización. Para iso é necesario a regulación dun Código Ético (Código de conducta) dentro da Organización.

5.1. Todos os militantes de ANOVA-IN que ostenten cargos de representación a calquer nivel dos establecidos territorialmente deben de garantir o bo funcionamento, comunicación e interrelación dentro da Organización.

Todas as condutas que conleven a perda da comunicación entre áreas ou de cara á militancia, obstaculizando a comunicación interna dentro da Organización deberanse de valorar nos Órganos que correspondan segundo o cargo ostentado.

5.2. Todos os militantes de ANOVA-IN que falten ó respecto a compañeiros públicamente polas actividades políticas realizadas como integrante de ANOVA-IN en aras a fomentar a crítica persoal e carecendo de calquer tipo de fundamento obxectivo, conlevando o deterioro interno da Organización será requerido pola CEG para que valore se debe de ser suspendido da militancia por un período de tempo, abríndoselle o correspondente expediente sancionador.

5.3. Todos os responsables de áreas de acción e actividade de ANOVA-IN, e os órganos designados para tal fin terán a obriga de desenvolver unha actividade mínima de comunicación interna e interacción con outras áreas dentro da Organización, sobre todo con todas aquelas cás que por afinidade na súa temática ou actividade estean destinadas a entenderse.

6. AGE-FRONTE AMPLA.

AGE foi una fórmula imprescindíbel e un referente a nivel Estado para romper co bipartidismo, crear alternativa ó poder e unha oposición no Parlamento Galego forte e representativa de moitos galegos e galegas, pero non nos podemos quedar ahí, ANOVA-IN como suxeito político independente debe de ter a capacidade e os recursos políticos e humanos suficientes como para saber en qué momento se atopa, mellor dito debe de percibir en qué momento se atopa a sociedade civil e que é o que ésta precisa, que é o que está a demandar.

Se nos preguntáramos máis a miúdo de qué está orfa a cidadanía evolucionaremos como partido e daquela sí que poderíamos chegar a ser un instrumento útil e capaz de continuar avanzando en fronte amplas, de chegar a puntos en común non só entre nós, senon de cara a outros axentes político-sociais cos que compartamos afinidades.

Iso non debe de excluir AGE, debe de permitírnos amplialo “zoom” da política de alianzas se queremos que a esquerda continúe avanzando no bó camiño. Sen esquecer que ANOVA-IN é un suxeito político independente.

É por iso que nestes momentos convulsos, e seguindo coas boas prácticas políticas para chegar a puntos de entendemento, fánse necesarias e imprescindíbeis Conferencias Nacionais e Sectoriais, Políticas e Programática para con nós mesmos, pero sobre todo para ca cidadanía no seu conxunto.

7. PARTIDO E MOVEMENTO-OBXETIVOS URGENTES.

O partido ten que estar en movemento, pois definímonos na Asamblea Constituínte como un PARTIDO-MOVEMENTO.

Ademais de expresar e reivindicar nos distintos Parlamentos nos que temos representación a nosa impotencia acerca de todo o que acontece na sociedade, deberíase incidir e comunicar máis que nunca as nosas posicións con respecto á política corruptas, a monarquía, os fondos de pensións, as contas en paraísos fiscais, e en xeral o desolamento que vive a cidadanía agredida no conxunto do país e do Estado.

8. POLITICA DE ALIANZAS.

ANOVA-IN debe de ter a capacidade e a vontade como partido-movemento de preguntarse de qué está orfa a sociedade e que é o que se precisa para continuar a mudar o panorama político, social, económico e xurídico actual. Pero primeiro, e logo de reformularnos como organización comezar a traballar de novo sobre eses puntos, independentemente das alianzas pasadas que se cadra foron válidas no seu momento pero que non alcanzan de por sí, hoxe en día, a cubrir a inmensa carencia de representación política coherente e en concordancia ca realidade social que precisa a cidadanía.

Debemos amplialo “zoom” político a outras fórmulas políticas sexan partidarias ou non, pois carece de sentido optar por ter representatés nas institucións (o cal é sumamente necesario por outra banda) se non existe conexión directa e continúa coa sociedade.

9. CONTRA O ESPOLIO/DEFENSA DO NOSO.

Un punto fundamental debe de ser a corrupción política, institucional e do sistema económico. Política ética, limpa e coherente. Debendo de desaparecer como profesión vitalicia a de ser políticos.

Nós como militantes de ANOVA-IN debemos de identificarnos como cidadáns que se poñen ó servizo da sociedade por convicción de que as cousas poden cambiar e deben cambiar por ética e xustiza, a profesión de político debemos de erradicala da sociedade.

Galiza debe contar, debemos de loitar por ter máis competencias para xestionar os nosos recursos e facer política galega. Que a mocidade quede no país e traballe se ten a oportunidade. Esa labor correspóndenos a nós como partido-movemento nacionalista galego.

10. FINAL

Reforma da Lei Electoral: “Que se leven a cabo reformas lexislativas necesarias que garantan a lexítima representación cidadá dentro dos entes políticos afectados por actividades ilícitas, regulando medidas de carácter urxente que permitan inciar un novo proceso electoral”.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto formula un modelo diferente de tese política. Enténdese que o momento esixe maior profundidade de análise e de reflexión política.

EMENDAS PARCIAIS Á TESE POLÍTICA

127

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Ricardo Garrido Caneda**

Asemblea/s: O Grove

Localización emenda: Da páxina 1, liña 2 á páxina 8 liña 30

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Dotar dunha maior orde e estruturación ó texto político, así como engadir conceptos e contidos fundamentais para comprender a realidade na que vivimos e que carecía a proposta remitida dende a Comisión Redactora de Textos e aprobada pola Coordinadora nacional

Texto da emenda:

ANÁLISE DOS CONTEXTOS

1. **Da potencia única ó escenario multipolar: o declive de occidente e o xiro cara ó Pacífico.**

O escenario político – económico global ven mudando dende o inicio das relacións internacionais. Nos últimos decenios fomos testemuñas dun proceso que, de certo, marcará as relacións de poder na esfera internacional e que repercutirá na vida dos cidadáns de tódalas partes do mundo. Estamos a falar do proceso de globalización acompañado pola apertura económica da China ó universo occidental.

A mundialización, tal e como Braudel ten asinalado, non é un fenómeno novo. A historia da humanidade, aínda que con picos de serra, é a historia da mundialización. No Manifesto Comunista de 1848 recóllese unha das máis precisas descrições da globalización que se daría un século e medio despois. A guerra do Vietnam supuxo o fin de Breton-Woods e o inicio na posta en práctica da utopía reaccionaria ultraliberal, unha contrarrevolución en toda regra dos neocons que desde o comezo demostrou o seu desprezo pola democracia e o seu apego polo darwinismo social militarizado, a comezar polo 11 de setembro que significou a morte do irmán Salvador Allende e a ascensión de Pinochet ao goberno de Chile.

No último século e medio rexístranse dúas ondas mundializadoras: a primeira entre a década dos setenta do século XIX e a Grande Guerra (1914), a segunda desde a década de setenta do século XX até probabelmente o fin desta década, co seu epicentro na década de noventa. Desde o comezo desa década, que coincide co afundimento do sistema “alternativo” que propugnaba a URSS, hai dúas características que sobresaen no sistema-mundo: a acumulación de crises cada vez máis recorrentes e fondas e a agudización da súa causa, a financiarización da economía que comezara xa nos setenta. As potencias hexemónicas en declive, tanto hoxe como no pasado, refuxiáronse sempre na financiarización para prolongar artificialmente e con durísimas consecuencias para o conxunto do sistema o seu reinado. Estas dúas características imbrícanse con outras tamén ben coñecidas: privatizacións dos sectores públicos empresariais creados após a II Grande Guerra (1945), unha transición brutal e violenta do socialismo realmente existente, como réxime burocraticamente dexenerado, para o capitalismo, a emerxencia dos denominados BRIC’s, e unha concentración de capital a través de sucesivas adquisicións e fusións que lembra a descrición de Lenin dos monopolios previos á Grande Guerra.

Porén, é esta mesma mundialización a que acelera que o centro fabril do sistema – mundo se traslade do centro á antiga periferia. Resulta evidente que coa desaparición da loita de bloques da paz de Washington, os Estados Unidos de América situábanse como a única superpotencia, tanto a nivel político, como económico e militar. E dende logo tamén a nivel social e estético. Esta única súper potencia era capaz, e sígueo a ser en grande medida, de despreparar tropas en calquer parte do mundo en defensa dos seus intereses xeoestratéxicos e en defensa dos intereses dos seus poderes económicos. Era, e segue a ser quen de condicionar a vida política de enteiras macrorrexións e de Estados, teoricamente soberanos. Foi e é o motor económico en aras da defensa e vanaglorización dun capitalismo salvaxe, falta de regulacións e de controis, beneficiando sempre ós máis espurios intereses especulativos. E conxuntamente a isto, os Estados Unidos de América son unha potencia sen igual no que a creación de marca estética e cultura se refire. Tanto a estética do american dream, como a inxente capacidade de creación de contidos culturais de maior ou menor calidade, asolagaron o imaxinario colectivo da poboación occidental, e non só, da segunda metade do S.XX e o inicio deste S. XXI, convertendo á meirande parte da poboación mundial en consumidores da cultura occidental entendida como a que se basea no american way of live.

Porén, ó xigante medráronlle os ananos. As paulatinas introducións de elementos propios do capitalismo na economía chinesa, así como políticas relativamente similares de estímulo das exportacións en base á produción de produtos de baixo valor engadido e baixo custe unitario gracias a unha forza traballo absolutamente explotada e a unha produción inxente, fixeron de

China, India, o conxunto do sueste asiático, así como outros Estados do resto do mundo foran adquirindo unha capacidade de decisión económica que ata antes da década dos anos noventa non existira. Esa capacidade de decisión non se traducía nunha maior cota de poder en organismos internacionais como o Banco Mundial, o Fondo Monetario Internacional ou o ECOSOC da ONU. Máis ben era un poder tácito que o goberno chinés acompañou dunha agresiva estratexia financeira de compra de débeda soberana dos estados Unidos así como doutros títulos similares.

Co devir dos anos e do incremento de capacidade económica e política, e en parte tamén militar, a outrora única súper potencia ve como ten que deixar de priorizar a súa política de alianzas transatlántica para concentrarse de xeito irremediable na conca do Pacífico. Así cobran cada vez máis importancia os acordos de libre comercio entre os Estados Unidos e países suramericanos, así como os cumios do ASEAN e os diferentes acordos bilaterais entre o país norteamericano e Xapón, Corea do Sur, a propia China, etc.

É neste contexto internacional onde Europa vai perdendo capacidade decisoria e poder real. Do mesmo xeito que as relacións e o comercio internacional antes da I Guerra Mundial xiraban arredor da hexemonía no Mediterráneo e arredor do Atlántico despois da II Guerra Mundial, Agora, sen guerra mundial mediante, a hexemonía mundial decídese na conca do Pacífico.

O rearme xaponés, as constantes e reiterativas tensións entre as dúas Koreas, o inxente aumento do orzamento chinés de defensa, a irremediamente infinita controversia entre India e Pakistan no tocante ó deslinde fronterizo, os conflitos sociais propios dunha economía en desenvolvemento industrial no interior de China, a sempre presente integración sudamericana en base a postulados antimperialistas e de esquerdas, e un longo etcétera, fan da conca do Pacífico, e especialmente da súa parte asiática unha fonte de problemas para os Estados Unidos de América na busca do mantemento da súa hexemonía mundial.

E que papel ten Europa neste cambio de ciclo histórico? A crise financeira iniciada no 2007 – 2008 como consecuencia da falta de regulación económica propia dos postulados neoliberais, xunto cunha economía mundializada, como consecuencia deste proceso globalizador coincidiron no vello continente coa aplicación de medidas procíclicas impostas polos partidos conservadores e aplicadas a partes iguais entre estes e os integrantes da internacional socialista (PASOK, PSOE, PSF...). O obxectivo: crear unha Europa de dúas velocidades. O norte, baseado nunha economía cun estado do benestar que Sping Andersen definiría como modelo escandinavo ou continental, do subtipo xermano, onde o peso da industria e da exportación ós países en desenvolvemento e ó resto de Europa serían o motor da economía cun importante peso do sector servizos. Por outra banda, a Europa do sur, precarizada e destinada a se-la competencia autóctona ós produtos que puidesen chegar dos países en desenvolvemento. Unha estrutura pública mínima, onde os traballadores apenas manteñan algún dos dereitos conquistados durante décadas no eido laboral, social, político... En definitiva, nós como galegos, inmersos nunha realidade europea, estamos a ver os nosos dereitos e liberdades diminuídas como consecuencia da incapacidade dos “amos” de Europa para darlle unha saída xusta e equitativa á crise. Socializáronse as perdas e privatizáronse os beneficios dun xeito obsceno. Priorizouse a economía especulativa antes que a produtiva, producindo acusados procesos de desaparición das clases medias e unha maior desigualdade social, fundamentalmente nos países e sociedades do sur de Europa.

59

Un sistema fracasa se non pode asegurar o benestar da súa cidadanía, se os fillos e fillas viven peor que os seus pais e nais rompendo a cadea do “progreso”. Un sistema falla se non dispón dunha política económica centrada no pleno emprego, no aumento da capacidade adquisitiva, no coidado da biosfera e na cobertura das necesidades básicas de toda a Humanidade. Un sistema tamén erra se non é quen de protexer as minorías e non respecta os desexos e a vontade da maioría.

2. “Pequenos” conflitos: a loita polos recursos escasos.

Neste contexto global de cambio de ciclo histórico e progresiva mundialización da política e da economía, a loita polos recursos escasos está a producir toda unha serie de conflitos que teñen como exemplo áxido os recursos enerxéticos fósiles, tanto a súa obtención como o seu transporte e transformación.

Dende as diferentes guerras impulsadas polos estados Unidos de América no Medio Oriente (Afganistán, Irak), ata o actual conflito en Siria, pasando pola Primavera Árabe ou as guerras no Cáucaso, sempre identificamos dous factores: a presenza de recursos imprescindibles para as grandes potencias ou de rutas de transporte deses recursos e, en segundo lugar, a sensación de espolio económico e político polos pobos locais, utilizado por outras potencias para aumenta-lo conflito.

O comercio internacional xa ten demostrado ser fonte de preocupación polos Estados e o poder político – económico dende séculos atrás. Agora, en troques da ruta da seda, temos por toda Asia as liñas de transporte de gas e petróleo para o abastecemento dos grandes centros urbanos. O deseño e ubicación destas liñas e a coincidencia de conflitos armados non é coincidencia. Na nosas mans pouca capacidade de solución temos, mais a presión política en sentido estrito e entendéndoa dun xeito clásico non é suficiente. Se moitos dos conflitos armados son pola posesión das fontes e o transporte de hidrocarburos, debemos ser conscientes de que un uso máis restritivo e controlado dos produtos derivados (combustibles fósiles, plásticos...) axudaría xa non só ó mantemento deses recursos por máis tempo, senón tamén a un maior coidado do medioambiente. Pero ademais favorecería a caída de prezos, e polo tanto tamén caería a rendibilidade deses conflitos.

O que viñemos en coñecer como Primaveras árabes non son máis que un fenómeno social e político propio dunha crise de produción capitalista. A crise financeira produciu unha fuxida de capitais de fondos de investimento de alto risco cara outros de carácter máis seguros, baseados en produtos físicos como os cereais. Esta tendencia fixo que durante o 2008 e o 2009 o prezo do trigo e doutros cereais básicos no mundo árabe, aumentase de prezo. De tal xeito que a porcentaxe de gasto medio dos fogares en comida pasou de representar o 20% dos gastos totais a ser máis do 40%. Deste xeito, a capacidade adquisitiva desa cidadanía descendeu como consecuencia da política financeira occidental. Nese contexto, o clima social foise agravando e os antigos sistemas tunecino, exipcio ou iemení, por exemplo, foron capaces de solventar un malestar social que se incrementaba con altos índices de paro e migración forzada.

Ademais, casos como os de Libia ou Siria, entre outros, son exemplos de como a inxerencia estranxeira en conflitos internos reamta por desestabilizar aínda máis o futuro do país. Se a iso lle engadimos a desnortada táctica estadounidense, e non só, de armar a calquera que coincida en derrotar ós seus inimigos, atopamos a explicación do xurdimento primeiro de Al – Qaida e agora do Estado Islámico. Os intereses xeoestratéxicos e económicos seguen detrás de todos estes conflitos, pois o control do levante mediterráneo, así como do norte de África, permite un maior poder adquisitivo en termos de combustibles fósiles, tanto pola localización de puntos de extracción, como pola localización de rutas de transporte.

No que se refire ó Kurdistan, as diferentes faccións kurdas e as diferentes situacións que vive o pobo kurdo dependendo de que Estado falemos, fai que o seu presente e o seu futuro sexa ben interesante como exemplo de cómo a táctica e a intelixencia política, así como a necesidade de terceiros, poden rematar por converterse nun futuro próspero para un colectivo decidido a ser o dono do seu destino. A existencia dun estado kurdo semella lonxana, porén o protagonismo na loita contra o Estado Islámico fronte á paralización chiíta e sunita en Irak, as progresivas mellores relacións do PKK co goberno de Ankara e a defensa, tamén fronte ó Estado Islámico, no norte de Siria, no poden rematar máis que no recoñecemento tácito e legal da existencia do pobo kurdo por parte de Estados que ata ben pouco negaban a súa propia existencia. Ademais, é innegable o aumento da autonomía e da soberanía deste pobo.

Ucráina é outro caso máis de como diferentes potencias loitan sen ter en conta o sufrimento do pobo, por asegurar as súas áreas de influencia económica, política e de defensa. Ademais, o papel da Unión Europea e de Estados Unidos apoiando a grupos declaradamente nazis e o interese de China polas fértiles e produtivas terras negras ucráinas, aínda complican máis a solución e o devir deste conflito.

60

Dende logo que nos esqueceremos de mil e un conflitos que ó longo do mundo, especialmente no continente africano, esmagan vidas e proxectos vitais, só por un maior disfrute nos centros mundiais en detrimento das periferias. As guerras polo koltan ou o uranio no Congo son bos exemplos. É precisamente en África onde a longa man de Pekín máis se ten desenvolvido durante estes últimos lustros, substituíndo o antigo papel de Francia e Gran Bretaña en grande medida.

3. A economía global: u-la democracia?

O nivel de ingreso das clases traballadoras continúa descendendo ao tempo que a economía produtiva -a economía real- é esganada pola prominencia do capital bancario ou capital-diñeiro sobre o capital-industrial e o capital-mercadoría. Porén, o ultraliberalismo tentou paliar este novo “disciplinamento” da clase traballadora mundial mediante o recurso ao crédito barato (facilitado por tipos de xuro extraordinariamente baixos que alimentaron diversas burbullas): ao tempo que os traballadores perdían parte da súa capacidade de consumo esta alimentábase irresponsabelmente mediante o negocio da débeda privada, eliminando así o ordenado futuro da clase traballadora. Este endebedamento masivo -con ficcións como a “sociedade dos propietarios”, centrada na propiedade da vivenda mediante gravosas hipotecas nos EUA e no Estado español especialmente- a través de hipotecas lixo tivo como resultado unha burbulla de diñeiro ficticio e especulativo. O volume da débeda no sistema-mundo segue a aumentar (agora mediante a nova burbulla da débeda pública Europea) e supera xa en máis de 5 veces o PIB mundial. O apalancamento da economía mundial é xigantesco.

Estamos, pois, nunha situación para o corazón do sistema (que necesita fuxir constantemente da que Marx denominou Lei da taxa decrecente do gaño sexa como for e no máis curto prazo posíbel) e xa non digamos para a Terra moito máis perigosa e volátil que en anteriores crises, incluída a de 1929.

A crise das subprime, que a través do empacquetamento -a titularización en complicados activos financeiros chamados derivados como os CDO's e os CDS (credit default system)- espallou a podremia desde a banca americana a todo o globo nun xigantesco esquema Ponzi, un terzo dos créditos subprime concedéronse a 100% ou máis do prezo -xa de por si irreal- das vivendas, supondo valores seis veces superiores, ou máis, aos ingresos anuais do prestatario. Así naceron as hipotecas lixo, ou subprime mortgage e os devanditos activos derivados. Só a crise das subprime xogou en 2008 a 2'8 millóns de familias á rúa e a 3'5 millóns en 2009. Ninguén “rescastou” a esas 400 familias que cada hora perdían en 2009 o seu fogar e o “sagrado” dereito á propiedade. Ao tempo, na última década foron 200.000 os campesiños que se suicidaron na India por non poder facer fronte aos seus

créditos, moitos por mor de ter que recorrer ás sementes modificadas xeneticamente. En Níxer, o FMI obrigou ao país a facer “axustes”, entre eles suspender os créditos institucionais entregando os campesiños á usura do crédito privado... o resultado foi a fame negra de 2004-2005. Son crimes contra a humanidade polos que ninguén responde ao igual que os nazis en canto tiveron o poder non responderon polos seus crimes (e os Porche, Krupp, Thyssen, etc. nin após desaparecer o III Reich). O capitalismo, aínda que desde a esquerda europea keynesiana se fechen os ollos desde un narcisismo que roza a xenofobia, leva implícito o darwinismo social: a cuarta parte da poboación dos Estados emerxentes continúa vivindo con menos de 1’25 dólares ao día, 1.000 millóns de persoas non teñen acceso a auga potábel, 1.600 son carentes de electricidade, 3.000 millóns non dispoñen de saneamento axeitado, máis de 1.000 morren literalmente de fame... é preciso dicir algo máis ao respecto?

Na primavera de 2009 apareceron 5 billóns (5.000.000.000.000) para “rescatar” (socializar as perdas) das institucións financeiras... Se un ano ten 31.536.000 segundos a citada cantidade representa 160.000 anos (e empregamos a estimación máis baixa que cifra en 5 billóns o diñeiro, sen ter en conta o recibido desde entón até agora pola banca -só o BCE a comezos de 2012 deu ó 1% outro billón de euros á banca ao tempo que Draghi, o presidente do BCE advertía que o 2012 ía ser un ano de ataques especulativos sen precedentes-). Cinco billóns que na súa maior parte se pediron prestados, ou sexa máis débeda coa que engraxar o negocio da mesma bancocracia da que se socializan as perdas. Esa débeda será devolta cos impostos da nosa xeración, da dos nosos fillos, da dos nosos netos... Así as cousas, mentres os culpábeis non deixan de recibir premios, os inocentes desta crise deben calar e asumir as perdas dos que deberían ser xulgados por alta traizón como criminais de guerra. E que recibe en troques a maioría social? Desemprego, posentadorías reducidas, servizos públicos desfarelados e cada vez peores, menor calidade de vida para eles e as súas familias... Os beneficios séguense privatizando, as perdas socialízanse na volta de porca definitiva do “comunismo dos ricos”.

Só nos primeiros anos da crise sistémica 30 millóns de persoas perderon o seu emprego e uníronse ao exército de forza de traballo na reserva pronta para ser explotada en condicións de escravitude. Os que conservaron o posto viron como perdían dereitos, empeoraban as súas condicións laborais ou eran traballadores pobres que sobreviven con menos dun euro ao día. Nos estados do centro do sistema-mundo o desemprego aumentou máis que nos emerxentes, dos 30 millóns devanditos dúas terceiras partes corresponde ao centro con especial incidencia nos EUA e no Reino de España. En 11 Estados europeos o paro aumentou máis de 50% e nos estados español, irlandés e danés superou o 100%. Segundo a OIT, o 40% dos que procuran traballo levan máis dun ano facéndoo. 150 millóns de mozas e mozos traballan, mais viven en fogares con menos de 1’25 dólares ao día. Asistimos pois, en todo o mundo a unha “xeración perdida”, que se traduce en revoltas e movementos de indignación e rebeldía cos que a esquerda política ten que necesariamente confluír. Hai que recuperar as pontes entre a esquerda social e a esquerda política que levan tempo demais suspendidas, cando non rachadas.

61

Evidentemente, o que comezou sendo un problema dos EUA, a crise das subprime, mostrou axiña que nunha crise sistémica superpóñense diversas crises, destacando en cada momento máis unhas ou outras: a crise alimentar, a crise enerxética e ecolóxica, a crise da banca privada (que non da bancocracia que segue a acumular gaños e socializando as perdas), a crise da débeda pública, a crise... O centro xeopolítico é cada vez menos centro. Detén aínda o monopolio da investigación e o desenvolvemento e o oligopolio da formación de capital, porén perdeu xa o dominio do comercio mundial... Asistimos a unha transición entre un Occidente hexemónico durante toda a historia do sistema-mundo capitalista desde as Provincias Unidas no século XVIII até os EUA no XX pasando pola Inglaterra do XIX) e un Oriente que semella ofrecer un novo tipo de capitalismo, aínda máis depredador e salvaxe e que aínda non foi avalado pola crise fundamente no caso chino -algo esperábel revisando todas as transicións hexemónicas até agora-. Ora, do que estamos convencidos en Anova – Irmandade Nacionalista é que o sistema-mundo capitalista se acha nun período de caos e recomposición das hexemonías, nunha multipolaridade que lembra o período da década de trinta do século XX. Tamén é meridianamente claro que o capitalismo está lonxe de caer por si propio e de facelo arrastraría a toda a Humanidade consigo. Non ten porque ser o socialismo a superación inevitábel do sistema-mundo capitalista e aquí cómpre voltar a situar no centro a vella máxima do Marx serodio ou de Rosa Luxemburgo: “socialismo ou barbarie”.

O modelo de crecemento actual (chámeselle así ou disfrácese de “desenvolvemento sustentábel”) está integramente baseado na irracionalidade, a especulación sen máis horizonte que o vindeiro segundo, o consumismo depredador de recursos non renovábeis... todo son “externalidades” para os intelectuais orgánicos do sistema que din ser economistas”. Anova – Irmandade Nacionalista ten, por tanto, a necesidade e a urxencia de debater e formarse para poder desenvolver propostas para mudar os padróns de consumo e de desenvolvemento económico como única garantía de supervivencia do planeta e da especie.

Nesta altura histórica, parece definitivamente liquidada a concepción cíclica da historia, o mito do eterno retorno. Sexa cal sexa a saída ás dificultades, e duren estas o que duren, o capitalismo que sairá desta crise terá unha nova cartografía social, xeopolítica e económica. Nada voltará ser como antes e de pouco valerán os lentes embafados da vella socialdemocracia europea reconvertida en social liberalismo. Tampouco as receitas keynesianas poderán ofrecer a medio e longo prazo unha resposta aos límites ecolóxicos do planeta.

O darwinismo social representa unha interpretación interesada de Darwin feita por Herbert Spencer. Unha xustificación de todos

os desmáns dos ricos reconvertida no ultraliberal “non hai alternativa” desde a época thatcheriana. Como Spencer, os que teñen o poder dinnos que debemos adaptarnos ao medio que outros nos impoñen porque teñen a capacidade para facelo. O que non o acepte é un nugallán ou un terrorista, porque atenta contra a correlación de forzas e contra o dogma de fe da propiedade privada. No sistema-mundo de hoxe, o 10% dos adultos máis ricos conta co 88% da riqueza global e o 2% máis rico concentra máis do 50% da riqueza mundial. Pola contra, 50% da poboación mundial conta só con 1%, onde está o “sagrado” dereito á propiedade privada?

A clase dominante ten hoxe o poder e o goberno, ten a hexemonía cultural no sentido gramsciano. Como dicía Lenin “os capitalistas venderannos o adibal co que nos colgaremos”. Pouco despois do setembro negro de 2008 os banqueiros inventaban novos produtos financeiros descoñecidos e difundíronos por toda a parte. Entre estes encóntrase a venda de pólizas de seguros de vida a persoas doentes ou idosas que empaquetaban en CDO’s como as subprime e venden como produtos financeiros. Esta é a xente que no G-20 de abril de 2009 dicían ter creado unha Nova Orde Mundial. Foi Adam Smith o que afirmou: “todo para eles e nada para os demais parece ter sido a máxima ruína dos amos da humanidade nas diversas épocas da historia”.

4. Europa, algo máis que a UE: a Europa dos Pobos.

Europa foi construída a medida das oligarquías europeas e lonxe de ser un proceso democraticamente lexitimado. De feito, cada vez que a cidadanía “se equivocaba” votando nalgún referendo, este repetíase e desde os mass media, os altofalantes do grande capital, numerosos “expertos” prognosticaban terribes sucesos para eses cidadáns ousados, cando uns anos antes nin cheiraban que se ía producir unha crise sistémica.

A UE, en marcos como o Tratado de Lisboa, é a Europa do capital financeiro, non dos Pobos; é, como o Tratado de Maastrich, unha nova e brutal degradación da estrutura da base produtiva -nomeadamente da pouca que aínda fica na periferia-; e continuar consagrando no BCE e por toda a parte a suicida ortodoxia ultraliberal e é apostar novamente por perpetuar as tres claves da UE: mercado único, moeda única, pensamento único. Un pensamento único que non é máis que a uniformidade cultural, a consagración dun capitalismo cada vez máis depredador e inxusto, a submisión aos EUA e o seu Imperialismo dos Dereitos Humanos a través da OTAN, a configuración de democracias sen participación cidadá (democracia nas formas, darwinismo social e estado penal no contido), etc.

Diversas disposicións do Tratado de Lisboa limitan a fiscalidade internacional. Unha delas é o dogma da “liberdade de movementos” do capital, que se aplica tanto as transaccións internas da UE, tanto as efectuadas con terceiros estados. A Comisión europea e o Tribunal Europeo de Xustiza son, por tanto, dúas pezas máis xunto ao BCE na imposición política dunha desregulación do capital que é contraria aos intereses do 90% dos habitantes da UE. Tampouco unha Taxa Tobin arranzaría o fondo da cuestión, ficando apenas como medida epidérmica.

Ao tempo que Grecia, Irlanda, Portugal e o Estado español agora eran intervidos pola troika (a Comisión Europea, o FMI e o BCE) formalmente esíxense máis e máis medidas de “austeridade” e “privatizacións”. “Austeridade” significa miseria porque sen crecemento é imposible pagar a débeda. “Privatización” quere dicir transferir sen garantías os resultados do traballo de milleiros de persoas durante décadas. Realmente o que se fai é unha enaxenación, un agasallo. Cando un sector público funciona mal debemos ter como obxectivo resolver os seus problemas e non destruílo e favorecer a súa “privatización”.

A cidadanía, por toda a parte rexeitou estas políticas. Elección após elección os gobernos caen pola nefasta xestión da crise e a desilusión, a raiba e o cansazo da cidadanía aumentan de día para día. Moitos outros cidadáns sitúanse baixo un shock inducido onde o medo actúa como narcótico. Isto, vense traducindo nun preocupante aumento do apoio social á extrema dereita co efecto rebote de que os partidos tradicionais adoptan parte das súas teses extremistas para recuperar votos, tal e como ten sucedido en Francia ou Reino Unido.

As políticas procíclicas de austeridade instaloron a Europa nun círculo vicioso. De tal xeito que os estados gastan máis en pagar aos seus acredores que en apostar por reformas económicas e gasto público, especialmente gasto público social, que permita a recuperación con políticas de estímulo. Así as cousas, a UE afúndese lentamente. As empresas, especialmente as PEME’s, deixan de invertir e vén baixar os seus beneficios -no mellor dos casos-, os consumidores baixan os niveis de consumo mes tras mes e os bancos restrinxen o crédito para a economía real.

Xunto ás cuestións económicas, as cuestións sociais e nacionais no seo da Unión Europea son a tradución singular desta crise en cada contexto. O recente referendo escocés, o proceso aberto en Catalunya, e as reivindicacións vascas, flamengas, galegas, bretonas, galesas, irlandesas, sardas, etc. non son máis que a expresión e demostración dun desfase entre a realidade social e a estrutura política europea.

Un dos maiores frenos para a verdadeira integración europea foron e son os Estados. A actual dirección comunitaria é a dos

Estados (Consello), e a Comisión non deixa de ser unha sorte de querer e non poder nesa integración. As continuas declaracións e xestos de destacados representantes europeos en contra dos procesos de autodeterminación dos pobos no seo da UE, non deixan de demostrar que ese escenario obrigaría a cambiar o sistema e a concepción mesma dos integrantes desta unidade en Europa, na actualidade comandada non polo Estados soberanos, senón polos Estados intervidos polo BCE, ferramenta do gran capital para impor os seus intereses.

5. As eleccións europeas: un aviso a ter en conta.

Talvez o mellor resumo da pasada xornada electoral en Galiza sexa verificar unha vez máis a irresponsabilidade das direccións políticas da esquerda galega, que celebraron este resultado en todos os casos como una vitória, cando apenas Podemos ten algo que celebrar.

Para derrotar o bipartidismo en Galiza é precisa e necesaria unha alternativa ilusionante e creíble, unha fronte ampla á marxe das forzas sistémicas que sume ós apoios actuais os de boa parte da abstención, do voto do PSOE e dos 200.000 galegos e galegas que decidiran votar por outras forzas, nulo ou en branco (16'35%, 191.400 votos). Que congregate a toda a esquerda social e estea ó servizo da maioría social, que retro-alimente a construción dunha sociedade civil, como mínimo, equiparable á de Catalunya e Euskadi (mínimo imprescindible tamén para deter a barbarie a nivel europeo que avanza imparabile e lembra cada vez mais a década dos trinta do século XX).

Co bipartidismo por baixo do 50% dos sufráxios, tal como se prognosticava dende Anova cando se apostaba pola fronte ampla, aínda que non fóramos quen de impulsar unha coalición ampla que o derrotase acelerando o fin da II Restauración borbónica, portanto, é fundamental apostar pola fronte ampla con ou sen as direccións políticas de IU e BNG.

Deste xeito, é imprescindible a construción dun espazo plural no nacionalismo galego, unha forza organizada o suficientemente importante para situar a cuestión nacional galega de forma análoga a Euskadi ou Catalunya. AGE, e con ela Anova, sitúase en parte fóra do espazo de forzas ruristas e dos novos xeitos de facer política contradicindo as aspiracións de Anova dende a súa creación.

A fronte ampla que moitas e moitos defenderon no referendo do 23 de febreiro, e que non acadou a maioría dos votos, teríanos conducido a un escenario onde unha coalición obtería escanos galegos no parlamento europeo sen dependencias externas a Galiza e permitiría ter avanzado na verdadeira nova política que apenas pode celebrar derrotar o bipartidismo e erguer una clara alternativa de goberno e non un resultado escrutado dende a óptica de «partido». Esa fronte tería congregado nunha mesma coalición a Primavera Europea, Podemos, Anova e algunhas forzas máis con un resultado que constituiría un ensaio de quebra democrática e que nos situaría como alternativa real de goberno en Galiza: a integración na Izquierda Plural non era, nem moito menos, un There is not alternative para atinxir unha caixa de resonancia propia en Estrasburgo.

Temos pois, pouco que celebrar e muito por construír para avanzar no noso horizonte estratéxico.

6. O escenario dunha “gran coalición”.

No Estado español o maior grupo de vulnerabilidade xa son as crianzas, só a Romanía ten unha taxa maior de crianzas que viven por baixo do limiar da pobreza. A isto súmaselle que 50% das mozas e dos mozos están no paro. E agora chega o “resgate” en canto a mocidade mellor formada, co conseguente gasto público en educación que se perde, emigra en masa a Arxentina, Brasil, Inglaterra, Alemaña... Na maioría dos casos, os ministros e altos cargos do PSOE e do PP pasan do mundo da empresa ao da política e viceversa, nun fenómeno coñecido como porta xiratoria. Endesa ou Iberdrola contan con destacados políticos como Aznar, Felipe González, Elena Salgado... a factura da luz incrementouse en poucos anos nun 80%, sendo o Estado español o terceiro – só por tras de dúas illas como Chipre e Malta – de Europa coa tarifa eléctrica máis elevada. Canto a casos ligados co sector financeiro, como o de Bankia, repítese o fenómeno da porta xiratoria, cun agravante a maiores: o Estado entrou no capital das entidades financeiras a través do FROB sen exercer dereitos políticos nas caixas e sen mudar os seus executivos, os mesmos que as conduciran ao desastre. O Estado foi un accionista, moitas veces maioritario, sen voto político nas reunións dos consellos de administración e sen facer o control parlamentar que a xurisdición lles permitía, como no caso da Galiza.

Unha das primeiras consecuencias no Reino de España, após o estourido da crise, foi a aceleración da destrución xa non só do poder adquisitivo dos traballadores mediante contrarreformas laborais e o aumento exponencial do desemprego, mais tamén se desamallou unha carreira sen cuartel co obxectivo de desmantelar os servizos públicos (renda transferida aos traballadores a través da redistribución dos ingresos que debe exercer o Estado do benestar). O “mercado”, esa abstracción que evita que a cidadanía poda distinguir entre “goberno” (mercenarios a soldo da bancocracia tamén chamados “políticos”) e “poder” (o IBEX-35, o FMI, o BCE, a Goldman Sachs, o clube Bilderberg, o Deutsche Bank...). O “mercado”, ese monstro pretensamente abstracto e insaciábel, o Saturno que devora o 90% da sociedade, pasa por riba da cohesión social, da calidade de vida, da saúde das persoas... Ao tempo, vai sendo claro para a cidadanía que as decisións que máis lle afectan non son tomadas polos seus

representantes, senón en centros decisorios sen ningunha lexitimidade democrática. “Mercados” aos que o pobo non lles ve a faciana como aos antigos tiranos. Isto produce varios efectos: unha minoría descobre que a democracia non é compatíbel co capitalismo, que este sistema é contra nós, e que cómpre unha democracia real e popular que permita atender á conservación do medio ambiente, ao emprego, á soberanía alimentar, a soberanía do cidadán e das nacións para completar a emancipación dos pobos... en definitiva, o socialismo. Porén outro efecto máis macizo, que require pular pola fronte única na esquerda, é a perda de creto da democracia, que o feito ritual de votar sexa visto como algo inútil ao tempo que se apoian opcións de extrema dereita e neofascistas como saída, algo que as elites verían con bos ollos. Non hai ningunha razón para pensarmos que o fascismo non vai actuar, como no pasado, como bombeiro dun capitalismo gravemente ferido e que rachou todos os consensos sociais estabelecidos desde a II Grande Guerra no centro do sistema. De feito, a ascensión e socialización do darwinismo social é xa un feito máis do que levamos constatado en todas as sociedades europeas.

Todo este contexto produce un efecto reactivo na sociedade, que remata por se organizar en estruturas máis ou menos clásicas en defensa dos seus dereitos e dunha vida mellor. Tal proceso de concienciación e toma de partido é paralelo ó que outras moitas persoas percorren. A apatía e o desánimo e descrédito na política e nos instrumentos do parlamentarismo. Este feito remata por configurar unha grande bolsa de abstencionistas convencidos.

Moitas enquisas indican que precisamente polos fenómenos que acabamos de citar, as vindeiras citas electorais rematarán por fragmentar á esquerda e por colocar ó bipartidismo xusto por debaixo do 50% dos votos. Este escenario implicaría a posibilidade dunha gran coalición entre PP e PSOE que destacados empresarios e políticos como Felipe González ven con bos ollos. Non deixa de ser algo que xa ten acontecido en Alemaña e que está volvendo a acontecer, que tamén se vive en Grecia e Italia, e no seo da propia UE. No fondo, os intereses duns e doutros non son máis que representar os do gran capital. Son as dúas caras dunha mesma moeda.

O PP e o PSOE, como partidos dinásticos, dependen economicamente da clase dominante e ou ben traducen os seus desexos en leis, ou ben, cando está na oposición, secundan pasivamente a maioría das decisións do Goberno. O Goberno é do PSOE ou do PP, o poder do BBVA, do BSCH, da Telefónica, de Repsol - como o affaire YPF revelou con meridiana claridade-, de El Corte Inglés, de Iberdrola - cuxo presidente foi o primeiro en abrazar a Feijoo após o seu triunfo-, de ACS... Por en canto, a esquerda real fica dividida e con escasa incidencia real na política da II Restauración Borbónica. Así, Zapatero comezou aplicando as receitas ultraliberais que o PP continuou facendo sen grandes mudanzas.

7. Esquerdas e nacionalismos no cambio de réxime.

Se ben o obxectivo de Anova – Irmandade Nacionalista nestes dous anos de percorrido político foi a pretendida unidade da esquerda e do nacionalismo en aras da superación deste sistema económico e político en descomposición, protagonizando todo o proceso o espírito de cooperación e confianza lexitima, a realidade tornouse máis ben teimuda e case contraria a este obxectivo.

As forzas nacionalistas das nacións sen Estado e as forzas da esquerda española non foron quen ou non quixeron sentarse a falar con sinceridade e sentido non xa de Estado, senón de clase e de nación, con altura de miras. Priorizouse nas eleccións europeas a táctica por riba da estratexia. Situouse a esta cita electoral non como un ensaio de creba democrática, senón como un termómetro onde cada forza foi capaz de valorar a súa repercusión electoral e así ter maior ou menor peso nas negociacións preelectorais neste ano 2015 no que teremos xerais e municipais.

Neste contexto, Anova, de xeito democrático aínda que cun excesivo peso da autóritas case que de secretario xeral do noso portavoz nacional, decidiu non optar pola esquerda e o nacionalismo máis próximo ideoloxicamente e si polo pragmatismo electoral e institucional. Debemos ter presente que toda a esquerda non é homoxénea e do mesmo xeito, todo o nacionalismo tampouco o é. Se ben o obxectivo final de Anova cando se plantexa a fórmula de frente ampla é buscar o mínimo común denominador da esquerda e do nacionalismo para derrotar ós donos deste sistema depredador e nocivo, tamén o é que á hora da verdade debemos ter presentes as nosas afinidades ideolóxicas.

Anova apostará sempre por aquelas formas de facer política onde a democracia republicana, a non dominación e os valores cívicos descendentes da revolución francesa e de todo o liberalismo progresista e do marxismo liberador. Deste xeito propugna un nacionalismo cívico, onde unha nación se configura non polo esencialismo romántico propio do volkgeist do nacionalismo orgánico. E sempre en clave de esquerda, polo tanto, estamos ante un nacionalismo non excluínate, pois inscíbese na liña do internacionalismo de clase. Ademais, Anova propugna unha esquerda non autoritaria, onde internamente se acepte a discrepancia construtiva e a cooperación, e externamente se defenda a igualdade e a liberdade. Polo tanto estamos ante unha esquerda radical, no sentido da orixe dos seu ideario, as raíces da esquerda; e liberadora, xa que acepta como parte fundamental o valor de grupo e o ben común, pero tendo en conta sempre a importancia do individuo como integrante dese grupo.

8. A irrelevancia de Galiza a nivel estatal.

O primeiro mandato de Nunez Feijoo tivo como norte demoler os avances experimentados no autogoberno galego desde 1981. O seu segundo mandato ten como obxectivo a demolición da idea mesma de autogoberno. A marca do fraguismo foi a infrutilización das posibilidades do autogoberno; a consecuencia do goberno inexistente de Nunez Feijoo e o desbaldo das máis mínimas posibilidades que ofrece o marco competencial da Autonomía galega para o desenvolvemento de políticas públicas, das potencialidades produtivas de Galiza, a extensión de servizos educativos, sanitarios e sociais ou a normalización da nosa lingua e cultura.

A consecuencia das maiorías parlamentarias do Partido Popular e a renuncia a condición de goberno da Xunta e a súa aceptación como simple administración subsidiaria e resignada das políticas de austeridade e desmantelamento do público, a institucionalización da utilidade residual do autogoberno. O rexime da Autonomía xestionado polo Partido Popular proscribía a democracia, afianza a desigualdade de oportunidades, cancela dereitos sociais e liberdades individuais e colectivas, contribúe coa súa inacción ao desafuzamento da economía nacional, promove o ecocidio e estimula o desprezo da lingua e da cultura dopais.

Unha terceira maioría parlamentaria de Nunez Feijoo certificaría o triunfo definitivo de Atila en Galiza. A construción dunha maioría social e política para derrotar o Partido Popular e obxectivo prioritario de Anova. A emerxencia da vaga soberanista en Cataluña viuse impulsada polo teito imposto polo Tribunal Constitucional ao seu autogoberno nacional. En Galiza, a resposta soberanista enfrontase a institucionalización dun rexime de autonomía residual que leva a cabo a dereita gobernante. A preservación da condición de Galiza como nación pasa pola derrota do Partido Popular. O proceso de ruptura democrática en Galiza ten que comezar coa derrota da dereita do rexime e o seu desaloxo da Xunta de Galiza e, antes, dos principais concellos do país.

9. Delegado dos bonecos de ventrílocuo: Feijoo e os seus gobernos.

Desde aquel 1 de marzo en que se materializou a vitoria do PP na Galiza, con toda sorte de think tanks e co apoio da sociedade civil máis reaccionaria como Galicia bilingüe que racharon todos os consensos encol da lingua galega, non só se paralizaron todas as medidas máis ou menos transformadoras do Goberno PSOE-BNG, mais tamén se iniciou o desmantelamento dos servizos públicos, a privatización do ar e da auga e estableceuse toda unha batería de medidas reaccionarias e antigalegas, especialmente ferintes para as maiorías sociais do país. Primeiro o PPdG acusou ao “bipartito”, logo ao Goberno central, como o PP desde Moncloa fixo e fai da “herdanza recibida”, e, a seguir, tentou presentar unha Galiza feliz e ideal grazas aos “axustes progresivos” da Xunta. Sexa como for, o apoio ao PPdG foi descendendo, especialmente nos últimos meses, e as eleccións presentan un escenario aberto pola servidume acrítica do Goberno co grande capital.

Feijoo e o seu Goberno foron copartícipes da reconversión da autonomía nunha “Deputación supraprovincial”, non fixeron nada por atinxir novas competencias para a Xunta, atacaron os intereses de 90% dos galegos para servir outros – localizados maioritariamente ou ben no aparato do PPdG ou ben fóra da Galiza-. A teoloxía económica ultraliberal non afecta apenas as traballadoras e os traballadores, mais tamén os autónomos, os campesiños, as xentes do mar, a mocidade, as mulleres, as crianzas, as persoas idosas... Nesta tesitura, resulta urxente pór novamente no centro do discurso ideolóxico a linguaxe xenuína da esquerda real como pilar do nacionalismo galego, nomeadamente a loita de clases, como acicate na difusión social dun discurso claramente soberanista e de esquerda e cunha análise e unha praxe transformadora.

Ao tempo, os millónarios non pararon de medrar na última década. Un exemplo máis é o do sector eólico que perdeu unha grande oportunidade co PPdG. Temos claro que as enerxías renovábeis son un sector de futuro, mais é aínda máis claro que debe ser descentralizado e de propiedade pública ou de pequenas cooperativas de cidadáns con participación pública. No conxunto de Europa, a enerxía renovábel, o transporte verde, e os bens e servizos enerxeticamente eficientes dan xa traballo a 3’4 millóns de persoas. Boa parte da esquerda tendeu a defender o centralismo e os modelos xacobinos de estado. Anova – Irmandade Nacionalista pula pola descentralización, o control e a toma de consciencia da sociedade civil e a democracia radical.

Por se fose pouco, a tan cacareada boa xestión dos gobernos de Núñez Feijoo significou un aumento da débeda da comunidade autónoma, o peche do exercicio contable un mes antes do que correspondería, o traspaso a medio prazo do how know do sector naval galego cara México vía Pemex, a desaparición de entidades financeiras propias, compromiso fundamental do Presidente da Xunta, e un longo etcétera de incumprimentos e fracasos. Pois Feijoo non defende os intereses de Galiza e dos galegos. Antes ca iso ten os seus propios intereses persoais e os intereses do poder económico que directamente ou vía Madrid (Génova 13), se encarga de executar en detrimento do benestar da maioría social

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto proposto é en realidade unha parte dunha emenda á totalidade e desenfoca os obxectivos da tese política.

128

Emendante/s: **Xan Daniel García Rodríguez**

Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax. 2, liñas 22 - 33

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda:Texto da emenda:

Malia o aparente movemento de retroceso xeopolítico dos Estados Unidos, o Eixo Washington-Berlín segue a espallala súa influencia por todo o mundo : tentando de facer estoura-los redutos que resisten fronte ó escenario de capitalismo e imperialismo que se pretende impor por tódolos medios ; e tentando de frustra-las experiencias alternativas (como as latinoamericanas) ó inferno que encarna a sociedade liberal-conservadora. A influencia desta entente entre as élites reaccionarias ianquis e europeas está a ser reforzada, en primeiro lugar, pola febleza e parcialidade dun Dereito Internacional que se evidencia cada vez máis como unha farsa, e dunhas organizacións internacionais que se amosan encarreiradas cara a unha traxectoria lóxicamente consecvente coas graves eivas apreciábeis nelas dende o momento mesmo da súa propia orixe (asi, abonda con pensarmos na mera existencia do chamado "dereito de veto" no Consello de Seguridade da ONU, que nega, abertamente e nunha esfera incluso meramente formal, a igualdade, xa non entre os pobos, senón mesmo entre os estados). Non embargante, a hexemonía mundial do capitalismo imperialista personificado no devandito Eixo Washington-Berlín está a ser contestada, aínda que só parcialmente, polos chamados estados "emerxentes" (Brasil,Rusia,China,India,Sudáfrica...). Así e todo, estes últimos (os estados emerxentes) non deixan de ser merecentes dunha chea de dúbidas. Así, en primeiro lugar, formulanse xuízos negativos ó respecto deles pola penosidade das condicións de vida que, nalgúns casos, están a soportar os traballadores. Tamén existen incognitas verbo do auténtico modelo socioeconómico ó que se dirixen : pensemos no marasmo da Rusia na que a economía planificada foi substituída por outra na que teñen gran peso certos grupos oligárquicos, nos que hai quen cre observar comportamentos e derivacións cuasimafiosas; ou na China de "un país,dous sistemas";ou na Sudáfrica que superou a tiranía do apartheid, pero non totalmente a estrutura ou base económica capitalista que lle daba soporte.Mesmo, aínda que máis remotamente, formúlense problemas ás veces ó respecto de certas inercias nos comportamentos do ámbito das relacións internacionais (así, o apoio prestado por China ás iniciativas político-militares ianquis, por coincidencia de intereses, na cobertura á guerrilla islámica an Afganistán,contra a Unión Soviética, e antes en Angola ou nas liortas inter-indochinas entre os vietnamitas e os jemer, axudados estes últimos por Thailandia)..

Máis destacables, innovadoras e imaxinativas, aínda que aparentemente remansadas son as heteroxéneas experiencias da esquerda latinoamericana, que, a partir da Revolución Bolivariana na Venezuela do tempo de Chavez, coallaron no xurdimento do ALBA, como xermolo dunha posible Latinoamérica unida e dona do seu porvir. Así e todo o enleamento aínda prosegue, a situación nin se consolidou,nin madureceu de todo.....e no mundo actual aínda non deu definido alternativas claramente apalpables fronte ó capitalismo liberal "puro e duro" e á socialdemocracia keynesina, agora en retroceso, á que,como mal menor, algúns conformistas pretenden engaiolarse, sentíndoa como unha caste de "paradiso por contraste" (non parece que, inxenuos, se decaten de que o Estado Social marchou e posiblemente non volva),

Ditame Comisión Redactora de Textos: De acordo basicamente no contido, propónse unha TRANSACCIÓN fundamentalmente estilística.

129

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Xan Daniel García Rodríguez** Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax. 6, liñas 42 - 43

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: "Paisos Catalans, Galicia e Euskalherria" , en vez de "Catalunya, Galiza e Euskadi"

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Máis ca aos territorios históricos que os independentismos de esquerda reivindicán, o texto fai referencia aos territorios que fan parte das comunidades autónomas, que son os que fan parte do proceso ao que se alude.

A DEBATE / TRANSACCIÓN

130

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 2 a 8, liñas 2 a 30

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda: Propoñer outro formato da Tese política

Texto da emenda:

Inclusión dos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8 nun epílogo ou nun apartado que se chame "contexto socio-histórico"

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Enténdese que a contextualización debe ser previa.

67

131

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Xan Daniel García Rodríguez** Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax. 5, liña 33

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Como independentistas, cómprenos ter en conta algúns acontecementos recentes que resultan interesantes, aínda que non sempre positivos. Quizáis produce certa notalxia, e algunha vertixe, a crise (ou ás veces dexeneración) do modelo histórico de "Movemento de Liberación Nacional", esquerdista ou cando menos progresista, que se viña desenvolvendo maioritariamente no chamado Terceiro Mundo, pero tamén, nalgún caso na propia Europa. Aparte de casos concretos con firme raiceira histórica (como, poñendo por caso, o Movemento Republicano Irlandés), este modelo prototípico de MLN de esquerda irrompe con forza no panorama internacional a partir da espectacular e gloriosa victoria do pobo de Vietnam na súa loita contra, sucesivamente, o imperialismo francés e norteamericano, nos anos 50 e 70 do pasado século (por certo, concorrente na primeira das décadas denantes enunciada, co trunfo nasserista en Suez). Ao éxito da liberación de Vietnam sucederán, en décadas posteriores, outras vitorias, como a da Arxelia ceibe dende os anos 60, ou as vitorias antiimperialistas en Guinea Bissau, Angola e Mozambique, nos anos 70, e outros como no suposto de Namibia (aínda que tamén houbo experiencias, valentes, efémeras e de tráxico final, na loita contra o colonialismo ou o neocolonialismo ; así, poñendo por caso, o intentode construción revolucionaria protagonizado por Patrice Lumumba no Congo dos anos 60 ou por Thomas Sankara en Burkina Fasso, xa máis avanzado o século XX). A tódalas experiencias de transformación social fonda e liberación nacional radical que se foron producindo, cómpre engadi-la sabedoría que nos transmitida por movementos como o panarabismo baazista (aparte das posteriores dexeneracións do mesmo) ou a resistencia (certamente heroica, pero exhausta e atenuada polas condicións de manifesta inferioridade militar nas que se desenvolveu, e se está a desenvolver) que ó

imperialismo veñen opoñendo (xa dende a lonxanía no tempo) pobos como o palestino, o libanés, o cubano, o curdo ou o saharai. Aparte dos supostos de asunción de certas cotas de poder, plasmadas na detención e desempeño de facultades autonómicas, federais ou próximas á soberanía (como no Curdistán Iraqui, ou, con máis problemas, en Irlanda dende os Acordos de Venres Santo asinados, entre outros, polo Sinn Fein e máis-lo Partido Socialista Republicano que adiaron, atenuaron ou deron por rematádo-los elementos militares do proceso de liberación e potenciaron e primaron a faciana estrictamente política do mesmo), e aparte de vitorias máis simbólicas que auténticamente transformadoras da base económica do sistema (como é o caso da Sudáfrica, Azania, do devaluado Congreso Nacional Africano), os últimos anos da Historia da Humanidade só nos veñen deparando alegrías puntuais como a rotunda emancipación que, en forma de independencia, acadou o pobo de Timor Leste, cun Xanana Gusmao que foi case que máis que o Mandela da Insulindia; foi a vitoria dese pobo transferido, do imperialismo portugués en retirada, en proveito do do estado militar indonesio, que torturou, violou, bombardeou con napalm... pero non deu matado-los azos e folgos de liberdade. Pero, aparte excepcións, unhas máis gloriosas que outras, o modelo clásico de FLN semella practicamente esgotado. Cabe preguntarse cal é a razón deste momento evanescente do precitado modelo. E quizáis sexan razóns, nin moito menos ahistóricas, senón conxunturais, e así querémolo crer. Unha destas causas sería quizáis a desaparición da Unión Soviética, e, conseguintemente o cese do apoio militar e económico, e mai-la cobertura político diplomática que, nun contexto de guerra fría, recibían. Outra causa desta deste declive podería quizáis radicar no auxe do integrismo islámico (sobre todo de base sunni-wahabita), que non só é un enemigo bastante menos molesto que a esquerda nacionalista para o imperialismo (de feito está apoiado polas monarquías feudal-capitalistas do Golfo). Pero alén disto, con intervencións como en Bosnia ou na zona berebere de Arxelia suplanta ó independentismo nestas zonas, ou infiltra e desvirtúa os movementos de liberación nacional, en supostos como o do pobo tuareg, o checheno os mouros filipinos.....ou mesmo chega a penetra-los movementos con máis percorrido loitador, como sectores do curdo, ou o paradigmático caso palestino (ó traveso do complexo fenómeno Hamas)..

Non embargante, hai signos de esperanza, non só en Latinoamérica. Existen exemplos duns anos acá de acceso absolutamente pacífico á independencia, como no caso de Eslovaquia, ou vixencia real de consideracións plenamente confederais de estados actual e efectivamente existentes con recoñecemento do dereito de autodeterminación das partes integrantes, como no caso de Etiopía (históricamente existen precedentes próximos de respecto, alomenos formal, do devandito dereito de autodeterminación ás "nacións constituíntes"). O cuestionamento do principio de intanxibilidade das fronteiras, con precedentes europeos (Alemania, estourido étnico na URSS e Iugoslavia) e extraeuropeos (Sudán do Sur, Eritrea...) estivo a piques de se plasmar nunha Escocia liberada do xugo británico, que logo pode ir seguida por unha parte dos Paisos Catalans, despois por Flandes....Mención aparte merecen as nacións (Osetia, Absaxia) que acadan a independencia a resultados da intervención dunha potencia rexional (Rusia) e desafían o escaso recoñecemento internacional. Tamén Crimea exerceu o seu dereito de autodeterminación e retornou a Rusia. Outro tanto pode acaecer coas xentes das zonas administrativamente ucranias, pero de LINGUA RUSA.....xentes que falan ruso, son conscientes que falan ruso (non ucraíno), e se sinten rusos.....Do mesmo xeito as zonas galego-falantes da Franxa Eo-Navia, do Bierzo Occidental e da Zona de Entreportelas, **NON SON ESPAÑA, SENON GALICIA.**

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto proposto vai máis alá da intención e da necesidade da análise proposta na tese política

132

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Óscar Lomba** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 8, a partir da liña 7

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Esta multiplicidade de sentidos derívase de que o dereito á autodeterminación está estreitamente ligada ao termo «pobo», termo que é á súa vez problemático e que non ofrece un único significado. A definición dos pobos como suxeitos da libre determinación supuxo un impulso esencial para os movementos de liberación nacional e por iso o dereito de autodeterminación non se articula exclusivamente coa fórmula da independencia, senón que pode articularse en "confederalismo ou calquera outra maneira de relación conforme ás aspiracións do pobo, pero recoñecendo os outros principios establecidos, como a soberanía e integridade territorial".

Dítame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

É unha puntualización innecesaria, e discutible, ao texto orixinario.

133

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Ricardo Garrido Caneda** Asemblea/s: O Grove

Localización emenda: Da páx. 8, liña 31 á páx. 16, liña 43

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda::

Dotar dunha maior orde e estruturación ó texto político, así como engadir conceptos e contidos fundamentais para comprender a realidade na que vivimos e que carecía a proposta remitida dende a Comisión Redactora de Textos e aprobada pola Coordinadora nacional

Texto da emenda:

ESTRATEGIA POLÍTICA

1. **Republicanismo:**

A democracia é a arma máis poderosa que temos as maiorías sociais para mudar as cousas. Nun contexto no que a oportunidade de ruptura tan grande a loita por unha democracia radical ocupa un espazo central no programa político de calquera forza que loite pola xustiza e a igualdade social. Na disputa pola democracia, os republicanos apostamos por unha cidadanía activa. Temos que conquistar o público e loitar polo común, algo que o capitalismo nega e impide.

Non utilizamos o termo cidadanía como unha categoría de análise, só é indicativo dun formalismo democrático que ao noso ollar ten un importante contido material que queremos reivindicar. Nunha república é cidadán quen poda vivir por si mesmo, quen sexa dono de seu sen depender de outro para vivir. Son estas as condicións polas que queremos loitar, e as cales queremos socializar e universalizar.

No eido formal é imprescindible organizarnos para poder conquistar o público e ser axentes activos nas decisións que nos competan a todos. Queremos ser parte protagonista do proceso democrático, porque se as maiorías sociais non somos as que gobernamos as institucións non hai democracia. O público é o espazo no que todos somos iguais, rendemos contas e nos corresponsabilizamos das decisións políticas. Estamos convencidos de que se conquistamos e deseñamos unhas institucións que respondan aos intereses das clases populares non existirían leis que protexen os intereses duns poucos posuidores.

As circunstancias políticas actuais obríganos a voltar a vista á comunidade, ao común, ao público. Temos que conquistar o espazo público como centro da vida social e política, porque só a partir desa conquista podemos acadar unha sociedade xusta na que sexamos nós os que nos gobernemos a nós mesmos. Temos que ser nós os que fagamos a lei, porque só de facer unha política democrática e participativa pode nacer unha sociedade de iguais.

Que sexamos a maioría social a que faga a lei implica tamén decidir sobre o que a democracia liberal non nos permite decidir: a economía. Queremos ampliar a democracia ao eido económico e decidir sobre que producimos e como o producimos.

Decidir sobre os nosos recursos e a nosa industria, sobre as nosas condicións de traballo e as nosas condicións de vida.

Por iso, no noso día a día defendemos e practicamos na nosa organización o respecto aos procedementos e ás normas construídas entre iguais. Con dereito a discrepar, a disentir de todos os acordos tomados, aínda que só deles nacen as condicións de posibilidade dunha democracia. Nin na nosa actividade cotiá nin no futuro cara o que camiñamos existen dereitos abstractos caídos do ceo ou nados da terra; o feito de participar democraticamente é o que crea a democracia, e o feito de exercer os nosos dereitos e liberdades é o que nos fai donos deles.

Isto é o que tamén fai que nos rebelamos contra a tiranía que impón o capitalismo que nos goberna. Hoxe a lei non é lexítima e a legalidade é unha tiranía. Loitamos contra unha lei que foi feita ás nosas costas, nas que as clases populares non puideron ser partícipes porque aínda se escoitaba o ruído de pistolas e sables de militares con aspiracións golpistas. Agora tócanos a nós, á mocidade que presenza en primeira persoa como rachan os consensos da Transición, impulsar un proceso constituínte nado da participación, do debate e da deliberación.

O liberalismo leva décadas amosando que non pode aplicar a democracia no seu senso máis radical. As actuais democracias impiden e desprezan a participación da cidadanía nos procesos políticos. A participación só é boa en tanto permite defender os nosos intereses e negocios privados.

É dicir, a nosa liberdade chega até onde comeza o libre mercado.

Percíbese un descoñecemento brutal e case que absoluto dos principios republicanos, do que eles implican. Non son *só liberté, egalité, fraternité*. Son tamén respecto polos procedementos, polas competencias de cada órgano, o respecto polas funcións de cada un, etc. Polo tanto, ademais de seguir defendendo estes principios vese necesario explica-los e facer pedagogía entre a militancia, e non só entre ela.

Neste punto, o grupo de traballo de formación debe, entre outros cometidos, establecer un planing de traballo que permita concienciar á militancia de Anova – Irmandade Nacionalista, da importancia do respecto polas normas democraticamente establecidas, polos regulamentos, pola igualdade na toma de decisións, pola non inxerencia en campos e contextos onde a capacidade e a competencia dun actor non llo permite, etc.

Os referendos, as conferencias nacionais, os debates nas asembleas de base sobre procesos nacionais... non son máis que a plasmación na realidade da democracia participativa. E para que este tipo de democracia sexa verdadeiramente republicana ten que estar presidida polo principio de non-dominación. Este principio significa que a democracia no seo da organización debe estar baseada na separación de poderes e na distribución de competencias entre diferentes niveis, é dicir, dispersa-lo poder e que os cidadán sexan os que o supervisen. Isto implica gran implicación política.

A violencia, xa sexa física ou retórica, lexítima ou ilexítima, xera máis violencia e en situacións con diversos actores organizados en diversos niveis con diversas capacidades, o máis útil para a convivencia e o máis xusto para todos é o control das posibilidades dalgún destes actores de impor o seu criterio sobre os outros. Explícao moi atinadamente Pettit no seu libro *Republicanism* dicíndonos que en situacións como as referenciadas, existen dúas vías de actuación. O célebre autor compara neste punto as experiencias e os debates que se daban entre os defensores da República de Lucca (na Toscana italiana do Renacemento) e o propio Hobbes. Isto ben a ser, entre o xerme do progreso e o defensor do statu quo ad infinitum. Estes debates estaban protagonizados, simplificándoo moito, pola defensa e a crítica da existencia dunha norma que regulase a vida e a liberdade dos cidadáns.

As posturas conservadoras e máis reaccionarias e clásicas (no peor sentido da palabra), protagonizadas por Hobbes, defendían que calquer mínima regulación da vida dos cidadáns estaría a coartar a liberdade individual e sería o xermolo dun monstro, do Leviatán. Pola contra, os defensores da República de Lucca, e por extensión, do progreso e do xermolo do liberalismo progresista que paseniñamente nos conducirá ata Rousseau e ata a Revolución Francesa, pulaban pola necesidade de que a vida pública estivese convenientemente regulada por unhas normas democraticamente aceptadas por parte de todos os cidadáns. Estas normas virían a ser un código compartido por todos en base ao cal calquer exceso dun dos actores é rapidamente compensado pola forza do conxunto da sociedade. En palabras do propio Pettit: “no vello lema republicano, o prezo da liberdade é a súa eterna vixilancia.”

Pero sen dúbida o que está no transfondo de todo este debate é a importancia do Estado de dereito. Na nosa realidade xurídica e social, este termo non goza dunha reputación demasiado positiva. A longa noite de pedra da ditadura do xeneral Franco, de xeito hipócrita, ascendeu este principio ao cumio do seu universo político. Para xustificar calquer agresión á cidadanía amparábase na legalidade existente (elaborada por eles mesmos sen o apoio popular) e, polo tanto, no cumprimento do Estado de Dereito. Se ben é certo que nalgún momento nin tan sequera as represivas e autoritarias leis franquistas eran quen de amparar determinadas accións e ideas. Nese momento, o principio da legalidade e do Estado de dereito quedaba nun segundo plano e aparecían outros como “el bien de España” ou “la santa cruzada”, por pór algúns dos

máis importantes. Poderíamos resumir esta actitude na frase de “¡si no les gusta el derecho, tuérganlo!”.

Vemos, xa que logo, como a necesidade de cumprir co principio de legalidade e do Estado de dereito é condición necesaria, pero non suficiente para unha política e unha sociedade progresista e consciente das súas liberdades. Na lóxica do republicanismo cívico identifícase como un valor político supremo algo que todos valoran. Isto é a liberdade como “non-dominación”. Consiste, en termos xerais nun status a través do cal o cidadán está o suficientemente protexido e empoderado como para ser capaz de mirar os outros aos ollos; ninguén ten que vivir baixo o poder dun dominus ou amo. Se ao goberno se lle esixe confeccionar a súa organización e actividade na orde de promover aquel simple e sinxelo valor entre a cidadanía, entón deberá adoptar un rango particular de políticas. Así, deberá outorgar unha infraestrutura de seguridade social e legal para todos; asegurar a aqueles que son particularmente vulnerables á opresión dos demais; e, por último, asegurar que exista unha serie de arranxos constitucionais e democráticos que preveñan contra a posibilidade de que o goberno mesmo se transforme en dominador. É dicir, o ideal republicano require que o goberno desenvolva políticas públicas que protexan e empoderen os máis débiles e, segundo, que o Estado mesmo non se convirta nunha fonte de dominación promovendo restricións constitucionais e democráticas ao seu propio actuar.

É polo tanto o republicanismo cívico unha forma de nova política? Todo apunta a que si. A pesar de que o republicanismo cívico se vise parcialmente prexudicado para unha importante porción da sociedade pola clara adscrición do ex-presidente do Goberno de España, José Luís Rodríguez Zapatero, tamén é certo que ningunha ideoloxía ou tendencia política se plasma na realidade do mesmo xeito que no papel. Weber apunta o concepto do tipo ideal para tentar buscar unha explicación a este feito tantas veces repetido, basta só con pensar en socialismo para decatarse das diferentes vías ao socialismo e a clara má interpretación do mesmo en China ou en Rusia por pór só dous exemplos. Pero volvendo ao rego, cando escoitamos falar de nova política non podemos máis que esbozar un leve sorriso e apoiar de xeito innato esa idea. O descrédito actual da política e das políticas dos políticos, así como dos propios políticos fai que a cidadanía se acolla a opcións que poden ir en detrimento dos seus propios intereses como individuos e como integrantes dunha sociedade. A opción abstencionista, os populismos de extrema dereita como UPyD ou Ciudadans, grupos exaltados que utilizan a violencia como instrumento político... son só exemplos de cara onde conduciron determinadas políticas económicas e sociais dos dous grandes partidos estatais coa inestimable axuda da dereita catalana e vasco-navarra, todos perfectos brazos executores ou, en palabras do noso portavoz nacional Xosé Manuel Beiras, bonecos de ventrículo, da Troika e dos intereses dos poderosos (gran capital internacional, banca... en definitiva “los mercados”).

71

Semella indicar que no momento actual que nos tocou vivir se dan todos os requisitos necesarios para que unha fronte ampla de esquerdas vexa a luz: fase de retroceso de dereitos da clase traballadora, continuo e acelerado proceso de perda de carácter democrático das institucións dende as que se goberna, aumento do poder económico por riba do poder político, crise económica, crise social, crise política, crise moral, elevados índices de corrupción... Esta fronte ampla é compatible cos valores e as ideas do republicanismo cívico? Non só é que sexan compatibles senón que nesta situación de crise sistémica e de descrédito da política tradicional, o republicanismo cívico só se pode entender con valores de progreso e tolerancia, de igualdade e liberdade, de irmandade e unidade... en definitiva, de coordinación entre diferentes baixo unha mesma estratexia. E aínda que non se fale dunha fronte ampla de esquerdas, o impulso cidadán amosado por movementos como o 15-M entre outros só nos conducen ao empoderamento dos substratos máis baixos e achegados aos individuos e á sociedade máis próxima aos mesmos.

É neste punto onde a posta en común dos diferentes actores fai máis que necesaria a correcta distribución de competencias ou de tarefas. Cada actor ten uns cometidos concretos e cada nivel dese conxunto ten unhas capacidades maiores ou menores. Traducido, no que se refire á coordinación entendemos que, en palabras de Giannini, “un sistema racional de autonomía política debería comportar que as atribucións dos entes autónomos e as atribucións do conxunto foran distintas netamente e que o que fagan uns non o faga o outro”. Este sistema, como o propio Giannini afirma, non existe en ningunha parte. A situación á que fai referencia o autor italiano é, por outra parte, en si mesma unha invocación ao entendemento das partes, ao acordo e á participación ante a necesidade de perfeccionar e completar o réxime de distribución de competencias en base ao que se desenvolve a actividade. Por outra parte, é preciso ter en conta que, pese a que cun sistema de distribución de competencias se ten cuberto unha importante etapa no proceso de estruturación política, é igualmente obvio que a distribución funcional orixina problemas propios, entre os que se atopa, por un lado, a duplicidade de actuacións e a tendencia á actuación independente e descoordinada de cada unha das unidades, e, por outra, o risco do centralismo, coa conseguinte negación de competencias das partes.

Polo tanto, os principios de unidade, eficacia e coherencia na acción política e de lealdade entre as partes dun todo non son meros consellos éticos ou retóricos, senón que constitúen directivas das que emanan potestades tendentes á consecución de obxectivos previamente marcados. Ademais, o principio de unidade expresa no plano competencial, unha posición relativa de poder duns entes respecto doutros, non entendido de forma xerárquica necesariamente, senón, de xeito fundamental no plano horizontal do reparto de funcións e competencias. Agora ben ,a supremacía ten que exercerse de xeito compatible coa situación de autonomía recoñecida e garantizada por todos. Isto dá lugar á necesaria articulación dun conxunto de técnicas

diversas que poden clasificarse en varios grupos, en función da súa crecente intensidade, e que irían dende a cooperación e coordinación, por un lado, ata o control, por outro.

A coordinación, segundo Santamaría Pastor, “é unha fórmula segundo a cal un ente superior fai uso da súa posición de supremacía para lograr a coherencia da actuación dos entes territoriais inferiores co interese superior que de aquel depende...”operará sobre entes dotados de autonomía, o que establece dous límites fundamentais: primeiro, que non pode perseguir a unidade ou uniformidade de acción de tódolos entes dun xeito absoluto, senón soamente a súa coherencia ou compatibilidade, de xeito que a eficacia do conxunto de accións non se vexa gravemente perturbada. E segundo, que a coordinación non é un poder xeral e indeterminado: en canto excepción ao principio de autonomía, as técnicas de coordinación deben estar rigorosamente taxadas; non hai outras posibilidades de coordinación que as que o sistema normativo estableza.”

A cooperación, a diferenza da coordinación que, como antes se dixo, está unida ó principio de supremacía funcional – competencial, é o campo do acordo en pe de igualdade, por iso, as súas posibilidades de acción non deberán estar necesariamente taxadas e son o que La Pérgola denomina “residuos contractuais” nas listas de distribución de competencias, apelacións ao pacto e ao acordo.

Como conclusión podemos dicir que a utilización da coordinación e da cooperación constitúen os principios político – organizativos básicos para que, mediante a formulación das técnicas orgánicas e funcionais oportunas, as relacións dos diferentes actores dunha forza política complexa se desenvolvan de xeito óptimo e a fiscalización dos mesmos sexa realizada de modo eficiente e completo en aras do principio republicano da “non-dominación”.

Como vemos, a combinación de republicanismo cívico e estrutura complexa desemboca na necesidade de chegar a acordos, xa sexa a priori ou de xeito concomitante a unha acción determinada. Isto esixe, evidentemente, vontade de entendemento, un clima propicio para o acordo... en resumidas contas, fraternidade. Ao longo deste artigo véñense enunciando posibilidades de acción en determinados momentos e en diversas situacións. Hai que ter presente sempre que se analiza a realidade de grupos humanos as dinámicas que os rexen. Deste xeito, se analizamos a unha forza política complexa, composta por asembleas de base (locais) e unha asemblea nacional das que emerxen distintos órganos, deliberativos uns e decisorios outros, non podemos caer no erro de que a competición marque a totalidade das súas relacións, nin tampouco que o faga a cooperación (agora entendida non como sistema de distribución de competencias senón como forma de actuación). Sen caer nos erros de Spencer, non é o mesmo o funcionamento dunha parte do corpo humano que o funcionamento do conxunto de partes dese corpo humano. Os diferentes campos nos que actúan as partes que conforman ese actor político complexo están dominados por un destes dous comportamentos dependendo de si o entendemento é posible ou non. Diferentes autores califican o leninismo de visión política equiparable a un exército. Aseguran que a visión política desta tendencia ideolóxica no seu actuar na e coa sociedade é sempre a competición. Posteriormente tamén se apunta que sempre que existe un problema no seo do seu entorno a lóxica competitiva segue vixente e totalmente lexitimada polo principio da xerarquía e do centralismo democrático. Resulta evidente que os exércitos existen porque existen os conflitos, e que a característica principal dun exército é a disciplina e a obediencia debida ás ordes dos superiores, polo tanto o imperio da xerarquía por riba de todo en aras de acadar a vitoria final. Existe algo máis diferente á fraternidade que un exército? A resposta resulta evidente: non! E é aquí onde o republicanismo cívico xoga o seu futuro, é aquí onde a nova cultura política que tanto desexamos ver na realidade pode ir ó fondo da ría cando pretendía saír a mar aberto.

O republicanismo cívico ten ferramentas para que a fraternidade saia vencedora dun clima de confrontación e disputa entre diferentes. Como se puido ler máis arriba, en actores complexos é necesario o establecemento de normas que vinculen a todos. Esas normas, no asunto que nos ocupa neste parágrafo, pode establecer os mecanismos necesarios para que, finalmente, a unidade, a liberdade, a igualdade e a fraternidade de todos sexan unha realidade. Eses mecanismos poden resultar máis ou menos atractivos, máis ou menos intensos, máis ou menos gorentosos, pero deben plasmar con claridade que a súa aplicación na realidade se debe ao imperio da lei, ao principio de legalidade que impregna desde o comezo o republicanismo cívico.

A negociación e o chegar a acordos entre diferentes, que ao mesmo tempo son iguais e que pretenden un obxectivo relativamente similar é imprescindible en momentos nos que a lóxica da fronte ampla e a importancia histórica da mesma pode plasmar o camiño que faga que as demandas de ruptura democrática sexan unha realidade. Por iso hai que aproveitar cada momento e cada espazo para o diálogo, dende xuntanzas formais ata eternos viaxes en coche por estepas e campos de cereais se fai falla.

Como ben apuntou no seu momento o combatente e apaixonado militante da esquerda comunista e libertaria G. Munis: “Unha soa palabra basta para situar o obxectivo polo que tantos esforzos foron feitos: socialismo.”

1. Esquerda e nacionalismo: as dúas caras dunha mesma realidade.

A esquerda e o nacionalismo son as dúas caras do republicanismo que fai que Anova ademais sexa feminista, ecoloxista, ou que respecte a vontade individual en ámbitos como o da sexualidade. Polo tanto, pretende ser unha ferramenta que contribúa á consecución dos fins estratéxicos que todos e todas as militantes teñen referendado e recoñecido e asume os seus principios ideolóxico – políticos.

- FRATERNIDADE. IGUALITARISMO. A fraternidade significa politicamente o principio da cidadanía igualitaria como alicerce e centro de gravidade da estruturación política democrática da sociedade, significa democracia republicana. Para Anova a fraternidade é, cara fóra, a bandeira e guía do traballo político; dentro significa igualdade de dereitos e deberes das persoas integrantes e respecto e colaboración mutua.

- ASEMBLEARISMO. Anova, como organización plural, aberta e participativa, basea o seu funcionamento nas decisións asemblearias. As coordinadoras e os/as responsábeis non teñen outro carácter que o de mandatarios/as dos plenarios ou asembleas e polo tanto, poden ser revocados/as polo seu electorado en calquera momento. A liberación nacional da Galiza debe ser realizada por e para o pobo galego.

- DEMOCRACIA HORIZONTAL. A democracia horizontal é a única forma de toma de decisións compatíbel cos obxectivos de Anova, e na acción política, é o xeito preferente de intervención e participación. A acción institucional, baseada no actual marco xurídico-político na democracia representativa, é para nós instrumental e propoñémonos transcendela en todo o posíbel promovendo unha auténtica participación cidadá.

- MAIORÍAS E MINORÍAS. ACORDOS E CONSENSOS. As decisións e acordos de Anova procurarán sempre o consenso e decídense por maiorías nos diferentes ámbitos. Na acción institucional serán vinculantes. Na acción social, serán só orientacións.

- ESTRUTURACIÓN TERRITORIAL.

Anova entende que o seu ámbito de actuación xeográfico é a nación galega. Deste xeito, estrutúrase en asembleas de base. Entendemos que a acción política, máis alá da teoría e da abstracción ideolóxica, debe facerse a pé de rúa. Evidentemente, ese traballo constante e diario é imprescindible na consecución dunha cidadanía plena e libre. Mais ese traballo debe estar integramente apoiado nas ideas nais nas que Anova se apoia, así coma nunha análise do contexto local, nacional e internacional. Deste xeito, o que semella superfluo e intrascendente a nivel local non é senón un efecto dos procesos globais que abranguen a totalidade do sistema económico-político.

- SOCIALISMO. Anova considérase socialista e polo tanto de esquerdas, nunha concepción libertaria e fundamente democrática do socialismo. Lonxe do sectarismo, practica e propugna a democracia republicana. Democracia que fuxe o máis posíbel dos métodos representativos e que se atopa máis cómoda no que se vén coñecendo como democracia participativa e democracia deliberativa. Por tanto, defende o principio básico do igualitarismo. Estamos radicalmente contra o capitalismo, o patriarcado, o racismo e todo tipo de discriminación.

- NACIONALISMO. Galiza é unha nación sometida a un saqueo constante e a un proceso de alienación cultural por parte do Estado Español, cuxa soberanía está tamén cada vez máis transferida a focos de decisión exentos do control democrático e da cidadanía do común. A emancipación das nacións, a súa realización plena como tales, ten o mesmo valor histórico que a emancipación das clases explotadas e vai inseparablemente vencellada á destas no camiño da destrución do capitalismo e a construción do socialismo.

- ANTIIMPERIALISMO E PACIFISMO. Asumimos a loita antiimperialista e contraemos o compromiso de asumir e exercer con absoluta enerxía e rotundidade os métodos de combate pacíficos e democráticos propios da mobilización cívica, social e política, coa exclusión do uso da violencia e co rexeitamento e denuncia da violencia institucional padecida polo común da cidadanía, que nos está conducindo a un estado de excepción permanente.

- ANTIPATRIARCADO. Asumimos as análises dos feminismos sobre a situación de dominación das mulleres e traballamos pola liberación das mulleres e dos outros colectivos oprimidos por aquel, enmarcada en todas as loitas de liberación contra toda caste de dominio. Acreditamos na igualdade entre todos os Seres Humanos, nomeadamente entre mulleres e homes, mais tamén igualdade entre os pobos e pór fin á discriminación de calquera persoa pola súa opción sexual, cor, crenzas...

- SUSTENTABILIDADE ECOLÓXICA E SOCIAL. O planeta non pode asumir o crecemento continuado da produción que precisa o sistema capitalista, xerando a competencia por recursos naturais cada vez máis escasos e xerando aínda máis desigualdade social. A necesidade dun modelo sustentábel no ecolóxico vai unida a un modelo xusto socialmente: nin capitalismo verde, nin socialismo desenvolvimentista a longo prazo.

2. **Código ético: a importancia da transparencia e as boas prácticas.**

Nos Principios ético-políticos, que deben ser respectados, defendidos e practicados polas persoas integrantes de Anova - Irmandade Nacionalista recóllense a autodeterminación cara a independencia; fraternidade, cooperación; república; democracia participativa e paritaria; primacía dos dereitos colectivos; igualitarismo; toma de conciencia das situacións de discriminación; vía política, democrática e pacífica; socialización; laicidade, novo activismo político e radicalidade democrática tamén en que os pactos pre e post electorais serán tomados e ratificados polo conxunto da militancia do ámbito de aplicación do mesmo e estarán en consonancia coa liña política que teña definido a organización.

De aí que en Anova os principios de participación, transparencia e fraternidade sexan cruciais. Participación, na toma de decisións colectiva e horizontal. Transparencia, para que a información flúa de abaixo cara arriba e de arriba cara abaixo coa mesma velocidade, pois a información non é outra cousa que poder. Fraternidade, para que a ética e a boa fe sexan un pilar fundamental nos comportamentos da militancia de anova.

Será imprescindible que no prazo máximo de seis meses, dende a Coordinadora Nacional se elabore un desenvolvemento destes principios como carta de obrigas e deberes para os representantes electos con filiación a Anova ou que o sexan en nome da nosa organización. Ademais, todas aquelas persoas con responsabilidade política en calquer órgano dependente dos poderes públicos, tamén se someterán a este código ético. O incumprimento destas obrigas será detonante do inicio de procedementos que rematen coa adecuación da realidade ó cumprimento do código ético e das obrigas del descendentes, mediante a correcta actuación da Comisión Ética e de Garantías.

3. **Cooperación: ser e deber ser.**

A relación lóxica entre o que é e o que debe ser ten sido tema de interminables debates filosóficos, case sempre encamiñados a demostrar a ausencia de relación e a falaz pretensión de identificar ambas categorías. A realidade en cambio ofrécenos incontables exemplos sobre como nos valemos desa lóxica para xustificar o que está ocorrendo entre nós e o mundo. Tendemos a admitir sen máis que as cousas deben ser o que son. O sorprendente é o sinxelo acomodo que ten nas nosas vidas non por tal perspectiva en cuestión. E o preocupante é que poucas veces nos plantexamos as consecuencias que produce o non face-lo. Non é preciso dar moito rodeos para atopar unha das que máis calado ten na vida de Anova – Irmandade Nacionalista: a penetración da competición na esfera interna é de tal calibre que perdemos a perspectiva sobre como debe articularse esa esfera para que non remate por ser protagonizada pola inxustiza. Tendemos a pensar, pola contra, que a súa inercia é completamente neutra e que nada do que nela ocorra depende completamente de nós, nin sequera esa inxustiza.

Este é, sen dúbida, un dos efectos máis contundentes da competición nas nosas asembleas, coordinadora nacional, conferencias nacionais, debates...: a consolidación de certas verdades, usos ou comportamentos propios da rivalidade externa con antagonistas políticos como indiscutibles tamén no plano interno. E non só indiscutibles senón, o que é peor, socialmente normalizados. Todo o mundo se comporta así e recoñéceo publicamente. Non hai sensación, nin moito menos preocupación, de que haxa algo que mereza a pena superar ou substituir. Instalámonos na confrontación perpetua!

Por iso, tentar propor alternativas na esfera de Anova – Irmandade Nacionalista que poñan en cuestión dogmas tais como a primacía da confrontación interna, a política de maioría e minorías, as diferenzas persoais enmascaradas con cuestións políticas ou o mesmísimo chantaxe emocional, resulta non só dunha dificultade formidable, senón incluso ridículo ós ollos do común dos militantes. Calquer esforzo por convocarnos a colaborar nestas iniciativas de cooperación por riba da competición xera reaccións que van dende a condescendencia ata a agresividade, pasando pola irritación e a apatía.

4. **Anova e a Frente ampla.**

Arredor destas de propostas programáticas sinxelas, concisas e que concitaban un grande consenso fíxose o chamado á Frente Ampla como chamado á unidade de acción dirixido ao nacionalismo e á esquerda, con carácter non excluín-te e que se concretou nunha alternativa política determinada, que foi Alternativa Galega de Esquerdas nun primeiro momento nas eleccións autonómicas pasadas. Coalición electoral cun programa electoral que recolle as nosas propostas programáticas case na súa integridade.

Anova considera que a proposta de fronte ampla debe manterse para outros ámbitos de actuación co mesmo carácter que con que o fixemos dende aquela data: chamado á unidade de acción arredor de propostas programáticas, dirixido ao nacionalismo e á esquerda, con carácter non excluín-te.

A concreción da unidade de acción para distintos ámbitos electorais é desexábel que alargue o abano de colaboradores pero tamén pode resultar que se configuren alianzas con actores distintos para diferentes ámbitos.

Por esas razóns, entendemos que é imprescindible proseguir pola ruta de facer sólida expansiva a nova cultura da Fronte Ampla. A construción desta Fronte Ampla que hoxe se concreta en AGE debe ser dinámica e estar aberta a novas incorporacións. Dúas cuestións: a necesidade de construírmos unha Anova robusta que responda con fidelidade a unha organización asemblearia, unha organización transformadora destinada a ser un instrumento en mans dunha cidadanía republicana constituínte; unha nova cultura nacionalista e de esquerda que incorpore diferentes tradicións e poña o cerebro colectivo a funcionar. A segunda cuestión é a necesidade de que Anova e as alternativas electorais nas que estea presente, asuman o protagonismo que lle corresponda no proceso de acumulación de forzas, de unidade e de ampliación de alianzas.

Cómpre afondar nas dinámicas de fronte ampla para levalas alén do terreo exclusivamente electoral. Neste senso, Anova traballará para implicar ao conxunto dos axentes sociais e políticos do País para tecer, en claves de esquerda e de defensa do dereito a decidir, un amplo movemento político e social baseado na organización e na mobilización que sexa quen de soste un pulso estratéxico cara unha creba democrática e a apertura dun proceso constituínte galego.

Esta Fronte Ampla, no entanto, non debe verse tampouco como un punto de chegada. É tan só o punto de partida dun proceso que medirá a capacidade da esquerda non resignada para acumular forzas e demostrar na praxe que é o que é o socialismo para o século XXI. O socialismo democrático, como unha visión de fondo, comprende que toda verdadeira ruptura coa orde establecida é un proceso e non un acontecemento único que se da un 15 de maio ou un 14 de abril.

5. O escenario das municipais e das xerais no 2015.

Dende a I Asemblea Nacional o treito recorrido pola nosa organización levounos a un éxito electoral representado na coalición de Alternativa Galega de Esquerdas nas pasadas eleccións autonómicas do 2013. Esta aposta asentouse na convicción de que ante a situación política que se nos presentaba, a ferramenta da fronte ampla non excluínse e da esquerda con recoñecemento do dereito de autodeterminación era a mellor aposta para a defensa dos nosos intereses.

Posteriormente, a aparición de Podemos e o progresivo descrédito da coalición inmutable entre Anova e Esquerda Unida, foron factores que permitiron que moito do voto de indignación e protesta, é dicir de ruptura democrática, que se obtivera en 2013 se decantase por outras alternativas.

Resulta evidente que debemos continuar coa lóxica de fronte ampla non excluínse de esquerdas e co recoñecemento do dereito á autodeterminación dos pobos. Mais agora, nas localidades, debe ser a cidadanía activa a que protagonice o proceso, xa que constitúe unha oportunidade única de canalizar o mesmo descontento que canalizou AGE nas autonómicas de 2013. Esa nova cultura política de marcado carácter rupturista, republicano, democrático e de respecto polos dereitos dos pobos e das maiorías sociais que, cun pouco de sorte e de bo traballo por parte de todos e todas, podería ser quen de xogar ese papel de canle do descontento e que a medio prazo produza o tan necesario cambio de réxime, colocándose Anova – Irmandade Nacionalista nunha posición inmejorable para levar os intereses da nosa nación ó cerne da toma de decisións, favorecendo o progreso económico, social e nacional de Galiza. Agora do que se trata é de levar esa mesma voz indignada ó conxunto dos concellos galegos.

As diferentes iniciativas que veñen en coñecerse como mareas, tanto as propias de cada localidade, a Marea Atlántica é un bo exemplo, como aquelas que teñen unha pretensión nacional, como é o caso de Somos Maioría, deben de ser respaldadas polas asembleas locais de Anova alí onde se presenten sempre que os principios, as ideas e as propostas sexan compatibles co aprobado nas asembleas locais e nacional da nosa organización. É a hora de que o pobo decida o seu futuro por si mesmo, pois é o pobo o que máis ordena!

Agora ben, estas iniciativas que apoie Anova alí onde xurdan, e alí onde non aconteza isto, as candidaturas da nosa organización, deben ter presentes que dende os concellos tamén se debe xestionar. Non todo na política é ruptura democrática e rebelión cívica. Ese non é máis que o inicio dun longo camiño que pretende dotar á cidadanía de poder político real para favorecer un cambio de sistema político, social e económico que supoña unha mellora na calidade de vida. Para iso, o coñecemento dos instrumentos legais e reglamentarios, o coñecemento de mecanismos óptimos de xestión pública e unha boa comunicación política son e serán imprescindibles. De tal xeito que a Coordinadora Nacional convocará, en colaboración coas asembleas de base de Anova – Irmandade Nacionalista, antes das eleccións municipais unha serie de xuntanzas a modo de conferencia sectorial para formar e informar á militancia de Anova das formas correctas e oportunas unha vez se detenta un cargo de responsabilidade pública.

No tocante ás eleccións xerais que se celebrarán durante o ano 2015 o obxectivo é claro: participar dun bloque social que presente alternativas sólidas e que derrote ó bipartidismo sistémico en aras da ruptura democrática con postulados de esquerda e de respecto polos dereitos nacionais dos pobos.

6. O papel dos Movementos sociais.

Nos documentos constituíntes Anova aposta por un movemento verdadeiramente transformador e emancipador que debe anticiparse ás institucións políticas convencionais, xerando, apoiando e asesorando proxectos emancipadores e alternativos ao sistema actual.

O partido ou a organización política como nos autodenominamos, aposta por xerar un movemento emancipador pero non aspira a substituílo. O movemento ten que se xerar na sociedade e Anova será parte del pero en pé de igualdade cos outros actores que non serán necesariamente organizacións políticas. Pola contra é imprescindible a implicación activa da sociedade civil.

A relación de Anova cos movementos sociais será de acompañamento e, no seu caso, axudando para promover unha rebelión cívica colectiva. Anova cando participe como organización en plataformas políticas de mobilización que teñan como obxectivo emprender loitas que corresponden a toda a cidadanía civil, consciente, activa e organizada farao en pé de igualdade cos movementos sociais. Anova tenderá a non manifestarse con simboloxía propia (faixas, bandeiras partidarias, etc), especialmente, nas mobilizacións colectivas da sociedade civil.

Neste sentido Anova priorizará o fortalecemento da sociedade civil, coas súas dinámicas propias fronte a hipertrofia institucional e as peaxes que sempre acaba cobrando ás organizacións populares.

Aquí é importante o que entendemos por movemento social. Evidentemente as asociacións de carácter nacional en defensa da educación, da sanidade, do medioambiente, da igualdade de xénero, da non discriminación por razón de preferencias sexuais, da lingua, etc son movementos sociais. Podemos dicir que os sindicatos de clase tamén o son, pois defenden os intereses e os dereitos dos traballadores e están formados por sociedade civil empregada. Pero ante o escenario máis próximo que se nos presenta neste período interasemblemable, debemos dicir que no ámbito local, as asociacións de veciños así como outras plataformas de ámbito local e comarcal en defensa de causas xustas sectoriais no tempo e na materia tamén son movementos sociais e, polo tanto, é preciso unha interrelación máis directa con elas. A clave está en compatibilizar os obxectivos da nosa organización cos obxectivos dos movementos sociais, construíndo sinerxias e non construíndo unha parasitación. Ademais, non todos estes suxeitos que vimos en denominar movementos sociais teñen que ter unha coincidencia ideolóxica dos nosos postulados, momento no cal a colaboración tórnase máis complicada e deberá ser sometida a valoración do ámbito competente.

7. **Apatía e desmobilización: as repercusións da competición e o conflito sen contido.**

A desafección da sociedade pola política non é tan certa e absoluta coma se acostuma a dicir. Nós somos exemplo directo desta afirmación que nos nega a construción do noso futuro. Constantemente vemos demandas de maior democracia por tódalas partes do mundo. Demandas que acostuman a estar protagonizadas por aquelas persoas que se atopan desprovistos das ferramentas e recursos económicos que o sistema establecido prometera. Trátanse de demandas de mellora económica e laboral por suposto, pero tamén de maior participación da cidadanía nos asuntos políticos, de maior transparencia na xestión dos fondos públicos e na responsabilidade dos xestores dos mesmos. Na garantía dun planeta habitábel e máis xustos para as vindeiros xeracións. Falamos por tanto dunha maior horizontalidade na política, horizontalidade que vai ligada a valores morais coma a fraternidade, a honestidade, a sinceridade...

Así, a confrontación política non deixa de ser unha arma máis no terreo político. Mais debe estar presente que, como toda arma, hai que saber utilizala. A realidade política actual está inmersa nun proceso de cambio sistémico e de réxime que, entre os seus detonante, está a desafección política e o artazgo de antigos votantes dos partidos sistémicos que agora optan por outras alternativas ou ben pola abstención e o nihilismo. Nós, como militantes de Anova – Irmandade Nacionalista, debemos de ser quen, en sintonía co resto de grupos e cidadanía comprometida cuns valores e uns principios de xustiza social e nacional, democracia real e respecto ó diferente, de afasta-lo desánimo e o artazgo e convertelo en ilusión e ganas de traballar polo cambio que propugnamos.

Do mesmo xeito, vemos como tamén no seo da nosa organización, o conflito polo conflito, e a permanencia do mesmo, fixo que a participación se resentise e a calidade democrática e de contido das nosas políticas, pronunciamentos e manifestacións fose descendente. Debemos ser quen de superar ese clima de confrontación, pois a sociedade agarda por un actor político útil e non por eternos confrontos que non conducen a nada. Se non nos apresuramos a solucionar este problema, a cidadanía non agardará por nós e decantarase por outras alternativas. Ara a consecución deste obxectivo é imprescindible a militancia única e exclusiva en Anova – Irmandade Nacionalista.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto proposto é en realidade unha parte dunha emenda á totalidade e desenfoca os obxectivos da tese política.

134

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Pablo Escobero Cela** Asemblea/s:

Localización emenda: Punto 10, páxina 10, liñas 12-32

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda:

Coa intención de sintetizar e clarificar

Texto da emenda:

Creba democrática para o empoderamento cidadán

A creba democrática é a ruptura co actual estado de cousas. O escenario político está apodrecido, a corrupción política é sistémica, os partidos clásicos fundirónse nun único ente coas institucións, deste xeito aferráronse a elas para asegurar a súa propia conservación e autoreproducción e mesmo foron servís aos intereses das grandes empresas, feito evidenciado en máis dunha ocasión despois do paso pola política de destacadas persoas, no que se da a chamar como a “porta xiratoria”.

Esta deslealdade xeralizada da función política como exercizo da procura do ben común, non nos deixa outra alternativa que a de apostar por rachar con esta dinámica nociva. Cómpre logo, recuperarmos as institucións e facelas dos cidadáns, no senso de servir ao interés común entendido como a procura da igualdade material, da defensa das liberdades fundamentais e a protección do medio ambiente. Asemade, é preciso ampliar as formas de participación democrática do xeito máximo posible para garantir que o exercizo da función pública sexa o máis cercano posible á vontade xeral.

Así pois a creba democrática é a transformación do escenario cívico-político, habemos de ser quen de xuntarmos vontades e anxeios no escenario da acción sociopolítica baixo principios básicos nas coordenadas da esquerda e do nacionalismo transformador, istó é democracia radical, respecto pola soberanía das persoas e dos pobos así como un modelo económico e social máis xusto, para que desta maneira canalizemos todas as nosas forzas tanto na rúa como nas institucións e reverter con efectividade o que estamos a padecer, para isto temos que reivindicar unha vez máis a necesidade da unidade cidadá e practicar a desobediencia civil organizada.

Dar paso a un novo proceso constituínte nucleado nos principios mencionados ao longo do articulado para que, en síntese, academos a soberanía como pobo e poidamos desenrrolar unha vida en condicións de dignidade cívico-políticas.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Non mellora a expresión do que se quere dicir no texto orixinal e dilúe o obxecto político da análise.

77

135

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Óscar Lomba** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, Liñas 1 - 6

Tipo de emenda: **Substitución**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

Vivimos un momento histórico determinante para a nosa nación e que cabalga entre a necesidade e o desexo destituíntes e a emerxencia dunha nova cidadanía comprometida coa causa da emancipación nacional e social de Galiza, unha cidadanía na procura dun novo proceso constituínte que poña os piares para a construción dun poder popular ao servizo da maioría social galega. O proceso de contrapoder e contrahexemonía convidanos a converternos en novo poder constituínte, vai máis alá, moito máis alá, das organizacións realmente existentes. Das organizacións políticas, que levan décadas amosándose ineficaces para calquera transformación real, e tamén das sociais e das sindicais. Cumprirán, pois, novas formas organizativas que se traduzan en novas formas de participación, socialización do poder e empoderamento cidadán.

Dítame Comisión Redactora de Textos: TRANSACCIÓN

ACÉPTASE o engadido, pero sen a frase “determinante para a nosa nación” porque se entende redundante e, por tanto, non engade contido novo.

136

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, liña 7

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda:

Propoñer outro formato de Tese Política

Texto da emenda:

Modificación do título: **Definición de Anova- IN**

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Non se pretende nese apartado definir Anova, o cal sería moito máis complexo, senón falar especificamente da fin do proceso de constitución

137

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, Liña 8

Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN

Xustificación da emenda: Xerar un texto inclusivo

Texto da emenda:

Modificación de: “clásica” por “nacionalista”.

Anova- IN é unha organización plural que incorpora as diferentes culturas da esquerda nacionalista

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O parágrafo está tomado literalmente dos acordos fundacionais de Anova, e faise referencia á esquerda clásica para evidenciar a multiplicidade de culturas que conflúen nun mesmo proxecto.

78

138

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, liña 10

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda: Repetitivo

Texto da emenda:

Modificación de “Anova é.. inclusiva” por “Por esa razón, Anova ten a obriga de manter esa pluralidade e diversidade, sendo sempre inclusiva”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Enténdese que é unha cuestión de estilo que non mellora o texto.

139

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, liñas 10 - 12

Tipo de emenda: Substitución

Xustificación da emenda: Clarificación

Texto da emenda:

Modificación de “Anova recoñécese... antiautoritarismo” por “Anova-IN debe ser transversalmente ecoloxista, feminista, anticonsumista e antiautoritaria”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Non fai referencia a unha vontade do proxecto político, senón a uns principios de orixe da organización. O texto fai parte dos acordos fundacionais.

140

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, liñas 13 - 14

Tipo de emenda: Eliminación

Xustificación da emenda:

Centrar o texto no que queremos ser non no que non queremos ser

Texto da emenda:

Supresión “non é esencialista”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

As definicións en negativo son tan explícitas coma as que se fan en positivo. É tamén unha cuestión moitas veces de estilo e de énfase para delimitar mellor o que se quere expresar.

79

141

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 11, liñas 16 - 17

Tipo de emenda: **Eliminación**

Xustificación da emenda:

Centrar o texto no que queremos ser non no que non queremos ser

Texto da emenda:

Supresión “non acreditamos...accións colectivas”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

As definicións en negativo son tan explícitas coma as que se fan en positivo. É tamén unha cuestión moitas veces de estilo e de énfase para delimitar mellor o que se quere expresar.

142

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo
 Localización emenda: Pax. 11, liñas 18 - 26
 Tipo de emenda: **Substitución**
Xustificación da emenda:
 Centrar o texto no que queremos ser non no que non queremos ser

Texto da emenda:

Anova é o resultado dun constante camiñar, preguntando e preguntándose. Ten vontade de ser actor central no proceso histórico que vivimos, prá o cal de be ser flexible e aberta e estar en constante movemento e adaptación
 Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

As definicións en negativo son tan explícitas coma as que se fan en positivo. É tamén unha cuestión moitas veces de estilo e de énfase para delimitar mellor o que se quere expresar.

143

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo
 Localización emenda: Pax. 11, liña 33
 Tipo de emenda: Eliminación
Xustificación da emenda: centrarse no positivo

Texto da emenda: Supresión “de institucións”

Ditame Comisión Redactora de Textos:

As definicións en negativo son tan explícitas coma as que se fan en positivo. É tamén unha cuestión moitas veces de estilo e de énfase para delimitar mellor o que se quere expresar.

A DEBATE

80

144

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Pablo Escobero Cela** Asemblea/s:
 Localización emenda: Pax. 11, a partir da liña 6
 Tipo de emenda: ENGADIDO
Xustificación da emenda:

Creo que é importante que desterremos a imaxe de facer política para a galería, de formas e espectáculo e reivindicemos unha acción política máis verdadeira.

Texto da emenda:

Dignificarmos a acción política

Anova salienta a importancia da honestidade como principio transversal en toda a súa acción política. Esta virtude entendémola como o conxunto de valores referidos á transparencia, á sinceridade e ao compromiso por contribuír a mudar a realidade sociopolítica baixo unha actitude humilde.

No actual momento de confusión, de pirotecnia e espectáculo en tódolos niveis das nosas vidas, onde predomina o discurso baleiro, de puro marketing, ficando só no “esteticismo” sen contido, Anova aposta por un discurso radical, en clave positiva e achegado á realidade.

Neste senso a honestidade adquire a súa aplicación política que se exercerá e reivindicará como principio rector da súa actividade política e pública.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Os principios éticos de Anova xa están recollidos noutros documentos

145

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Xan Daniel García Rodríguez** Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax. 12, liña 39

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda:

Texto da emenda:

En vez de ("como mínimo"), expresión que é obxecto de supresión, introdúcese a expresión "(e de tódalas demais nacións sen Estado da Península e de Europa")

Ditame Comisión Redactora de Textos:

TRANSACCIÓN: e de todos os pobos peninsulares.

146

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 12, liña 15

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: centrarse no positivo

Texto da emenda: Modificación: “non aspira a marxinalidade senon a” por “aspira a”

Ditame Comisión Redactora de Textos: ACEPTADA

81

147

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 12, liñas 19 - 24

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: de difícil comprensión

Texto da emenda: Supresión: “A flexibilidade...imprescindible”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto é suficientemente claro no que desexa expresar.

148

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 12, liñas 24 - 25

Tipo de emenda: **Eliminación**

Xustificación da emenda: De difícil comprensión

Texto da emenda: Modificación: Anova mergullarase nas loitas sociais e políticas que...

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto é suficientemente claro no que desexa expresar.

149	TESE POLÍTICA
------------	----------------------

Emendante/s: Iris Malvido Lago Localización emenda: Pax. 12, liñas 25 - 27 Tipo de emenda: Eliminación Xustificación da emenda: De difícil comprensión Texto da emenda: Supresión: “Nun suxeito... autorreproducción” Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE O texto é suficientemente claro no que desexa expresar.	Asemblea/s: Vigo
---	------------------

150	TESE POLÍTICA
------------	----------------------

Emendante/s: Iris Malvido Lago Localización emenda: Pax. 12, liña 30 Tipo de emenda: ENGADIDO Xustificación da emenda: De difícil comprensión Texto da emenda: Esquerda nacionalista Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE O texto é suficientemente claro no que desexa expresar. A referencia á pluralidade abrangue todas as culturas da esquerda, non só o ámbito do nacionalismo.	Asemblea/s: Vigo
--	------------------

82

151	TESE POLÍTICA
------------	----------------------

Emendante/s: Iris Malvido Lago Localización emenda: Pax. 12 – 13, liñas 35 - 41 Tipo de emenda: SUBSTITUCIÓN Xustificación da emenda: Necesidade de delimitar e poñer obxetivos claros Texto da emenda: ANOVA- IN E A FRONTE AMPLA. Os procesos constituíntes conflúen en diversos planos e nos múltiples territorios políticos: en Galiza, no Estado español e en Europa. E neles se insire a necesidade de construción da Fronte Ampla para a Unidade Popular. Enténdese por Fronte Ampla a acumulación de forzas políticas, sociais e sindicais que terá como finalidade o empoderamento da cidadanía e a creba democrática. Prá lograr esa quebra democrática a Fronte Ampla debe reunir as seguintes características: a) Debe ser circunstancial. Flexible e adaptable os diferentes escenarios. b) Debe permitir unha xeometría variable. O conxunto da militancia terá autonomía pra decidir sobre as fronteiras que se refirán o futuro de Galiza e as asembleas de base terán autonomía pra decidir sobre o futuro da súa localidade. Sempre e cando os acordos os que se cheguen entre as diferentes forzas respeten os estatutos, o código ético e os principios políticos. c) Debe ser aberta a cidadanía, abrindo espazos de debate e utilizando as TICs pra a consulta coas galegas e galegos. d) Debe ser inclusiva: ten a obriga de buscar puntos de consenso entre as diferentes forzas. e) Debe sobrepasar o eido electoral. Prá cumprir con estes requisitos tanto a CN como as asembleas de base e os grupos de traballo teñen a obriga de:	Asemblea/s: Vigo
--	------------------

- a) Avaliar as necesidades do ámbito no que están actuando
- b) Establecer lazos coas diferentes forzas en función desas necesidades
- c) Deseñar obxetivos concretos prá cada Fronte Ampla
- d) Avaliar se eses obxetivos estanse cumprindo e en que medida
- e) Facer partícipe á militancia e a cidadanía dos termos nos que se da a FA, da evolución e dos resultados da mesma

Ademáis, dado que a Fronte ampla actúa en tres planos debe ter claro cara onde avanza en cada momento. Nun primeiro plano, o galego, cara a Autodeterminación e a República Galega; nun segundo plano, no Estado Español, cara a ruptura democrática e novo proceso constituínte co recoñecemento dos pobos galego, vasco e catalán (como mínimo) como suxeitos soberanos, en un terceiro plano, cara a Internacional do Traballo e dos pobos, ou sexa, dos excluídos e excluídas, que revire o poder da Troica.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Son os procesos políticos e os seus suxeitos os que determinan a modalidade de Fronte Ampla, non un único suxeito.

152

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 13 – 14, liñas 42 - 15

Tipo de emenda: ELIMINACIÓN

Xustificación da emenda: Vai incluído no punto da fronte ampla

Texto da emenda:

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Os procesos de construción dunha Fronte Ampla para unha creba democrática non teñen por que coincidir nin confundirse absolutamente cos procesos electorais.

83

153

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 14, liñas 16 - 44

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Xustificación da emenda: Tentar que o texto sexa o mais sinxelo posible

Texto da emenda:

PUNTO 15. CONVERXENCIA E UNIDADE POPULAR.

A unidade faise máis necesaria que nunca, unidade que permita recuperar tódolos dereitos que foran conquistando durante anos e que hoxe en día estamos perdendo.

Unidade que permita facer unha defensa firme e forte de:

- Sanidade pública,
- Educación pública
- Traballo digno,
- Dereito a unha vivenda,
- Dereito a manifestarse,
- ...

Unha unidade por tanto diversa e plural, que respecte as diferencias e busque sempre os puntos que nos unen e non os que nos separan.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

O texto orixinario é suficientemente sinxelo, sen renunciar a expresar todo o que se considera necesario expresar.

154

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Iris Malvido Lago** Asemblea/s: Vigo

Localización emenda: Pax. 14, liñas 43 - 44

Tipo de emenda: **ELIMINACIÓN**

Xustificación da emenda: De non pasar a anterior, non vexo acaído este parágrafo.

Texto da emenda: Supresión: “Esto implica...tempos esixen”

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Nun momento histórico en que a propia esquerda está en debate e reorganización, non sobra constatar a necesidade de reflexionar sobre un novo modelo sindical.

155

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Xan Daniel García Rodríguez** Asemblea/s: Compostela

Localización emenda: Pax. 16, liña 33

Tipo de emenda: Supresión

Xustificación da emenda:

Texto da emenda: Supresión de "e de Castelao e"

Ditame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Castelao é unha referencia sobranceira para o noso ideario político, por tanto non hai razón para suprimir a alusión.

84

156

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Ricardo Garrido Caneda** Asemblea/s: O Grove

Localización emenda: Da páx. 16, liña 43

Tipo de emenda: **SUBSTITUCIÓN**

Texto da emenda

ÁMBITOS DE ACCIÓN POLÍTICA

1. Un grupo parlamentario serio e comprometido en O Hórreo:

A política que pretendemos realizar dende Anova – Irmandade nacionalista non é unha que esté protagonizada única e exclusivamente pola que os nosos representantes electos teñan a ben plantexar e executar nas institucións. Máis ben ó contrario. Sempre propugnamos que os grupos parlamentares dos que facemos parte teñan que ser caixas de resonancia da sociedade indignada. Pois nós somos parte da sociedade e non unha sorte de vangarda revolucionaria que pretende guiar á cidadanía cara un ou outro punto. É, polo tanto, a política a pe de rúa a principal para Anova e da cal se alimentan as iniciativas e propostas dos nosos representantes públicos.

Porén, os focos mediáticos e o propio sistema político dalle unha tremenda repercusión ó traballo parlamentar, a partir do cal se pode chegar a desinformar en base a todo tipo de estratexias que os medios de comunicación e as persoas que detentan a súa dirección, coñecen perfectamente.

É por iso que no que atinxe ó grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda no Parlamento de Galiza resulta necesario e imprescindible unha maior coordinación e clarificación do seu funcionamento interno e tamén de cara á sociedade. É por iso que dende Anova debemos potenciar esa mellora que non é máis que perfeccionar, na medida do posible, un instrumento que non debería pertencer nin a Anova – Irmandade Nacionalista, nin a esquerda unida, nin tampouco a Equo ou Ecosocialistas, nin individualmente nin en conxunto, senón ó conxunto dos votantes e da cidadanía galega.

Resulta indiferente, neste punto, se as e os parlamentarios de AGE acuden a unha xuntanza en calidade de membro electo pola coalición ou en calidade de mebro dun dos partidos que a forman. O verdadeiramente importante é que se cumpla o

compromiso que dende os mecanismos de coordinación se adoptaron para mellorar o funcionamento político.

Xa non é tempo de priorizar a estética por riba do contido. A cidadanía non quere seguir agardando máis por nós nin por ninguén se non se lle plantexan alternativas sólidas e atractivas. A necesidade dun programa de oposición preparada para deixar de se-lo alvíscase imprescindible.

Precisamente, a conformación de mecanismos de coordinación do grupo parlamentario e a estricta suxección ó alí estipulado, impedirían espectáculos como os relativos ó escano por Ourense.

O exercicio de oposición contra o esgobierno e contra a antigalegidade que protagonizan Feijoo e o resto de membros do seu goberno debe seguir a ser a clave de bóveda da nosa acción política. Ademais, debe aparecer sempre a aportación dunha alternativa, facendo ver, deste xeito, que existe alternativa ó Partido Popular. Ademais, estableceranse maiores canles e colaboración co resto de grupos parlamentarios dispostos a facer frente común contra o actual goberno da Xunta.

1. **O europarlamento: a oportunidade de darlle a Galiza voz internacional.**

Dende Camilo Nogueira, ningún nacionalista galego contara coa tremenda oportunidade de ser representate galego na eurocámara durante toda unha lexislatura. Tal responsabilidade está chea de oportunidades e de riscos que hai que maximizar as primeiras e minorar as segundas.

O noso país depende en grande medida do que as instancias europeas decidan. Non so se trata de cuestións directas como a Política agraria Común e a repercusión para o noso sector agrogandeiro, ou das políticas que no campo da pesca se planifiquen, ou da importancia directa do nivel europeo no sector industrial galego (dende o naval ata o químico, pasando polo textil). Ademais destas, e doutras moitas influencias directas, a UE configúrase como un actor máis no mundo globalizado e, polo tanto, o seu papel, maior ou menor, en cuestións de comercio internacional de defensa dos dereitos humanos, de intereses xeoestratéxicos, de cuestións ligadas á defensa... tamén nos afectan a galegas e galegos dun xeito indirecto.

A nosa europarlamentaria, instalada no grupo parlamentario da esquerda europea, ten a obriga de ser un elemento máis da loita polo benestar da cidadanía galega e de que esas influencias directas e indirectas da UE sobre os diferentes pobos de Europa sexan o máis proveitosas posibles. Para iso, será necesario e imprescindible unha forte coordinación e asesoramento do seu traballo e a colaboración, igual que para o ámbito autonómico, de tódolos grupos de traballo da nosa organización.

Outra importante tarefa no parlamento europeo será a de darlle voz internacional a Galiza como nación sen Estado. Para tal fin, fomentárase o intercambio de traballo e as relacións con outras iniciativas políticas de liberación nacional no seno do Parlamento europeo. Xuntamente con iso, farase tamén un especial esforzo en adecua-lo discurso da esquerda europea ó republicanismo cívico, principio fundamental que permite aceptar e defender o dereito a decidir como mecanismo democrático e de expresión cidadá.

2. **As conferencias sectoriais: a imperiosa necesidade dun programa político real.**

Toda organización política debe dotarse dun programa político que analice o contexto onde realiza a súa acción política, defina o que é, o que defende, e que exprese aqueles obxectivos que persigue. Xuntamente con isto, unha organización política que pretenda realizar unha oposición firme e sólida, sendo voz do pobo que representa e do cal se nutre, ou unha organización política que pretende ser goberno en aras da defensa dos dereitos e intereses desa mesma cidadanía ten que ser quen de expresar clara e profundamente o seu programa en diferentes sectores: sanidade, educación, liberdade, dereitos sexuais e reproductivos, defensa da igualdade de xénero, mocidade, mar, montes, sistema agropecuario, industria, comercio, mobilidade e ordenación do territorio, urbanismo, sistema administrativo, sistema local e planta municipal, e un longuíssimo etcétera.

Serán os grupos de traballo, encabezados polas persoas que detentan a responsabilidade de comisionadas/os e de coordinadoras/es, os que, conxuntamente co resto de militancia implicada neses grupos de traballo, inicien procesos participativos e abertos na medida do posible, á cidadanía máis próxima a Anova. Estes procesos, conferencias sectoriais, establecerán propostas ben definidas para cada campo temático. Iniciaranse en base a unha proposta debatida e contará coa participación de especialistas na materia. Será positivo que non se trate dun día de debate, senón dun proceso ó longo dun tempo prudencial que permita o debate nos diferentes ámbitos da organización: grupos de traballo, asembleas de base, coordinadora nacional... e que remate cunha xuntanza nacional que de o peche á conferencia nacional. De tal xeito que Anova – Irmandade nacionalista teña meridianamente claro o seu programa nos diferentes eidos sectoriais, de tal xeito que a acción social e institucional sexa moito máis eficaz, eficiente, lícita, clara e específica en materias singulares.

A Coordinadora Nacional tamén promoverá, periodicamente, Conferencias Políticas Abertas, xa sexan presenciais ou telemáticas, monográficas, sectoriais ou multidimensionais, co fin de fomentar o debate socio-político e axudar a definir as súas estratexias nos diferentes eidos e desenvolver programas de actuación sobre a base das propostas programáticas.

3. Campos prioritarios de acción política.

Contra o espolio

1. Auditoría da débeda pública que en boa medida é ilexítima, compromiso de non aportar fondos públicos para viabilizar entidades bancarias, e esixir responsabilidades penais aos xestores destas entidades. Constitución dun sector financeiro público ao servizo da cidadanía galega e dar apoio a iniciativas de banca ética e democrática.
2. Reversión ao dominio público das concesións feitas ao sector privado en materia de infraestruturas, recursos, bens e servizos estratéxicos que poidan ser interpretados como de interese público ou común.
3. Oposición frontal ás concesións mineiras espoliadoras que para o exclusivo interese das multinacionais está a favorecer o PP deturpando o medio os nosos recursos naturais.
4. Regulación pública vía taxación dos mercados, intermediarios, fluxos financeiros e movementos de capitais, con especial rigor no tocante ás operacións especulativas.
5. Control democrático da política monetaria hoxe nas mans dos “técnicos” do BCE.
6. Todos os organismos públicos utilizarán e desenvolverán todo o software con licenzas libres, facilitando e fomentando deste xeito o seu coñecemento a toda sociedade.
7. Todos os organismos públicos estarán obrigados a fornecer os seus datos en réxime aberto nos formatos máis estándares posíbeis para cada momento.

Defensa do noso

8. Recoñecemos o determinante papel da diáspora galega, nos momentos máis negros da nosa historia, na defensa da nosa identidade como pobo e por xustiza e equidade comprometémonos a garantir os seus dereitos cidadáns.
9. Defensa activa contra a desaparición da identidade galega, contra o exterminio planificado da nosa lingua, o deterioro da nosa paisaxe, o abandono do noso patrimonio cultural e a deturpación da nosa historia.
- 10.- O discurso lingüístico de Anova será en positivo a pesar das dificultades, vendo a lingua como fenómeno social e máis unha cuestión de clase. Favorecerase o protagonismo social nos procesos de normalización da lingua e pularase polo monolingüismo social en galego atendendo á nosa pertenza ao sistema lingüístico galego-portugués.
- 11.- A lingua galega é o noso idioma nacional. O feito de termos un idioma propio é nota esencial e imprescindible para a caracterización como nación do noso país, Galicia. Por todo isto, a subsistencia da nosa identidade nacional pasa necesariamente pola defensa da lingua galega contra toda agresión constitutiva de imperialismo lingüístico; nomeadamente, é urxente a loita contra a xa secular colonización española, que se fai evidente, tamén, no eido idiomático, poñendo mesmo en perigo o futuro da nosa lingua. En consecuencia, compre que Anova loite pola plena normalización lingüística deste país, Galiza. Daquela, dende Anova debemos realizar toda caste de accións encamiñadas á consecución dunha sociedade monolingüe; unha sociedade baseada en conquistar a harmonía entre, por unha banda, o respecto a tódalas linguas extranxeiras e culturas do mundo, e, por outra banda, a superación da diglosia e o autoodio que están a asulagar ó noso pobo, despois de tanto tempo de ocupación española.
- 12.- Anova entende que o ensino público debe ir aplicando progresivamente metodoloxías de inmersión en galego, que demostraron a súa eficacia no contexto educativo doutras linguas minorizadas.
- 13.- Anova apoiará experiencias de ensino cooperativo popular que teñan o galego como lingua de inmersión.
- 14.- Anova apoiará e promoverá activamente a incorporación do ensino da lingua portuguesa en todos os niveis de ensino público regrado.
- 15.- Anova fomentará as medidas necesarias para conseguir a recepción aberta en territorio galego dos medios audiovisuais lusófonos en xeral e portugueses en particular co obxectivo de tornar familiares nos ouvidos dos galegos e galegas outros acentos da nosa lingua.
16. Defensa do ámbito informativo galego con medios de comunicación non sometidos aos poderes políticos e económicos, senón ao control social. Os medios de comunicación públicos de Galiza, especialmente no que concerte á RTVG, son instrumentos imprescindibles para a nosa articulación nacional e para a creación, desenvolvemento e difusión de universos simbólicos e tamén para a normalización da lingua galega e todas as nosas expresións culturais e artísticas. Apoio aos medios de comunicación comunitarios e de proximidade, xa que é unha forma de independencia dos intereses que manexan actualmente os medios de comunicación.
17. Soberanía alimentaria e enerxética. Sustentabilidade ecolóxica e social. Anova é consciente de que o crecemento económico ilimitado é irracional e imposible nun planeta finito. Anova valorará desde xa diferentes opcións.
18. Ordenación territorial e urbanística con criterios sociais e ecolóxicos, buscando o reequilibrio territorial, recuperando as

formas de poboamento tradicionais e humanizando os núcleos urbanos.

19. Apoio ao desenvolvemento do rural, e en especial ao problema demográfico, creando factores que axuden á fixación da poboación.

20. O dereito a unha vivenda digna e axeitada como un dereito universal.

21. Eliminación dos privilexios que en materia económica goza a Igrexa Católica ou calquera trato de favor a calquera outra que se poida dar no futuro.

Igualdade e dereitos sociais

22.- Reivindicamos o establecemento e fortalecemento dun Marco Galego de Relacións Laborais que desenvolva e potencie a Negociación Colectiva, a solución de conflitos, a Formación Profesional, a contratación e a participación sindical nas empresas, garantindo: a estabilidade e seguridade no emprego, a redución da xornada laboral, a cobertura do paro e das xubilacións, a participación equitativa da forza de traballo no valor engadido e o incremento sustentábel da produtividade. Derrogación das sucesivas reformas laborais que vaian en deterioro dos dereitos laborais. Democratización da empresa regulando a participación e a igualdade de xénero das persoas traballadoras na súa dirección e xestión.

23.- Promover un sistema de Servizos Sociais público, de calidade e atención integral. Suprimir gradualmente concertos con entidades privadas e recuperar a xestión de centros de titularidade pública, actualmente en mans da iniciativa privada.

24.- Igualdade real de mulleres e homes en todos os eidos. Implantación de medidas para a erradicación da violencia machista. Repartición do traballo, tanto remunerado como non remunerado, partindo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Redución do xornada laboral, tanto para repartir o emprego como para conciliar a vida laboral e extra-laboral.

25.- Defensa do dereito das mulleres a decidirmos no noso propio corpo e a vivirmos libremente a nosa sexualidade. Respecto aos nosos dereitos sexuais e reprodutivos. Defensa do aborto libre, público e gratuïto. Eliminación da obxección de conciencia na sanidade pública.

26.- Defensa dos dereitos da infancia e da xente maior. Potenciar e ampliar a lei de dependencia e outras ferramentas que permita unha vida digna e propia a este colectivo.

27.- Defensa dos dereitos dos animais. Prohibición de espectáculos con sufrimento animal, degradación dos mesmos e das persoas asistentes.

28.- Garantir os dereitos da comunidade LGTB.

29.- Defensa innegociable dun sector público forte, que garanta o acceso á sanidade, o ensino, as prestacións, e servizos sociais, baixo os principios de calidade, responsabilidade pública, universalidade, equidade e gratuidade, e que garanta e preste os servizos de coidados das persoas, relacionados tanto coa infancia, coas persoas maiores e todos os demais servizos de atención á dependencia, establecendo todos estes recursos como dereitos subxectivos.

30.- Medidas para regularizar a situación das persoas migrantes e para garantir a plena igualdade de dereitos co resto da poboación.

31.- Combate á profesionalización da política institucional e rexeitamento da súa centralidade no espectro da loita política. Neste sentido, os nosos e nosas representantes institucionais han predicar co exemplo da súa conduta.

32.- Anova propugnará e defenderá un sistema electoral xusto, equilibrado e proporcional puro, tanto nas institucións nas que esteamos presentes, como nos ámbitos nos que traballemos. Un sistema que recolla fielmente o postulado 1 persoa 1 voto con igual peso no resultado.

Promoverase e defenderase o establecemento de todo o territorio galego como circunscrición electoral única nas eleccións a parlamento galego, ao congreso dos deputados e calquera outro proceso no ámbito estatal, así como oposición frontal a toda medida que se pretenda tomar tendente á diminución dos representantes institucionais en calquera ámbito electoral.

33.- A nosa actuación neste marco institucional que combatemos hase realizar cun dobre obxectivo: por unha banda, o apoio á creación dun poder popular galego forte e, por outra, o baleirado de competencias reais das actuais institucións, a súa substitución gradual na práctica por ese novo tecido participativo e soberano. Así, as medidas guía do noso labor institucional hanse asentar en dous puntos:

A) A creación de Consellos de Barrio e de Parroquia con poder de decisión vinculante nas políticas que lles afecten e aos que se lles ceda unha parte fixa dos orzamentos para a súa administración directa pola veciñanza.

B) A aposta pública, clara e coherente por unha reorganización da administración local e provincial baseada no agrupamento e a disolución dos concellos nas nosas comarcas históricas e na eliminación de deputacións, goberno civil, provincias ...

Solidariedade económica e desenvolvemento

34.- Reforma tributaria para restablecer unha fiscalidade progresiva, nomeadamente sobre os tramos elevados de ingresos e patrimonios privados, a prol dunha indispensable política redistributiva de benestar social, encamiñada a garantir as condicións materiais da liberdade.

35.- Peche de paraísos fiscais e rexeitamento de medidas de amnistía fiscal. Rebelión cívica contra as medidas de organismos

non democráticos como os Institutos Financeiros Internacionais (por exemplo BCE, BM, FMI etc.). – Establecemento de medidas legais e mecanismos contra a corrupción.

36.- Políticas de defensa do sector labrego, revitalizando as pequenas e medianas explotacións, garantía de prezos xustos, apostando pola recuperación dos ecosistemas agrarios e a sustentabilidade económica, impulsando a ordenación do territorio e a fixación de poboación no medio rural. Políticas análogas para o mundo mariñeiro e a beiramar.

Ningunha das políticas agrarias das últimas décadas foi quen de frear o etnocidio do rural galego. Entendemos este como un dos meirandes problemas aos que nos enfrontamos. Os valores materiais e inmateriais da Galiza rural son necesarios, mais tamén son alternativas para camiñar a un outro modelo de sociedade cooperativa, xusta, sustentábel, autoorganizada, autoxestionada e, ao cabo, desmercantilizada e marcadamente anticapitalista.

37.- Políticas de promoción e equidade económica, fiscal, social e laboral para as formas de traballo autónomo e de pequenas empresas, con fincapé nas formas cooperativas e de economía social. E fomento decidido das políticas, no contexto actual, de creación de emprego baseadas nos postulados anteriores.

38.- Ordenación do sector comercial a prol da revitalización racionalizada do pequeno e mediano comercio fronte ao grande capital comercial, impulsando a necesaria reforma do marco normativo do sector. Rexeitamento de grandes superficies comerciais que non obedecen na meirande parte das veces máis que a intereses urbanísticos, financeiros e especulativos que nada teñen que ver co interese xeral e por contravir no desenvolvemento do comercio tradicional.

39.- Anova apoiará calquera iniciativa a favor da racionalización horaria, por razóns de saúde, de aproveitamento enerxético e de homologación horaria co noso ámbito xeográfico-cultural.

40.- Anova pensa que o acceso a fondos públicos por parte das empresas con sede na Galiza deberá estar condicionado pola co-utilización ou utilización exclusiva da lingua galega en calquera das súas ortografías, no seu ámbito interno e externo.

Ditame Comisión Redactora de Textos:

Se se trata de abrir un último apartado con contidos programáticos, podería haber unha TRANSACCIÓN. Nela incluírase o texto da emenda 125

TRANSACCIÓN POSIBLE

157	TESE POLÍTICA
Emendante/s: Xan Daniel García Rodríguez	Asemblea/s: Compostela
Localización emenda: Pax. 15, liña 26	
Tipo de emenda: ENGADIDO	
Xustificación da emenda:	
Afondar verbo da nación, do nacionalismo e da esquerda rupturista	
<u>Texto da emenda:</u>	
<i>Xa que logo, cómpre supera-lo esencialismo, ou incluso mais ben, os esencialismos, que historicamente eivaron, e mesmo eivan, a evolución do nacionalismo galego ata o momento presente. En consecuencia, faise preciso desbota-las posicións que fan excesivo fincapé en elementos típicos de determinadas doutrinas que, pretendendo ser antropolóxicas (e posiblemente sendoo, alomenos en parte), concluen ás veces nunha caracterización case que folclórica da noción de “nación”.</i>	
<i>Igualmente son nocivas, e polo tanto cómpre rexeita-las, as teorías (culturais, pseudo-lingüísticas...etc) que están vencelladas a tópicos e mitos historicistas e falsamente identitarios que, en primeiro lugar, chegan a ser cualificables como errados ou arcaizantes, cando non como tendenciosos ou falsos. E amáis disto, introdúcense, coas devanditas teorías, debates artificiais e carentes de sentido na actual fase evolutiva do Movemento de Liberación Nacional e Social de Galicia.</i>	
<i>Por outra banda, hai unha cuestión que cómpre ter en conta, pois non podemos ignora-la realidade: é evidente que gran parte das nacións sen estado non poden ter esta cualificación baseándose nunha suposta conciencia de seu (implantada maioritariamente na súa poboación), e menos aínda nunha vontade radical de plena emancipación (pensemos no resultado global do referendun escocés, e a conseguinte negativa á independencia). Está ben claro, pois, que nin debemos nin podemos pecha-los ollos diante da proliferación dos múltiples fenómenos de alienación colectiva resultantes de determinadas características dunha sociedade como a capitalista, na que, poñendo por caso, se está a producir a progresiva concentración da detención dos medios de prensa e difusión nas mans de reducidas élites oligárquicas. Pero, fronte a todo isto, cómpre afirmar que nin unha nin mil “derrotas” electorais, e mesmo plebiscitarias, poden privar ó pobo galego nin ó pobo escocés (nin ó vasco, ó irlandés e moitos outros pobos) do seu acceso á independencia, previo exercicio do dereito de autodeterminación inherente á súa cualificación como nacións. Precisamos, pois, como patriotas revolucionari@s, reforza-la defensa irredutible do elemento fundamental e imprescindible para a definición de Galicia como nación. Este elemento é o noso idioma nacional, a lingua galega. Daquela, como independentistas, consideramos non soamente acaído e positivo, senon tamén básico e elemental, o feito de posuirmos como pobo un idioma propio e exclusivo, un idioma noso. Só dende a independencia, tamén lingüística, podemos, con plenitude, facer unha achega valiosa e verdadeira ó patrimonio cultural de todos os pobos do mundo. A lingua galega non é un</i>	

dialecto, e Galicia non é unha rexión (nin de España, nin de ningunha outra nación veciña). Somos nós, solidariamente unidos a tódolos pobos da Terra, nós mesmos, quen queremos facer un mundo mellor; somos nós, galegas e galegos, dende a nosa propia identidade, quen queremos contribuir a esa Revolución, Permanente e Mundial, que se revela como imprescindible.

En definitiva, a irrupción de Anova supón (ou debe supoñer) non só a emerxencia dunha Nova Cultura Asociativa no país, senón tamén unha visión nova, e ó mesmo tempo recuperada, limpada e limpa, verbo de determinadas cuestións que cómpre asumir inexcusablemente e dar por certas, porque atinxen sustancialmente á cultura, lingua e identidade da nosa nación; pero tamén porque veñen reforza-lo carácter de esquerda rupturista e antisistema e o soporte de clase (clase traballadora, clases populares) do Movemento de Liberación Nacional e Social que Anova está chamada a encarnar e desempeñar. Xa que logo cómpre enlearse nesta exposición escrita un chisco.

É preciso, ou alomenos conveniente, que Anova sexa un vento fresco que varra e leve lonxe de nós historicismos non só perigosos (como case que tódolos historicismos), senón tamén absurdos (por teren sido derrubados polas correspondentes autoridades científicas). Que sexa un vento que varra entelequias inexistentes que levan ás nosas xentes (especialmente ós máis novos) a mergulla-lo noso país nunha nova e demencial globalización, concentrada e referenciada en innecesarias instancias e nacións (e/ou supostas comunidades lingüístico-imperiais) que son externas e alleas a nós. Trátase dunha neocolonial nova globalización, pretendidamente substitutiva, subseguinte, alternativa... respecto da non discutida desgraza que hoxe (agardemos que non mañá) constitúe a actual dominación-espolio-colonización por parte dese país veciño chamado España. Non embargante, estoutra globalización de novo cuño, como toda globalización, é tamén infantil e perversa, monolítica e empobrecedora, simplista e simplificadora. Como toda globalización, nega a riqueza inherente á variedade, ós matices, ás particularidades.... En definitiva, ven sendo unha sinistra alienación da nosa identidade colectiva; desa identidade arraigada nas clases populares que constitúen a maioría social agredida por este sistema inxusto, que se ven reflectidas no noso idioma nacional... Causa distinta son os pequenos círculos que, por máis que enarboren erradas ou falsas bandeiras antisistema, semellan engaiolados (ou quizáis abducidos...??) por algunhas pseudonormativas lingüísticas cuxo uso deturpa o noso idioma e non lle fai favor ningún á cultura nacional. E amáis, cómpre dicir que non é a actitude máis patriótica para lle facer fronte ó colonialismo español e á súa concreción que é a presenza cada día máis asulagadora da lingua española na nosa nación sen estado.

Non é procedente, nas nosas condicións, abrir fisuras e fendas, distorsionar e deturpa-lo noso idioma nacional, non caben as máis mínimas ambigüidades, cando xa existe unha concordia. Porque estas ambigüidades ou dobres xogos non conlevan ningunha caste de "riqueza", senón que, pola contra, supoñen debilidade contra ese colonialismo español que, día a día, vai minorizando a nosa lingua, poñendo en perigo a propia existencia de Galicia como nación. Porque estas ambigüidades eivan o proceso de normalización lingüístico, neste momento en claro retroceso (lembrémo-la inclusión do galego no Catálogo de Línguas En Perigo da UNESCO). Cómpre retoma-la consideración, máis acentuada no caso das nacións sen estado, de que o idioma é un fenómeno social colectivo; non é unha suposta cuestión de dereitos individuais. Xa que logo, é inadmisíble, falso e tendencioso pretender abri-la porta a unha inexistente "liberdade lingüístico-normativa" que sería absolutamente incompatible coa defensa do noso idioma nacional, que precisa da máxima homoxeneidade e cohesión internas, na situación colonial que está a padecer. Isto sería demencial; como tamén sería demencial e igualmente inadmisíble andar a fantasear con dobres, triples, cuádruples... normativas; sería ignora-la nosa situación de nación sen estado, e a forza de quen temos en fronte, colaborando á desaparición da nosa lingua. E sería ignora-la tradición máis nítida e abertamente independentista no país, xa dende o ano 1976, xa dende os primeiros anos da mutación formal, que non de fondo, da opresión nacional e social que Galicia padece.

Dítame Comisión Redactora de Textos: A DEBATE

Enténdese que a tese política non é o lugar para un debate que ten máis dimensión organizativa.

158

Emendante/s: **Cristina Amor Faya** Asemblea/s: **Compostela**

Localización emenda: Pax 15, final da páxina

Tipo de emenda: **ENGADIDO**Xustificación da emenda:

A necesidade de que Anova elabore un discurso alternativo e de que teña unha práctica política radical, pasa obrigatoriamente por construír ese discurso en base a cuestións fundamentais nos eidos máis transversais da acción política. Así propomos unha serie de cuestións básicas en política ambiental que instauren criterios para servir de guía:

Texto da emenda:**A.- Ecoloxía Transversal:**

En toda acción política desenvolta por Anova deberán considerarse e ter sempre presentes os criterios de índole ambiental e integrárense, polo tanto, nas diferentes políticas sectoriais: economía, industria, transporte, enerxía, agricultura, pesca, etc.

B.- Cambio Climático:

Asumindo que o cambio climático provocado pola irresponsabilidade da especie humana é unha realidade e que supón unha seria ameaza para a biodiversidade a escala planetaria, Anova, na súa acción política, demandará (das Administracións públicas competentes) e comprométese a adoptar medidas coherentes que contribúan a mitigar os seus efectos negativos no territorio galego e informará á poboación galega (de xeito veraz e a través dos medios que teña ao seu alcance) das súas nefastas consecuencias.

C- Enerxía:

Rexeitaranse todas aquelas formas de produción enerxética que supoñan unha ameaza para os ecosistemas, a biodiversidade, os pobos, etc., ou que contribúan a agravar os efectos do cambio climático; nomeadamente:

nuclear, térmica (carbón, gas, etc.), hidroeléctrica, etc.

Tamén rexeitaranse todas aquelas instalacións para a extracción, almacenamento ou transporte de sustancias sólidas, líquidas ou gaseosas con fins enerxéticos, como o carbón, o gas ou os derivados do petróleo, que supoñan unha ameaza para os ecosistemas, a biodiversidade, os pobos, etc., ou que contribúan a agravar os efectos

do cambio climático; nomeadamente: plantas de almacenamento de gas natural licuado, refinerías de petróleo, prospeccións de petróleo e/ou gas na plataforma continental galega, oleoductos, gaseoductos,...

Así mesmo, apoiaranse todas aquelas formas de produción enerxética cuxo impacto no ambiente sexa baixo e asumíbel como a solar, a eólica, a xeotérmica, a mareomotriz,... sempre que sexan controladas e xestionadas polas administracións públicas, contribúan a mitigar os efectos do cambio climático e se localicen fóra dos espazos naturais protexidos, procurando que estes medios de produción enerxética sustentábeis se consideren estratéxicos para Galiza, sexan accesíbeis a toda a poboación galega, se evite que caian en mans de empresas privadas ou sexan obxecto de especulación.

D.- Recursos Naturais:

Para que as futuras xeracións continúen fornecéndose dos recursos naturais da nosa Terra é fundamental que todas aquelas actividades extractivas que supoñan un esquilme dos recursos naturais, ameacen os ecosistemas, a biodiversidade, os pobos, ou fomenten a precariedade laboral, sexan descartadas.

Por coherencia e solidariedade cos pobos afectados opoñémonos a que a flota pesqueira galega faene en caladoiros de países empobrecidos ou subdesenvoltos cando implique un esquilme dos seus recursos, compita de xeito desleal coa flota pesqueira local, agrave a situación de pobreza ou conleve o desprazamento das poboacións locais afectadas.

Entendemos como necesaria a recuperación integral das rías galegas con fins de aproveitamento pesqueiro e marisqueiro, de xeito ecolóxico e sustentábel, rexeitando novos proxectos de aterramentos, instalacións portuarias ou industriais.

Denunciamos o impacto ambiental da agricultura intensiva, a introdución de cultivos modificados xeneticamente, así como calquera outro método de produción agrícola que degrade, esgote ou contamine as terras produtivas da Galiza, demandando métodos de produción agrícola, gandeira e forestal ecolóxicos.

Para evitar a degradación do territorio e da paisaxe, así como o desvaldimento de recursos económicos públicos, evitanse todos os proxectos de concentración parcelaria que, de xeito sistemático, veñen desenvolvéndose en diferentes parroquias da Galiza con fins claramente electoralistas.

Apoiamos o aproveitamento sustentábel de especies madeirabeis, tanto autóctonas como alóctonas, sempre que estas últimas non degraden ou alteren a estrutura do solo, non teñan carácter invasor, non favorezan os incendios forestais e non incidan negativamente na paisaxe, sempre e cando non se afecten os espazos naturais protexidos. Neste sentido, é fundamental evitar o cultivo de especies moi perniciosas como o Eucalipto.

E.- Espazos Naturais:

Os espazos naturais galegos, independentemente do seu nivel de protección, deben ser ampliados e protexidos de xeito eficaz, promovendo a interconexión dos mesmos mediante a creación de corredores ecolóxicos. Tamén se fai necesario a declaración de novos espazos naturais protexidos e que nos plans e instrumentos de ordenamento dos mesmos primen os criterios de conservación por riba doutros de tipo económico, urbanístico ou partidista.

Co obxecto de salvagardar a integridade dos espazos naturais protexidos, rexeitamos calquera instalación ou infraestrutura incompatible coa conservación dos mesmos.

F.- Biodiversidade:

É fundamental que as especies de flora e fauna silvestres, catalogadas en perigo de extinción, acaden un estado óptimo de conservación que permita a recuperación progresiva das súas poboacións, destinándose os medios humanos, materiais e económicos necesarios para acadar dito obxectivo.

Por outra banda, débese facer o máximo esforzo para que as especies de flora e fauna exóticas, catalogadas como especies invasoras, sexan erradicadas do territorio galego, incluíndo as especies do xénero *Eucalyptus*, considerando que todas elas representan a segunda causa de extinción de especies autóctonas despois da destrución directa dos seus hábitats naturais. En consecuencia, débense de dispoñer todos os medios humanos, materiais e económicos necesarios para acadar dito obxectivo.

Debido ao proceso de eucaliptización que ven padecendo a Galiza nas últimas décadas, as fragas galegas ficaron reducidas á máis mínima expresión e polo tanto débese facer o máximo esforzo por recuperalas e preservalas axeitadamente, xa non só polo seu valor ecolóxico e paisaxístico, senón tamén como símbolo de identidade da nosa nación.

Considerando que o Lobo (*Canis lupus signatus*) é un animal clave para manter en equilibrio as poboacións de Corzo e Porco bravo, faise necesario protexer legalmente este cánido en todo o territorio galego, indemnizando economicamente a aqueles/as gandeiros/as cuxo gando se poda ver afectado por esta especie.

G.- Ordenamento do Territorio:

É necesario que a Galiza conte cun plano integral e duradeiro de ordenamento racional do uso do solo, que abrangue todo o territorio galego, no que primen os criterios ambientais e sociais e se impida o uso especulativo do mesmo.

No marco dese plano de ordenamento integral débese contemplar a compra ou expropiación de terreos particulares nos espazos naturais protexidos, nas áreas de interese arqueolóxico, ... co obxecto de garantir a conservación dos hábitats naturais, da flora e da fauna silvestres, así como do patrimonio cultural; terreos que pasarán a titularidade pública, estarán exentos de cargas fiscais, non serán urbanizabeis, nin poderán ser cedidos, alugados ou vendidos a particulares ou entidades con ánimo de lucro.

Débense adoptar tamén as medidas legais necesarias para axilizar o derrubamento de todas aquelas edificacións e infraestruturas construídas ilegalmente na fachada costeira ou nos espazos naturais protexidos, impedindo que prescriban ou sexan legalizadas.

H.- Paisaxe:

Como elementos xenuíños da paisaxe galega, debemos preservar a vexetación autóctona dos cómaros, sebes naturais, fragas ripícolas, ademais dos valados de pedra tradicionais polo seu alto valor paisaxístico que, ademais, serven de corredores ecolóxicos.

É necesario que todos aqueles enclaves de singular beleza paisaxística sexan declarados como Monumento Natural para asegurar a súa perdurabilidade.

I.- Benestar Animal:

Considerando que Anova se compromete na loita contra o maltrato animal, coperaremos en todo momento con toda organización animalista que persiga esta fin.

Dado que as touradas son unha das formas máis crueis de maltrato animal permitida no estado español loitaremos para que Galiza fiquese libre de touradas.

Ante o risco de naturalización de determinadas especies exóticas utilizadas como mascotas, debe prohibirse a tenencia, cría, venda, etc., deste tipo de fauna no noso territorio, ao constituír unha seria ameaza para as especies autóctonas.

Lexislación Ambiental:

Anova demandará das Administracións públicas competentes a elaboración dunha lexislación ambiental coherente, imparcial e rigorosa que contribúa a preservar de xeito real e eficaz o noso patrimonio natural, así como a necesidade de poñer todos os medios humanos (máis xuíces e fiscais especializados), materiais e económicos para que os delitos ambientais sexan tomados en serio polas autoridades xudiciais, sexan xulgados con imparcialidade e se teña máis en consideración a reparación do dano causado.

Ditame Comisión Redactora de Textos: A debate

A estrutura non inclúe apartado programático porque se entende que se trata de ofrecer posición política e non unha relación de medidas de conxuntura. Aínda estando de acordo co contido da emenda, non encontramos maneira de incluíla. En todo caso, véxase a emenda número 6.

159

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Lupe Ces** Asemblea/s: Ferrol

Localización emenda: Pax 16, entre liñas 25 e 26

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

Na Tese Organizativa debemos mostrar a nosa vontade de seguir umha via propia. Nomear a Via Galega, é um jeito de incluir nos nosos debates a consciencia da necesidade dum camiño propio, fuxindo de mimetismos.

Texto da emenda:

Somos unha nación, nen mellor nen peor ca outras. A nosa singularidade nos esixe ser conscientes de que o noso camiño cara a autodeterminación vai ser tamén singular. A Via Galega é o camiño que começamos a andar co proceso de acumulación de forças e ten que ter nas relacións internacionais unha das súas expresons máis pedagóxicas.

Ditame Comisión Redactora de Textos: ACEPTADA

160

TESE POLÍTICA

Emendante/s: **Lupe Ces** Asemblea/s: Ferrol

Localización emenda: Pax 16, despois da liña 43

Tipo de emenda: **ENGADIDO**

Xustificación da emenda:

O proceso constituinte e a construción da República Galega tem que ter presente a existencia, no noso territorio, dum outro povo, o Povo Cigano, ao que se lle tem negado dereitos fundamentais e odereito de autodeterminación.

Texto da emenda:

O pobo xitano é un pobo sen territorio de seu. Están espallados polos cinco continentes en miles de comunidades. Comparten desde hai máis de seis séculos o territorio da nazon galega. O pobo xitano foi e é un pobo perseguido, e sofre un continuo xenocidio. O reinado dos Reis Católicos, o franquismo e o holocausto nazi, son etapas históricas especialmente tráxicas para a historia deste pobo, como moi ben se relata no seu himno nacional.

As chamadas políticas de integración que se veñen aplicando desde hai unhas décadas sobre a poboación xitana no noso país, non teñen cambiado significativamente a situación de vulnerabilidade do pobo xitano (a esperanza de vida é de oito anos menos que a da poboación galega, as taxas de analfabetismo son do 8%, e índice de pobreza e marxinalidade moi altos...).

A crise económica está devolvendo a moitas xitanas e xitanos, que tiñan conseguido unha vida digna a través das actividades máis coñecidas como a venta ambulante ou a chatarra, a situacións de emerxencia social propias de mediados do século XX.

O reponte do racismo en moitos países europeos, asociado ao aumento da hexemonía da extrema dereita, desperta en Anova unha dobre inqueda. Por un lado o sentimento solidario co pobo xitano, e por outra, a consciencia de que o racismo é unha arma desestabilizadora das sociedades e procesos revolucionarios.

Anova ten que construír novas relacións con este pobo co que compartimos territorio e espazos sociais e económicos. Estas relacións teñen que estar baseadas no respecto mutuo e a igualdade. O pobo xitano ten dereito á súa autodeterminación, como o ten o pobo galego. Cumpre que desde Anova se impulse a creación dunha “Mesa de Diálogo Permanente” entre representantes dos dous pobos para camiñar da man a ruta da liberdade.

Ditame Comisión Redactora de Textos: ACEPTADA

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



CANDIDATOS/AS COORDINADORA NACIONAL

1	Abalo Costa, Mariano
2	Acción Porto, Adrián
3	Ageitos Bello, Xulio
4	Alvaredo Maceda, Xerardo
5	Álvarez Bugallo, Xosé
6	Álvarez Canitrot, María Jesús
7	Álvarez García, Benedicto
8	Amoedo Barros, Helena
9	Amoedo Lueiro, Xoán Inacio
10	Amor Faya, Cristina
11	Antonio Souto, Inma
12	Araúxo Quintas, Xosé Antonio
13	Araúxo Rodríguez, Xosé Antón
14	Arias Taboada, Pepe
15	Aris Abelleira, Miguel Ángel
16	Asegurado Pérez, Raúl
17	Baamonde Fernández, Alfonso
18	Balado Merino, Rafael
19	Barrios Rodríguez, Xosé Miguel
20	Barros Barco, María do Pilar
21	Beiras Torrado, Xosé Manuel
22	Beiroa Fernández, Salomé
23	Blanco González, Breogán
24	Blanco González, María Purificación
25	Borrajo González, Brais
26	Bouzo Fernández, Tania
27	Cal Cortizas, Félix
28	Campos Malaxacheverría, Juan Antonio
29	Canda Gil, Cristina
30	Carballal Vázquez, David
31	Casal Lago, José Antonio

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



32	Casar Díaz, María
33	Cernadas Paz, Argimiro
34	Ces Rioboo, Guadalupe
35	Chantada Abollo, Rosa María
36	Cid Cabido, Xosé
37	Comesaña Gonnzález, Antía
38	Conde Ojea, Daniel
39	Costa Iglesias, Antonio
40	Couto Tourón, María
41	Cuesta González, Daniel
42	Daviña Conde, Isidro
43	Deus Gende, Xesús
44	Díaz Carrodegua, Mónica
45	Díaz Freije, Jorge
46	Do Pico Carballeira, Rafael
47	Domínguez Fernández, Isabel
48	Domínguez Martínez, Xosé Manuel
49	Dorrío Vázquez, Xosé Antón
50	Duro Rodríguez, Esther
51	Escobero Cela, Pablo
52	Espinar Moure, Antonio
53	Eyré Diéguez, Luis
54	Fariña Pedreira, Juan Antonio
55	Fente Parada, Antom
56	Fernández Diéguez, Purificación
57	Fernández Fernández, María do Tránsito
58	Fernández Leiro, Héctor
59	Fernández López, Millán
60	Fernández Méndez, Juan
61	Fernández Reinoso, Digna
62	Fernández Rodríguez, Andrés Xesús
63	Fernández Rodríguez, Mónica

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



64	Fervenza Rodríguez, Victoria
65	Fidalgo Martínez, Brais
66	Figueiras Albilares, Oscar
67	Figueiras García, Roberto
68	Fontán Castro Carme
69	Franco Outón, Aarón
70	Freiría, Figueiras, Manuel
71	García Bouyssou, Clara
72	García Cordeiro, Martín
73	García Garrido, Alexandra
74	García Piñeiro, Maruchi
75	García Pita, María Teresa
76	García Rodríguez, Xan Daniel
77	García Rodríguez, Xosé Manuel
78	García Santiago, Eduardo
79	Gil Lamas, Víctor Manuel
80	Gómez Bragaña, Pepe
81	Gonçales Blasco, Luís
82	González Cacheda, Bruno
83	González Lemos, Lino
84	González Pazos, Paula
85	González Rodríguez, Antía
86	González Somoza, Gaspar Antonio
87	Hermelo Dacosta, Andrés
88	Ibarra de Sánchez, Adela
89	Iglesias Salorio, Xosé
90	Jácome Enríquez, José Luis “Chili”
91	Juárez Paz, Joshua
92	Lago González, Paula
93	Larralde González, Beatriz
94	Leira Penabad, M ^a Esther
95	Lema Suárez, Alberto

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



96	Lomba Álvarez, Óscar
97	López Barreiro, Margarida
98	López Besteiro, Manuel
99	López Dobao, Antón
100	López González, Mar
101	López Lobarinas, Cristina
102	López Pato, Catuxa
103	López Penedo, Xiana
104	López Piñeiro, Xesús Andrés
105	López Rico, Mario
106	López Verdini, Ramón
107	Lorenzo Simon, Carlos
108	Malvido Cabirto, Miguel Anxo
109	Malvido Lago, Iris
110	Martínez García, Consuelo
111	Martínez González, Xurxo
112	Martínez Sedano, Alejandro
113	Meixome Quinteiro, Carlos
114	Montero Borrazás, Mónica
115	Montes Celeiro, Álvaro
116	Moreira González, Xosé Carlos
117	Mouriño Alfonso, Ramón
118	Munín Sánchez, Teresa
119	Negreira Noya, Antonio
120	Nine Fernández, César Antonio
121	Niño Ricoi, Francisco
122	Nodar Freiría, Ramón Eugenio
123	Noriega Sánchez, Martiño
124	Novo Rey, Uxío
125	Ogando Muñiz, Laura
126	Oreiro Bermúdez, Celsa
127	Otero Castuera, María Carme

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



128	Otero Portela, Carlos
129	Otero Romero, Iria
130	Oubiña Lago, José Enrique
131	Paz Novas, Araceli
132	Pazo Blanco, Xosé Manuel
133	Pérez Bugarín, Víctor
134	Pérez Campos, Manuel
135	Pérez Ogando, Marisol
136	Pérez Pérez, Manuela
137	Pérez Piñón, Francisco José
138	Pérez Rodríguez, Antón
139	Pérez Sardiña, Xosé Manuel
140	Pesqueira Pérez, Sandra
141	Piñeiro Díaz, Ildefonso
142	Portela Núñez, Darío
143	Prieto Ledo, Margarida
144	Quintillán Vallejo, Claudio
145	Rafel Vilas, Xoán
146	Redondo Rivas, Manuel
147	Rey Mallo, Fernando
148	Ribeira García, Xosé Manuel
149	Riol López, José Pedro
150	Rivas Hermida, Aurora
151	Roca Constenla, Francisco
152	Rodríguez Bastida, Xoán Manuel
153	Rodríguez Rodríguez, Jaime
154	Rubianes Nogueira, Bernarda
155	Saa Vázquez, Xosé Manuel
156	Sánchez Curros, Ángeles
157	Sánchez García, Antón
158	Sánchez Moreiras, Adela
159	Sánchez Pérez, Sandra

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



160	Santos Díaz, Manoel
161	Sardiña Fontenla, Manuela
162	Seco Paz, Francsico
163	Seixas Ares, María do Carmo
164	Seixas Ares, Xosé Manuel
165	Sisto Edreira, Rafael
166	Somoza López, Nieves
167	Soto Barreiro, Néstor
168	Stepa Riveiro, Francisco Xabier
169	Tejón Sáez, Héctor
170	Tilve Castelo, Laura
171	Varela Gesto, Xelasio
172	Varela Trigo, Carme
173	Vázquez Verao, Paula
174	Vidal Vizoso, Ana María
175	Vieites Calvo, María
176	Xil Xardón, Xabier

II ASEMBLEA NACIONAL

Coa nación na esquerda

tecendo rede



CANDIDATOS/AS COMISIÓN DE GARANTÍAS

1	Blanco González, Iria
2	Charlín Trigo, Xurxo
3	Cruz Freire, António
4	García Novoa, Bernardino
5	Pereira Fernández, Carlos Enrique
6	Posada Argibay, Ricardo
7	Rivera González, M ^a Josefa
8	Rodríguez Blanco, Emma
9	Rodríguez Domínguez, Miriam
10	Rodríguez Franco, José Ramón
11	Romero Lado, M ^a José
12	Sánchez Ibarra, Claudia